

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 85

Sesión plenaria
14 de xuño de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (doc. núm. 17222, 11/PPL-000008)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de residencias de maiores (doc. núm. 30480, 11/PPL-00010)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

Punto 2. Comparecencias

2.1 35684 (11/CPP-000087)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as medidas desenvoltas e das futuras actuacións previstas na atención primaria ante a situación de déficit de especialistas en medicina de familia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.2 35648 (11/CPP-000085)

Do conselleiro de Sanidade, por petición dos dezanove deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar da situación na que se atopa a sanidade pública galega, e en particular a atención primaria, así como as medidas que ten previsto poñer en marcha na época estival

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

Punto 3. Mocións

3.1 35305 (11/MOC-000099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María

Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común (Moción consecuencia da Interpelación nº 30337, publicada no BOPG nº 277, do 16.02.2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de maio de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022



3.2 35314 (11/MOC-000100)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 33434, publicada no BOPG núm. 306, do 12 de abril de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de maio de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

3.3 35353 (11/MOC-000101)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a loita contra a endometriose (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 34252, publicada no BOPG núm. 315, do 4 de maio de 2022 e debatida na sesión plenaria do 24 de maio de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

3.4 35387 (11/MOC-000102)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 30478, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de maio de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 9754 (11/PNP-000976)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

4.2 23835 (11/PNP-002145)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio do Interior da articulación dun concurso de méritos na Policía Nacional para cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

4.3 33795 (11/PNP-002963)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación ambiental dos parques eólicos e a non aplicación dos criterios do Real decreto lei 6/2022 para



eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 27.04.2022

4.4 34225 (11/PNP-003011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de informar o Parlamento sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

4.5 35029 (11/PNP-003099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, a tramitación da desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria e a garantía da permanencia das depuradoras radicadas en Tragove

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

4.6 35045 (11/PNP-003102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar coa precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 25221 (11/INT-001320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da autorización de parques eólicos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 232, do 24.11.2021

5.2 34003 (11/INT-001733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os equipos de valoración de dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022

5.3 35222 (11/INT-001807)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 35673 (11/POPX-000069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas adicionais previstas para mellorar a atención sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

6.2 35681 (11/POPX-000070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a crise de prezos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

Punto 7 .Preguntas ao Goberno

7.1 35656 (11/PUP-000257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre o modelo eólico do Goberno galego na actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

7.2 35674 (11/PUP-000259)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 5 deputados/as máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do actual modelo de desenvolvemento eólico de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

7.3 33825 (11/POP-004911)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos plans do Goberno central á hora de planificar a renovación das liñas de autobuses da súa competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 27.04.2022

7.4 29904 (11/POP-004474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre o cumprimento por parte do Goberno galego das súas obrigas de conservación e mantemento dos inmobles incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

7.5 35669 (11/PUP-000258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para ampliar o instituto de ensinanza secundaria de Soutomaior e atender as necesidades que está a demandar a comunidade educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022



7.6 35169 (11/POP-005083)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as condicións do traslado dunha paciente do Rosal o pasado 20 de maio

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 323, do 25.05.2022

7.7 35255 (11/POP-005092)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a valoración do Goberno galego acerca de que os concellos engadan factores de atracción para as ofertas laborais e profesionais de atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

7.8 35010 (11/POP-005062)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impedir que se repita a situación en que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa, no concello de Pazos de Borbén

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

7.9 34081 (11/POP-004947)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis**

Sobre as conclusións do informe presentado sobre o aumento de custos de produción no sector vacún de leite en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315, do 04.05.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Como punto preliminar, procédese á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Fernando Pérez Domínguez e da nova deputada dona María Belén Salido Maroño. (Páx. 11.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Decreto lexislativo 2/2005, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 16.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 19.)

Rolda de réplica: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 24.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de residencias de maiore. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 29.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 33.)

Rolda de réplica: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 36.)

Votación da toma en consideración das proposicións de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de residencias de maiores: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)



Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional sobre o cancro de próstata, respecto da cal todos os grupos da Cámara chegaron a un acordo e que é aprobada por unanimidade. (Páx. 40.)

Acumulación de dúas solicitudes de comparecencia

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as medidas desenvoltas e das futuras actuacións previstas na atención primaria ante a situación de déficit de especialistas en medicina de familia. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición dos dezanove deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar da situación na que se atopa a sanidade pública galega, e en particular a atención primaria, así como as medidas que ten previsto poñer en marcha na época estival. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 40.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 52.) e *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 56.) e *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 60.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 64.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 70.). Nesta rolda interveñen o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 70.), a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 73.), a señora Amigo Díaz (P) (Páx. 75.) e o señor conselleiro de Sanidade (García Comesaña) (Páx. 7.).

Modificación da orde do día

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria pola que se substancia unha interpelación e dúas preguntas ao conselleiro de Sanidade. (Páx. 80.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 81.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 84.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 89.)

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis sobre as condicións do traslado dunha paciente do Rosal o pasado 20 de maio. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 92.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 94.)



Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego acerca de que os concellos engadan factores de atracción para as ofertas laborais e profesionais de atención primaria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 96.)

Réplica do autor: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 98.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a propiedade veciñal dos montes en man común. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. González Albert (BNG). (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 104.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 107.)

A señora González Albert (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 110.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 112.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 116.) e Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 119.)

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 122.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a loita contra a endometriose. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 124.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 124.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 127.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 130.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 134.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 136.)



Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 139.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 143.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 146.)

Votación das mocións

Votación do punto 3 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a propiedade veciñal dos montes en man común: *rexei-tado por 19 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 149.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, menos o punto 3, xa votado, sobre a propiedade veciñal dos montes en man común: *rexeita da por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 149.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego: *re-xeita da por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 150.)

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a loita contra a endometriose: *aprobada por 74 votos a favor.* (Páx. 150.)

Votación do punto 3 da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a loita contra a endometriose: *rexeita da por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 150.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios: *rexeita da por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 151.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 151.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 151.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 155.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Otero Roodríguez (BNG). (Páx. 158.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 162.)

Suspéndese a sesión ás oito e sete minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a inasistencia, conforme o disposto no artigo 84.6 do Regulamento da Cámara, e delega o seu voto para esta sesión plenaria o deputado don Xosé Luís Rivas Cruz. Fai a delegación na portavoz, dona Ana Pontón Mondelo.

Como punto preliminar, é a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Fernando Pérez Domínguez e da nova deputada dona María Belén Salido Maroño.

Todo iso facémolo de acordo co previsto no artigo 7.1 do Regulamento. Polo cal, procedemos a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía do novo deputado e da nova deputada. Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta presidencia. Pregolles que respondan dende o escano á pregunta que lles vou formular.

Pómonos de pé, por favor, todos.

Don Fernando Pérez Domínguez, ¿xura ou promete acadar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor PÉREZ DOMÍNGUEZ: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona María Belén Salido Maroño, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora SALIDO MAROÑO: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pois, prestado o xuramento, adquiren vostedes a condición plena de deputados neste Parlamento.

Benvidos.

(Aplausos.)



E agora entramos xa na orde do día, textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Decreto lexislativo 2/2005, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra dona Noa Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Bo día a todos e a todas.

Escribía a polifacética Susan Sontag, a comezos dos 70 do século pasado, escribía: «A emancipación das mulleres non é só cuestión de igualdade de xénero, é tamén de igualdade de poder. Todo o que nos supoña un cambio respecto de quen detenta o poder non é liberación». Isto escribíao Susan Sontag —como digo— a comezos da década dos 70 pasado; nós tamén o pensamos, concordamos con ela. E o que é triste é que esta frase, esa sentenza, continúa aínda vixente hoxe.

Porque durante séculos a organización social e familiar distinguía os roles públicos e privados entre mulleres e homes, outorgando aos segundos —os homes— os de maior autoridade e responsabilidade. Foi a loita feminista quen rachou esta distinción apoiando a plena incorporación das mulleres ao mercado laboral e ao resto tamén de ámbitos sociais que transcenden do privado, aínda que esta nova realidade non teña ningunha validez no ámbito dos postos de responsabilidade que —sabémolo ben— seguen a ocupar os homes.

Diante desta disfuncionalidade —polo menos que nós pensamos que é unha disfuncionalidade— nós, dende logo, no Partido Socialista, cremos que dende os poderes públicos debe garantirse que a metade da sociedade teña a mesma responsabilidade que a metade restante. Debemos incrementar e consolidar a participación equilibrada entre homes e mulleres na toma de decisións política e pública, algo que debера ser hoxe obrigado para a constitución da igualdade real e efectiva.

E rachar cos teitos de cristal. E fíxense vostedes que esa acepción, ese concepto dos teitos de cristal, ten xa 50 anos; ese termo foi acuñado hai 50 anos e aínda hoxe segue a ser unha realidade, tristemente. Dicía que rachar cos teitos de cristal que impiden ás mulleres ocupar postos de responsabilidade non é só unha cuestión de xustiza social. Por certo, que nin debера merecer xustificación, aínda que teñamos aínda hoxe que seguir xustificándoo, senón que é unha necesidade para a democracia; e unha necesidade tamén para o desenvolvemento social. Non podemos seguir permitindo que a metade da sociedade decida sobre a outra metade.

Na moción que o Grupo Socialista trouxo a esta cámara hai xusto un ano, tras a foto da primeira xuntanza do consello de administración desa Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia, na que non había nin unha soa muller, tivemos ocasión de debater acerca da necesidade de que as mulleres participemos —como digo— desa toma



de decisións dos nosos gobernos. Que abandonemos esas segundas filas técnicas —si, esas segundas filas— para poñernos ao mando das decisións políticas cruciais para o noso futuro. (*Aplausos.*) Que, lembremos, ese futuro é o futuro de todos pero tamén é o futuro de todas.

E fago mención a esa que demos por chamar foto da vergoña, pero o certo é que non é a única foto, hainas todos os días en Galicia e fóra de Galicia tamén. Pero a realidade é que a instantánea é o de menos, esa fotografía é o de menos. A interpelación ao vicepresidente Conde naquel momento por parte do Grupo Socialista —desta deputada—, era a demostración do hartazgo absoluto ante a nosa constante invisibilización. Porque esa foto e tantas outras fotos non son máis que a reprodución dun sistema patriarcal que, dende logo, temos que combater, é un sistema que hai que mudar para facérmonos as mulleres co lugar que nos corresponde, só co lugar que nos corresponde. Non estamos pedindo nada máis, só o lugar que nos corresponde como a metade da poboación que somos e que tivemos prohibido durante séculos. (*Aplausos.*)

Eu non teño a mínima dúbida —e de verdade o digo— de que todas as persoas aquí presentes comparten o sentir que estamos manifestando. Pero a política debe ser algo máis que sentimentos, que vontade, a política ten que ser, sobre todo, compromiso. E o compromiso demóstrase lexislando —para iso estamos neste Parlamento—, mellorando o noso marco lexislativo, que é o único propósito da proposición de lei que hoxe presentamos e que, en esencia, pretende propoñer que o concepto de representación equilibrada pase a ser máis que un mero concepto e que sexa tido en conta. Nós o que queremos é que sexa un requisito *sine qua non* da actuación das administracións públicas e da composición dos distintos órganos de toma de decisións.

Miren, non corren bos tempos para a igualdade, están agromando con forza, con moita forza, posturas negacionistas da desigualdade de xénero que —repito— temos que combater. E esta é unha das moitas loitas feministas, a que hoxe traemos aquí, porque esa participación equilibrada é vital para a igualdade, para botar a abaixo eses estereotipos de xénero sobre os que se asenta o machismo, esa causa de desigualdades que moitas veces, ¡moitas veces!, lamentablemente rematan en violencia. Hoxe non podemos permanecer alleas se aquí temos que sacar, neste estrado, o dato que coñeciamos onte mesmo: neste ano 2022, neste primeiro... [*por un problema técnico, hai un fragmento do discurso inintelixible*] ...con respecto ao primeiro trimestre, como digo, do ano pasado. E son 18,2 o número de denuncias presentadas, non é un dato menor.

De aí, como digo, esta proposición de lei, que o único que busca é afianzar, o único que buscamos nós é afianzar, para asegurar no futuro, incluír na normativa galega en materia de igualdade, na normativa galega en materia de igualdade —que quede ben claro—, esa participación do 52 % da sociedade galega. Porque as mulleres somos o 52 %, e o único que pretendemos é que esa participación equilibrada quede clara e manifesta para calquera goberno; non para este goberno, para calquera goberno, sexa o que sexa. (*Aplausos.*)

Porque a realidade é que en ningunha norma galega a día de hoxe aparece que significa a participación equilibrada. E aínda que o saibamos pola lexislación estatal —o certo é que o sabemos—, hai un ano, precisamente nesta cámara, xa o dixo a voceira do Partido Popular, a



señora Prado, naquel momento naquel debate sobre a moción, a lei orgánica, que si especifica que é esa participación equilibrada, non a aplican en Galicia. Por iso pretendemos que quede definido e integrado no articulado da nosa lexislación de igualdade a que se refire esa porcentaxe de participación equilibrada, que vén ser o 40-60 % en función..., dá igual o xénero.

Por certo, teño que facer aquí unha paréntese. Esta pretensión nosa que traemos hoxe aquí non debera sorprendernos, porque nisto si que non somos pioneiros. Así como podemos admitir que si o somos noutras cuestións referidas á materia de igualdade, aquí non somos pioneiros. Miren, imos xa tarde en materia de regulación autonómica respecto desta cuestión. Cantabria, Asturias, Navarra, Murcia, Cataluña, Andalucía, Canarias, Illas Baleares, Castela-A Mancha, Extremadura e Aragón xa incorporan o que nós vimos hoxe aquí formular en todas as súas leis específicas de igualdade, a pesar de que tamén o recollan noutros textos normativos. De aí que traíamos hoxe isto aquí.

Porque o marco normativo galego —certo— apela xa ao necesario cumprimento dese equilibrio en ámbitos concretos como, por exemplo, os sindicatos e as organizacións empresariais —aí si pedimos esa participación equilibrada—, o cadro de persoal da Administración pública e os seus órganos de representación, ou tamén, faltaría máis, esa unidade administrativa que ten que ver coa igualdade do Goberno galego, nomeadamente, a Secretaría Xeral de Igualdade. Pero non especificamente se refire esa participación equilibrada aos postos de responsabilidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; algo que si teñen, como digo, definido legalmente practicamente todas as comunidades autónomas do Estado.

Claro, a indefinición neste ámbito só pode obedecer —non atopamos outra explicación— ao interese do Goberno da Xunta en cubrir simplemente o expediente e evitar así ter que facer un exercicio real de aplicación da igualdade de xénero nos órganos máis relevantes da Administración. Certo —e adiantándome xa ao que probablemente nos diga o Grupo Popular— que en 2007 se incorporou na lexislación galega reguladora da Xunta e o seu presidente o principio de presenza equilibrada no nomeamento do Consello da Xunta e dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, unha modificación que quedou sen definir, sen porcentaxes establecidas e, polo tanto, ao entendemento dos responsables das diferentes áreas, que —¡oh, sorpresa!—, como xa vostedes poden imaxinar, son homes.

Entón, por iso, diante disto que acabo de explicar, nós consideramos que debe ser obrigado que a nosa lexislación en materia de igualdade desenvolva e lle dea contido efectivo ao concepto de presenza equilibrada para avanzar nese imparable camiño das mulleres na representación política e social.

En esencia e un pouco para resumir en que consiste a nosa proposición de lei, nós o que propoñemos é incluír, como principio de actuación na nosa lexislación en materia de igualdade, a participación e representación equilibrada de mulleres e homes nos distintos órganos de representación e de toma de decisións.

¡Olló!, falamos de garantir, non falamos de fomentar, favorecer ou promover, que é o que recolle a actual normativa. Nós falamos de garantir, de dar eficacia á literatura que xa existe,



de asegurar o seu cumprimento, en definitiva. Porque non estamos cumprindo, non estamos cumprindo.

Pretendemos tamén engadir no noso texto lexislativo de igualdade un novo artigo sobre a representación equilibrada na Administración. Un artigo, certamente algo extenso, no que xa quede definido qué se entende por representación equilibrada, esas porcentaxes de 40 %-60 %, cuxo cumprimento se aplicará a todos os órganos superiores e de dirección da Administración xeral e aos seus órganos instrumentais dependentes, pero tamén aos órganos colexiados da Comunidade Autónoma de Galicia e aos consellos de administración en cuxo capital participe. Para que non se volva producir a foto da que facía mención antes.

E o que é moi importante e para nós máis importante, que dentro de toda esta proposición de lei isto é un punto que queremos remarcar. De non cumprirse ese equilibrio neses consellos de administración, nin a Administración xeral galega nin os seus entes instrumentais poderían participar nesa sociedade. Esa é unha maneira de obrigar tamén o sector privado a que cumpra. Por certo, en consonancia co que veñen de acordar tamén xa o Consello e o Parlamento Europeo, que aprobarán unha nova lei —coñecémolo estes días— que promoverá unha representación de xénero equilibrada nos consellos de administración das empresas que cotizan en bolsa.

Propoñemos tamén, para resumir, incluír esa participación equilibrada na Lei reguladora da Xunta e da súa Presidencia, que é do ano 1983, que deberá ser actualizada, xa que non se fai ningunha mención a esta cuestión. Podemos entendelo polos tempos, pero si pensamos que debe ser actualizada.

Repito, a nosa visibilidade na esfera pública é vital para combater o machismo, de verdade é vital para combatelo. Porque a igualdade de oportunidades —e hai que volver remarcalo— é unha cuestión de xustiza social que contribúe ao desenvolvemento democrático das sociedades, pero tamén é un criterio de eficacia da sociedade no seu conxunto.

Ou sexa que, en esencia —e xa vou rematando—, no Grupo Socialista o que queremos é que a nosa lexislación en materia de igualdade —recalco moito en materia de igualdade— é a nosa norma nesta cuestión concreta, que é participación equilibrada, esas porcentaxes do 40-60, para que non haxa dúbidas á hora de aplicala. Que incorpore o Goberno e a nosa Administración, así como os entes instrumentais e sociedades nas que participen entre os seus ámbitos de actuación, tamén os órganos colexiados, e que prohiba a participación naquelas sociedades que non cumpran eses requisitos.

En definitiva, o que pretendemos é que incorpore algo tan democrático, en esencia, como a garantía de que nós, as mulleres, tamén decidiremos sobre o futuro de todos e de todas.

Nós —e xa remato— rogamus que se teña en consideración esta proposición de lei para que poidamos continuar nesa senda de consensos en materia de igualdade que está a caracterizar o Parlamento nestes últimos anos. Despois, logo desa aprobación da tramitación, que de verdade agardo sinceramente que sexa así, xa teremos tempo de mellorar o texto coa achega dos diferentes grupos.



Polo de agora nada máis.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós vaia por diante que imos votar a favor hoxe da toma en consideración desta proposición de lei, que vai máis alá, como indicaba a señora Díaz na súa intervención, do que recolle a lei galega pero tamén a lei orgánica en materia de igualdade e representación equilibrada entre sexos.

As mulleres, efectivamente, representamos o 52 % da poboación galega. Calquera espazo —témolo dito desde o BNG moitas veces—, calquera espazo en que non haxa unha muller é un espazo discriminatorio e excluínte e como tal antidemocrático. Os dereitos das mulleres son dereitos fundamentais e humanos. A negación, a violación ou o non recoñecemento deses dereitos atenta contra os dereitos do conxunto da humanidade.

Centrándonos no asunto en cuestión que aborda esta proposición de lei, no acceso das mulleres a postos de responsabilidade ou, dito doutra maneira, nos atrancos para accedermos a postos de responsabilidade polo feito de sermos mulleres, hai que definir o que dicía a señora Díaz, o teito de vidro, como o acuñou o pensamento e o movemento feminista, a esa limitación invisible ás nosas carreiras profesionais.

Ningunha lei o ampara, máis ben todo o contrario, se falamos de Galiza e da nosa contorna, porque, obviamente, o mundo é moi grande e hai países no mundo adiante que aínda teñen legalizada a discriminación das mulleres en moitos ámbitos. Pero no noso caso, no caso galego e da nosa contorna, tanto europea como da área de influencia, non só é ilegal, é que se prohibe de maneira clara a discriminación por razón de xénero ou de sexo. Pero a realidade, e todas e todos o sabemos, é ben diferente.

Malia que as mulleres representamos o 52 % da poboación, no ámbito público —eu trouxen os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística—, as alcaldías, por exemplo, do conxunto do país, cos últimos datos das eleccións municipais, representan, no caso das mulleres, o 17,89 %. Somos o 52 % da poboación pero na máxima responsabilidade da política municipal representamos apenas, tirando para arriba, o 18 %. No ano 1995 —tamén hai que ter perspectiva histórica— era bastante peor a situación porque eramos o 4 %. No conxunto das corporacións municipais, cos últimos datos das eleccións a nivel local, as mulleres representan o 40,8 % das concellarías do noso país. No ano 1996 eran o 11,28 %.

Se falamos da Xunta de Galiza, hoxe, coa composición do actual Goberno, do de hoxe, no ano 2022 as mulleres representan nas consellarías o 41 %. E ollo aquí, porque a cifra, a por-



centaxe, cae a respecto do 2018, 2019, 2020 e do 2021, no que as mulleres representaban o 45 % das consellarías, insisto, das consellarías, non do conxunto da Administración autonómica.

No caso do Parlamento galego tamén hai que poñer a nota positiva. Cos resultados electorais das eleccións ao Parlamento de Galiza de 2020, as mulleres, aí si, representamos exactamente a porcentaxe que representan as mulleres no conxunto da sociedade galega, o 52 %. Cos resultados electorais, vale, non coas variacións que houbo nos últimos... Hoxe mesmo, ¿non?, que tomaron tamén posesión dúas persoas máis, ás que lles damos a benvida dende o Grupo Parlamentario do BNG a esta Cámara, e vizoso o traballo que poidan desenvolver nela.

Iso no público. ¿Que acontece no ámbito privado? Direccións e xerencias, con datos do Instituto Galego de Estatística de 2021, direccións e xerencias, as mulleres, o 32 % —¡moi bestia, jeh!—; o 67,9, case o 68 %, homes. Direccións de departamentos administrativos e direccións de produción de operacións, o 30,6 %. E dicía a señora Díaz que estamos na segunda fila. Non. Técnicas, técnicos profesionais de apoio, mandos intermedios, o 37,2 %. Nin sequera aparecemos nesa segunda fila, digamos, na xerarquización do poder.

¿Onde está ese teito, polo tanto? Quero dicir, se é ilegal na lexislación galega que exista unha discriminación ou unha limitación por razón de sexo ou xénero aos mandos de dirección, aos postos de dirección e responsabilidade, ¿por que acontece isto? ¿Por que, se somos máis da metade da poboación galega, só o 30 % ten postos de responsabilidade e dirección? ¿De que se compón ese teito de vidro?

En primeira instancia, do machismo e dunha visión misóxina e sexista da realidade, é dicir, crer que os homes teñen unha maior capacidade para o liderado e o exercicio do poder, que lles é, polo tanto, natural. E nós aí, unhas intrusas; non é o noso espazo.

Eu recoméndolles unha lectura, que ademais está dispoñible en liña, que se titula *Mulleres e poder*, un manifesto de Mary Beard, onde nos fai, ademais, un repaso histórico de onde vén isto. ¿E de onde vén? Da división sexual do traballo e dos roles de xénero asignados a elas. Aí hai unha obra marabillosa e imprescindible para entender *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir, que é *A orixe da familia, propiedade privada e o Estado*, de Engels e Marx, tamén de Miss Marx, de Eleanor, non só do pai, senón tamén da filla máis nova. E aí é onde se fala de que eles producen. ¿E nós que? Nós reproducimos e coidamos.

Unha crítica, unha gran xornalista e ademais unha gran crítica feminista que se chama Kattrine Marçal, que é xefa de opinión do principal xornal de Suecia, ten unha obra tamén marabillosa que eu lles recomendo, que é *¿Quien le hacía la cena a Adam Smith?* Porque el cría que era a súa propia vontade a que lle poñía o prato diante dos fociños para cear e comer todos os días. (*Aplausos.*) *¡Pues resulta que no!* Non era a súa vontade individual, jeh!, senón que era a muller.

É dicir, esa discriminación sexual no caso das distintas tarefas, eses roles patriarcais, mantéñense porque son útiles e son rendibles ao sistema económico. Se non o fosen terían mu-



dato hai moitísimo tempo. Ese traballo que facemos gratis as mulleres, se houbese que pagalo, rebentaríao absolutamente todo. Fronte a ese traballo dos homes desenvolvido no espazo público, considerado produtivo e xerador, polo tanto, de riqueza, con valor social e económico recoñecido, o que existe é un outro traballo tradicionalmente asignado ás mulleres como natural, símbolo, ademais, da feminidade, que foi o coidado, que foi o ámbito doméstico, que é ese amor polo que se fan as cousas que non valen nada, dicían ou podíamos dicir as clásicas do pensamento feminista. Iso, traducido hoxe, no século XXI, á nosa realidade, é a dupla ou a tripla xornada que asumimos as mulleres. Agora si, traballas fóra, obvio, as mulleres —dicíao a señora Díaz— incorporámonos hai moitos anos, con moito esforzo e con moita loita, ao mercado de traballo, pero aínda así segues traballando na casa, e falo soa.

O teito de vidro é tamén o resultado da consideración milenaria de que os postos de responsabilidade, o poder mesmo, non é lugar para as mulleres, porque a nosa función na sociedade é outra, non é dirixir, senón obedecer. E non hai tanto tempo que a lexislación no Estado español —tamén en Francia e noutros países da nosa contorna— o poñía expresamente. Antes do fin da ditadura, ata o 1975-1978 aproximadamente, recollíase que esa era a función das mulleres: obedecer ao marido.

E milenios de discriminación acaban por facernos crer a nós mesmas que non valemos para estar aí. Fannos dudar das nosas capacidades até cando máis preparadas estamos para ocupar un posto ou asumir unha responsabilidade. É o que se coñece, e agora ultimamente está moi de moda falar diso, a síndrome da impostora. É dicir, a falta de autoestima, de confianza en nós mesmas para desenvolver postos de traballo en espazos tradicionalmente masculinos. E aí, se temos esa imaxe, esa fotografía completa desa discriminación sexista e misóxina, desa división sexual do traballo e a asunción para as mulleres desa parte reprodutiva e de coidados, se falamos desa síndrome da impostora que nos acabou por facer dudar da nosa propia capacidade até nos momentos nos que mellor preparadas estamos, o que exige tamén é unha reflexión por parte dos homes.

Estas cousas van cambiar porque cambiemos as leis, porque nos empoderemos as mulleres, pero tamén porque quen ostenta o privilexio comece a revisarse. Non imos acabar cunha sociedade patriarcal e machista apenas empoderándonos as mulleres, que tamén e por suposto, senón porque os homes tamén se desempoderen. É dicir, esta batalla exige profundas mudanzas culturais, sociais, económicas e políticas que non nos competen única e exclusivamente ás mulleres.

E, chegados a este punto da historia, facendo un repaso rápido, permítanme que lles diga que queda cada día máis claro que iso é precisamente o que non queren: renunciar ao poder e privilexio que ostentan. Porque ocupar o espazo que nos corresponde ás mulleres por dereito, non como agasallo, senón como dereito, é o que permitirá avanzar as sociedades e entidades políticas, culturais, económicas e sociais hacia unha maior democracia e hacia unha maior eficiencia.

A incorporación das mulleres a todos os espazos, sexan de dirección ou non, representa, ademais da garantía dos dereitos humanos máis fundamentais, o aproveitamento do enorme talento que posuímos máis da metade da humanidade e ao que agora mesmo se está expulsando.



Pero, jollo! —a última reflexión antes de rematar—, acabar coa discriminación por razón de xénero na carreira profesional, derrubar, polo tanto, ese teito de vidro, non significa en si mesmo transformar a realidade. Iso xa o dixemos nalgunha ocasión. Precisamos liderados femininos pero, sobre todo, a sociedade necesita liderados feministas, que transformen o exercicio mesmo do poder cara a modelos máis horizontais e democráticos, e iso é un valor humano.

O feito de ser ou nacer mulleres non nos fai máis empáticas nin máis amables, nin máis dialogantes. A feminidade non é compasiva, calada, comprensiva e non belixerante; ese é un estereotipo máis —bastante vello, por certo—: «*Ellas no discuten, nunca alzan la voz, siempre buscan el consenso*». Pois permítanme que lles diga que non, que tamén somos bastante rabudas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Señorías.

Ben, como ben saben, dende que entrei neste Parlamento tiven unha prioridade: acadar o consenso nun ámbito tan importante como é o da igualdade. E, como tamén saben, tampouco foi tarefa doada, xa que os grupos da oposición non querían oír falar de pactar co Partido Popular porque pretendían trasladar a mensaxe de que a igualdade era un ámbito de uso exclusivo da esquerda, e que o Partido Popular era un simple convidado.

Así, a práctica habitual era facer un debate partidista, ideoloxizado, onde non se buscaban puntos de encontro, senón máis ben todo o contrario; puntos que nos separasen para evitar que o Partido Popular apoiase esas iniciativas e a pesar de que, efectivamente, había moitos puntos nos que podíamos coincidir.

Pois ben, isto mudou no ano 2017 e eu estou a verdade que moi satisfeita de que iso fora así co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e coa aportación de Galicia a ese pacto por unanimidade. E non eramos tres grupos, eramos cinco grupos, o cal aínda pon máis en valor esa unanimidade. (Aplausos.)

Pero isto non quere dicir que calquera iniciativa que se presente sexa obxecto de consenso. Nós entendemos que en Galicia non pode darse nin un paso a atrás na procura dunha sociedade verdadeiramente xusta e igualitaria para mulleres e homes, e aínda menos en contextos sociais de dificultade como é o actual, marcado polas consecuencias da pandemia que aínda arrastra a actual crise de prezos.

A pesar do que dixo a señora Díaz, do hartzargo que dixo sufrir a señora Díaz, nós temos que afirmar con orgullo que Galicia é pioneira na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais e innovadores dirixidos á igualdade. Pioneira á hora de eliminar as



distintas formas de discriminación por razón de xénero, pioneira para avanzar na supresión dos atrancos que impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas distintas esferas, e pioneira para combater as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero, como é o caso da violencia dixital ou da violencia vicaria.

E nós queremos seguir traballando un paso por diante, e somos conscientes dos retos que a sociedade galega ten, da persistencia dos desequilibrios de xénero que fan que as mulleres sigan a ocupar unha posición de desvantaxe nos distintos ámbitos: económico, social, cultural, científico etc. E por iso seguiremos impulsando un cambio cultural favorable á igualdade, traballando para a erradicación de estereotipos que sustentan a desigualdade; e construíndo entre todos un contexto favorable á harmonización da vida privada e profesional, e promoveremos unha aposta contundente a favor da corresponsabilidade.

E somos conscientes tamén de que, pese aos avances producidos, tamén queda camiño por percorrer, e dixérono as voceiras que me precederon no uso da palabra. É certo que a muller se incorporou plenamente ao mercado laboral, pero non se fixo esa mesma incorporación do home ao coidado doméstico, e iso xera moitísimos desaxustes e moitísimos desequilibrios á hora de conciliar e da corresponsabilidade.

Pero tamén existen outros atrancos que dificultan que as mulleres avancen na súa carreira profesional, ou que as mulleres estean presentes en todos os ámbitos e esferas en que se toman decisións relevantes. E neste contexto é no que o Partido Socialista presenta esta proposición de lei, que o que pretende é concertar con porcentaxes que é o que debemos entender por presenza equilibrada de mulleres e homes na toma de decisións, tanto no ámbito empresarial como no ámbito da Administración. Non se trata de regular nada que non estea contemplado xa na normativa vixente, tanto estatal como autonómica, pero si pretenden establecer un rango concreto no que deberemos movermos para entender que os mandatos legais se están cumprindo.

E dicía a señora Díaz que a participación equilibrada que define a lei orgánica non nos afecta a Galicia. Eu non entendín moi ben... *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)*, non, non, eu iso non o puiden dicir, señora Díaz. Dixo vostede que a lei orgánica en Galicia non operaba, e eu non sei a que se refire. Dende logo que nós non compartimos ese posicionamento.

Nós hoxe podemos dicir con satisfacción que, sen necesidade dunha reforma legal, esta sociedade, a sociedade Impulsa, xa está dirixida por unha muller. Vostede hoxe non ensinou a foto da vergoña —supoño que a ensinará despois— porque é verdade que era unha foto moi masculinizada na que... *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, vostede falou dunha interpelación e que levou a unha moción ao conselleiro pola formación da sociedade Impulsa. E non imos negar que esta proposición de lei deriva daquel momento, señora Díaz, non nos fagamos trampas ao solitario. E naquel momento díxoselle que había outras persoas que se ían incorporar e, polo momento laboral no que se tiñan que despedir doutros traballos, non podían incorporarse naquel momento. O que si é certo é que, das seis persoas que se incorporaron á sociedade Impulsa a proposta da Xunta de Galicia, tres eran conselleiros, que eran homes, por razón do seu cargo, e vostede mesma, na súa proposición



de lei, exclúe que por razón do seu cargo non se teña en conta se é home ou muller —é lóxico, os tres conselleiros son por razón do seu cargo—. ¡Ah!, bueno, é que pon cara de que non. E as outras tres propostas da Xunta de Galicia son tres mulleres, e o resto que forman parte son presidentes de empresas que son homes e por razón do seu cargo están nesa sociedade Impulsa. Así que eu creo que tamén hai que ser xustos coa realidade e xustos en como se producen estas incorporacións.

E tamén dicirlle, señora Díaz, que a petición dun maior equilibrio nos órganos de decisión da Administración ás empresas xa é algo no que a Xunta está traballando, e leva traballando tempo e está traballando. E se vostede tivo oportunidade de ler o Plan estratéxico de igualdade poderá ver tanto a liña de acción 223, a 422, a 623 e a 916, como en todas se fala da presenza —pero non equilibrada— de mulleres en órganos colexiados de participación, de consulta, en órganos directivos, en espazos de decisións, no movemento asociativo e nos órganos de consulta e valoración —tribunais, xurados...— e a integración da perspectiva de xénero na súa actividade.

A cuestión non radica na necesidade de facer realidade ese equilibrio que todos entendemos necesario nos órganos de decisión, senón na oportunidade e no modo de concretar ese principio na lexislación galega. Hoxe debatemos unha proposición de lei que foi rexistrada hai un ano, pero hai moitas cousas que sucederon neste ano, señora Díaz; entre outras, que a Xunta de Galicia redactou e está tramitando unha nova lei de igualdade. E o compromiso dicía vostede que se asume lexislando. Pois ese compromiso a Xunta de Galicia xa o ten asumido e nesa lei está recollido o que vostede hoxe nos trae na súa proposición de lei. Por tanto, cremos que o máis axeitado é debater nese contexto, porque a lei, señora Díaz, xa superou a fase de consulta previa na que toda a sociedade —colectivos, institucións e entidades— puideron facer as súas achegas para enriquecer a futura normativa, e nas próximas semanas iniciará a súa tramitación parlamentaria. *(Aplausos.)*

A lei destina un capítulo enteiro ao benestar laboral nas organizacións co obxectivo de seguir progresando na promoción da igualdade a través de disposicións legais que avancen no benestar laboral, vencelladas coa integración da perspectiva de xénero no teletraballo e co fomento da calidade no emprego feminino; e, por suposto, a presenza equilibrada de homes e mulleres nos órganos de decisión.

Por tanto, señora Díaz, seremos a primeira comunidade en recoller nunha lei os requisitos mínimos de formación en igualdade laboral, e seguirá o fomento de emprego con axudas para a contratación e para a promoción profesional. Por non falar da regulación do teletraballo, que o Goberno de España hai tempo que dixo que ía lexislar pero nin está nin se lle espera.

Pero é que, ademais, estes días viamos como a Unión Europea, tamén o Consello da Unión e o Parlamento Europeo, pactaron unha proposta de directiva que establece que as mulleres —o xénero máis infrarrepresentado— teñan un 40 % de presenza nos consellos de administración nas empresas cotizadas. Isto vaise traducir nunha directiva que España terá obriga de traspoñer en pouco tempo; e, por tanto, tamén nesa lexislación se terá que dirimir esta cuestión.



Por tanto, señora Díaz, non imos hoxe nós aquí aprobar unha proposición de lei —insisto— cando hai unha lei galega en tramitación, cando hai unha directiva europea en tramitación, e cando ademais a Xunta de Galicia está cumprindo. Porque falando de estatísticas, señora Rodil, podemos dicir con satisfacción que a Xunta cumpre eses obxectivos. Se analizamos as porcentaxes de xénero, no Goberno galego temos cinco mulleres e seis homes, polo que a ratio é de 45 % de mulleres e 54 % de homes. E o mesmo acontece se falamos dos órganos directivos superiores da Administración, nos niveis 30. Na escala administrativa de finanzas e de letrados neste momento o 42,11 % son homes e o 57,89 % son mulleres. O peso específico das mulleres é sensiblemente superior ao dos homes, insisto, sen necesidade dunha cota, lei ou requisito de paridade como supón o establecemento de porcentaxes concretas, aplicando cuestións de puro mérito e capacidade.

Intentando, señora Díaz, ao mellor defender as mulleres poderíamos incorrer nun efecto perverso. Hai consellerías nas que o número de mulleres nestes postos de responsabilidade é superior ao 60 %. Mire, por exemplo, en Educación: 20 %, homes e 80 %, mulleres; en Promoción do Emprego e Igualdade: 18,75 %, homes e 81,25 %, mulleres; en Sanidade: 22,22 %, homes e 77,78 %, mulleres; en Medio Rural: 76,68 %, homes e 26,32 %, mulleres. Pero isto, señora Díaz, podería levarnos a provocar o efecto contrario e, alí onde hai máis mulleres, reduci-lo e expulsalas da promoción profesional que elas por mérito e capacidade teñen conseguido.

Por tanto, nós non imos apoiar a toma en consideración desta iniciativa, pero non porque non creamos necesario que se contemple a presenza equilibrada de homes e mulleres nos consellos, senón porque —insisto— agora mesmo na Xunta está en tramitación e a punto de entrar a trámite parlamentario unha lei de igualdade que contempla esa cuestión. Porque na Unión Europea esta mesma semana coñecemos que hai unha directiva que está en marcha e que España terá que adaptar a súa lexislación a ese tema. E porque —como acabo de dar os datos— en Galicia si se está cumprindo a presenza de mulleres nos órganos de decisión.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos saudar os alumnos de terceiro da ESO do Instituto Laxeiro de Lalín, Pontevedra, que hoxe nos veñen visitar ao Parlamento; e tamén saudamos os profesores que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

E agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Quería dar a benvida ao estudantado do instituto de Lalín. Ademais, está moi ben que atendan, que veñan hoxe aquí, cando menos, asistir a un debate acerca da necesidade de dar pasos adiante na igualdade.

Eu quería agradecer o voto favorable a esta toma en consideración do BNG. Compartimos, ademais, a esencia, e xa dixemos esa frase de Susan Sontag que nós faciamos tamén nosa;



todo o que non supoña un cambio respecto de quen detenta o poder non é liberación, nós cremos que no fondo tamén vostede falaba diso. A realidade é que non nos sorprende en absoluto o voto negativo do Partido Popular a avanzar nesta cuestión.

O PP xa no seu día votara en contra no Congreso dos Deputados desa Lei de igualdade que impuña ese 40 %-60 % nas listas electorais, por considerala discriminatoria. Entón, entendemos que, efectivamente, aquí vostedes hoxe non votasen a favor desta cuestión. Pero é que tamén votaban en contra do segundo punto da nosa moción hai un ano —e agradezo, por iso digo, que estea aquí xente nova para que saiba que tamén votaron en contra dese segundo punto— no que pediamos que a Xunta de Galicia non participase en ningunha sociedade na que nos seus consellos de administración non se cumprisen eses criterios de equilibrio.

Señora Prado, voulle ler —teño aquí o *Diario de Sesións*, non estou mentindo— o que dixo vostede hai un ano: «Ben sabe vostede —isto dicíao vostede— que esa lei se aplica á Administración xeral do Estado e non ás comunidades autónomas». E vostede pide que esa recomendación que se pide para a Administración xeral do Estado se aplique como obriga para a Xunta de Galicia. Isto dicíao vostede, non o dicía eu.

E sorprende, a nós sorpréndenos, que, se están tan convencidas e tan convencidos do que estamos hoxe a falar aquí, teman tanto comprometerse con este cumprimento. Se xa, como vostedes aseguran, o están cumprindo, entendemos que non terían ou non deberían ter ningún problema en aprobar isto que hoxe estamos propoñendo aquí. Pero, ¿cal é o problema? É que efectivamente non están cumprindo. Señora Prado, non me fale vostede, non me saque datos de funcionarios da escala 30 porque o que estamos falando é doutra cousa. Mire, se fala vostede de que en Educación hai un 80 % de mulleres, entón, ¿por que na Consellería de Cultura, Educación, FP, Universidades a porcentaxe é a máis baixa en todas as consellerías nos altos cargos, un 12,5 %? (*Aplausos.*) ¿Por que, señora prado, o 80 % de persoal de Educación son mulleres e a súa representación é do 12,5 %?

Pero voulle dar máis datos, porque non chegan, nin contando... o cómputo vai só a esa escala de órganos de postos de alta dirección. Na Presidencia, o 28 % de mulleres; na Vicepresidencia Primeira, Economía, Industria e Innovación, un 25 %; en Medio Rural, un 16 % de mulleres, si, si... directores xerais, secretarios xerais e conselleiros. Estou facendo ese cómputo, é moi sinxelo, e eses son os altos cargos de dirección. Voulle dicir máis: xa dixen, a de Educación, un 12,5 %; Infraestruturas e Mobilidade, un 33 %; Facenda e Administración Pública, un 12 %; e Administración periférica, no exterior, un 25 %. ¿Que nos está contando hoxe aquí vostede? Outra mentira máis, outra absoluta mentira máis. (*Aplausos.*)

Dígolle máis, e falaba vostede desa sociedade Impulsa. Si, había tres conselleiros nesa sociedade Impulsa. Pero, ¿onde estaba a conselleira de Emprego e Igualdade? ¿Non lle parece a vostede importante que estea a conselleira de Emprego e Igualdade, que é unha muller, ou a de Política Social e Innovación, ou a de Infraestruturas? ¿Iso non lle parece importante nesa sociedade Impulsa? Ten que haber tres conselleiros homes. (*Aplausos.*) ¡Que máis dá, que máis dá cal sexa o seu ámbito de actuación, que máis da! Non, non, non faga así, porque sabe que teño a razón e sabe que a teño.



Mire, o outro día —si, porque o digo eu,... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) é que non me parece a min... non, non, é que xa estou acostuada ás súas saídas de ton, señora Prado, pídolle por favor que me deixe continuar coa miña intervención— o outro día, o venres pasado, o PSdeG entregáballe o premio Maruja Vázquez á ministra Nadia Calviño. Contou una anécdota que creo que vén moi acaída hoxe aquí e era que esa mañá mantivera unha reunión, unha xuntanza, con..., por certo, estaría tamén ben que consultasen a biografía de Maruja Vázquez, muller socialista represaliada, que ten unha historia bastante acaída no que hoxe estamos aquí falando precisamente, porque o único que pretendía era mellorar a vida da xente, pero por ser muller acabou fusilada, acabou asasinada. A cuestión é que ela contaba nesa xuntanza de traballo —de traballo, tivo unha xuntanza de traballo—, ao chegar alí, á súa xuntanza, a esa sala de reunións, sorprendeulle ver tantas mulleres e dixo: «¡Que marabilla, cantas mulleres hai aquí que veñen traballar nestes fondos *Next Generation!*!», outra das cuestións que ían tratar. E contaba ela que, nun receso da reunión, esas mulleres se acercaran a ela para dicirlle «grazas» por ter aquel xesto de non querer poñerse na foto na que só había homes, porque é a primeira vez que nos chaman para participar nunha xuntanza coma esta.

Eu creo que isto define moi ben o que estamos hoxe aquí a tratar. Porque vostedes hoxe non sei se están a dar un paso a atrás, señora Prado, o que non están dando é un paso a adiante, iso é o que non están dando. Dende logo, se fala de que esa lei de igualdade vai contemplar esta representación equilibrada, que pretendemos que esa nova lei estableza ese 40 %-60 %, non está lexislado en Galicia, e contará co noso apoio. Dende logo que si. Tamén lle digo que, como van votar negativamente todo o articulado do que nós pretendemos hoxe con esta proposición de lei, aparecerá como emenda nesa lei e despois veremos se vostedes o aproban se son tan valentes. Dende logo, é unha mágoa esta negativa do Partido Popular, que rompe o consenso en materia de igualdade. Pero o que é máis grave é que vostedes recoñecen con esta postura que non están polo labor de avanzar pola igualdade das mulleres e homes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

¡Silencio!

A señora DÍAZ VARELA: ¿Podo continuar?

O señor PRESIDENTE: Si, remate por favor. Xa estamos co tempo cumprido.

A señora DÍAZ VARELA: Eu creo que quedou clara a postura, lamentamos moitísimo este voto negativo, agradecemos o voto positivo do Bloque Nacionalista Galego. Dende logo, vese onde están as posturas para avanzar en igualdade, porque a igualdade, a materia de igualdade non é só violencia, hai moitas outras, e esta tamén é un tipo de violencia.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.



Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de residencias de maiores

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos outra vez.

Benvidas e benvidos o estudantado do centro Laxeiro e o seu profesorado.

Hai que cambiar o modelo de residencias. Cos maiores non se pode facer nin negocio nin caridade, o que precisamos é servizo público. Isto foi o que dixemos desde o BNG en 2020 cando nos comprometemos, durante a pandemia, a traballar sen descanso cara a un novo modelo de coidados que poña no centro a vida e as persoas, que garanta o dereito a unha vellez digna e que despregue unha rede de servizos públicos forte e de máxima calidade.

Dixémolo durante a maior crise sanitaria da historia recente e do impacto que tivo nas residencias de maiores, deixando ao descuberto as costuras sobre as que se sostén un modelo enormemente privatizado, moi pouco fiscalizado e, sobre todo, moi pouco regulado.

Con esa premisa elaboramos a Proposición de lei galega de residencias que hoxe traemos a debate para a súa toma en consideración neste pleno. Unha proposición de lei formada por catro títulos e máis de 40 artigos que é o resultado de moitas horas de traballo dentro do grupo parlamentario do BNG pero tamén con profesionais do sector, traballadoras, organizacións sindicais, familiares de persoas usuarias, persoal do servizo de inspección e do ámbito académico. Unha lei contrastada durante meses tamén coa sociedade galega en actos públicos e na que incluimos tamén reflexións que levamos facendo todo os grupos e o propio Goberno da Xunta desde hai meses neste Parlamento.

Fixémolo con tres obxectivos nos que queremos soste o necesario cambio de modelo que xa ninguén cuestiona. Primeiro, engadir anos á vida, garantindo o dereito a unha vellez digna, nun país como o noso que xa hoxe, en 2022, ten máis do 25 % da poboación cunha idade superior aos 65 anos. Nun país como o noso cunha esperanza de vida de 86 anos para as mulleres e 80 para os homes pero que, se ollamos como é esa esperanza de vida en boa saúde, é dicir, anos libres de limitacións graves, de discapacidade e de dependencia, esa esperanza de vida redúcese a 78 anos para elas e 75 para eles.

O modelo do BNG —defendémolo moitas veces— é que cadaquén poida envellecer na súa casa e pasar o maior tempo posible da súa vida no seu fogar. Ese é o obxectivo, pero non sempre se pode ou se quere seguir envellecendo no propio domicilio, e cando isto acontece, cando o lugar óptimo para pasar unha etapa ou o que nos resta de vida é unha residencia de maiores, a nosa obriga como sociedade é garantir que se acceda a ela coa maior celeridade e, sobre todo, coa maior calidade de vida e o maior benestar social.

Hoxe en Galiza hai unha listaxe de agarda de 1.500 persoas que, tendo dereito recoñecido por lei a unha praza pública de residencia, non poden acceder a elas porque simplemente



non hai, ¡1.500 persoas! Somos a terceira comunidade autónoma con máis déficit de prazas de residencias, a pesar de ser unha das máis envellecidas do conxunto do Estado español.

Os datos da lista de agarda do programa de asignación de recursos non temos que agradecerllos á Xunta de Galiza, porque os ten solicitado o Bloque Nacionalista Galego en non sei cantísimas ocasións, senón grazas a Paula Pérez, que é unha xornalista do *Faro de Vigo*, que ela si puido acceder aos datos da Consellería da Política Social.

E eu teño aquí a resposta, que está perfectamente consultable tamén no rexistro deste Parlamento (*A señora Rodil amosa unha folla.*), solicitada, a listaxe de agarda, todos os servizos de Política Social en materia de dependencia, entre eles as prazas de residencias públicas, persoas que integran ese PAR, ese programa de asignación de recursos. Non hai nin un só dato, nin un, pero si os ten publicados *Faro de Vigo* —axuda inestimable das compañeiras da prensa—, que nos indican que 10.452 persoas maiores no noso país foron valoradas, asignóuselles un servizo en materia de dependencia, e no caso de 7.154 esperan por un servizo de axuda no fogar; 1.552 agardan por un servizo ou dispositivo de teleasistencia; 263 agardan para acceder a unha praza nun centro de día, e insisto, 1.500 están agardando por unha praza de residencia de maiores á que teñen dereito. E fronte a ese déficit de prazas que converte Galicia na terceira comunidade autónoma con máis déficit de prazas por maiores de 65 anos, o único que fixo a Xunta de Galicia nos últimos anos é seguir cebando a privada, seguir concertando o último ano 330 novas prazas concertadas, porque non se constrúe nin unha praza pública de residencias neste país desde hai máis dunha década.

Para garantir o dereito á vellez digna, e de aí o segundo obxectivo desta lei que impulsamos desde o BNG, é necesario, case me atrevo a dicir unha condición indispensable, un servizo público de coidados forte. Ninguén cuestiona neste país que, para garantir o dereito á educación, necesitamos escolas públicas. Ninguén cuestiona neste país que, para garantir o dereito a saúde, necesitamos centros de saúde e hospitais públicos. No noso país hai case 22.000 prazas de residencias, case 22.000 prazas de residencia, e o 80 % son privadas. Agora fagamos un exercicio así rápido, entre todas e todos: ¿Que pensariamos dun país onde o 80 % das escolas fosen privadas? ¿Ou dos centros de saúde, ou das camas dos hospitais, oito de cada dez? ¿Por que se consideramos que non se garanten dereitos fundamentais como a saúde ou a educación cun nivel de privatización tan amplo, para garantir o dereito á vida e á vellez digna, consideramos que se está a garantir ese dereito cun 80 % de privatización en prazas de residencias públicas, que furta o dereito de acceso a elas a 1.500 persoas con nomes e apelidos hoxe no noso país? Non é un *desideratum*, son persoas de carne e óso que, tendo dereito, como se fose un neno a ir a unha escola, están esperando entre dous e cinco anos para poder entrar nunha praza de residencia á que ten dereito por lei, por lei. Un sector que, a pesar de estar enormemente privatizado, non deixa de regarse e cebarse con cartos públicos, aproximadamente 100 millóns de euros ao ano. Para estar nese nivel de privatización saénos a factura bastante cara a final de ano, ¡100 millóns de euros! Son datos da Xunta, da Consellería de Política Social, dados por escrito ou verbalmente na Comisión 5ª a este grupo parlamentario: 74 millóns en concertos, 18 en concesións e 5 millóns para pagar prazas na privada. Porque tes dereito a unha na pública pero non hai. Basicamente, tes que esperar, e é así de duro, a que morra alguén para poder ocupar unha praza que hoxe está ocupada por outra persoa. Iso é unha vulneración de dereitos fundamentais, elementais.



Necesitamos, polo tanto, máis prazas públicas en centros que sexan máis próximos e máis humanos. Poñer polo tanto —terceiro obxectivo—, a vida e as persoas no centro, e non o negocio dun puñado de empresas. Cambiar o paradigma dos coidados e da atención das persoas maiores. Que sexan suxeitos de dereito, non meras receptoras de coidados. Promover a súa capacidade de decisión plena e autónoma, a súa participación e o seu desenvolvemento no seu proxecto vital, que non acaba cando entras pola porta dunha residencia. Pasar dun enfoque asistencialista, paternalista e moi infantilizante para ir a un modelo de dereitos e desenvolvemento da autonomía persoal na procura dunha vida independente. Implementar un modelo de atención que sexa máis personalizado, de prevención da dependencia e rehabilitador.

Mais, sobre todo, para poñer as persoas e os seus dereitos no centro das políticas hai que reforzar a vixilancia e os servizos de inspección, endurecer as sancións e garantir a transparencia, que é algo que non se está facendo en absoluto na actualidade.

¿Que medidas concretas inclúe esta proposición de lei do BNG no seu articulado, para cumprir con eses tres obxectivos que lles acabo de relatar?

Centros máis pequenos e máis próximos pero tamén máis humanos, asentados nunha limitación no número de prazas de residencias, un tope de cen divididas en unidades de convivencia de non máis de 25 persoas autónomas ou 20 persoas dependentes, na que se garanta que o 90 % das habitacións son individuais. E iso pode parecer unha tontería pero non o é, porque a diferenza de poñer no centro o interese do propio centro —valla a redundancia—, da propia residencia, ou as persoas que nela viven baséase o garantir o dereito á intimidade e á privacidade das persoas. Porque cremos que alguén que ten 75, 80 ou 85 anos, os que teñan as persoas usuarias nunha residencia, cando entran perden esa capacidade de decidir sobre a súa intimidade e a súa privacidade, para pasar a ocupar unha habitación con outra persoa para o resto da súa vida na maior parte dos casos.

Non é unha tontería poder levar o mobiliario da túa propia casa, dentro dunhas limitacións, para facer máis acolledor e humano o espazo. Ou, por exemplo, garantir unhas ratios de persoal de atención directa que exixan unha atención máis personalizada e garantan tamén unha atención máis humana e máis personalizada. Nós non establecemos un tope, iso será negociable e negociado coas organizacións sindicais e a representación tanto do sector das residencias do ámbito profesional como sindical. O que delimitamos é como deben ser consideradas e divididas as categorías profesionais que traballan dentro dun centro, diferenciando a atención directa, o persoal técnico, o persoal de servizos xerais e o ámbito da dirección. Porque hoxe están computando ata as persoas de cociña e mantemento moitas veces nas ratios de atención directa, e non é, sendo importante, atención directa.

Fixamos, ademais, criterios de localización, de emprazamento, das propias residencias para garantir que estean situadas en lugares céntricos, non illados, perfectamente comunicados, con espazos que faciliten o lecer, como parques ou zonas verdes, se non no propio centro facilmente accesibles.

Un modelo de atención centrado nas persoas que debe ser integral e debe ser respectuoso coa dignidade humana, debe contar cun plan de atención individualizado para cada usuario,



no que se faga unha valoración integral das necesidades da persoa, onde se establezan obxectivos e medidas para conseguir esa prevención da deterioración, esa prevención da dependencia, e que tamén se faga un acaído seguimento por parte dunha persoa de referencia, que debe servir de enlace non só coa persoa usuaria, senón coa familia. Sempre pulando pola menor rotación e inestabilidade dos cadros de persoal para garantir a confianza e a relación persoal que necesariamente debe darse cando falamos de persoas e falamos de coidados.

Supervisión, inspección e incremento do réxime sancionador co obxectivo de conseguir a máxima transparencia e información tamén nas residencias. Neste sentido, o que incluímos desde o BNG é a creación dun corpo de inspección específico, específico para a inspección, para a supervisión das residencias.

Hoxe temos, se collemos os datos da Xunta de Galiza, os oficiais remitidos a este Parlamento, 17 persoas inspectoras que teñen que encargarse, non de todas as residencias e prazas de residencias de maiores, de todos os centros dependentes de Política Social, das residencias, dos centros de día, das casas do maior, das casas niño, das escolas infantís, dos centros de menores, dos centros de discapacidade especiais de emprego... ¡17 persoas para todo o país! É imposible, imposible, facer un seguimento e un control.

¿E que nos atopamos? O que vimos en Pazos de Borbén, o que vimos en Salvaterra ou na Concepción Arenal da Coruña, que vas, das de alta..., informas nunha acta de inspección de irregularidades gravísimas en moitos casos, como aconteceu en Pazos de Borbén, de ter escondida a xente porque tiñan máis persoas dentro da residencia da que están autorizadas, e en tres anos por alí non volve ninguén e cando volven tres anos vólvese descubrir outra vez o mesmo. (*Aplausos.*)

Non pode ser. E a obriga, independentemente do modelo de xestión e titularidade dos centros, sexan de residencias ou de calquera outro, independentemente de se son privados, concertados ou públicos, a responsabilidade é sempre da Administración, velar por que en todos eles se garantan os dereitos fundamentais das persoas usuarias.

¿Como queremos garantir esa transparencia e o dereito de acceso á información? Traendo para aquí o modelo de Alemaña. Así, *no rompemos nada*, está dentro da Unión Europea, do dereito comunitario, *del derecho de España y de todo*. Que se publiquen as actas de inspección, acceso para o conxunto da poboación, a empezar polas persoas usuarias e as persoas familiares, accesibles para todas e para todos as actas de inspección, sancións impostas, así como todas e cada unha das axudas que reciben do ámbito público. Porque é bo e tes dereito a saber que é o que se fai, un, co diñeiro de todas e de todos, e, despois, cales son as condicións nas que están as persoas usuarias. Xa verás como empeza a reducirse o incumprimento da lei. (*Aplausos.*)

O título IV establece a planificación dunha rede pública de residencias, co obxectivo de ir mudando o actual modelo privatizador, de incrementar... —insisto, 1.500 persoas que, tendo dereito a unha praza pública, non teñen acceso a día de hoxe a ela—, mudar ese modelo privatizador por un de servizo público. Unha planificación que, ademais, prevé, por un lado, a recuperación progresiva dos centros públicos privatizados, progresiva a medida que vaian



culminando os contratos que agora están en vixencia, pero tamén impulsando unha auditoría pública para verificar o grao de cumprimento deses contratos. Podemos falar do caso da Concepción Arenal, na Coruña, que está nun proceso xudicial aberto. Nós trouxémolo aquí, non imos afondar na cuestión do proceso xudicial, pero o que non pode ser é que se incumpran de maneira reiterada e constante, por exemplo, as ratios de persoal que están incluídas no contrato de privatización desa empresa, e aquí non pase nada e lle firmes e renoves o contrato ata 2037. ¡Tremendo negocio, mirando para outro lado, coas irregularidades e os incumprimentos!

E, por último, a creación dun comité —que ten moito a ver con iso—, a creación dun comité galego de ética. Existe noutros ámbitos como o sanitario e debe ser un espazo para a reflexión sobre o coidado, a atención e os dereitos das persoas maiores, no ámbito residencial pero non só, pero tamén un espazo ao que dirixirnos o Parlamento, por exemplo, ou o propio Goberno, cando existan cuestións que poidan ser susceptibles de conflito no ámbito ético, ou tamén poder encargarlle informes que nos permitan mellorar e avanzar cara a un mellor coidado e unha mellor atención do conxunto da poboación, pero especialmente da máis maior.

Remato. Nós non trouxemos esta lei porque creamos que existe unha débeda coas persoas maiores froito, por exemplo, da pandemia xerada pola covid, ou que as usuarias de residencias teñamos unha débeda con elas e con eles, non. Cremos que é de xustiza, que é de xustiza e o propio dun país avanzado e democrático como é Galiza; que non haxa nin un só buraco negro, nin un só buraco negro cando falamos de dereitos humanos e de dereitos fundamentais.

E no modelo de residencias, no ano e medio que levamos traballando desde o BNG, vimos demasiados. Díxoo o Consello de Contas, dixérono as familias de usuarias, as organizacións sindicais, dixérono as traballadoras. Hoxe, desde o BNG, con esta lei o que defendemos é que este Parlamento e o conxunto da sociedade galega deixemos de mirar para outro lado, se é de verdade que a pandemia da covid nos fixo a todas e a todos saír un pouquiño mellor.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Como sempre digo, traer a debate a situación das persoas maiores en Galicia sempre é positivo e, sobre todo, necesario. E a verdade é que estamos ante unha boa proposta, e compartimos moitas das cuestións que comentaba e resumía agora a señora Rodil.

É un debate necesario porque, queiramos ou non, o sector coidados é o futuro da nosa terra, mentres non revertamos a tendencia ao envellecemento motivado pola inversión da pirámide poboacional. Non só pola baixada da natalidade, senón porque varias xeracións de mozos e mozas tiveron que marchar pola falta de oportunidades laborais en Galicia. Feito palpable e



cifrado do cal o Partido Popular é negacionista. É o propio Goberno da Xunta de Galicia negacionista desta realidade, así nos foi.

E nalgún momento o Goberno galego terase que preguntar por que, paradoxalmente, somos a segunda comunidade autónoma coas maiores fortunas de España e, sen embargo, chegaron a saír 2.500 traballadores máis ao ano dos que entraron, falando segundo os propios estudos sobre fuga de talento.

E adentrándonos máis no fondo da cuestión que nos ocupa, é necesario este debate porque, se es unha persoa maior en Galicia e precisas ou queres acudir a unha residencia de maiores, tes que saber varias cuestións. Tes que saber que nos atopamos na comunidade autónoma que ten o goberno que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España. Tes que saber que nos atopamos na comunidade autónoma que maior porcentaxe de privatización de residencias ten de toda España. E tes que saber que somos a segunda comunidade autónoma que menos técnicos de inspección ten de toda España para supervisar a maior porcentaxe de privatización do sector das residencias de todo o Estado. E iso afecta non só as persoas maiores, nin tan sequera só as traballadoras e traballadores do sector, senón que tamén as propias residencias que cumpren o seu traballo con rigor, con vocación e respectando a normativa. E, sobre todo, o máis importante, respectando ás persoas residentes, que son moitas e están a pagar a desidia e o desamparo do Goberno galego.

Porque aquí están a pagar xustos por pecadores. E todo iso nunha das comunidades autónomas máis envellecidas do país. Tras case tres lustros de goberno galego do Partido Popular en Galicia, este é o panorama. E dende esta óptica temos que encauzar o debate hoxe.

Sobre a proposta de lei que presenta o Bloque Nacionalista, o primeiro que cómpre dicir é que é necesario entrar a falar en profundidade sobre o asunto, ¿por que? Porque o Goberno galego non o fixo, por máis que llo pedimos. Leva dando largas máis de dous anos dende que deu comezo a pandemia e, de repente, as persoas maiores que vivían nas residencias fixéronse visibles para toda a sociedade.

Non obstante, aínda que estamos a falar dunha proposta necesaria, da que compartimos, como digo, a maior parte do contido, vemos unha marxe de mellora importante, sobre todo na concreción. Nós pensamos que en Galicia debemos mollarnos en canto a cuestións que son transcendentais como, por exemplo, a ratio do persoal das traballadoras e traballadores de residencias, que adiantaba a señora Rodil que non concretan porque queren negociar posteriormente, pero si que é verdade que sería apropiado partir e concretar, facer un punto de partida para ter unha base, xa que a norma que debatemos tería un rango autonómico de aprobarse. Polo tanto, falamos de competencias directas do Goberno galego.

Polo tanto, unha vez que se dá o paso para regular o sector das residencias de maiores, temos que ser consecuentes e ter a valentía para concretar unha das cuestións centrais. E, como dicía, na proposta do Bloque Nacionalista non quedan claras as ratios de persoal das residencias. E tal e como describiu a propia Plataforma estatal de organizacións de usuarias e familiares de residenciais, textualmente dicían: «La existencia del personal suficiente para



la atención necesaria de los residentes marca la frontera entre vivir los años en una residencia con calidad y dignidad o convertirlos en un infierno».

E como segunda reflexión, para aportar o rigor que é obrigado nun asunto tan importante, é imprescindible, sería imprescindible, acompañar a proposta dun propio estudo sobre o impacto económico, que sería tan necesario e complementaría e daría o rigor que é necesario nunha norma tan importante como esta.

Na mesma liña, temos que aproveitar este debate para concretar un apartado específico para as casas do maior, para blindar o benestar das persoas maiores, vivan onde vivan, elixan o modelo de residencia que elixan ou lles pertenza ou asignen.

E así, tamén sería importante nesta norma blindar o tipo de alimentación que reciben os residentes, porque nesta cuestión hai moitas lagoas, existiron moitísimas queixas, moitísimas denuncias non só de familiares, senón de traballadoras do sector, que non se atenderon por parte da Xunta de Galicia. Estamos a falar de cuestións humanitarias.

E volvendo á necesidade de concretar as ratios profesionais nas residencias, o mesmo acontece coa necesidade de concretar as ratios de inspectores para supervisar as residenciais da comunidade autónoma —repito— con maior porcentaxe de privatización de todo o Estado. Porque o corpo de inspectores específicos para as residencias en Galicia xa existe e o problema é que está infradotado. Somos a segunda comunidade autónoma que menos técnicos temos de toda España. Por iso, o quid da cuestión é concretar as ratios de traballadores nas residencias e o número de técnicos para supervisalas. Se non o facemos, o resto da proposición de lei corre o perigo de ser unha utopía imposible de alcanzar. Sexamos conscientes deste asunto.

Todas estas cuestións xa se tocaron no marco normativo de mínimos a nivel estatal e o cometido das comunidades autónomas ten que ser ir un paso máis alá, en consonancia coas propias competencias das comunidades autónomas, neste caso de Galicia. E con este debate temos unha oportunidade para facelo. E parte da boa intención da proponente, neste caso a señora Rodil, é motivada pola ausencia dun goberno galego que leva máis de dous anos ma-reando a perdiz sobre o novo modelo residencial.

Xa dende o ano 2020 falabamos neste Parlamento sobre a necesidade dun novo modelo de coidados e, concretamente, nas residencias de maiores. E o Goberno galego, a través da Consellería de Política Social, riuse de todos anunciando un novo modelo de residencias que non existe a día de hoxe na práctica. E vulgarmente podíamos dicir que no están *vacilando* a todos os galegos e galegas.

Unha boa parte das medidas desta proposición de lei van na liña co que dende o Grupo Parlamentario Socialista defendemos e propoñemos ao Goberno galego dende o ano 2020, en que se inicia a pandemia. Pero si que é certo que xa advertimos con anterioridade, e advertimos firmemente dende o Grupo Parlamentario Socialista, cando dende o Consello de Contas se destapou o escándalo do incumprimento reiterado da normativa por parte do sector residencias en Galicia.



Entre as nosas propostas, moitas, como digo, na liña e na filosofía da proposta que estamos a debater: humanizar o contexto residencial, incrementar o persoal de inspección, escoitar os protagonistas, darlles voz. A decisión das persoas maiores é vital para estes servizos. Respetar a súa privacidade, a súa intimidade; adaptar os centros ás persoas e non as persoas aos centros; mellorar as condicións laborais das traballadoras e traballadores do sector e incrementar o persoal; axilizar os tempos en dependencia mediante o incremento do persoal dos equipos de valoración da dependencia; establecer a cercanía da praza residencial concedida respecto ao lugar de orixe da persoa que a solicita; limitar o número de prazas para encamiñar a tendencia cara ás residencias máis pequenas, máis familiares, entre outras moitas cuestións que debatemos moitas veces nesta Cámara.

Pero, tras máis de dous anos dende o inicio da pandemia, a pesar de que o tempo parece que pasou a ritmo diferente, a día de hoxe o Goberno galego non tocou os temas clave para un modelo de atención de coidados e, dentro do mesmo, un novo modelo de atención residencial. E seguimos igual, é un Goberno que traballa mal e lento. É inaceptable que a día de hoxe, despois de todo o que pasaron as traballadoras e traballadores, tiveran que facer unha folga xeral por falta de persoal, por non ter tempo a pararse cos residentes, e incluso telos que erguer ás 6 da mañá por falta de relevo de persoal. É inaceptable que as familias se tiveran que manifestar hai uns meses na residencia do [...], que é pública e de xestión directa da Xunta, porque desapareceran 200 reclamacións contra a xestión do dito centro. É inaceptable que existiran queixas pola alimentación que se lles estaba a dar aos residentes nalgúns centros e que dende a consellería non se lles dera resposta. É inaceptable o que pasou na residencia Mi Casa, en Pazos de Borbén. É inaceptable o que pasou na residencia de Salvaterra. É inaceptable que a día de hoxe unha persoa teña que agardar durante anos por unha praza residencial e cando por fin lla conceden sexa a 100 quilómetros do seu lugar de orixe. É inaceptable que con todo o que pasou e coa cantidade de fondos estatais e europeos recibidos tras a pandemia sexamos o goberno de toda España que menos inviste por habitante potencialmente dependente de todo o conxunto do estado. É inaceptable que se manipulen as listas de espera de dependencia agochando a case 10.000 persoas que solicitaron as axudas de toda estatística. E é inaceptable que teña que ser a propia xustiza a que dite sentenza e ampare sobre a ocultación de datos de contaxios e falecementos por covid por cada centro ante o escurantismo do propio Goberno galego. *(Aplausos.)* E, en definitiva, é inaceptable o *modus operandi* do Goberno galego coas persoas maiores e co sector de coidados. *(Aplausos.)*

Remato amosando a entrevista de onte ao director xeral *(A señora Ortega amosa unha folia.)*, onde di que todo vai moi ben e que somos pioneiros no sector. O que non di é que somos pioneiros pero pola cola.

E non dubido, por suposto, a título persoal, do compromiso persoal do director xeral, pero está claro que a día de hoxe o novo modelo residencial en Galicia é ficción, non existe. E o motivo diso seguramente...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Vaia rematando, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: ...—remato— sexan decisións de máis arriba, evidentemente. Non sei se por parte da conselleira, non sei se por parte do presidente —entendemos que



Feijóo, porque Rueda acaba de chegar—. Pero, sexa quen sexa a persoa responsable, terá que plantexarse se debe seguir ou non no seu cargo.

Nós seguiremos loitando con propostas para mellorar a vida das persoas maiores, aínda que nos rexeiten mil veces máis dende o Partido Popular; facendo uso da honra que é ter o apoio da maioría da cidadanía para ir en contra dunha parte da mesma, paradoxalmente. Fagan exame de conciencia e gobernen con empatía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Encantado de ter a oportunidade de debater esta proposición de lei, que eu, se teño que definila nunha palabra, vaime permitir que sexa «desafortunada». E explicarei agora os distintos motivos polos que considero que é así.

En primeiro lugar, considero que é moi desafortunado presentar o modelo nacionalista de residencias no mesmo momento en que todas as comunidades autónomas están traballando —co Goberno central, por certo— nun documento de consenso que defina o novo modelo residencial para toda España. Por tanto, esta proposición de lei non é unha tentativa real de achegarse ao consenso, como nos din, senón todo o contrario; un novo intento do nacionalismo galego por marcar diferenzas co resto do Estado.

O Goberno galego —e vostedes sábeno— tamén ten o seu propio modelo de residencias, construído, por certo, a través das achegas de profesionais, de especialistas, de asociacións de usuarios... e, tamén hai que dicilo, dos distintos partidos políticos representados nesta Cámara, cos que houbo, por certo, moitas coincidencias, cos que se chegou a acordos, algúns dos cales, por certo, vostedes recollen na súa proposición de lei. Presentáronse os piares básicos: humanización de residencias, aproveitamento das novas tecnoloxías, coordinación sociosanitaria, melloras arquitectónicas nas residencias...

Pero, a pesar de ter ese modelo, estase facendo un esforzo real por consensuar un modelo único para toda España. Parécenos que sería interesante a maneira de garantir condicións mínimas idénticas para todos os usuarios; as mesmas posibilidades de acceso real ás prazas, independentemente de onde se viva; e, por certo, criterios obxectivos para o financiamento desas prazas.

Estamos falando todos de todas as comunidades e co Goberno de España, pero parece ser que o único que vai lento é o Goberno galego. O Goberno nacional vai á velocidade de cruceiro, aínda que nos ten a todos parados esperando a que faga esta proposta. A nós gustaríanos contar co respaldo de todos os grupos da Cámara na busca dese consenso. Pero se o BNG insiste en ir por libre, claro, un esperaríase a que polo menos o Partido Socialista de Ga-



licia respaldara a petición de consenso que formula o Goberno socialista de España. Claro, agora enterámonos de que parece que non, eu pregunto: ¿Falta coherencia no Partido Socialista de Galicia ou é que o que nos están dicindo en Madrid é distinto da realidade e o que falta é unha vontade real de acordo? Eu pregunto, porque é moi complicado aprobar unha Lei de residencias ao mesmo tempo que se consensúa co conxunto do Estado. Non sei que vai facer o Partido Socialista, xa nolo contará logo.

Paréceme moi desafortunado tamén presentar unha proposición de lei trufada de partidismo. Eu creo, señora Rodil, que pretender que o que non comparte as ideas ou os plantexamentos co BNG non busca o mellor para os nosos maiores é simplemente falso. É simplemente falso nisto e en calquera outra materia; por exemplo, na de igualdade que vimos de debater. Eu vou facer un recoñecemento a todos os deputados desta Cámara, a todos sen excepción. Estou seguro de que todos e todas desexamos o mellor para os nosos pais, para os nosos avós e para nós mesmos, que algún día estaremos nesa situación. Cadaquén coas súas ideas, cadaquén co seu modelo. Agora, tamén me vai permitir que engada unha cousa: os do PPdG, ademais de desexalo, levan anos traballando para facelo realidade.

Mire, pónolle algúns exemplos de como podemos demostralo, porque eu non creo niso de «porque lo digo yo», eu non, eu vou apostar por darlle datos.

Primeiro, aprobamos o maior orzamento de política social da historia de Galicia. Non sei como miden vostedes o compromiso, nós cremos que se pode medir en palabras e promesas ou en orzamento. Voulles poñer algúns datos enriba da mesa que creo que serán interesantes. Miren, o orzamento total da Xunta, ano 2009, 11.426 millóns; ano 2022, 11.627 millóns, bastante similares. O orzamento de Política Social da Xunta en 2009 —o último que aprobaron vostedes—, 468 millóns de euros; 2022, o último que aprobou este Goberno, 927,4 millóns de euros. Ou dígollelo en termos relativos: pasamos do 4 % que dedicaban vostedes a política social ao 8 % que dedica o actual Goberno da Xunta. ¿Quen se compromete máis?, ¿o que fai discursos ou o que pon recursos? (*Aplausos.*) ¡Pois nós cremos que o que pon recursos! (*Aplausos.*)

Pero falemos de recursos. Miren, duplicámoslos nestes dous lustros dos que falaba quen me antecedeu na palabra. Duplicamos todos os recursos existentes en materia de dependencia: centros de día, de Alzheimer, vivendas comunitarias, residencias, bonos de libranza, casas do maior... En total, duplicamos, non aumentamos levemente, duplicamos.

Por certo, demostrámolo tamén traballando para protexer os maiores durante a pandemia, que isto sempre se lles esquece contalo. É que somos a comunidade que máis vidas salvou nas residencias, a que máis, a que ten a mellor ratio de supervivencia en residencias de toda a península. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si, e non son datos meus, son datos do Ministerio, de toda a península, coa única excepción de Canarias; e, se non, consulten vostedes co seu propio ministerio. (*Aplausos.*) ¡Fáganos o favor! (*Aplausos.*) ¡Fáganos o favor, que falamos de cousas serias! (*Aplausos.*)

Por certo, tamén incorporando melloras no sistema despois da pandemia coa creación dunha Dirección Xeral de Atención Sociosanitaria, creando as residencias intermedias, un plan de formación continuada, un plan de actividades personalizado nas residencias, o cadro de



mandos individualizado de seguimento nas residencias, a apertura dos centros a familiares —que xa está contemplada, señora Rodil—. E, por certo, impulsando a construción de 1.200 prazas novas de residencias, non sempre, por certo, coa axuda dos grupos que ocupan hoxe a oposición. Haberá que contalo.

Tamén me parece desafortunado que vostede veña aquí presentar esta lei como unha alternativa ao modelo do Partido Popular de Galicia, cando a realidade é que esta lei é unha emenda á totalidade do modelo que BNG e PSdG levan practicando anos alá onde gobernan; que, por certo, é en todos os sitios onde poden.

Eu creo que é un enorme exercicio de hipocrisía que se erixan en defensores da xestión pública directa aqueles que, antes, durante e despois da pandemia, apostaron xusto polo contrario: a privatización masiva das residencias que xestionan. Porque, mire, é un exercicio de permanente demonización, ¿verdade?, do sector privado, da xestión indirecta; e, ao mesmo tempo, os datos non enganan. Miren, non lles vou falar do que privatizaron vostedes mentres gobernaron no bipartito, porque sei que non lles gusta recordar aqueles tempos. Tampouco lles vou falar de que son o partido que máis porcentaxe de privatización teñen no Servizo de Axuda no Fogar de toda Galicia, por diante, por certo, do PSOE, en segundo lugar, e, por último, o Partido Popular.

Mire, residencias de Lugo —¿seguen gobernando vostedes a Deputación de Lugo conxuntamente, verdade?—: Ribadeo, CK Senior Gestión, S.L., goberno do BNG; Trabada, Troncoso Casares, goberno do PSdeG; Pol, Troncoso Casares, goberno do PSdeG; A Fonsagrada, A Rodas, S.L., PSdeG; Pedrafita, Fundación Camiña Social, PSdeG; Castroverde, As Rodas, S.L., PSdeG. Meira, Troncoso Casares, PSdeG. Efectivamente.

E, claro, logo a un sorpréndelle ler algunhas declaracións. Non nos acompaña a señora Pontón, que só quedou a escoitar a súa voceira; é o que ten, así, ¡claro!, sempre se leva a razón cando un se escoita só a si mesmo, pero declaraba na presentación desta proposición de lei —a nota é do BNG, supoño que será fiable— (*O señor Pazos Couñago amosa unha folla.*): «Non se pode seguir cun sistema privatizado en mans de multinacionais ou de entidades relixiosas. É unha obriga ética tomar nota». E eu digo, bueno, joel, pois o igual o PSdeG e o BNG aprenderon a lección despois da pandemia, rectifican, e agora todo o que xestionaban de maneira indirecta van pasar a xestionalo directamente.

Señora Rodil, hoxe —non lle estou falando de onte nin de mañá, estoulle falando do que pasa hoxe en Lugo, onde gobernan vostedes— (*O señor Pazos Couñago amosa unha folla.*): licitación da residencia de Trabada, licitación da residencia de Ribadeo, licitación da residencia da Fonsagrada, licitación da residencia de Pol. E eu pregúntolle hoxe á señora Pontón: ¿vai parar vostede esas licitacións para que non lle caia a cara de vergoña cada vez que di que non se pode privatizar? (*Aplausos.*) Por certo, señora Rodil, que a vostede lle preocupa moito que se lucren as empresas con isto: 11,1 millóns de euros son esas catro licitacións que van ir parar a catro empresas privadas ou catro fundacións relixiosas, porque esas son as alternativas que existen a día de hoxe, ¡11,1 millóns de euros! E eu fágolles unha pregunta, o outro día preguntáballes o señor Rueda, invitábaos: proben vostedes a baixar os impostos, proben vostedes a xestionar directamente unha residencia, ¡proben! A Xunta ten algunhas que xes-



tiona directamente e outras indirectamente; proben, e así vostedes poderán opinar. Mentres tanto, comprenderá vostede que o tomemos un pouco a broma.

Porque eu pregunto: ¿a señora Pontón é a líder de todo o BNG ou só do BNG de dúas provincias, porque na Coruña están facendo exactamente o mesmo? Eu preguntolle á lideresa do BNG: ¿vai parar esta deriva privatizadora do seu propio partido? Moito me temo que non, porque a realidade é que vostedes están aquí para facer discursos. Despois, cada vez, cada ocasión que teñen de trasladar o seu discurso á acción política...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...muda totalmente e volven facer o que fixeron sempre, cando estiveron no bipartito, durante os gobernos da Deputación e o que fan a día de hoxe: privatizar. Polo tanto, prometen un modelo que son incapaces de ofrecer alá onde gobernan.

E, señora Rodil, por iso carecen de credibilidade. Non sabemos cal é o custo das ratios que prometen pero non cumpren. Por certo, ¿cantas habitacións individuais hai nesas residencias de Lugo? Para non poñerllo difícil doulle dúas opcións, a ver se adiviña cal é a correcta: ¿o 90 % que propoñen vostedes na lei ou o 0 %? Voulle dar unha segunda pista: non é o 90 %. ¡Nin unha, é que non hai ningunha! Exíxennos habitacións privadas e non dan nin unha, nin unha soa, e veñen dar aquí leccións.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa.

Non vou entrar no tema da precarización, porque temos aquí as táboas salariais desas residencias. Eu creo que hai algún deses traballadores que está desexando pasar a Domus Vi, non lle digo máis.

Marcharemos de aquí sen coñecer o custo real das súas promesas, señora Rodil, pero afortunadamente os galegos si que coñecen dese hai moitos anos o valor das súas palabras,...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...palabras *que no dicen nada*.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda de réplica. Grupo autor da proposición de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Eu, antes de máis, tamén agradecerlle á señora Ortega a súa intervención e o apoio que van dar a esta proposición de lei que impulsamos desde o BNG no ámbito das residencias.

Nós, señor pazos, non viñemos aquí medir cunha regra o seu compromiso, *si es más grande o más pequeño*. O que viñemos foi falar de dereitos, falar de servizo público e de dereitos fundamentais dunha parte importantísima da nosa sociedade como son as persoas que hoxe xa teñen máis de 65 anos, pero os dereitos do conxunto da sociedade galega, das que hoxe temos 32 ou 45, porque aspiramos, creo eu, a seguir cumprindo anos e a facernos vellas. Díxémolo moitas veces desde o BNG, porque ás veces vese o envellecemento como algo malo: ¡Dios nos libre de non cumprir anos e non facernos vellos!

Nós, nese sentido, o que quixemos foi poñer enriba da mesa unha proposta concreta, tanxible, pública, que pode ler calquera persoa, que puideron ler as súas señorías, á que vostede non lle dedicou nin medio minuto, máis que a repetir unha e outra vez (*Aplausos.*) os tres argumentos banais e baleiros de sempre, pero alá cadaquén. Porque é un proxecto xa de todas e de todos e aí está para o seu contraste, para a súa mellora e, cando toque, para a súa aprobación e tramitación.

Usou a escusa de que *el Gobierno de España está...* miren, as galegas e os galegos non queren unha praza de residencia en Benidorm, queren unha praza de residencia no Carballiño, en Ribeira de Piquín, en Meira, en Lugo ou na Coruña. E eu quero lembrarlles que o Estatuto de autonomía de 1981, co que vostedes se dan tanto golpe de peito y *leen poco*, di que servizos sociais e políticas sociais son competencias exclusivas da Xunta de Galiza. Por iso temos un modelo residencial que nós queremos cambiar pero que non depende do Goberno de España, senón que depende, única e exclusivamente, desta Cámara e do Goberno galego.

Ese modelo residencial está hoxe regulado por unha orde, ¡por unha orde!, que nin é unha lei, nin é un decreto, ¡por unha orde de 1996!. E por unha lei de servizos sociais de 2008, que fixo, efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego cando tivo responsabilidades de goberno na Xunta de Galiza. Porque neste país ata o ano 2008 non había nada. (*Aplausos.*) Non había nada. Pero que, efectivamente, trata todas as políticas e servizos sociais, non con carácter específico as residencias de maiores.

¿E de que nos fala? De que teñen un modelo, que a Xunta e o Partido Popular teñen un modelo de residencias de maiores propio, que levan traballando *muchísimo, muchísimo* neles. Que é iso, as tres frases que repiten unha e outra vez, baleiras, simples, nunca se afonda, porque non hai modelo nin hai propostas, nin hai alternativa, non hai absolutamente máis que slogans e pura propaganda. (*Aplausos.*)

E eu dígolles, ademais con coñecemento de causa, que isto é así porque o BNG pediu que, dentro dese órgano que crearon *ad hoc*, esa comisión de asesoramento sociosanitario, que se nos remitisen, ¡oia!, todo o plan de traballo, todos os informes, as actas derivadas das reunións, para saber un pouco en detalle en que se supón que está traballando. Nada; actas, nin a primeira. Pedímoslles tamén, ¡oian!, pásennos toda a documentación que dixo a Consellería de Política Social que tiñan, que estaban traballando para coñecer o seu modelo de residencias. ¿Que nos pasan? O argumentario interno da Consellería de Política Social, que non di nada máis que as tres frases que acaba de repetir o señor Pazos agora.



¿Cal é a proposta do Bloque? Catro títulos, máis de 40 artigos, e unha proposta —mellor, peor, mediopensionista, o que queiran—, concreta, traballada, socialmente, publicamente, coñecida, e unha proposta clara, medible, votable, opinable, tramitable e emendable. Tamén, se se quere, que aquí estamos todas e todos para sumar e para facer traballo conxunto, partidista, e política. Efectivamente, do BNG e cunha ideoloxía moi clara. Igual que todas as políticas e todas as propostas do Partido Popular, que non son vostedes seres de luz. Non son vostedes seres de luz e responden a un proxecto político e ideolóxico. (*Aplausos.*) E non facer nada, señor Pazos, non facer absolutamente nada, non traer un modelo, non ter propostas, máis que propaganda, fume e propaganda, non ter nada tamén é unha posición política, e tamén é unha posición ideolóxica para que todo siga absolutamente igual, como se neste país non pasase absolutamente nada.

Agora están reformando a orde de 1996, —está na web de transparencia da Xunta de Galicia—, a orde que regula desde hai case trinta anos o sector das residencias e centros de día no noso país, ¿para que? Para implicar *el nuevo modelo de residencias*, dirán vostedes. Non, para incluír, única e exclusivamente, a definición de aloxamentos compartidos. Non se tocan nin as condicións arquitectónicas, nin as ratios de persoal, nin as condicións de traballo, nin o modelo asistencial e de atención ás persoas usuarias. Fume e propaganda para que todo siga absolutamente igual.

Eu remato, señor presidente, co que dixen ao comezo. Nós temos unha proposta concreta, coñecida, contrastada, traballada en diálogo con persoas familiares, con persoas traballadoras, organizacións sindicais, con persoas do ámbito da investigación, no modelo de envellecemento activo e de coidados, tamén tendo sempre presentes debates que demos nesta Cámara, na Comisión de reactivación ou tantos outros dentro deste hemiciclo ou na Comisión de Política Social e Sanidade. É un traballo que nós fixemos, que está aí, que agora é do conxunto da sociedade deste país. E a min non me cabe a menor dúbida —dígoo con todo o convencemento e coa maior das vontades— de que un día será realidade. Porque cremos de verdade que neste país necesitamos unha lei galega de residencias que poña no centro as persoas, que poña un modelo de coidados ao servizo das persoas maiores deste país e que acabe co modelo privatizador, absolutamente de negocio, do Partido Popular.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Procedemos á votación dos textos lexislativos

Comezamos votando a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da toma en consideración das proposicións de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de residencias de maiores.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de residencias de maiores

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Voulles ler unha declaración institucional, respecto da cal todos os grupos en representación nesta Cámara chegaron a un acordo, e que vai sobre o cancro de próstata. E di:

«Cada 11 de xuño celébrase o Día mundial do cancro de próstata, un cancro que é un crecemento atípico e descontrolado das células que conforman a glándula prostática, segundo expón a Asociación Española de Uroloxía (AEU).

Segundo os datos publicados no estudio *As cifras do cancro en España 2022*, da Sociedade Española de Oncoloxía Médica (SEOM), o cancro de próstata foi o cuarto tumor máis frecuente diagnosticado no mundo no ano 2020.

En España prevese que este ano o cancro de próstata será tamén o cuarto tumor máis diagnosticado. Ademais, foi o máis prevalente en homes en 2020, con máis de 120.000 casos.

Queremos poñer de manifesto a importancia de levar uns hábitos de vida saudables, pois os factores endócrinos, dietéticos e os relacionados co estilo de vida poderían favorecer a aparición deste tumor, segundo pon de manifesto a Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica (SEOR), no seu *Manual práctico de oncoloxía radioterápica*.

Non podemos esquecernos do factor de risco máis importante, segundo a Asociación Española de Uroloxía, que é a idade, xa que a enfermidade tende a desenvolverse en homes maiores de 50 anos, sendo a media de idade ao diagnóstico arredor dos 69 anos. Os antecedentes familiares tamén son un factor de risco para padecelo.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio aos doentes con cancro de próstata e aos seus familiares, á investigación como instrumento imprescindible na loita



contra esta enfermidade, e trasladamos o noso recoñecemento a todas e todos os profesionais que asesoran e que traballan día a día para mellorar a calidade de vida dos doentes con cancro de próstata..» (Aprobada por asentimento.)

Moitas grazas. (Aplausos.)

Acumulación de dúas solicitudes de comparecencia

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as medidas desenvoltas e das futuras actuacións previstas na atención primaria ante a situación de déficit de especialistas en medicina de familia

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición dos dezanove deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar da situación na que se atopa a sanidade pública galega, e en particular a atención primaria, así como as medidas que ten previsto poñer en marcha na época estival

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente.

Señorías.

Comparezo hoxe para abordar a situación da sanidade galega no relativo á atención primaria e, moi particularmente, ao principal reto que afronta, que é a situación a nivel estatal de déficit de especialistas en medida familiar e comunitaria. É preciso, para comprender a situación e as medidas a abordar, ter en conta esa realidade. Unha realidade que sería aínda máis complicada sen determinadas medidas que se teñen posto en marcha por parte deste goberno e que estaría máis preto de resolverse se desde o Goberno de España se tomaran algunhas medidas solicitadas de xeito reiterado por este Goberno e por este Parlamento.

Pero, ante esta realidade obxectiva, debemos continuar con todos os esforzos co obxectivo de dotar a atención primaria de todos os recursos precisos que lles permitan ás galegas e aos galegos seguir contando cunha atención sanitaria de calidade.

Da realidade da atención primaria daba conta no primeiro pleno deste período de sesións e, próximos xa ao remate, é preciso volver tratar e valorar os avances na súa reforma e as medidas postas en marcha, especialmente no ámbito dos recursos humanos.

A situación da atención primaria nin é caótica nin está colapsada. É verdade que contamos con dificultades en determinados puntos e que se aproximan unhas datas complexas, pero temos avanzado en ferramentas para mitigalas que lles detallarei máis adiante. Antes diso vou facer unha contextualización por se alguén non a ten clara.

Galicia ten o 14,7 % dos centros de saúde do territorio español, da sanidade española, o 14,7 %, cando, como todos sabemos, ten o 5,7 % da poboación, é dicir, ten unhas infraes-



truturas de centros de saúde moi por riba da poboación que ten. Isto tradúcese en 463 centros de saúde en todo o territorio autonómico e 90 puntos de atención continuada; unha ratio de tarxetas sanitarias por médico de atención primaria por debaixo da media da Estado. Concretamente, a media do Estado está en 1.350 e Galicia está 100 tarxetas por debaixo deste número, en 1.250. Quero recordar que o obxectivo da Estratexia do Ministerio de Sanidade 2019 para a atención primaria era chegar ás 1.500.

Nese contexto, nos primeiros catro meses do ano, dende xaneiro a abril, na atención primaria galega leváronse a cabo, entre as categorías de enfermaría, pediatría e médico de atención familiar e comunitaria, a cifra de 10.020.000 consultas. Unha cantidade realmente increíble que reflicte unha tendencia habitual, por outra banda, na atención primaria galega, e que vén ser algo así como que cada galego, neste período, teña acudido case catro veces ao seu centro de saúde.

Desas consultas, 3,3 millóns foron consultas presenciais do médico de atención primaria.

Con este volume de actividade, o 87 % dos cupos en Galicia, o 87 %, teñen unha cita libre na súa axenda en menos de catro días. É dicir, de cada 10 galegos que chaman pedindo unha cita para o seu médico de familia, 9 deles teñen unha cita en menos de catro días. E 7 de cada 10, o 67 %, téñena en menos de dous días. Isto é a realidade dos máis de 2.000 cupos que hai en Galicia. Supoño que despois alguén dirá que os datos non son certos, pódense comprobar.

Dito isto, tamén é certo que hai cupos onde esa accesibilidade non é posible, por exemplo, porque o seu médico está de vacacións ou porque está de baixa. Pero estes son os datos, como digo, estatísticos dese volume de —repito— 10.020.000 consultas que levamos feitas dende xaneiro ata o 30 de abril. E, por suposto, a todo isto hai que engadir que garantindo sempre a atención ás urxencias nos 90 puntos de atención continuada aos que me refería anteriormente.

Ademais e tal e como fixemos o ano pasado, despois das dificultades da pandemia, cando fixamos nos acordos de xestión o obxectivo do 60 % de presencialidade, este ano nos obxectivos de primaria un dos principais é que o 90 % dos cupos teñan unha cita dispoñible en catro días. Acabo de dicir que estamos en 87 % e o obxectivo é 90 %.

Queremos mellorar, por suposto, a accesibilidade dos centros e por iso nos temos comprometido na firma destes acordos.

Os acordos inclúen tamén os compromisos na atención ao paciente crónico. O 30 % das citas programadas en medicina familiar e comunitaria e un 50 % das citas de enfermaría deberían ser concertadas de xeito proactivo para a atención ao paciente crónico.

Queremos seguir potenciando a atención domiciliaria, estendendo a implantación da plataforma de telemonitorización, a denominada TELEA, para atender estes pacientes. Actualmente hai 10.000 pacientes activos incorporados a esta plataforma, que corresponden, fundamentalmente, a pacientes crónicos onde esta ferramenta, como digo, permite a súa telemonitorización, sen que teñan que desprazarse ao centro de saúde.



Ademais, introducimos indicadores para medir os resultados de saúde desta maior atención ao paciente crónico. Para iso, fixamos obxectivos de porcentaxe máxima de reingresos hospitalarios nos pacientes con EPOC ou insuficiencia cardíaca, asumindo que o reforzo na atención primaria a estes pacientes crónicos suporá tamén unha redución dos ingresos e, polo tanto, unha mellora na súa atención. Con isto pretendemos conservar a calidade de vida deses pacientes, evitándolles o ingreso hospitalario, que en moitos casos ten consecuencias máis alá das específicas da súa patoloxía.

Temos compromisos asinados e por escrito. A Xunta de Galicia ten establecido como prioridade o reforzo da atención primaria, posto de manifesto, ademais, polo presidente Rueda no debate de investidura.

Cremos nas políticas de activación, de reforma e de transformación, e niso traballamos dende hai anos, dándolle un importante impulso no último período. Pero sabemos que agora mesmo nós chegamos a un dos momentos máis comprometidos do ano en relación á dispoñibilidade de persoal. O verán, historicamente, é un momento complexo na xestión de persoal de todos os ámbitos, non só na saúde, incluso neste Parlamento. Pero, efectivamente, na atención primaria e tamén na hospitalaria é especialmente crítico, xa que o dereito dos profesionais a desfrutar das súas correspondentes vacacións leva consigo un importante traballo de xestión para darlle cobertura, posto que ademais se concentra nos períodos estivais habituais, os meses de xullo, agosto e setembro.

Ademais da dispoñibilidade de profesionais, nestas datas sempre foi complexa e hai que reorganizar a actividade co esforzo de todos eles por cubrir un número importante de urxencias que tamén se producen no verán. Gustaríame agradecer xa por adiantado o traballo que desenvolven e desenvolverán ao longo destes meses os profesionais da atención primaria para poder ofrecer unha atención axeitada. *(Aplausos.)*

A pesar dese esforzo, como dicía, este ano preséntase especialmente complexo en toda España, sen ningunha dúbida. A diferenza que temos en Galicia é que aquí temos implantadas numerosas medidas, moitas delas pioneiras, e hoxe gustaríame falar da atención primaria en varios ámbitos, pero fundamentalmente no organizativo, no de persoal e tamén no de docencia e investigación.

Sinceramente, ante o escoitado nos últimos días por parte dos voceiros da oposición, creo que a este goberno se lle pode acusar de moitas cousas pero, dende logo, non de inacción.

Como dicía, Galicia foi pioneira a nivel estatal na posta en marcha desa reforma da que aínda agora se comeza a falar noutras comunidades autónomas e a nivel estatal. Levamos implantado medidas dende o ano 2018, cando se comezou o traballo do Plan de atención primaria 2019-2021, e tamén no documento *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*.

Estes dous plans ou estratexias foron claves no desenvolvemento de todas as medidas implantadas, e fórono principalmente porque nos dous casos se contou coa participación de todas as categorías profesionais da atención primaria.



No primeiro caso, no Plan galego de atención primaria, ten sido clave o Consello Técnico Asesor de Atención Primaria, órgano asesor e de consulta polo que pasaron todas as medidas que se foron implantando e no que participan non só os profesionais, senón tamén os seus representantes, os sindicatos e tamén as sociedades científicas.

E a estratexia foi elaborada directamente por expertos e agora a súa posta en marcha é avallada tamén por unha comisión profesional independente.

Contra o que vostedes queren trasladar de forma continuada, a Xunta de Galicia leva implantando numerosas medidas dende ese ano 2018, das que unicamente vou recordar algunha.

En primeiro termo, sendo ademais unha das máis demandadas, xa están aprobadas e publicadas as carteiras de servizos de medicina de familia, de enfermaría, matronas, persoal de servizos sociais e traballo social. E en breve publicaranse, ademais, as de odontoloxía, hixienista e fisioterapia.

Ademais, puxemos en marcha as axendas de calidade, fundamentais para a adaptación dos tempos de consulta á realidade dos centros de saúde e dos cupos. Nela incluimos tempos para as titorías e para as actividades de formación comunitaria.

Actualmente, estamos a desenvolver tamén as axendas das unidades administrativas dos centros de saúde, as dos PSX, que por primeira vez contarán con axenda propia e sistemas de citación propios tamén, o que lles facilitará unha mellor organización do seu traballo diario.

Co obxectivo de que todas as categorías desenvolvan o seu desempeño no límite superior das súas competencias, puxemos en marcha, entre outras medidas, a extensión da instrución do TAO, do tratamento anticoagulante oral, a todas as áreas sanitarias, para reordenar a xestión do control do tratamento con anticoagulantes orais e que os pacientes puideran ser atendidos nun acto único, liberando ademais deses ocos os médicos de atención primaria.

Para isto, dotamos as profesionais de enfermaría de atención primaria de protocolos que facilitasen a implantación desas consultas de alta resolución. Grazas a esa nova instrución, por exemplo, na área sanitaria de Vigo liberáronse 125.000 ocos, o que quere dicir 125.000 citas máis ao ano dispoñibles para todos os pacientes da área sanitaria de Vigo, neste caso cos médicos de familia, ao asumir estas 125.000 accións ou axendas a enfermaría desa área sanitaria.

Avanzamos na implantación dos plans locais de saúde, ferramenta de planificación estratéxica a nivel local que permite fixar obxectivos e accións de mellora específicos en cada centro de saúde segundo as necesidades da súa poboación, centrando a atención nas persoas dese centro de saúde, cun deseño realizado de xeito multidisciplinar e polos propios profesionais dos centros, máximos coñecedores das características da súa poboación. Eles son os que definen as accións a desenvolver para lograr os obxectivos estratéxicos marcados dende a consellería. Con isto pretendemos adaptar a actividade dos centros á súa realidade, incidindo na prevención e na actividade comunitaria.



É importante o traballo de prevención, cuestión que, ademais, repercutirá nunha mellora da xestión da demanda, ademais de incluír o deseño de programas específicos de saúde e control de patoloxías específicos adaptados a cada centro e adecuados, por suposto, á prevalencia das mesmas neses centros.

Este ano presentamos e xa están en marcha 14 plans de saúde locais e o noso obxectivo é contar, cando finalice este ano, cun total de 42 plans locais de saúde noutros tantos 42 centros de saúde.

Para traballar na liña de incrementar a capacidade resolutiva da atención primaria, levando a constituír ese eixo vertebrador do que comezamos falando en Galicia e que agora se ten trasladado a nivel estatal, o pasado mes ampliamos o catálogo de probas diagnósticas que se poden solicitar dende a atención primaria. Agora é o mesmo en primaria que en atención hospitalaria, en todas e cada unha das áreas sanitarias. Isto é posible, por outra banda, grazas á nosa organización en áreas sanitarias únicas, deixando atrás organizacións en xerencias independentes de atención primaria e atención hospitalaria. A xestión integrada permítenos facilitar a posta a disposición de todo o catálogo de probas e dotar de maiores competencias os profesionais de primaria neste caso. *(Aplausos.)*

Nesta liña de máis competencias para os profesionais de atención primaria comezamos xa a redacción dos protocolos específicos de enfermaría de práctica avanzada. Confiamos en ter os tres primeiros protocolos ao finalizar este trimestre e, por suposto, despois sometelos á consideración do resto das categorías.

A organización para a optimización dos recursos debe ir apoiada por elementos tecnolóxicos. Nun momento no que o déficit de profesionais é común en todo o sistema de saúde, estas ferramentas deben adaptarse sempre ao paciente e, por suposto, sen obstaculizar o acceso á atención sanitaria.

Por iso seguimos coa implantación do sistema XIDE, Xestión Integral da Demanda en Equipo, con este obxectivo de optimización dos recursos.

Ata o de agora non existía un criterio nin sequera, nalgúns centros de saúde, para a asignación das citas nos centros de saúde e, en ocasións, esta chegada de pacientes sen cita supoñía unha sobrecarga nas axendas dos profesionais. A posta en marcha do XIDE permitiu que as citas forzadas teñan diminuído un 50 % nos centros de saúde nos que está operativo. Actualmente, máis dun 30 % da poboación galega benefíciase desta ferramenta e está en marcha en 53 centros de saúde, co obxectivo de chegar a todos eles, a todos os centros de saúde, eses 463, durante este ano.

XIDE potencia tamén todas as categorías profesionais, xa que dirixe o paciente directamente ao profesional máis axeitado para atendelo. Cremos que é unha ferramenta que está a ser ben acollida e, a este respecto, quixera salientar dous datos.

Por unha banda, que hai máis de 1.800 profesionais da atención primaria que xa realizaron o curso formativo que ofrecemos sobre XIDE. E que a exposición deste sistema por parte do



persoal da Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria da Xunta vén de ser distinguido como a mellor comunicación oral no recente Congreso da Sociedade Española de Directivos de Atención Primaria.

Respecto ao sistema CRM 100, que permite xestionar as chamadas, neste caso as chamadas perdidas nos centros de saúde e devolvellas ao longo do día, actualmente xa funciona en 97 centros de saúde e o obxectivo é que estea en marcha tamén en toda Galicia neste ano 2022. Foi clave durante a pandemia para a xestión das chamadas e dende a súa posta en marcha xestionáronse con esta ferramenta máis de medio millón de chamadas, devolvéndooas o 94,1 % no día e tendo ademais un tempo de resposta de 36 minutos promedio.

Tamén apostamos por reforzar o persoal administrativo en atención primaria. O ditame sobre sanidade da Comisión de Reconstrución aprobado no Congreso dos Deputados tras a pandemia recomendaba —e leo textualmente—: «Reforzar los equipos de atención primaria con personal administrativo con formación sanitaria por su gran contribución a la desburocratización y agilización de las consultas, a la conexión a distancia entre los centros de salud y las familias, y a la atención personalizada de los pacientes».

Pois ben, actualmente o Sergas ten en primaria arredor de 270 profesionais máis desta categoría de persoal de servizos xerais que os que tiña antes da pandemia. A media diaria de PSX contratados polo Sergas era en decembro de 2019 de 1.189; mentres que en 2021 pasou a ser de 1.465, ademais de ter unha taxa de cobertura das ausencias do cen por cento. Isto vén ser unha media de 0,6 PSX por cada médico en atención primaria, é dicir, por cada 2 médicos hai máis de 1 PSX. O obxectivo da Xunta é seguir ampliando este persoal nos vindeiros meses e avanzar tamén na súa formación sanitaria.

Outro dos eixes fundamentais e no marco das políticas activas que promove a Xunta é o ámbito docente. Na reunión da Comisión Mixta da Universidade de Santiago de Compostela, feita a semana pasada, aprobouse a creación dunha praza de doutor/profesor de carácter permanente vinculada á atención primaria que impartirá un médico de familia. É a primeira vez que se crea, e isto suporá que haberá un profesor na Facultade de Medicina que dará clases de atención primaria, e isto, como digo, é un feito histórico e facilitará o acercamento dos estudantes a este ámbito sanitario para un coñecemento máis en profundidade da atención primaria. *(Aplausos.)*

A esta praza, que é a primeira —como digo—, iranse incorporando progresivamente os médicos de atención primaria que, como saben, estean acreditados no sistema universitario, que é un requisito fundamental para poder optar a este tipo de prazas. Ademais, crearanse novas prazas de profesores asociados de Ciencias da Saúde nos centros de saúde, convocándose unha reposición dunha praza de PAX en atención primaria de Santiago, e crearanse dúas en Vigo e na Coruña; ademais dunha praza de enfermaría, neste caso de atención primaria tamén, en Oroso. Así mesmo, temos intención de facer unha discriminación positiva no eido da investigación a través da Axencia Galega para o Coñecemento e Investigación en Saúde. E fomentaremos a investigación institucional no eido da atención primaria.

A pesar de todas as medidas de reorganización, reforma e optimización dos recursos, seguimos enfrontándonos a unha situación na que temos pouca dispoñibilidade de persoal. A



Xunta de Galicia fixo unha clara aposta por dotar de máis persoal a atención primaria. Así, o Plan galego de atención primaria levaba aparelhada a contratación de 331 prazas, das cales 80 eran de medios de atención primaria, 20 eran de pediatras, e 20 eran matronas. A incorporación destas prazas no plan supuxo un investimento de 17 millóns de euros, e o orzamento do capítulo I de primaria dende a posta en marcha do plan no ano 2019 incrementouse en máis de 80 millóns de euros. Temos incluídas 109 prazas nos orzamentos de 2022, neste caso 81 prazas para enfermaría de atención primaria e 28 para farmacia de atención primaria. Nestas últimas semanas as distintas áreas sanitarias teñen incorporado xa ás súas prazas eses 28 novos farmacéuticos, que se suman aos 72 que xa prestan os seus servizos nos centros de saúde galegos; sumando, por tanto, un total de 100 farmacéuticos na nosa atención primaria.

Dende a Consellería de Sanidade queremos potenciar esta categoría profesional, cremos que pode ser a clave á hora de traballar na optimización do tratamento farmacolóxico, como parte da atención integral e multidisciplinar, ademais de no seguimento dos tratamentos dos pacientes crónicos. Creemos que este persoal non só vai mellorar a calidade da atención sanitaria dos pacientes cualificados, senón que tamén pode contribuír a aliviar a axenda dos médicos de familia.

Como saben, tamén con este obxectivo habilitouse aos técnicos de saúde para levar a cabo tarefas máis burocráticas. E desde que comezaron o seu traballo —centralizado neste caso na Estrada— realizaron máis de 40.000 procedementos. Toda esta actividade, de novo, foi a actividade que deixou de facer o médico de familia. Por iso cremos tamén que os farmacéuticos deben xogar un papel fundamental nese traballo en equipo que tratamos de promover. Ademais, poden facilitar o acceso ás receitas para persoas que contan con problemas crónicos ou que non precisan unha reformulación do seu tratamento, ampliando as posibilidades dos pacientes para acceder o antes posible a unha cita de receitas, cando o seu médico non teñan citas dispoñibles.

Dende logo, a Xunta vai apoiar esta medida, e gustaríame que os grupos políticos deste Parlamento tomasen postura sobre se apoian ou non esta medida. Dende logo, a Xunta vai defender a legalidade da mesma e, por se existira algunha dúbida, vai reclamar, ademais, ao Goberno de España que impulse a reforma legal que garanta expresamente a posibilidade de habilitación e permita a asunción destas funcións por parte do persoal farmacéutico de atención primaria.

Ademais, e tal e como sucede coa petición de probas, imos seguir estendendo as posibilidades de integración nunha área única de atención primaria e hospitalaria. Hoxe mesmo publícase no *Diario Oficial de Galicia* o novo decreto regulador da categoría de médico de admisión para adaptalo a esta integración e permitir que a súa actividade se estenda, cando sexa necesario, á programación de toda a actividade asistencial, coordinando a atención primaria e a atención hospitalaria.

A optimización dos recursos é fundamental nun momento no que temos dificultades para poder contratar médicos. Para isto, ademais da creación das prazas do plan, continuamos ofrecendo contratos de continuidade, que seguen vixentes dende a súa posta en marcha no



ano 2019 e que posibilitan contratos de ata 3 anos de duración cunha garantía posterior de estabilidade, como quedou demostrado nos orzamentos deste ano, nos que dotamos 86 novas prazas de consolidación.

Priorizamos todas as categorías das ofertas públicas de emprego e especialmente as categorías que traballan en atención primaria, convocando dende o ano 2012 8.112 prazas e esgotando a taxa de reposición que nos permite o Estado. Ademais, en Galicia fíxose un importante esforzo neste sentido durante a pandemia, cando noutras comunidades non se facían convocatorias. (*Aplausos.*) Destas 8.112 prazas convocadas en ofertas públicas de emprego, 1.300 corresponden á atención primaria, nomeadamente, médicos de familia, FEA de atención primaria, pediatras de atención primaria, odontólogos, enfermeiras de especialidade familiar e comunitaria, hixienistas e tamén enfermeiras da especialidade de pediatria.

En relación ao persoal, a medida máis singular e máis importante é a oferta de 106 prazas de facultativo especialista de atención primaria para dotar de persoal as prazas vacantes de máis difícil cobertura. É unha medida pioneira en todo o Estado. Ofrecemos unha praza en propiedade por concurso de méritos sen necesidade, por tanto, de facer unha oposición, tamén para aqueles profesionais que remataron a súa formación este ano. Recórdolles que 106 prazas é o número de médicos de familia que remataron en maio deste ano a súa formación de medicina familiar e comunitaria. E coincide exactamente coa oferta de prazas de facultativo especialista de atención primaria, precisamente para que estes residentes recén acabados se puideran presentar a estas prazas. Insisto, prazas en propiedade por concurso de méritos. Para optar a unha praza en propiedade, esta oferta, dende logo, está moi alonxada da precariedade que vostedes citan sen máis argumentos.

Poñemos enriba da mesa todas as opcións das que dispoñemos para poder dotar a nosa atención primaria de máis persoal, neste caso médicos —categoría deficitaria en todo o país—. O 31 de maio pasado finalizaba o prazo de inscrición desta oferta, e agora mesmo estanse avaliando as solicitudes e polo momento a convocatoria semella ser un éxito. En xullo taremos a lista definitiva de admitidos e realizarase o cálculo dos méritos, prevendo a súa incorporación o antes posible, probablemente no mes de setembro. Ata entón —como xa avanzaba antes—, enfrontámonos a un verán moi complexo e á vista está que non se trata dun problema orzamentario, estamos dispostos a contratar a todo aquel que estea dispoñible, pero a realidade é a que é.

Este Parlamento pediunos ser transparentes cos profesionais dispoñibles nas listas de contratación. Poden vostedes e toda a cidadanía consultar este dato na web do Sergas. Este é o documento que figura na nosa web (*O señor conselleiro amosa unha folia.*), desagregado por distritos sanitarios, e onde se pode ver 0, 0, 0... e así ata 14 distritos. Temos contratados a todos os médicos dispoñibles. O déficit de persoal é un problema que temos nós pero tamén todas as comunidades autónomas, poden comprobalo lendo a prensa en calquera delas. Non obstante, a pesar das dificultades, Galicia é das comunidades autónomas con máis médicos por habitante, sendo a cuarta a nivel nacional en médicos de primaria por cada 100.000 habitantes, neste caso con 87. Pero a Xunta non se pode conformar con este mal de moitos e por iso temos innovado nas medidas e buscando todas as opcións.



E vostedes falan en moitos casos de precariedade, de explotación e moitos máis cualificativos. Cualificativos que xa non eran procedentes ante a oferta de contratos de continuidade de 1 a 3 anos —que acabo de comentar e que permanece—, e que son directamente absurdos cando se aplican nunha convocatoria de prazas en propiedade por concurso de méritos.

Pero no que respecta ás condicións laborais hai unha cuestión clara: a falta de médicos condiciona á súa vez as condicións nas que traballan os que están en activo. Cantos menos médicos, máis necesidade de que outros fagan prolongación de xornada ou intersubstitucións, mecanismos aos que se recorre en todas as comunidades autónomas para paliar esta situación. A carga de traballo dos profesionais non mellorará mentres non inxectemos máis profesionais, e esa é a chave —como xa dixen moitas veces e como vostedes saben perfectamente—, a chave disto está no Ministerio de Sanidade. Nós poñemos todas as medidas que están na nosa man, pero mentres a outra parte involucrada non tome decisións no que é da súa competencia, como é a formación de especialistas, non poderemos seguir avanzando. Diso falarei un pouco máis adiante.

Polo tanto, nós temos que seguir actuando onde podemos e nas competencias que temos. E como non podemos ofrecerlle á nosa plantilla máis profesionais cos que repartir o seu traballo, faremos o que si está na nosa man, que é retribuír mellor o seu esforzo, tal e como nos teñen solicitado as organizacións sindicais ou as sociedades científicas de atención primaria. Ese esforzo, que temos que pedirllas porque non temos máis profesionais para cubrir horario e que notarán especialmente nos meses de verán, hai que compensalo. Por iso temos preparado un paquete de medidas con incentivos para aqueles profesionais que teñan que facer xornadas complementarias, atender os pacientes dun compañeiro ausente ou dar servizo a centros sanitarios no rural que necesiten atención de proximidade.

Xa nos documentos de planificación do Plan galego de atención primaria e *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*, previamos unha serie de actuacións para unha óptima utilización de recursos humanos ante a escaseza contrastada de médicos de familia. Concretamente, o Plan galego de atención primaria 2019-2021 contempla na súa liña estratéxica número 4, relativa á demanda, un novo modelo de cobertura das ausencias con compromiso de revisión das condicións de prestación económica, da prolongación de xornada, co obxecto de incentivar as mesmas.

Queremos ofrecerlles aos profesionais que teñen que traballar nun marco global complicado como o actual unhas mellores condicións. Por iso, imos propoñer hoxe mesmo na mesa sectorial comezar a negociar as seguintes melloras: o incremento do prezo da intersubstitución que se aboa a médicos de familia, pediatras de atención primaria, odontólogos, fisioterapeutas e enfermaría. Non só imos ampliar a contía que se paga por cubrir o oco dun compañeiro, senón que imos engadir a este sistema algunha outra categoría que non o tiña, como, por exemplo, as matronas.

Outra medida é a acumulación de cupo en praza vacante. Así, cando por indispoñibilidade do persoal non sexa posible a cobertura dunha praza vacante cun nomeamento de interino, poderanse distribuír as tarxetas sanitarias asignadas a esa praza entre o persoal que voluntariamente acepte o incremento de cota; e farase, por suposto, cunha retribución que o compense.



Incrementaremos tamén o prezo das prolongacións de xornada, ese mecanismo que utilizamos para que un médico quede fóra do seu turno de traballo a cubrir a ausencia dun compañeiro. Estamos a pedirllas aos médicos, pediatras e enfermeiras de atención primaria que fagan este esforzo. Esta prolongación voluntaria estará mellor retribuída e terá máis claros e mellor fixados os seus obxectivos.

E proporemos tamén incrementar as retribucións dos postos de difícil cobertura. Como saben, os postos de atención primaria, en función das súas condicións de prestación, teñen asignadas unhas retribucións derivadas de distintos factores. Pois ben, imos aumentar as contías que se aplican aos factores que retribúen, por unha banda, a prestación de servizos en lugares illados; e, por outra, a soidade dos profesional por inexistencia doutro profesional. Nas prazas con estas condicións imos aplicar un incremento nas contías vixentes, facéndoas máis atractivas; pero ademais imos revisar á alza o número de centros aos que se lles aplicarán estes factores.

Como ven, non se trata dun problema de orzamento, nin sequera de prazas. Dende a Xunta de Galicia están activadas todas as medidas posibles para dispoñer do persoal preciso. Pero aínda así hai dificultades, e hainas porque a outra parte implicada —insisto— está facendo moi pouco para resolvelo. (*Aplausos.*)

Galicia convocou este ano o seu récord de prazas en formación sanitaria especializada, 614 prazas en total, e 206 para medicina familiar e comunitaria. Isto supón que nos últimos seis anos temos duplicado as prazas ofertadas para medicina familiar e comunitaria, e tamén para enfermaría. E é que o total de investimento en formación sanitaria especializada na Xunta vaise ao 63 millóns de euros. 63 millóns de euros que dedica a Xunta de Galicia á formación sanitaria especializada cada ano, porque, como vostedes ben saben, son as comunidades autónomas as que financian o cen por cento da formación sanitaria especializada.

O Goberno galego ten toda a vontade de seguir aumentando ese esforzo docente e orzamentario do noso sistema público de saúde, pero precisamos que isto vaia acompañado de reformas. Debermos garantir que o esforzo que realiza a Xunta de Galicia para ofertar as novas prazas formativas de medicina de familia sirva para nutrir os nosos centros de saúde e atención primaria. Iso pasa por cinco medidas fundamentais.

En primeiro lugar, garantindo que o sistema de elección de prazas MIR non deixe prazas desertas, como ocorreu este ano con 200 prazas en toda España, das que afortunadamente só 9 afectaron a Galicia. Non era algo imprevisible. En xullo de 2021 a Comisión de Sanidade deste Parlamento aprobou unha iniciativa na que se reclamaba ao Goberno que, no caso de non volver ao sistema presencial, ese proceso telemático se realizara coa máxima transparencia, garantindo o coñecemento das prazas dispoñibles en cada momento por parte dos aspirantes, e asegurando así que Galicia non quede con prazas vacantes de sanitarios residentes por culpa do sistema de elección.

Ese mesmo mes de xuño este mandato parlamentario foi remitido á ministra de Sanidade, a través dunha carta na que eu mesmo alertaba do perigo de que este sistema puidese pro-



vocar que quedasen prazas sen cubrir, carta á que a ministra respondeu que, considerando que, en canto á inquietude que eu lle manifestaba do risco de prazas vacantes, coa información dispoñible non parece concretarse ese risco. Ese risco concreouse, e por iso demandamos que para a próxima convocatoria MIR o sistema de elección mude.

En segundo lugar, unha vez que conseguimos que se cubran as prazas formativas de medicina familiar, outro obxectivo fundamental é que as cubran graduados que queiran exercer de médicos de familia e non, como actualmente pasa, que unha boa parte deles sexan ocupados por residentes que o que queren é traballar en urxencias. Ese é o único xeito que teñen agora de facer iso, o único xeito de reverter a excepción, é recoñecer a especialidade e, polo tanto, a formación de medicina de urxencias e emerxencias, pois na actualidade o persoal que se forma para exercer en urxencias ocupa prazas formativas de medicina familiar que doutro modo non é posible reservalas para reducir a atención primaria. Isto é unha importante débeda do Goberno central e iso é así.

Neste sentido, a Xunta trasladou ao Ministerio que o Parlamento de Galicia, no seu Pleno do 9 de decembro do ano 2020 —vai facer dous anos—, aprobou unha proposición non de lei conxunta, asinada polos tres grupos con representación na Cámara, cuxo texto literal era o seguinte: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande ao Goberno central a creación da nova especialidade de medicina de urxencias e emerxencias, con tramitación preferente e independente da que corresponda a un novo decreto de troncalidade».

Non obstante, esta carta foi respondida polo Ministerio descartando a demanda de tramitación preferente e demorando a resolución deste problema, xa que o proxecto de real decreto polo que se regula a formación transversal das especialidades residentes de saúde segue aínda sen aprobarse.

Polo tanto, debemos seguir insistindo en que o Goberno de España proceda canto antes á creación, con tramitación preferente, desta nova especialidade, tal e como se ten feito hai poucos meses coa especialidade de psiquiatría infantil e de adolescencia, a poder ser antes de que se realice o próximo exame MIR e garantir así que todas as prazas de formación de medicina de familia van poder ser ocupadas por graduados, neste caso, que queren facer medicina de familia.

É importante salientar, como dicía, que non é correcto o enfoque de que os MIR de familia se van a urxencias ou foxen ás urxencias. Non, non é que se vaian, é que o MIR de familia permítelles aos residentes exercer nas urxencias. De ter un itinerario propio, non cubrirían as prazas formativas ás que podería optar xente que de verdade quere traballar en medicina familiar e comunitaria.

En terceiro lugar, unha vez que logremos que as prazas formativas de medicina familiar se cubran por aspirantes a exercer en medicina familiar, temos que ampliar aínda máis esas prazas, para que poidamos afrontar de verdade o relevo xeracional que vén nos próximos anos e as perspectivas de déficit sobre as que alerta o propio informe do Ministerio de Sanidade. Pero, para poder facer iso, necesitamos un sistema de acreditación de unidades docentes máis flexible e máis áxil. Non pode volver ocorrer o que sucedeu este ano, cando a



rixidez do sistema MIR non permitiu que se incluísen na convocatoria MIR deste ano as 64 prazas que o propio Ministerio acreditou en Galicia, co esforzo, ademais, que iso supuxo para as unidades docentes e para o propia Consellería de acadar esas 64 prazas máis.

Por iso demandamos tamén a aprobación, antes da vindeira convocatoria MIR, da revisión da normativa de requisitos de acreditación de unidades docentes na especialidade de medicina de familia. Unha reforma que hai que lembrar que está comprometida dende abril de 2018, e só tivo un proceso público de consulta previa a finais do ano pasado, ao que Galicia, por certo, contribuíu con 20 propostas, pero das que nada volvemos saber.

Dende logo, a Xunta cumprirá coa súa parte e terá aprobado o novo decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na comunidade que vai consolidar o establecemento de medidas que xa se están a aplicar en Galicia como é o recoñecemento nos baremos, a efectos de carreira profesional, concurso de traslado ou procedementos similares, do exercicio das titorías ou o desempeño das xefaturas de estudo ou outras figuras de colaboración na docencia. Nesa mesma liña, ampliará as facilidades para exercer o labor docente garantindo que o titor poida dispoñer de tempo e dedicación específica para o exercicio das súas funcións e tamén priorizando a participación dos profesionais que sexan titores nas actividades de formación continuada, destinadas ao persoal sanitario.

En definitiva, incentivos para que os profesionais participen na formación dos residentes que terán que relevalos.

En cuarto lugar, unha vez este sistema de acreditación e o programa formativo da especialidade estean reformados e permitan acreditar un maior número de prazas, cómpre facelo a través dunha convocatoria de prazas MIR extraordinaria, na especialidade de medicina familiar e comunitaria.

E quinto, por último, temos que ter instrumentos que permitan que o Sistema nacional de saúde planifique o futuro con máis rigor e con máis información de cara a adecuar a súa oferta formativa.

Para estimar as necesidades de especialistas a curto, medio e longo prazo, a Consellería de Sanidade conta cun sistema de información de profesionais sanitarios de Galicia, que é un elemento de xuízo para a elaboración da oferta, combinando coa avaliación doutros factores, como pode ser a evolución tecnolóxica, os cambios estruturais, a implantación de novos programas sanitarios ou outros. Sen embargo, podemos considerar que este sistema é de cobertura nacional, é dicir, fórmanse especialistas nas distintas comunidades autónomas para todo o sistema nacional, mesmo incluíndo unha cota de formación de estranxeiros, que este día quedou patente que pode alcanzar ata o 10 % das prazas MIR, e por suposto cun ámbito de actuación que non queda só limitado á sanidade pública, senón tamén, por suposto, que dá acceso á sanidade privada. Por iso, a Xunta continúa a demandar ao Ministerio de Sanidade a necesidade de que se cree definitivamente o rexistro estatal de profesionais sanitarios, que está comprometido tamén desde o ano 2018, para poder orientar as necesidades de formación de especialistas e poder contribuír a solucionar os déficits de profesionais en determinadas especialidades.



Só a toma destas medidas por parte do Ministerio de Sanidade permitirá que todo o esforzo formativo, organizativo, tecnolóxico e orzamentario de todas as comunidades autónomas, e neste caso de Galicia, o que estamos a facer na atención primaria, sirva realmente para asegurar a súa viabilidade futura, e insisto que o estamos facendo todas as comunidades autónomas.

A Xunta de Galicia seguirá implantando medidas innovadoras, contemplando todas as posibilidades para poder levar a cabo unha reforma que precisa a atención primaria, que está ligada a unha maior dispoñibilidade de profesionais, sobre o que non todo está na nosa man.

Por iso, seguiremos insistindo en que o Goberno de España entenda a urxencia e a necesidade de acometer estas medias, pero non só para Galicia, como dicía, senón para todas as comunidades que o demandan. Mañá mesmo, na reunión do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que se celebra de xeito presencial en Valencia —motivo polo que aproveito para agradecer aos grupos que facilitasen a alteración da orde do día para poder responder hoxe ás interpelacións e ás preguntas—, digo que mañá lles podo garantir que na quenda que corresponde a Galicia nesta reunión a primeira petición da Xunta vai ser que o Goberno de España atenda estas necesidades. Porque agora mesmo no noso sistema sanitario non hai outra cousa máis urxente nin outra cousa máis prioritaria que tomar medidas xa, para afrontar a situación de déficit de especialistas que a atención primaria de toda España está a afrontar e seguirá afrontando nos vindeiros anos. Se, igual que Galicia, o Goberno tivese priorizado a primaria, cando tomou posesión, posiblemente agora nos atopariamos con outra situación. Non o fixo aínda pero ten que facelo xa.

Dende logo, o que nós queremos trasladarlles ás galegas e aos galegos é que contan cunha boa sanidade pública e cuns bos profesionais, comprometidos coa atención sanitaria. *(Aplausos.)*

Por iso, a Xunta buscar facilitarlles o traballo coa implantación de todas as medidas que detallei e coa demanda de todas as reformas estruturais que competen ao Ministerio de Sanidade. Seguiremos traballando e seguirei trasladando aquí todos os novos avances que teñamos nas medidas que dependen do Goberno galego e agardo no futuro, por fin, poder trasladar algún paso adiante tomado desde o Goberno de España.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, veu vostede aquí dicir que, coa primaria nunha situación límite, os internistas en pé de guerra, os comarcais desabastecidos de profesionais, as ambulancias sen vehículos..., veu vostede dicir que todo ben e que o malo é culpa do PSOE.

Controle a información, por se contribúe algo ao debate. Así que agora que non nos escoita ningún, vostede é o conselleiro de Sanidade, isto pode ser sorprendente. Imaxínese vostede, ima-



xínese, que vostede puidera participar nun Consello da Xunta, imaxínese —isto é xa unha cousa...— que puidera tomar decisións sobre o sistema ou que tivera —isto é xa unha ilusión— a capacidade de contratar profesionais, de tomar decisións sobre o sistema, ¡sería espectacular!

Claro, eu pensei que viña comparecer o conselleiro de Sanidade, pero dá a sensación de que veu vostede facer unha intervención nun acto do Partido Popular para soste un argumento de como dispararlle ao Partido Socialista.

Así que nós imos intentar propoñerlle que vostedes tomen conciencia, e se é posible que vostede saia desta comparecencia —longa, en realidade, porque teremos interpelación despois—, sabendo, polo menos, que é vostede o conselleiro de Sanidade e ten capacidade para resolver parte do problema. Se é posible, se conseguimos iso, igual temos algún avance feito.

Mire, hai unha cuestión que é moi importante, e é non perder o sentido da realidade. Vostede dixo aquí algunhas cousas sorprendentes, outras son argumentarios, está ben.... O problema real —e é imposible negalo e vostede tamén o sabe— é que os recortes de onte e as condicións laborais de hoxe son a tormenta perfecta para a situación que vivimos, a tormenta perfecta, esta é a realidade. Vostedes hai non moitos anos recortaron cun sorriso na cara, incluso presumían diso, e esta é a consecuencia. Cando alertabamos de que os recortes no sistema do benestar traerían un problema de xestión, era isto. Cando lles dicíamos que recortar en sanidade non era a solución para esa crise que vostedes provocaron, era isto. Este é o problema, este é o problema. Non profiran palabras que non se poidan escoitar nun parlamento, hai que ser un pouco educado. Non teñan problema.

Se vostedes entenderan naquel momento que esta ía ser a conclusión eu podo pensar que non tomarían as decisións. Quédame a dúbida de saber se as tomaron sabendo que esta ía ser a conclusión, e este é o problema que pode ser por aí. O problema de primaria en particular é o desprestixio do sistema que vostedes acumularon. Vostedes mandaron os profesionais de primaria á guerra —permítaseme a expresión—, non lles deron ningunha ferramenta e abandonáronos á súa sorte, e o sistema de primaria está hoxe entregado ao que os profesionais poidan resolver, sobrevive o sistema sanitario, con boa calidade aínda, grazas aos profesionais, a pesar dos dirixentes, a pesar. Choran vostedes hoxe con moito márketing o que non souberon defender onte pola súa política. E esta é a consecuencia, si. ¡Pero se o debate non está aquí, se isto o sabemos todos! Vostedes intentan culpar a outros.

Dicía o señor Rueda: proben vostedes a experiencia de baixar impostos. Eu doulle a volta: proben vostedes a experiencia de investir en sanidade. (Aplausos.) Proben. Porque, miren, por dar algún dato que non... contribuír con algún dato. Galicia está por debaixo da media de investimento en sanidade das comunidades autónomas de España (*O señor Torrado amosa un gráfico*). Investimento por habitante por debaixo da media. Eu, se non se ve, pódollo pasar despois. Ensineino moitas veces, pero se escoitaran algunha igual iamos mellor, claro. (Aplausos.) Se ese é o problema, que cando nós falamos vostedes cren que saben de todo e así estamos.

Se nós despois avaliamos, ademais do investimento en sanidade, o investimento específico en atención primaria, e dicimos canta porcentaxe do orzamento destinado en total á sani-



dade se destina á atención primaria, ¿cal é a posición de Galicia? Non é a primeira de España, nin a segunda, nin a terceira, nin a cuarta, nin a quinta, nin a sexta, nin a sétima... Somos a penúltima, a penúltima: 11,6 %. Só por debaixo de Madrid, que inviste menos en atención primaria. Non sei se é o seu modelo, agardo que non. Eses son datos.

Este ano nos orzamentos galegos a Consellería de Sanidade subiu 0,03 %; obviamente, a que menos subiu. É dicir, perdeu peso relativo. A atención primaria perdeu orzamento con respecto ao ano pasado. Temos 976 profesionais menos — dato do orzamento — que no ano 2009 en atención primaria; 140 millóns menos de orzamento que no ano 2009 en atención primaria. ¿Como é posible dar estes datos? Vostede dixo aquí que estamos moi ben en médicos. Dato do Instituto Nacional de Estatística, dato dos colexios oficiais de médicos: 450 médicos por 100.000 habitantes en Galicia; a media española: 480. Temos 30 menos que a media por 100.000 habitantes. Isto é, máis ou menos, que, se nos equiparáramos á media das comunidades autónomas, teríamos algo máis de 800 profesionais máis de medicina, só en medicina, xa non lle falo doutras categorías, con respecto ao que temos agora. Esta é a realidade.

Temos unha das peores taxas de cobertura de pediatría en atención primaria. Asturias, moito mellor; Castela-León, moito mellor; Cantabria, moito mellor; A Rioxa, moito mellor; Euskadi, moito mellor; Navarra, moito mellor. O norte en xeral é mellor na cobertura que o sur, cunha excepción: Galicia. Hai cousas nas que non está ben ser pioneiro, señor conselleiro, hai cousas nas que non está ben.

E vostede vén aquí dicir que a culpa é do Estado, das prazas MIR. Mire, eu vou repetir outra pregunta; xa que non escoitaban os datos, a ver se a pregunta, por tanto vouna repetir: ¿Que opina vostede de que Galicia deixara sen convocar 151 prazas MIR de primaria na última década? Eran profesionais que hoxe teríamos, 151, jeh! Vostedes piden agora modificar as condicións de MIR, caeron da burra, xa saben que agora mesmo non se pode, pola reforma que vostedes fixeron, pola reforma que vostedes fixeron —Ana Pastor ministra, por certo—, por esa reforma hoxe non se poden facer esas convocatorias extraordinarias que pedían; 151 que deixaron sen convocar e piden unha reforma extraordinaria para convocar menos que esas. Aínda nin sequera piden unha reforma para convocar dúas que deixaron sen convocar. 151 médicos de familia que hoxe non temos porque vostedes renunciaron, non é que non llos convocaran, é que podían convocalos e non os convocaron vostedes. Debe ser que vostedes non analizaron como ía o sistema. E esta é unha realidade.

Pero di vostede que temos un problema coa asignación de prazas MIR. Mire, non hai ninguén que pedira as prazas MIR que quedaron baleiras en Galicia para medicina de familia e non as tivera. Podían pedilas e non as pediron. ¿Por que? A min a conclusión non me gusta, pero voulla dicir en termos do Partido Popular: *Es el mercado, amigos*, que diría Rodrigo Rato. (Aplausos.)

É que o problema é que vostedes dan unhas condicións deplorables con respecto a outras comunidades autónomas. E vaime dicir en vacío: non, é que damos moitos cartos, é que comparativamente as demais comunidades ofrecen mellores condicións. Porque con este mesmo sistema outras comunidades non perderon prazas, non quedaron baleiras, sen convocar. Algunhas si e outras non. ¿Cales? As que ofrecen mellores condicións.



Con este mesmo sistema, ¿quedaron prazas baleiras o ano pasado? Entón, non é o sistema. É unha cuestión estatística moi fácil, non é o sistema. É que a xente, podendo elixir, elixe aquelas que lle dan mellores condicións, e Galicia quedou con prazas fóra. Por certo, aquelas que dende hai anos lle viñamos dicindo que había que dar discriminacións positivas sobre esas prazas, porque son de difícil cobertura. E difícil cobertura implica que hai que dar, como se fai cos mestres ou como se fai cos policía, mellores condicións laborais, mellores condicións salariais, máis promoción interna despois, máis facilidades para moverse. Todo iso era posible facelo, pero vostedes non o fixeron.

Xustifican agora, incluso..., pediron agora revisar o sistema MIR. ¡Pois que ben que o fixeran, porque vostedes gobernaron! ¡Igual que piden agora a especialidade de urxencias! Explíquenme vostedes: se hai un problema con que se colapsa a petición de MIR de familia porque algúns queren facer urxencias, ¿como se explica que queden algunhas prazas de MIR baleiras? Non é posible explicalo. Pero se tan importante é, ¿por que non o fixeron? Vostedes gobernaron España. ¿Por que non o fixeron nunca? Porque é unha petición que non vén de onte nin de antonte, nin do Parlamento aquí de hai uns días. É unha petición que vén de décadas atrás. ¿Por que non o fixeron? Tiveron oportunidade de facelo e non o fixeron. ¿Por que? Explique primeiro por que e logo exixa. Porque, se vostedes tiveron a oportunidade de facelo e non o fixeron, primeiro terá que explicar por que, para saber despois por que lles existen aos demais que fagan algo que vostedes non se atreveron.

É o desprestixio, señor conselleiro, é o desprestixio do sistema que vostedes constantemente veñen apuntando dende hai anos. É o desprestixio. Hai moitos profesionais que poderían facer primaria pero non a fan. ¿Por que? Porque levan anos pagándolles menos, porque vostedes din nos papeis que teñen unhas ratios, pero a realidade é outra. Presumía hoxe de que se lles vai pagar máis cando fagan traballo de máis. ¡Home, que menos! Pero, ¿onde está a posibilidade de facer investigación en primaria? A realidade: non existe.

Dixo vostede hoxe que 9 de cada 10 galegos teñen unha cita en primaria en catro días ou menos. Eu consultei no momento. Debo de ser do 10 % restante. Dá a casualidade que eu son do 10 % restante. Pero eu estou convencido, convencido, ¡eh! —podémolo facer—, de que se todos os que estamos aquí agora mesmo intentamos pedir cita no noso centro de saúde, hai moitos máis do 10 % que non teñen cita en catro días ou menos. E rétoos a que o fagamos e comprobamos. É o desprestixio, señor conselleiro. ¿Onde está a saúde comunitaria, que é fundamental, fundamental? Non pode existir, ¿por que? Porque os centros están saturados de facer traballo para o que vostedes lles están exixindo algo que é imposible. Porque estamos fartos de ver profesionais con máis de 50 consultas ao día e entón é imposible facer outra cousa. Porque vostedes falan agora do catálogo de probas, que hai anos que lles viñamos propoñendo e non querían. Pero é que estamos case entre os últimos que facemos avances en que os profesionais de primaria poidan pedir probas sen que teñan que pedir permiso, como se foran irmáns pequenos, que é como os tratan.

Porque as enfermeiras do sistema non podían ata hai nada, aquí en Galicia, e fomos a penúltima comunidade en incorporalo, realizar moitos labores para os que están perfectamente capacitadas. E vostedes non lles deixaban. Teñen o sistema saturando aos médicos, ademais.



Porque hai a posibilidade de aumentar as categorías laborais e tampouco o fixeron. Vostedes desprestixiaron o sistema de primaria e agora láianse.

Algo terá que ver que vostedes son os que impulsaron os recortes, o desprestixio do sistema, as malas condicións laborais. E agora teñen un problema e vostedes queren saír do problema, mediática, electoral e publicamente, pero non o queren solucionar. E, por tanto, non estamos ante unha posibilidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...de que solucionen.

Vostede, señor conselleiro —repítollo moitas veces para que o saiba—, é o conselleiro de Saúde, ten a posibilidade de contratar, ten a posibilidade de mellorar as condicións, ten a posibilidade de transformar o sistema. Se non o fan é porque non queren. Fixeron vostedes dos profesionais de primaria profesionais de segunda. E agora queren botarlles a culpa a eles e a outros de que non queiran participar do sistema. E este é o problema, que vostedes seguen crendo que son profesionais de segunda e, por tanto, vai ser moi difícil de que os convenzan de traballar nun sistema que é de primeira grazas a eles, pero non grazas a vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día, señor conselleiro.

Eu, sinceramente, primeiro teño que dicir que tamén son dese 1 %, porque a media... eu ter algunha cita nunca baixa dos 15 días. Pero, claro, hai uns 1 % moi cualificados, digo... Me parece que hai máis 1 % dos que vostede di aquí.

Eu pensaba que vostede viña hoxe aquí traer alternativas, presentar alternativas para solucionar os problemas da atención primaria. Pero xa quedei tranquila porque non fai falta. Vostede dixo aquí, solemnemente, que lles comunica aos galegos que contan cunha boa saúde pública. E, dito isto, practicamente podíamos pechar. Porque os profesionais marchando en desbandada non teñen razón de ser, a poboación mobilizándose día si e día tamén non ten razón de ser, os especialistas de medicina interna non teñen razón de ser, os dos PAC ao límite non teñen razón de ser, porque vostede fixo unha declaración solemne: Saúde comunícalles aos galegos que contan cunha boa saúde pública.

Ben, se os anuncios se converteran en realidade sería fantástico. Mais temo que non, señor conselleiro. Mire, hai titulares, hai estatísticas e logo está a realidade, e o seu titular e as estatísticas que aquí dixo non se corresponden con esa realidade, a realidade que desgraciadamente viven e padecen os galegos e as galegas.



Efectivamente, un par de estatísticas ás que vostede fixo referencia. É dicir, en Galiza hai un TIS, teñen TIS cada médico 250, se houbera titulares en cada un deses postos. A realidade é que hai 1 para cada 3 postos, un médico, co cal estes 1.200 se multiplican por tres. Non faga trampas, señor conselleiro, non veña aquí facer trampas. Por favor, non veña aquí facer trampas (*Aplausos.*) coas estatísticas.

E, mire, unha mentira repetida cen veces non se converte en verdade, e o único que pon de manifesto é o desprezo absoluto polos profesionais, que están todos os días vivindo unha realidade e polos galegos e galegas que sofren esa realidade dunha desatención continuada. Que, por certo, ¡parabéns!, acaban de publicar as listas de espera un ano máis tarde do que tiñan que facelo. Acaban de facelo agora cando tiñan... hai un ano que non as publicaron. Dende logo, vén aquí falar de transparencia vostede. É dicir, sabe que ten que publicar as listas en xuño, en decembro... As de decembro acaba de publicalas agora. ¡Ah!, non, non, iso é transparencia. ¡Fantástico! Ben, non me vou a... é que, de verdade, ¡en fin!

Cando unha persoa ten responsabilidades, e é o seu caso, señor conselleiro, ten responsabilidades, é o conselleiro, e Galiza ten competencias en materia de sanidade... Non todas, evidentemente, as que deberíamos ter, pero é que vostedes votan en contra de telas. Pero ten responsabilidade, ten competencias para facelo. E cando un ten un problema e alguén está nun goberno e ten responsabilidades, igual que na vida mesma, ten dúas opcións: remangarse e poñerse a traballar para solucionar o problema, ou vir aquí contar, así, unhas milongas e autoenganarse ou intentar enganarnos ao resto. Desgraciadamente, vostede optou pola segunda opción: insistir en crear un relato do que acontece que non ten nada que ver co que acontece. Eu de verdade que o lamento.

E teño que dicirlle que en Galiza non hai unha boa sanidade. O que teño que dicirlle é que a atención primaria en Galiza está nunha situación de alerta sanitaria, de auténtica alerta sanitaria. Esa é a situación, esa é a situación na que está Galiza. (*Aplausos.*)

Estado neste momento... e mire, uns cantos datos, señor conselleiro. En Galiza hai, en atención primaria, é dicir, hai xubilacións... 427 médicos con máis de 65 anos e 385 que teñen 63 ou máis. É dicir, 709 médicos que se van xubilar ou se poden xubilar mañá. Ou sexa, que se este é o momento, o da alerta sanitaria, non sei o que vai pasar dentro de nada.

Pediatras, o mesmo. De máis de 65 anos, 228. ¡Tremendo! Enfermeiras de máis de 65 anos ou de 64 ou 63, en total, 583. É dicir, unha mancha de profesionais, de facultativos e de enfermaría, a piques de xubilarse, o que se vai converter nunha auténtica traxedia. E vostede vén aquí facer o anuncio solemne de que contamos cunha boa sanidade pública. Eu, a primeira pregunta é: ¿que vai facer para que todas estas xubilacións que se poden producir, algunhas mañá, porque xa están nos 70 anos e outras dentro de nada, que vai facer para solucionar esa situación?

E a falta de profesionais, señor conselleiro, non é unha novidade, non é algo que acabara de acontecer, non caeu un meteorito, non houbo un tsunami que os levara a todos por diante e se topara vostede de repente con que non ten profesionais. Non houbo unha explosión demográfica en Galiza que fixera multiplicar os doentes e resulta que hai miles de doentes



máis e non hai profesionais. Non. Todo isto sabíase que ía acontecer, sabíase que ía acontecer. Estaban advertidos. É a consecuencia de 13 anos de goberno do Partido Popular, de recortes inmisericordes e actuando para chegar a esta situación. Estamos nesta situación porque quixeron chegar a esta situación.

E voulle facer dúas referencias do *Diario de Sesións* deste Parlamento. Mire, tanto é así que o BNG —vou falar soamente do BNG—, no ano 2014 trouxo aquí unha iniciativa dicíndolle que o Plan de recursos humanos do ano 2012 lle dicía que se ían producir todas estas xubilacións, que ía ser un problema, que non estaba garantido o relevo xeracional. E o BNG trouxo aquí... falaba que nos anos 2011, 2012 e 2013 ían producirse un montón de xubilacións como se van producir agora. E o BNG trouxo unha iniciativa pedindo que planificaran as prazas de formación precisas —ano 2015— para solucionar ese problema, para que non se convertera nun auténtico problema. ¿E sabe que fixo o Partido Popular? Votou en contra. Votou en contra porque non había ningún problema. Estámoslle falando de hai sete ou oito anos.

O BNG trouxo aquí iniciativas dicíndolle que había un problema grave coa situación de precariedade, que actuaran vostedes dimensionando os cadros de persoal, poñendo en marcha un plan de mellora da atención primaria. ¿Que fixo o Partido Popular? Rexear a iniciativa. Podería traerlle aquí moitísimos máis exemplos. E entón, por favor, non me veña vostede hoxe aquí dicir que toda a culpa é do *cha cha cha*, ou que a culpa é de Madrid, que a ten, evidentemente. Eu vou apoialo nas medidas de demandarlle a actuación; sobre todo, apoiaría o moitísimo máis o BNG se vostede quixera ter as competencias para non ter que andar mendigándolle a Madrid que, por favor, (*Aplausos.*) lle conceda non sei que cousas. (*Aplausos.*)

Pero sería tamén bo, señor conselleiro, que vostede asumira as súas responsabilidades, que as ten. E non actuaron porque non quixeron actuar. E non actuaron, e vostede leva estes días... agora o novo discurso é: este non é un problema de cartos, é que non temos profesionais, e trae aquí a lista baleira de profesionais. Claro, non é cuestión de cartos, pero é que resulta que a atención primaria en 2022 ten menos recursos que no ano 2021, que a atención primaria para o 2022 ten menos orzamentos que no ano 2009, hai 13 anos, e vostede sabe que é así.

E voulle dar os datos do Informe de asistencia sanitaria do Ministerio, publicado en abril deste ano, onde di que Galiza está no posto 10 no investimento en relación ao PIB; que se inviste en sanidade en Galiza o 0,2 % menos que antes; que está no posto número 8 en gasto por habitante, cando é a quinta en poboación, pero, sen embargo, é a oitava en gasto. E está no posto 14 en investimento en atención primaria: en Galiza, o 12 %, e na media do Estado, o 14,2 %. Que está no posto 14 en remuneración de persoal, o 14,17 %. Estamos nos últimos pola cola no que lle paga ao persoal sanitario, no posto 6 no gasto sanitario que fai a poboación galega para facer fronte aos gastos que non pode atender a sanidade pública. Galiza perdeu 925 camas nos últimos anos. E resulta que non é cuestión de cartos, vostede segue instalado naquilo de que se pode facer máis con menos. Non, con menos orzamento o que se fai é menos sanidade pública e iso é o obxectivo do Partido Popular. E actuaron para non tomar nota de que facía falta planificar e ter máis profesionais e actuaron no orzamento para ter menos recursos para destinar á sanidade pública, para deteriorala e para que a xente



vaia á privada facerse seguros ou para que os atendan, o que non fai a sanidade pública. Non fidelizaron profesionais, catrocentos e pico nos últimos cinco anos remataron familia, a metade non está nos centros de saúde.

O conselleiro anunciou hai uns días, nun acto no que eu estaba, que, dos que rematan este ano, que vostedes lles están ofrecendo estes contratos tan fantásticos, e un terzo xa dixo que non queren quedar en atención primaria. E eu cómprolle o tema de que fan falta médicos para urxencias, ¿e cal foi a planificación que fixo a Xunta sabendo que os de primaria, que os de familia poden ir a urxencias? ¿Que planificación fixo, á parte de queixarse? ¿Que planificación fixo para formar os que facían falta para primaria e para hospitalaria? Ningunha. A contestación é que ningunha. Non planificaron e agora é moi tarde, é dicir, non teño médicos e resulta que a culpa é de que non hai especialidade de urxencias. ¿Como ían cubrila se non planificaron? ¿Con que médicos se resulta que non fixeron esa previsión?

Bueno, a liña é... Vostedes, diante disto, a solución que ofertan é ocorrencias de ofertar *pisitos* en Sanxenxo, ocorrencias de baños de [...] para que os profesionais estean máis cómodos, e converter nunha poxa a necesidade de dotarse de médicos. A nós parécenos tremendo, señor conselleiro. Os concellos que non poidan ofertar *pisitos en la playa*, ¿van ter médicos para cubrir ou non van ter médicos para cubrir? ¿Van aceptar tamén como ocorrencias creativas que ofrezan jacuzzis, que ofrezan...? Non sei, é que realmente a min é que me parece tremendo que se chegue a este nivel de... é que xa non sei como cualificalo.

Porque vostede di que non é unha cuestión de cartos, e voulle poñer —e vou rematando con isto— unha cuestión. Mire, en Francia, por exemplo, están ofertando condicións laborais para médicos de familia co dobre de salario do que se lles oferta aquí e con quenda, ou sexa, traballo, de 8 a 3, sen fins de semana, con axudas para instalarse, para o idioma e para o demais. Entón, parece que si é cuestión de cartos, porque eu persoalmente coñezo tres persoas que se presentaron a esas prazas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e que non se presentan ás de Galiza. Entón, si é cuestión de cartos, si é cuestión de planificar, si é cuestión de non maltratar sistematicamente os profesionais. E vostede non pode vir agora aquí dicir que o problema é de prazas MIR, cando vostede sabe que aquí non ten feito os deberes, non ten feito os seus deberes a respecto de ter titores, de ter aprobado ese estatuto de formación. E, salvo que queira unha formación *low cost*, non ten feito os seus deberes.

E tamén debería preguntarse por que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...na provincia de Lugo quedaron 9 prazas de atención primaria sen cubrir. E vostede sabe perfectamente por que.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Porque sabe perfectamente que os MIR lle fixeron chegar as queixas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...de que o trato que reciben, a formación que reciben non é de recibo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Vostede sabe que é así, polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...señor conselleiro —remato, señor presidente—, gustárame que dixera...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...¿que vai facer para solucionar o gravísimo problema...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...que ten a atención primaria?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Mire o reloxo.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Mire o reloxo!

Grupo Parlamentario Popular. Señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Benvido de novo ao Pleno, conselleiro. Moitas grazas por toda a información que nos acaba de trasladar nesta comparecencia; información veraz, precisa, clara e transparente.

Desde o Grupo Popular queremos volver poñer en valor, porque ás veces dáse por sentada, a vontade de transparencia e de rendición de contas deste Goberno e, en particular, deste



conselleiro. Hoxe estamos nunha comparecencia que acumula unha solicitude da Xunta cunha da oposición, porque este Goberno quere informar a esta Cámara e non ten nada que agochar ante a oposición.

De feito, se vostedes van ao Rexistro da Cámara verán que hai máis comparecencias do conselleiro de Sanidade rexistradas a petición propia do Goberno que a petición da oposición. Este conselleiro dá máis a cara mesmo do que se lle pide e creo que non por sabido hai que deixar de dicilo. *(Aplausos.)*

E teño que dicir tamén que non me estraña que o conselleiro non teña ningún problema en vir, porque pode vir coa cabeza ben alta, a pesar de todas as incongruencias que todos escoitamos da oposición sen que se lles mova ningún rizo. Cada vez que temos comparecencia queda moi claro quen trae solucións concretas e quen trae slogans baleiros. Aparquen as pancartas e empecen a traballar a favor da sanidade galega.

Mire, todos podemos pedir unha cita. Eu teño aquí pedida de agora mesmo para mañá, aquí está, para mañá, desde o móbil; ou sexa, que as cousas funcionan así. *(Murmurios.)*

É evidente que temos un problema e é evidente que non é un problema novo, o problema de déficit de especialistas de medicina de familia. Xa o falamos moitas veces e hai un diagnóstico claro, tan claro que as comunidades autónomas socialistas o votaron por unanimidade no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do ano 2018. Estou falando de abril do ano 2018. Era imprescindible que o Ministerio retomase e reformase o sistema de acreditación de prazas formativas en medicina de familia e o Ministerio accedeu. Nese momento o Partido Socialista español e os nacionalistas tiñano moi claro pero, ¡oh, sorpresa!, dous meses despois chega ao Goberno un Partido Socialista apoiado polo Bloque Nacionalista Galego e demais nacionalistas. E todo o que era prioritario nun momento en que gobernaba o Partido Popular quedou agochado directamente nun caixón: nin reforma do sistema de acreditación nin prazas extraordinarias do MIR. Señor Torrado, vaia á hemeroteca, á fonte limpa.

Aquel diagnóstico feito no ano 2018, dous meses antes de chegar ao Goberno o PSOE, quedou nun caixón ata que o Ministerio socialista publicou este ano un novo diagnóstico que, de novo, ¡oh, sorpresa!, chega ás mesmas conclusións. Catro anos desaproveitados, catro anos perdidos. Por certo, un informe que o Ministerio encargou a unha catedrática que compareceu nunha comisión de investigación neste Parlamento a proposta do Grupo Popular. Alí fixo unha análise económica que desde este grupo non compartiamos na súa totalidade, pero criamos necesario escoitar se o que se quería facer era falar do orzamento sanitario. O señor Torrado —que non participaba na Comisión— definiu esta comparecencia deste modo en redes sociais: «Os expertos do PP na Comisión de investigación de sanidade eran isto, esta é a sanidade que quere o Partido Popular. Sigamos na defensa da sanidade pública fronte a estas ideas horribles que tiña esta experta». Pois ben, esta experta do PP con ideas horribles —segundo o señor Torrado— foi nomeada só tres meses despois membro do Consello Asesor de Sanidade pola ministra socialista Carcedo. E foi este ano a encargada por parte da ministra socialista da área de facer un estudo económico sobre as necesidades de especialistas. Non deixa de ser un exemplo, pero moi significativo, do longa que ten a lingua a oposición neste



Parlamento (*Aplausos.*) para desprestixiar todo o que ousa achegar datos que se opoñen ás súas opinións e do anchas que teñen as costas para virar de postura e aceptar esas mesmas persoas segundo lles conveña. A clásica hipocrisía da esquerda, nivel avanzado.

Pero ben, moi ao fío do que estamos vendo aquí hoxe, de novo a esquerda pedindo desde a oposición o que non fai desde o Goberno, e insistindo en que o problema de falta de especialistas na atención primaria é un problema de cartos. Agora ben, vostedes coas ocorrencias. O BNG pide 200 millóns máis para a atención primaria, ¿que ocorre?, pois que son os mesmos 200 millóns que xa pedían no ano 2018. Pontón no 2018: «Pontón replica a Feijóo que sus recortes y la incapacidad para dialogar con los médicos es lo que tensiona la sanidad y pide 200 millones más». E ben saben canto subiu o orzamento da atención primaria entre o 2018 e o ano 2022: pois, exactamente, 200 millóns. Polo tanto, con todos os respectos, sería bo que actualizasen o seu discurso.

Por outra parte, o señor Formoso —do Partido Socialista Galego— apunta a pedir agora 140 millóns máis na primaria. Está ben, pero aínda que o señor Formoso non estea no Parlamento debería polo menos preocuparse de facer o que fai o seu grupo aquí para non caer en contradicións. Durante o debate de orzamentos que están hoxe en vigor o Partido Socialista galego tivo a oportunidade de facer emendas transversais —esas que moven os cartos dunha consellería a outra— e propuña aí un incremento para sanidade de 93 millóns. Agora parece que o incremento ten que ser maior, está ben; maior do que había cando gobernaban e maior do que propuñan hai uns meses desde a oposición, dicindo sempre o que faga falta no momento que é preciso. Iso si, o señor Formoso dixo que por atender a sanidade poderíamos facer algún quilómetro de autovía menos. Por favor, fáganlle saber que a Xunta de Galicia xa está priorizando o gasto en sanidade, a ver se poden vostedes facer que en Galicia non se faga desde o Goberno central ningún quilómetro de autovía menos, non vaia ser.

Hai outro titular curioso nos últimos días: «Formoso propón a Rueda sentarse para mostrarle como solucionar la sanidad». ¡Que derroche de xenerosidade do líder socialista! Isto —como dicía aquel ministro socialista— en dúas tardes nolo ensina o señor Formoso. Voulles ler agora algúns titulares que tamén teñen que ver con socialistas pero non de Galicia, porque este, señorías, non é un problema soamente galego: «Comunidad valenciana, Gobierno socialista. La falta de sustituciones de médicos agrava la saturación en los centros de salud. Los ciudadanos estallan por los retrasos y la dificultad de acceso a los centros de salud». «Los médicos valencianos piden una atención urgente con Sanidad ante el deterioro de la atención primaria». Aí gobernan os socialistas. Aragón, tamén gobernada polos socialistas: «La falta de médicos de familia en Aragón se agrava tras quedar vacías más de 70 plazas temporales». Pois parece que non é un problema que soamente nos ataíña aos galegos. Principado de Asturias, tamén: «Los nuevos médicos de familia compaginarán consultas de urgencias con consultas hospitalarias». É dicir, todos estes gobernos teñen problemas coa atención primaria. Pero se vostedes teñen a solución non se corten, déanllela aos socialistas que están nos gobernos autonómicos, porque teñen exactamente os mesmos problemas que temos nós. Pero, bueno, agora vén o BNG, que nos compara cos peores, o cal non deixa de ser curioso, porque para eles os peores son os socialistas, eses cos que gobernan alí onde poden. Cadaquén coa súa incoherencia.



Pois imos cos gobernos que o BNG considera os mellores, eses cos que a señora Pontón se reúne e imos aí. Servizo do Goberno vasco, nacionalistas, modelo do BNG coa que a señora Pontón vai reunirse co Lehendakari: «Solo logra cubrir un tercio de las plazas de pediatría y el 60 % de las de familia en su última oferta. Profesionales sanitarios cargan contra el plan de salud por deteriorar la atención primaria». O Goberno catalán, que tamén lle gusta moito á señora Pontón, pois tamén vai alí a reunirse co señor Aragonés: «Las mutuas aceleran su crecimiento ante la saturación de la sanidad pública en Cataluña. La privada capta nuevos afiliados con el anzuelo de facilitar el acceso médico».

Porque aquí o BNG volve falar de privatización, pero é que hai un informe moi recente da Fundación de Sanidade Privada que é moi claro, e di que, mentres que en Galicia soamente a estimación de penetración do seguro privado é do 19 %, en Cataluña ese modelo que vostedes defenden é do 35 %. En fin, coherencia...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Vaia rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.

Vostedes falan de que os orzamentos da Xunta no 2022 destinan máis cartos aos concertos coa sanidade privada, pero hai que recordar que cando vostedes gobernaban destinaban o 6 % e co Partido Popular nunca se chega ao 5 %. Aumentaron o gasto en concertos en 70 millóns, e xa sei que o BNG me vai dicir que estou falando do bipartito e iso é falar do Pleistoceno, pero ¿sabe o que ocorre? Que nese Pleistoceno a señora Pontón xa era deputada, xa estaba aquí, neste Parlamento, e votou un ano tras outro a favor deses orzamentos que ían incrementando cada ano a partida de concertos coa sanidade privada. Polo tanto, pouca credibilidade...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ... —remato xa— van ter con estes orzamentos que din que nós non cumprimos, porque todos temos un pasado e a señora Pontón nese pasado co seu voto aprobaba os orzamentos máis caros que se destinaron á sanidade privada en toda a historia de Galicia.

Vostedes sigan facendo como que non escoitan, poden continuar botándolle a culpa á Xunta de todos os males da sanidade pública galega, pero hai unha realidade que non poderán negar por moito que se esforcen: precisamos formar máis médicos e iso depende do Ministerio. A Xunta cumpre con todas as súas obrigas, esmérase en que todo saia ben, e vostedes deberían de apoiar o que a Xunta está facendo desde o Goberno que ten nestes momentos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Amigo.

Ten agora a palabra, para o turno de réplica, o señor conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Señor Torrado, voulle dar unha mala noticia: vostede é o portavoz de Sanidade do PSOE no Parlamento de Galicia, eu son o conselleiro de Sanidade, pero vostede é o portavoz.

Mire, fixo vostede aquí un relatorio, primeiro, de ataque e de mentiras respecto á situación da atención primaria, que é o motivo fundamental desta comparecencia, pois... mandamos os profesionais á guerra, por suposto, esa situación de alerta sanitaria da señora Prado que tanto lle gusta...

Mire, eu o que estou a dicir aquí é que trato de darlles aos galegos e as galegas e aos profesionais de atención primaria unha mensaxe de tranquilidade, que é o que toca neste momento. Algúns sei que están moito máis cómodos nas mensaxes alarmistas, no desmantelamento, pero non agora, levan vostedes trece anos avisando do desmantelamento.

Mire, tanto tempo dicindo que isto se desmantela, que chega unha pandemia, e resulta que Galicia é a comunidade que mellor resolve a pandemia, ¡claro! (*Aplausos.*)

Isto non se sostén, é difícil de aguantar. Entón, hai dúas alternativas. Un di: pois si, equivoqueime, non era tan malo o que se estaba a facer, o sistema funcionou, ou sostela e non emendala, que é o que tanto vostede como o Bloque seguen a facer. Entón, imos ao centro de saúde cando falta un médico e dicimos que todo se desmantela. O seu portavoz falaba onte de 14 días de demora. Mire, no Centro de Saúde das Pontes hai oito cupos, oito, e deses oito sete teñen cita para hoxe mesmo —comprobeino eu onte— e un deles ten cita para dentro de catro días. ¡Claro, que casualidade, que tanto vostede como a señora Prado non teñan cita para hoxe! Asegúrollo e non minto,... si, si, pode ser.

Fíxese que non o estou dicindo ao cen por cento. Digo que o 90 % dos galegos colle unha cita antes de catro días. Iso é unha estatística que vostede debera entender: o 90 %; un 10% que a ten en máis de catro días. Pero para iso, insisto, e aproveito unha vez máis, para os médicos que están de vacacións ou que están ausentes temos sistemas que inclúen de sempre, de toda a vida..., porque voulle dicir unha cousa: nunca en atención primaria se cubriron as vacacións, nunca, nin cando gobernaban vostedes nin cando antes de vostedes, nin despois de vostedes, nunca se cubriron as vacacións dos médicos, señora Prado, nunca, porque nunca houbo médicos no paro para contratar a 2000 persoas en atención primaria. ¿Cando houbo 2000 médicos no paro para cubrir as vacacións? ¿Algunha vez? O que si é certo é que o hai agora é que hai menos substitutos. As vacacións sempre se repartiron entre os compañeiros do centro de atención primaria, por unha cuestión tamén de oportunismo, e que a demanda asistencial nos centros de primaria baixa no verán, baixa maioritariamente nos centros de saúde, incluso baixa no hospital a demanda. Iso é unha características do período estival que, ademais, encaixa moi ben co período de desfrute das vacacións dos profesionais.

Sobre esa base de que nunca se cubriron as vacacións, nunca, e eu dígollo porque levo desde o ano 2003 facendo traballando en atención sanitaria, nunca cubrimos as vacacións dos médicos de primaria, nin, insisto, dos do hospital, máis alá dos de urxencias, que é un servizo



moi concreto. É certo que nestes momentos o problema, e insisto, non é un problema de cotas, temos o número de cotas perfectamente axeitado, un número razoable. É certo, señora Prado que cando un médico ten 1.250 TIS, un valor moi por debaixo da media estatal, e falla o compañeiro, ten que asumir as do compañeiro, iso é certo e lévao facendo moito tempo. Por iso acabo de transmitir aquí hoxe —vexo que sen inmutarse ningún de vostedes— unha proposta que estamos negociando neste momento coa Mesa Sectorial para mellorar as condicións dos que se quedan e están facendo ese esforzo. Comecei agradecendo ese esforzo, vólvo agradecer agora. E, ademais, para agradecerlo non só con palabras, senón con feitos, estamos negociando ese incremento retributivo, e espero que poidamos chegar a un bo acordo cos representantes sindicais dos traballadores.

Por ir con algúns temas que son xa..., eu levo aquí un par de anos e a verdade é que son tópicos xa. Gasto do Goberno bipartito na atención primaria. Mire, vólle comparar as táboas dos anos 2009-2022. Gastos de persoal: 99,7 millóns de euros máis no 2022 que no 2009, 99,7 millóns de euros máis agora que no 2009.

Bens correntes e servizos: 6,2 millóns de euros máis agora. Esta vai para vostedes. Receitas de farmacia: 123,8 millóns menos agora. ¡Claro!, o que pasa é que gastamos menos en farmacia que no 2009, porque no 2009 vostedes non utilizaban os xenéricos. Ese foi o gran salto: a diminución de presuposto en farmacia na atención primaria. ¿E que queren?, ¿que volvamos gastar eses 120 millóns de euros e non xenéricos, verdade? Pois o importante, o capítulo I, iso de que os médicos se van, que os botamos: 99,7 millóns de euros máis en atención primaria.

Señor Torrado, tamén é un tópico que nos orzamentos, na lista de prazas do 2009, había máis médicos. Vostede sabe coma min que aí estaban os APD, que despois se reconverteron, e por cada dous APD fixemos un médico de oito horas. OS APD estaban dúas horas nos centros de saúde, e nós por cada dous APD fixemos un médico, e, ademais, mire vostede, o bipartito rematou o presuposto colocando a nada desprezable cifra de 350 médicos por tres meses, no 2009. Eses médicos de tres meses houbo que reconvertelos a prazas completas e quedaron en cen. Aí ten vostede, se a queren ver, porque non é a primeira vez que llo explico, a diferenza entre o número de prazas. Pero o dato real é o que acabo de dar: 99,7 millóns de euros máis en persoal entre 2009 e 2022. ¿De que desmantelamento estamos a falar? ¿De cen millóns de euros máis?

Fala vostede do gasto en primaria, señor Torrado. Mire, Galicia, contando as receitas —porque podemos discutir disto moito tempo pero eu creo que no gasto de atención primaria hai que incluír unha das ferramentas que teñen os médicos, que é a prescrición—. Se contamos a prescrición, Galicia está no lugar número 7, co 28,96 % do gasto en primaria respecto ao total. 28,96 %, e a súa benquerida Asturias está en 28,51. ¿Cal é o problema? ¿Tamén desmantelamento de atención primaria cando somos esta comunidade en presuposto de atención primaria?

Máis cuestións. Persoal: no 2009 gastábase en todo o Sergas 1.556 millóns de euros no capítulo I; ano 2022, 1.906, 400 millóns de euros máis; 100 en atención primaria, 400 en total.



Profesionais contratados: media diaria de profesionais no 2008, 36.256; media diaria de profesionais no 2021, 42.783. Isto son máis de 6.500 profesionais traballando de media ao día na sanidade pública, esa que o PP desmantela. 6.000 traballadores máis, señora Prado, non sei que lle sorprende. Agora dirá que é mentira, que deben estar todos no centro de saúde ao que vou eu, por iso teño a cita tan rápido, no que está vostede non. *(Aplausos.)*

E se facemos esta comparativa no ámbito da atención primaria e comparamos o número de profesionais que están traballando en primaria antes e agora, en primaria, no 2008, 8.692 profesionais; en primaria, no 2021, 9.523 profesionais. De novo, case 1.000 profesionais máis traballando en atención primaria.

Condicións laborais. Din vostedes que maltratamos os nosos médicos. Si, supoño que quitarlles a paga extra foi tamén unha cuestión do Partido Popular no seu momento.

Este ano, un total de 13.561 profesionais do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas teñen un incremento retributivo vinculado ao recoñecemento dun novo grao de carreira profesionais. Aproximadamente, falamos dun 6 % de incremento retributivo, deses 13.561.

Na actualidade perciben algún grao de carreira profesional 20.198 traballadores do Sergas. No que atinxe á atención primaria, preto do 90 % dos profesionais de atención primaria, o 88,37 %, teñen recoñecido algún grao de carreira. O pago en nómina dese incremento vinculado ao complemento de carreira produciuse en dúas anualidades, distribuído nunha porcentaxe do 50 % no ano 2021 —antes de onte— e 50 % no 2022, hoxe. Hoxe estamos a incorporar ese 50 % dese grao de carreira que, insisto, teñen o 88,37 % dos profesionais de atención primaria. Señora Prado, encóllese como se un 6 % en incremento retributivo non é nada. Pois mire, é o que merecen, merecerían máis, pero non diga vostede que os maltratamos en condicións laborais.

Claro, as estatísticas, cando a un lle dan un dato que non lle gusta, é fácil dicir que son falsas. Xa acabo de dicir cal é a situación da atención primaria na demora e dei a media, dei esa media do 87 %. Pero, mire, é que se imos, por exemplo, á área sanitaria de Verín —non é o caso do señor Torrado e a señora Prado—, o 99 % das citas saen en menos de catro días. Ou na área de Lugo, A Mariña e Monforte, esa que temos tan maltratada e por iso os residentes non collen as prazas alí, despois falarei diso: 97 %. Ou incluso na de Santiago e Barbanza: 91 % están en menos de catro días.

Fala o señor Torrado da enfermaría, como se en Galicia non estiveramos desenvolvendo os labores da enfermaría. Se poñemos en marcha o sistema de xestión da demanda, que, precisamente, reorienta a demanda, entre outros, ao persoal de enfermaría, cousa que teño que recoñecer que o señor Torrado nalgunha ocasión validou ou respaldou, estamos apostando pola enfermaría. Se facemos os protocolos avanzados de enfermaría estamos apostando pola enfermaría. Se contratamos este ano 28 enfermeiras en atención primaria estamos apostando pola enfermaría. Se contratamos no Plan galego de atención primaria os enfermeiros que contratamos, estamos apostando pola enfermaría. Se ofrecemos contratos de continuidade, estamos apostando pola enfermaría. E se falamos de dispensación de enfermaría Galicia fixo o seu traballo.



Sabe vostede que para que as enfermeiras poidan dispensar, ten que desenvolver —permítame que llo volva recordar, agora que vostede é o portavoz de Sanidade do PSOE—, o Goberno do PSOE non desenvolve os procedementos. Ben, minto, hai un procedemento que si ten desenvolvido, sabe vostede cal é seguramente, o de apósitos de cura húmida. ¿Feito por quen? ¡Anda!, polas enfermeiras do Sergas, ¡que casualidade! Non hai outro protocolo en toda España para usar que o dos apósitos de cura húmida do Sergas. Ben, pois a ver se outras comunidades autónomas, incluídas as súas do PSOE, se animan a facer protocolos e as enfermeiras galegas e as do resto de España poden seguir avanzando nesa liña que, insisto, vostede... (Aplausos.) Digo esa liña que vostede defende de que a enfermaría, efectivamente, teña máis capacidade. Aí, dende logo, vainos atopar.

Agora eu creo que na miña comparecencia, que non foi curta, creo que, señora Prado e señor Torrado, non me dediquei exclusivamente a dicir o que ten que facer o Ministerio, que tamén, por suposto. Creo que repasei todas as medidas que o Goberno da Xunta tomou, que leva tomando ademais dende hai anos, e fun trasladando os resultados desas medidas. Falei dos 80 médicos contratados no período 2019-2021, dos 20 pediatras, das 20 matronas, falei do presuposto do 2022 e falei, sobre todo, das medidas, algunhas innovadoras, que temos postas para, precisamente, dotar de persoal a atención primaria. E, en particular, tratar de que os médicos teñan as mellores condicións de traballo posible.

Ningún de vostedes fixo ningunha referencia —eu enténdoo, porque á parte votaron en contra— á medida de ofertarlles aos 106 que rematan este ano unha praza en propiedade por concurso de méritos. Gustaríame que agora na réplica me dixeran que lles parece esa medida, porque a verdade que é sorprendente que digan que non facemos ningunha medida, que escapamos das nosas competencias, e non fagan nin unha soa alusión a esta medida. Medida —insisto— pioneira, non a ten feito ninguén no Estado español, e o Goberno galego, asumindo as súas competencias... porque si, señor Torrado, sei que son conselleiro de Sanidade, e esta medida cando a propuxemos era precisamente para que este ano, a eses 106 que rematan este ano, lles poidamos ofrecer estas prazas. Despois eles farán o que queiran, porque afortunadamente son libres de ir a traballar onde queiran.

Creo que non é un problema de cartos, efectivamente, e os médicos de primaria escollen onde queren ir a traballar, e os cartos non é o principal criterio. Non é un problema de condicións laborais porque, se vostedes me din unha mellor condición laboral que unha praza en propiedade por concurso de méritos, cómprollela. Non lles compro o de irse a Francia uns meses a traballar non sei en que condicións. Aquí estamos a falar de prazas en propiedade, señora Prado. Se vostede me compara unha praza en propiedade en Galicia e non sei que praza en Francia, ao mellor lle dá unha praza en propiedade o goberno no Estado francés, igual si. Pero, dende logo, aquí o que máis podemos facer nós en condicións laborais é ofrecer estas prazas en propiedade. Prazas en propiedade que, por suposto, non están na sanidade privada nin están na maioría dos sectores. Gustaríame —insisto— unha reflexión sobre iso.

Respecto ás condicións económicas, mire, señor Torrado, vostede sabe perfectamente o que pasou coas prazas de MIR. Porque vostede é o portavoz de Sanidade do PSOE. E sabe cantas comunidades autónomas gobernadas polo PSOE quedaron con prazas vacantes, sábeo perfectamente. Incluso sabe ou debera saber o esforzo dalgunha comunidade autónoma por



atraer os MIR incrementando en 5.000 euros o salario deses MIR. ¿E o resultado? 70 prazas baleiras nesa comunidade autónoma.

Polo tanto, señor Torrado, os MIR non deixan de escoller polas condicións económicas, non é por iso. Sabe vostede perfectamente que foi polo sistema de elección. Mire, di vostede que, claro, en Lugo.... Mire, en Lugo quedaron prazas de atención primaria no centro da cidade, no Hospital de Lugo. Non foi por un tema das condicións. E, por exemplo, en Ourense quedaron todas collidas. É un problema do sistema de elección e sábeo vostede, sábeno os residentes, sábeo a CESM, sábeno todos os sindicatos, sábeno todos os colexios de médicos, que, por activa e por pasiva, pediron que o sistema non fora así. É unha cuestión de que vostede non pode escoller 700 prazas sen saber onde son as prazas. O que se pide non é que non se dixitalice o proceso, senón que o aspirante poida ir vendo as prazas que quedan. Isto o ano pasado foi claro que era un risco e este ano volveuse advertir, e como non cambiemos o sistema volvemos quedar con prazas sen cubrir.

É realmente inexplicable que, co maior problema sanitario que temos no territorio español, e, insisto, non en Galicia, vostedes sábeno perfectamente, en todo o Estado, o maior problema que temos é a falta de médicos MIR, nos poidamos permitir un sistema no que 200 prazas non se escollan.

A alternativa que plantexa o Ministerio, na que nós nos abstivemos, é abrir o cupo dos extracomunitarios. ¡Estupendo!, formaremos extracomunitarios, e cando os extracomunitarios rematen xa veremos o que pasa. O que pediu este goberno foi modificar a nota de corte, baixala, e que médicos que tiñan unha nota razoable puideran escoller tamén prazas de medicina de familia. En todo caso, o que dixemos era que calquera sistema que non levara a 9 prazas aquí, 9 prazas, que non chega ao 6 % das prazas que temos.

E falando das prazas e falando das competencias en materia de MIR desta consellería, deste goberno, mire, señora Prado, nós non queremos o MIR galego, xa llo dixen unha vez e vólvollo dicir dúas, tres e cinco. Non queremos o MIR galego porque o MIR é un sistema de formación de área especializada de efecto nacional. Ás veces algún rapaz que se forma fóra vén traballar aquí e algún que se forma aquí vai traballar fóra. Pero deixen xa ese discurso manido de que foxen de aquí, que marchan, non é certo. Os MIR que se forman en Galicia maioritariamente quedan en Galicia. Dei o dato hai pouco tempo: o 90 % dos MIR de familia formados en Galicia quedan en Galicia. É doado, temos o nome e o DNI, metémolo no sistema de xestión de persoal e dinos onde está contratado. Contratados no Sergas, o 90 %. E dese 90 % —vouno volver repetir— o 64 % con praza en propiedade e o 20 % interinos. Deixen xa de... Claro, despois falan de desprestixio. Os que desprestixian permanentemente o sistema son vostedes. A xente non marcha do Servizo Galego de Saúde, a xente está orgullosa de traballar no Servizo Galego de Saúde. ¿Temos dificultades? Por suposto, sería absurdo negalas, claro que as temos. E para cubrir esas dificultades temos que formar máis médicos MIR.

Tampouco lles escoitei dicir nada da aposta do Goberno galego por incrementar en 65 prazas MIR este ano. Un 45 % máis. ¿Que máis podemos facer? ¿E que resposta obtivemos dese 45 % de prazas MIR máis este ano? Vostedes saben a resposta: para o ano que vén. Podería



cantar o himno do Celta agora mesmo: para o ano que vén. ¿E o ano que vén? ¿E o ano que vén que?

Miren, na reunión de outubro do ano pasado en Gran Canaria, convocada a bombo e platillo, para falar da atención primaria, pedimos un sistema de acreditación de prazas MIR diferente, flexible. Temos un problema gravísimo de falta de especialistas e hai que tomar decisións graves tamén. E esa decisión grave será, probablemente, pasar das 106 prazas que temos este ano pois ao mellor a 250. Iso non se fai coa normativa actual. Pedimos un cambio desa normativa, parecía que si, que se abría ese cambio de normativa, fíxose unha consulta pública. Como acabo de dicir, Galicia presentou 20 medidas para mellorar. Por exemplo, medidas como que os MIR se poidan formar nos centros rurais, medidas de que os MIR se poidan formar nos centros comarcais, nos hospitais comarcais; medidas de que un titor aos 62 anos non teña que deixar de recibir médicos MIR en formación, porque esa é a realidade agora mesmo. Ou que poidamos ter formación en centros de menos de catro médicos.

Un paquete de 20 medidas. Resposta do Ministerio un ano e medio despois: cero. É máis, acaba de pechar o prazo para presentar as novas unidades docentes e, aínda que fixera oídos dalgunha das propostas galegas ou doutra comunidade autónoma, ata maio do 2024 non podían empezar a formarse. ¿Quen ten a chave da formación? ¿Quen a ten, señor Torrado? Vostede, que é o portavoz de Sanidade do PSOE, sabe perfectamente quen ten a chave para ampliar o número de prazas docentes. Nós pagámolas. Insisto, 63 millóns de euros paga o Goberno galego en formación MIR. Non é un problema de cartos en formación, non é un problema de contratos, acabamos de ofrecer prazas en propiedade. É un problema de que non os hai. ¿E quen ten a chave para que haxa máis? Vostede, señor Torrado, si que o sabe.

Nós, en todo caso, seguiremos traballando, seguiremos poñendo, insistindo nas medidas para formar a máis MIR, seguiremos traballando na medida para que os titores teñan máis recoñecemento; xa o teñen agora mesmo. Calquera persoa que é titor accede á OPE ou accede ao concurso de traslados e cóntaselle ese tempo. E calquera persoa que vaia a un centro de difícil cobertura ten compensación. E terá máis, acabo de anunciar agora medidas para mellorar todavía esa situación.

Nós, insisto, nos ámbitos que son nosos seguiremos insistindo. Pero tamén lle digo, e pódelle dicir vostede á ministra de Sanidade, como lle digo eu todas as semanas, que seguiremos insistindo en que o que ten que facer o Ministerio o faga.

Miren, no ámbito de atención primaria, ¿cales son as competencias do Ministerio? Voulle dicir unha, unha soa: autorizar onde se forman os médicos MIR. ¿Que está a facer o Ministerio de Sanidade neste contexto, onde todas as comunidades autónomas temos o mesmo problema? Nada, cero.

Falamos da saúde mental, da obesidade, de moitas cousas, pero medidas relativas a resolver o maior problema sanitario que temos, nós non, todas as comunidades autónomas, como acaba de dicir agora a señora Amigo, e agradezo esa referencia a todas as comunidades autónomas, estamos no mesmo sitio.



Nas reunións de conselleiros, na de mañá, sei o que vai pasar. Todos os conselleiros estamos exactamente igual, pedíndolle ao Ministerio que abra dunha vez a formación de prazas MIR. ¿Por que non o fai, señor Torrado? Vostede, que é portavoz de Sanidade do PSOE, pódelle preguntar á ministra por que dende o ano 2018... Vostede pregunta, cando se deron conta... Eu creo que despois desa interpelación que me fixo, tan oportuna, falaremos dese tema. Dende o ano 2018 estamos esperando por esta medida. ¿E que pasou nestes catro anos? Cero, nada, absolutamente nada.

Insisto, nós seguiremos exercendo as nosas funcións de goberno, poñendo todas as medidas que sexa preciso, máis prazas en propiedade por concurso de méritos, ferramentas para que os médicos de atención primaria poidan verse descargados da actividade burocrática, apoiándonos, por exemplo, nos PSX, con eses 270 de incremento.

Insisto —acábollo de comentar—, por cada dous médicos de atención primaria hai máis dun PSX. Estamos como era antes na ratio de enfermaría. Por suposto, a ratio de enfermaría practicamente estamos en 1-1. Por cada médico de atención primaria hai unha enfermeira.

Apostamos pola enfermaría, apostamos polos administrativos, apostamos por outras categorías na atención primaria. Apostamos pola integración primaria e hospitalaria, da que vostedes tampouco falan. Parece que o mal da atención primaria en Galicia —hoxe vexo que non e alégrome— eran as áreas integradas. Ben, imos avanzando e seguimos traballando para que os profesionais que traballan en atención primaria poidan facer o seu traballo nas mellores condicións posibles.

E mentres tanto vostedes sigan alarmando, falando de alarma sanitaria ou falando de que os médicos foxen. Non, non é certo, non foxen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Despois da moi construtiva intervención dedicada a falar dun tuit meu do 2018, vou intentar estar á altura do debate que se plantexou.

Señor conselleiro, é curioso, a verdade, o tempo de demora nas citas de primaria que vostede expresou, por agora tres dos que saímos fomos contando como están as nosas citas. Dígoo porque segue en pé a oferta de que os 75 deputados e deputadas valoremos canto tardamos no noso centro de saúde. E oxalá tivera vostede razón e o 90 % teña unha cita dispoñible a menos de 4 días. Creo que a señora Marta Rodríguez-Vispo dime que tamén a ten, e por agora os do Partido Popular si e os demais non. Pero isto é unha brincadeira, non se me en-



tenda mal. Non era esa a miña intención. Pero ben, se vostede proba tamén llo agradezo, que seguro que vai probar e entón xa desempata, 3-2, case no 50 %; do 50 % ao 10 % hai un salto cualitativo.

En fin, o debate, señor conselleiro, para nós está en ¿son boas as condicións laborais en primaria? Nós cremos que non. Por iso temos o problema que temos.

Vostede apela a moitas cousas, sempre é culpa do Ministerio, está ben, fala dos MIR, fala das condicións. Mire, eu vouno plantexar para non falar sempre do debate de primaria. Permítame que traia a colación un tema: os médicos internistas, que é un tema que teríamos para debate.

Permítame un exemplo, e se algún dato que dou... porque eu creo que vostede coñece tamén o dato pola mesma fonte que o coñezo eu, e se algún dato que dou non é certo, por favor, corríxame.

O Servizo de Medicina Interna do CHUS ten 35 profesionais. Ningún deles ten menos de 45 anos. Forman 2 MIR ao ano. Vamos calcular que os MIR terminan aos 29, aos 30 vamos poñerlle. Nos últimos 15 anos non incorporaron a ninguén. ¿Por que? Poderíamos deixalo aquí, se vostede é capaz de responder a esa pregunta, xa está. ¿Por que non incorporaron a ninguén?, é dicir, 30 profesionais —¡30!— que pasaron e se formaron no Servizo de Medicina Interna do CHUS non quedaron alí. E agora están os internistas denunciando unha malísima situación laboral de saturación por culpa dun abandono da Consellería. ¿Terá relación unha cousa coa outra? Eu, que son moi limitado, diría que si; igual non, ¡eh! E esta é a cousa, ¡se é que o problema son as condicións!

E non é un problema de cartos unicamente, é un problema, como xa lle citei antes, o que pasa que vexo que non me escoitan cando falo..., a ver, eu ás veces falo de máis tamén, pero algunha cousa, algunha igual digo que teña algún sentido, non digo que moitas pero algunha non está de máis.

É que non teñen tempo para facer investigación, é que non poden facer saúde comunitaria, é que non teñen a capacidade de facer un deseño da súa tarefa, de coñecer os seus pacientes, de facer unha tarefa implicada. Queren pero non dan porque o sistema os está sometendo a unha saturación por riba de calquera ratio estatística real. Porque cando hai 1 profesional para 1.250 TIS a realidade é que o do lado non está, e entón hai 1 para 2.500, e esta é a realidade. E non queren ir a Lugo e si a outros sitios porque nese momento consideran que esas prazas non lles cobren as necesidades e poden escoller outras, porque non queda ninguén sen escoller, esa é unha cuestión de mercado; e, por tanto, no mercado Galicia está peor que outras comunidades autónomas. Non quere dicir que sexamos os últimos monos e que todos os demais sexan perfectos, porque este non é un debate de branco-negro como vostede pretende plantexar coa oposición, que parece que vostede é o único que defende a sanidade pública e os demais somos demoledores, horribles e insulantes, e non é así para nada; pero como eu xa non quero entrar niso xa non vai pasar. Pero non é unha cuestión de branco ou negro, é unha cuestión de que hai unha realidade e as condicións non son malas.



Fálame vostede dos MIR, ¿e que fai o Goberno do Estado? Mire, o Goberno do Estado plan-
texou, dende o cambio de Goberno —que é vostede onde marca as diferenzas—, as catro
convocatorias máis grandes da historia en Galicia, ¡as catro máis grandes! Vostede encóllese
de ombros: temos un problema de formación, ¿e que fixo o Estado? Convocarlle as catro
convocatorias, o Goberno do Estado, e a vostede dálle igual. Claro, despois van e non as co-
llen. ¡Se a vostede lle dá igual, se a vostede o que lle importa é un titular! ¡As catro convo-
catorias máis grandes!

Mire, se o apuntei agora, convocabamos co Goberno Rajoy 93, 88, 92, 92, 93. Goberno de Pedro
Sánchez: 105, 129, 136 e 142. Practicamente o 50 % en catro anos subimos, ¿e pregunta vostede
por que non incrementaron as 64, non, as 65, que pediron? ¿De verdade quere que contemos
que as pediron tarde o primeiro ano? ¿De verdade quere que o contemos? Que as pediron cando
xa estaba feita a convocatoria. Convócase unha oposición —porque é unha oposición— e des-
pois din: eu quero 64 prazas máis, ¡pero se xa está convocada! (*Aplausos.*) ¿Pero de verdade
nos vai facer chegar a iso? (*Aplausos.*) Na primeira convocatoria posible van ir, e con esas 60
imos superar o 200 % da última convocatoria de Rajoy, coa que, por certo, vostedes calaron,
¡calaron! E lembre, cumpren 1 ano cada ano —isto sabíámolo hai tempo—.

Por tanto, non nos fagamos trampas cos datos. A situación non é de branco ou negro, isto
non é o desastre máis grande da historia, comparado cos outros, porque tamén é certo que
é un problema xeral, ¡por suposto que o é! Pero hai algúns problemas en Galicia que afectan
á xestión galega e nós debemos de ser capaces de pensar como podemos mellorar isto sen
necesidade de buscar un titular —que non é así a cousa como vostede di—, sen necesidade
de buscar titulares grandes que exculpen para outros, porque iso non vale para nada abso-
lutamente, e ser capaces de defender. E a pregunta é clara: ¿vostede cre que aos profesionais
de primaria se lles trata o suficientemente ben para que consideren que é unha oportunidade
laboral moi boa traballar en primaria? Eles consideran que non, que merecen máis, e non é
de cartos; é de oportunidades, é de flexibilidade laboral, é de oportunidade de crecemento,
é de investigación, é de saúde comunitaria, é de traballar ben co do lado, é de ter conexión
co hospital, é a posibilidade de ter un catálogo de probas máis amplo, de formarse máis. É
de todo iso, ademais dos cartos, que tamén estará ben.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Ademais de todo iso, é unha cuestión de prestixio do sistema.
E é algo evidente, vostedes desprestixiaron o sistema. Eu non digo que vostede crea que a
atención primaria é mala, digo que vostede é membro dun Goberno dun partido político que
fixo bandeira de recortar na sanidade; e, a partir diso, temos hoxe o problema. Se vostede é
capaz de asumir iso, non teña problema, que nós lle imos asumir que a situación é difícil e
que vostede non é responsable de non arranxalo mañá. De feito, xa llo digo, vostede non é
responsable de non arranxalo mañá, pero a maior parte da culpa de estar hoxe aquí é do seu
Goberno e é do seu partido político. E de aí non nos vai baixar ninguén, porque, ademais de
todo o debate, iso é a maior certeza que hai na sanidade pública deste país, que vostedes
están en contra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Señora Amigo, esqueceuse vostede en todos eses titulares de prensa quitar algún onde saíra todas as veces que o Partido Popular e vostede, como Partido Popular, negaron a realidade e votaron en contra de calquera proposta que trouxemos aquí para enfrontar a situación, para dicirlles o que ía acontecer e que tomaran medidas. Deses titulares esqueceuse, e esqueceuse do titular onde o Partido Popular, a pesar desa situación, dese plan de recursos humanos, pois resulta que en Madrid aprobaron unha taxa de reposición que, evidentemente, agora o Partido Socialista mantén pero que aprobou o Partido Popular cando esta era a situación, e os datos de canta xente se ía xubilar.

Todo iso vostedes bórrano do disco duro. Vostedes todo iso bórrano do disco duro e resulta que todos os problemas empezan a partir de que non teñen a responsabilidade en Madrid. Pois a verdade é que pode ser interesante ver a que se comprometen cando teñan oportunidade de cambiar todas esas cuestións. Que insisto que o BNG leva reclamando aquí non desde hai dous minutos, senón desde hai moitos anos; e están aí, non estou inventando aquí... non veño de farol poñer un titular, está a hemeroteca deste Parlamento, están os diarios de sesións deste Parlamento, de cantos anos hai que vimos denunciando o que ía acontecer, que tomaran medidas e non quixeron. *(Aplausos.)* ¡Non quixeron! *(Aplausos.)* Non quixeron porque esa é a folla de ruta, jesa é a folla de ruta!, porque non é posible gardar a sanidade privada se funciona ben a pública, ¡levámosllo dicindo! E vostedes actuaron insistentemente nesa dirección e ségueno facendo.

Mire, eu de verdade que estou sorprendidísima, señor conselleiro. ¿Vostede realmente cre que negando a realidade se soluciona o problema? ¿Que negando a realidade na que está a atención primaria, a sanidade pública en Galiza, se vai solucionar o problema? ¿Non asumindo cal é a situación e non escoitando os profesionais? ¿De costas viradas totalmente ao que lle levan anos demandando que vai solucionar o problema? ¿E non escoitando a veciñanza que está excluída e, sobre todo, a xente máis vulnerable, señor conselleiro? A xente máis vulnerable está quedando tirada. Está quedando tirada e vostedes en vez de rectificar poñen o acelerador cara a adiante.

Mire, os seus datos son cuestión de fe. Vostede vén aquí e di que hai 6.000 máis, 8.000 máis por aquí, 24 máis polo outro lado... pero é que nos orzamentos non están. Levamos anos pedíndolle un sistema de identificación de prazas, saber cal é a realidade, ¿cantas prazas hai?, ¿en que condicións?, se están ocupadas por persoal fixo ou por eventual, por interinos, e ver o que hai, cantos se necesita e que actuar. E vostedes néganse. E vén aquí e, bueno, así como di 8.000 di o que sexa. ¿Por que se negan a que teñamos os datos e a que saibamos cal é a realidade? Porque, se sabemos cal é a realidade, ten que enfrontarse a ela e non pode vir aquí dicir o que lle dea a gana, tería que enfrontarse a esa realidade e aí non queren. Seguen votando en contra de ter ningunha información fiábel de cal é a realidade, temos que crer no que vostede di e punto pelota. Non está nos orzamentos, non hai ese sistema, e vén aquí dicir que os profesionais cobran a carreira, ¡home, claro!, ¡traballan e terán que cobrar! ¡Digo eu! É que é un pouco... pola súa parte non é nada elegante vir aquí dicir que os profesionais



cobran polo seu traballo, que teñen dereitos e que teñen uns complementos. O que non di é que no 2010 o Partido Popular conxelou uns acordos que estaban no DOG de melloras para achegarse un pouco á media do Estado e que estamos no 2022 e non os activaron. Eu deille aquí os datos, son o número 14, ou sexa, de 17, en retribucións; e vén vostede dicir aquí que cobran a carreira profesional. ¡Home, pois si, traballan e terán algún dereito!

E vostede falou do paquete de 20 medidas e, ¡claro!, en canto á formación, a maioría delas para ter unha formación *low cost*, porque, claro, sabe que non ten titores, sabe que os profesionais en primaria, ademais, están ao límite e que non teñen tempo para dedicarse a esa formación. Que moitos dos MIR pasan a maioría do seu tempo facendo o traballo burocrático porque non dan para máis, e logo quere que a xente pida para a atención primaria. Con ese nivel de descrédito brutal ao que está sometido, claro, descrédito brutal ao que está sometido, e vostede di que non é cuestión de cartos; primeiro, unha media de 7.000 e 8.000 euros menos ao ano que un especialista de hospitalaria. E lémbrolle que vostedes sacaron prazas de especialistas en primaria, e que xa había prazas de especialistas en primaria porque en primaria son especialistas; digo que non xogue cos termos.

E, claro, agora ofrecen uns incentivos de arredor de 3 euros a hora, é dicir, por unha prolongación de xornada de 4 horas para que asuman o traballo de 2 ou 3 cupos, para que sigan pola tarde. Un contrato que vostede chama fantástico, que é nesas condicións, para asumir todo ese traballo e ademais facer gardas nos PAC. E logo vostede realmente se estraña de que non queiran eses contratos, cando teñen outras opcións; que vostede di: non é cuestión de Francia. Claro, pero se en Francia lles ofrecen o dobre de salario, o horario de 8 a 3, de luns a venres, con consultas de 30 persoas como máximo —e non como aquí que empezan con 30 e acaban con 60 e con 70—, xa me dirá vostede ¿que van escoller? (*Aplausos.*) ¿Que van escoller?, ¡por favor! (*Aplausos.*) ¡Por favor! (*Aplausos.*) Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

E o responsable de facer que a atención primaria sexa atractiva —xa llo dixen moitas veces, señor conselleiro— é vostede.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Vostede é o responsable de facer que a atención primaria sexa atractiva, para iso e para a enfermaría, ¿entende? E, mire, vou darlle un dato e vou darlle propostas, faga plans de contratación realmente atractivos que non signifiquen estas condicións laborais.

Non hai médicos. E un dato, hai 215 persoas na lista de contratación de psicólogos clínicos, 52 están traballando, quédanlle 160 para poder contratar. ¿Por que non inclúe prazas de psicólogos clínicos en atención primaria? ¡Fágao! Pode facelo xa. (*Aplausos.*) ¡Pode facelo xa! (*Aplausos.*) E o mesmo en matronas, e o mesmo... Ten alternativas, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Aumente o orzamento, contratos dignos, incorpore novas categorías. Si que ten alternativas, o que non queren é poñelas en marcha porque esa non é a súa folla de ruta.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: A folla de ruta é peor sanidade pública. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Bos días de novo, señor conselleiro.

Nesta segunda quenda eu quería darlle as grazas no nome do Grupo Popular pola xestión que está facendo nestes tempos tan complicados nos que se atopa a sanidade en todo o país. Non é sinxelo lidar e xestionar en tempos de crise e mais de pandemia, e Galicia foi quen de saír a adiante, innovar e implantar solucións a tempo. Foi pioneira a nivel estatal na posta en marcha desa reforma tan necesaria da atención primaria da que aínda agora se empeza a falar noutras comunidades autónomas e a nivel estatal.

Eu alégrome de que todo o que dixera convencera o señor Torrado, porque agora, en vez de falar da primaria, xa falou da medicina interna, así que supoño que cousas das que dixo pois... debeu de calar, pero bueno...

Esta reforma —como dicía—, iniciada xa no ano 2018, foi implantando medidas e comezouse un traballo nese Plan de atención primaria 2019-2021 e, posteriormente, co documento *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*. Dous plans que foron claves no Sergas para o desenvolvemento de todas as medidas que foron implantadas e que tan ben vostede nos trasladou aquí.

En definitiva, señor conselleiro, hoxe escoitamos propostas importantes no eido da súa competencia, aínda que non sei se quedaron claras estas medidas de comunicación —para a oposición, digo—. Vostede falou de incentivos, de reorganización, de formación, de captación de profesionais da primaria; medidas como ese concurso de méritos que vai permitir cubrir esas 106 prazas de atención primaria, que nin o BNG nin o Partido Socialista apoiaron pero que a cidadanía galega si que vai valorar. E que no mes de setembro vai haber decenas de concellos na nosa comunidade que terán novos médicos con prazas estables e que van contribuír a seguir avanzando nunha mellor sanidade na nosa comunidade, a pesar do voto en contra —como dicía— tanto do Partido Socialista como do BNG.

E tamén lle escoitamos reclamacións ao Goberno de España moi claras, como cambiar o sistema de acreditación de prazas formativas en medicina familiar e comunitaria para poder incorporar de xeito extraordinario máis prazas MIR; cambiar o sistema de elección desas prazas MIR que xa se pediu neste Parlamento, por certo, sen o apoio tamén dos partidos da oposición, e xa vimos o desastroso resultado da última convocatoria. Crear a especialidade da medicina de urxencias, de xeito preferente. E aquí tanto o BNG como o PSOE votaron a favor pero, ¡oh casualidade!, o mesmo texto a semana pasada no Senado non o apoiaron,



pero, bueno, iso son as incoherencias que estamos xa acostumados a ver. Ou que definitivamente se cree ese rexistro estatal de profesionais sanitarios comprometido desde o ano 2018 para poder orientar sobre as necesidades de formación de especialistas, e poder así solucionar o problema.

E por parte da oposición xa o escoitamos: máis cartos, máis cartos. Oxalá fora un problema exclusivamente de cartos, e xa se dixo en reiteradas veces, pero parece que por moito que se diga isto non é.

Eu traio papeis para informar, traio aquí un gráfico que é moi didáctico (*A señora Amigo Díaz amosa un gráfico á Cámara.*). Estes son os orzamentos do ano 2009 e do ano 2022 e para que todos os poidamos ver e compartir. Aquí están os orzamentos do ano 2009, do bipartito, falaban de 442,9 millóns de euros. E o ano 2022 os orzamentos en atención primaria son de 541,9 millóns de euros. Isto é claro, os datos son os datos, así que non imos discutir. Son cen millóns de euros máis, cen millóns de euros máis para persoal de atención primaria que cando vostedes gobernaban.

E vostedes seguen co mesmo, con que é un problema de cartos. Pois se fose un problema de cartos xa estaría solucionado, porque, desde logo, ningún goberno destinou nunca máis cartos ao persoal de atención primaria que este goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia. O BNG sigue pedindo o mesmo incremento de hai catro anos, seguen coa teima da sanidade privada, señorías. Cando vostedes estaban gobernando destinábase un 6 % e co PP nunca se pasou do 5 %. Unha vez máis vemos seriedade e sensatez dun lado e propaganda e discursos baleiros doutro. (*Aplausos.*) Visto o visto, conselleiro, non me estraña que teña vostede máis ganas de comparecer neste Parlamento do que ten a oposición de que vostede o faga e veña aquí.

O que está claro é que os galegos non son parvos, a cidadanía escoita e xulga. Ese discurso da oposición sobre a sanidade pública xa o escoitou moitas veces e sempre xulgou igual. A situación, por sorte, avalíase e cada catro anos, de maneira democrática, o Partido Popular leva sobresaliente, porque vostedes saben que cun aprobado ou cun notable non nos chega, porque necesitamos maioría absoluta para poder gobernar. E levamos lexislatura tras lexislatura nos últimos anos gañando con maioría absoluta e por iso uns estamos na bancada do Goberno e outros atópanse na bancada da oposición.

Para terminar, soamente dúas cousas, señora Prado. Eu son de Lugo, e moléstame moito o que lle escoitei aquí, porque, mire, vostede non pode vir dicir aquí que en Lugo, por falta de competencias, de formación, non van alí os MIR. Non é iso. Mire, é como se a min se me ocorre dicir que Lugo non é unha cidade agradable e ao que mellor non van porque temos malas comunicacións. Penso que temos que tratar os sanitarios doutra maneira, como dicir que se o jacuzzi, que se o piso, que se tal,... Os sanitarios que temos nesta comunidade merecen outro respecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.



Peché da comparecencia, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Pedinlles que opinaran sobre esa convocatoria de prazas en propiedade por concurso de méritos e vexo que non hai maneira de que nin o portavoz do PSOE de Sanidade nin a señora Prado falen sobre esa convocatoria. E preguntolles porque vostedes din que desde o Goberno non se toma ningunha medida, que nos limitamos a criticar o Ministerio, e unha medida innovadora, valente, que se tomou neste Parlamento, por certo, co seu voto en contra, por suposto, gustárame iso, unha valoración, pero xa vexo que vai ser difícil; desta, polo menos.

Señora Prado, vostede fala da medicina interna. Bueno, moi ben, vostede sabe, ou debera saber, que os profesionais do Sergas teñen unha cousa que se chama concurso aberto e permanente, que todos os anos poden escoller a praza que queren, aínda que teñan collido unha praza no Barco de Valdeorras ou en Ourense, ou no Salnés. Cada dous anos, cada ano, realmente, esas prazas saen a concurso, e, curiosamente, os hospitais máis grandes, máis atractivos desde o punto de vista da investigación e outros eidos, son un sitio requirido, e normalmente en todos os hospitais a xente máis nova ten, cando colle praza en propiedade, ten que ir cubrir as vacantes que deixan esas persoas que, precisamente, queren ir ao Hospital de Santiago, por exemplo. Iso é a explicación que lle podo dar e a real de por que a media de idade no Hospital de Santiago é esa que vostede di.

En todo caso, o problema da medicina interna do Hospital de Santiago non ten que ver exclusivamente coa idade nin coa formación. Mire, nós hai moitos anos que sabemos a idade dos profesionais, sabemos cando se xubilan e sabemos a capacidade formativa. E dígolle eu, e dio o Ministerio de Sanidade, que a situación da medicina interna non é a mesma que a situación da medicina de familia. É certo, e así llo dixen á ministra, que o informe do Ministerio ten unha eiva importantísima e que non contempla, precisamente porque non hai rexistros das profesións sanitarias, nin a medicina privada nin os hospitais comarcais, que é o motivo fundamental que está na base dunha parte do conflito ao que vostede fai referencia.

Mire, a nosa obriga é garantir a asistencia tamén nos hospitais comarcais, e parece mentira que llelo teña que contar a vostedes cando dentro de pouco volverán traer unha pregunta nese sentido. Precisamente, como queremos garantir a atención nos hospitais comarcais, facemos propostas para garantilas. Unha primeira proposta foi adiantar a resolución da OPE e os traslados ao mes de xuño. Pedíronnos os adxuntos do Servizo de Medicina Interna, a través do seu xefe, que non e pospuxemos a decisión. Mire vostede se dialogamos cos especialistas de medicina interna.

Fala vostede dos plans locais, ou fala de atención comunitaria. Dixen agora, e dixémolo varias veces, que puxemos en marcha unha ferramenta para que, precisamente, os médicos de atención primaria poidan desenvolver esa faceta tan importante para eles de atención comunitaria, xestionando, planificando, adaptándose ás condicións do seu territorio. Eu tiveron a sorte de poder estar no centro de saúde das Pontes, ese centro que o señor Formoso se ve que non pisa nin para falar de comunitaria nin para pedir cita, supoño que debe ir



pouco polo concello... pois nese centro de saúde os profesionais están facendo plan local de saúde, puiden ir alí e falar con eles, e ver como o están abordando. Estano facendo nese centro de saúde e en catorce centros de saúde máis. E, como dixen hai un momentíño, haberá, ao rematar este ano, 42 centros de saúde que teñan esa ferramenta, esa ferramenta tan importante para desenvolver algo no que non podemos estar máis de acordo; os médicos de primaria teñen que desenvolver esa característica.

Tamén acabo de contar as axendas de calidade. Puxemos en marcha axendas galegas de 30 persoas, señora Prado. As axendas de calidade en Galicia teñen 30 ocos. ¿Sabe por que non teñen 30 pacientes despois? Porque a xente vai ao centro de saúde e pide cita, e nós o que se nos ocorre é que o PSX poida orientar esa demanda cara ao persoal máis adecuado. ¡Claro!, unha cuestión que a vostede lle suxeriu un *meme* cun robot, queremos robotizar a atención... Non, mire, é xustamente por iso, non sei se en Francia o teñen ou non, pero noutros países hai un sistema que, cando a xente chega ao centro de saúde, alguén ordena ese tráfico, e iso queremos facer. Xa vexo que no caso do XIDE, igual que dicía que o PSOE o apoia, vexo que o Bloque fai bromas fáciles de que imos robotizar e facer un algoritmo. Precisamente, queremos iso, que a xente vaia de xeito ordenado aos centros de saúde, de xeito programado, e que os médicos teñan, precisamente, eses 30 ocos de axenda que queremos para eles, para as matronas, para as enfermeiras, para todo o mundo. Por iso, como dicía —outra das cousas que debeu pasar sen pena nin gloria— é que temos implantados axendas de calidade en todas as categorías.

A categoría voulle explicar o que significa, señora Prado. Cando eu digo FEA de atención primaria non estou negando que sexan especialistas, a estas alturas, é que isto... é que se chama así, a categoría chámase FEA, igual que se chama FEA a categoría de hospital. Nos hospitais hai FEA que son especialistas e agora en primaria hai FEA que son especialistas, porque a categoría antes non se chamaba FEA, é un tema de nome e de recursos humanos. Espero tello aclarado.

Di o señor Torrado que pedimos tarde esas 64 prazas de MIR. Pois mire vostede, o Ministerio de Sanidade, cando convoca as comunidades autónomas a falar do sistema de acreditación de novas unidades —que ao final non se falou diso, tamén hai que dicilo—, convócaaas xusto o día que remata o prazo para presentar solicitudes. Co sistema actual nós tiñamos 142 prazas e había pouca marxe máis, precisamente porque non temos ferramentas, como dicía, para planificar en centros máis pequenos ou con outros titores.

Como digo, o tempo xa pasara, señor Torrado, cando o Ministerio nos dixo que se podían presentar máis, e non lle deu a gana de incorporalas. É unha decisión deles, efectivamente, pero vostede, como portavoz de Sanidade do PSOE, ten que escoitarme.

As condicións, bueno,... eu creo que queda claro que non son condicións de estabilidade das prazas. Acabo de poñer varios exemplos, dos que, repito, non teño ningún tipo de resposta. Non é un tema de cartos, o salario medio dos profesionais de atención primaria galego, señora Prado, non está, despois da carreira profesional, nese rango. Eu, se me permite, tendo incorporado o ano pasado un 3 % de incremento retributivo en atención primaria, e un 3 % de incremento retributivo deste ano para chegar a ese 6 %, cando se me di que non lles pagamos aos profesionais, non vou calar. Vostede, ao mellor, si, pero eu non. Eu vou defender



o esforzo presupostario que fai a Xunta de Galicia, porque os médicos e todos os profesionais de atención primaria e de todo o Servizo Galego de Saúde, neste ano e no anterior, teñen un incremento retributivo. Claro que o teño que dicir, porque vostede está dicindo que non se teñen en conta as condicións, claro que teñen dereito á carreira profesional, claro que si. Pero este goberno foi quen, do ano pasado a este, de facer ese incremento retributivo do 6 %, e seguiremos facendo todo o que estea na nosa man para seguir incrementando. Estamos, como digo, neste momento, negociando na Mesa Sectorial o incremento retributivo a esas persoas, ás que, volvo dicir por terceira vez, lles agradezo tremendamente ese esforzo final que fan, que o levan facendo moito tempo, e agora imos recoñecérllelo máis aínda a nivel económico con esa negociación que estamos a facer hoxe.

Os datos falsos... esta é unha cuestión de estilo. Eu, cando a ministra nos dá os datos, non os cuestiono, cando me di o número de médicos que hai en Asturias ou que hai en Galicia non se me ocorre dicir que, ao mellor, ese informe está manipulado ou que teño que crelo. Pois, mire, eu veño aquí coa mellor das vontades, coa mellor da transparencia, a ofrecer os datos que teño, e invítoos a vostedes a que veñan comigo á fonte dos datos, os sistemas de información sanitarios do Servizo Galego de Saúde, a auditalos, se queren, internamente, externamente, como queiran. O dato é terco. A min gustaríame que o cen por cento dos cidadáns galegos tiveran unha cita para hoxe mesmo, ¡claro que me gustaría! Pero non teño médicos suficientes para facer iso, e como non teño médicos teño dúas alternativas: ou formar máis ou intentar que o resto dos profesionais lles axuden, e estamos facendo as dúas cousas. Aínda con todo iso, o dato que acabo de ofrecer é real, é certo, e dígolles a vostedes que demostren o contrario. O dato real é que ao 87 % dos galegos que pide hoxe unha cita lle sae para menos de catro días. Esa é a realidade; e non digo o cen por cento, digo o 87 %, hai un 13 % —síntoo— que coincide así, xa nos gustaría a todos que fora o cen por cento.

Polo tanto, seguiremos traballando nesas medidas, nas que nos competen a nós, que, volvo repetir, as trasladei aquí, as detallei polo miúdo, contei o estado de cada unha delas, os plans locais de saúde, o XIDE, o CRM 100 —ese problema que tiñamos, afortunadamente, vexo que vai cambiando—, o problema de accesibilidade dos pacientes, que non eran capaces de falar cos centros de saúde e agora mesmo, como digo, unha porcentaxe moi alta dos pacientes teñen este sistema e reciben a devolución da chamada. E seguiremos traballando para que sexa o 100 %, como dicía antes. E seguiremos traballando —insisto— no que son as nosas competencias e no que son as competencias dos demais. E as competencias dos demais,... insisto, a única competencia que ten o Ministerio de Sanidade na atención primaria de hoxe —pode buscar outras, pode intentar ocupar ocos que non cubriría doutro xeito— é a acreditación de prazas. Os cartos para formar os médicos é cousa nosa. Acabo de dar un dato aquí hoxe que creo que é importante: 63 millóns de euros gasta o Servizo Galego de Saúde en formar especialistas.

Seguiremos e queremos gastar máis, queremos ter unha proposta extraordinaria onde tanto nós como o resto de comunidades autónomas fagan un esforzo extra por formar a todos eses médicos que, como vostedes ben saben e din, se van xubilar nos vindeiros anos. Claro que o sabemos, perfectamente. Sabíámolo no ano 2015, cando prolongamos a idade de xubilación, e grazas a iso hoxe temos médicos por riba dos 65 anos axudando, efectivamente. Sabíámolo



no mes de xaneiro, cando o Ministerio nos habilitou para poder recuperar a parte deses médicos, 75 en primeira instancia, hoxe 40, que están traballando connosco, cobrando o seu soldo de médico e facendo funcións de apoio. E seguimos aplicando ese criterio cando pasamos das 106 prazas que acabo de dicir, que son as que remataron no mes de maio deste ano, ás 142 dos que entraron este ano e as 206 que quixeríamos ter este ano tamén. E seguiremos facendo o que nos corresponda para que na convocatoria do ano que vén. Non na do 2024, señor Torrado, e se vostede, que é portavoz de Sanidade do PSOE, ten algo en que pode axudarnos, axúdenos a que esas prazas MIR non sexan para o 2024, sexan para o 2023, polo menos.

E seguiremos, como lles dicía, insistindo nese esforzo formativo, presupostario, de condicións, de organización e de valoración dos titores. Por suposto, os titores para nós son unha peza fundamental, polo menos neste sistema actual que temos, onde todos os médicos de primaria pasan por este sistema. Nós queremos cambiar o modelo de formación, cremos que non teñen que estar dous anos dos catro que pasan de formación na atención hospitalaria. Creemos que ten demasiada carga a atención hospitalaria na formación dos médicos MIR de familia. Queremos que estean con máis médicos de familia, ademais dos titores. Queremos facer cambios, queremos que eses cambios e as 20 medidas se poidan, polo menos, discutir e xa, miren, se non se discuten, que canto antes se cambie o modelo. Necesitamos unha convocatoria numerosa, extraordinaria, de prazas de médicos MIR de familiar e comunitaria. Garantindo, iso si, as condicións que estableza a Comisión Nacional da Especialidade e as sociedades científicas, quen sexa; pero non podemos seguir sacando 106 prazas. Non podemos, é inasumible iso. E se ademais a iso lle engadimos a especialidade de urxencias por fin, teremos máis capacidade de formar, porque todos os médicos que queren facer urxencias, agora están indo pola vía MIR. Se o Ministerio, igual que fixo coa psiquiatría infantil, dera un xesto de novo nas súas competencias de posibilitar esa especialidade, gañaríamos 14 ou 15 prazas de medicina familiar e comunitaria, que supoño que serían as que acreditaríamos en medicina de urxencias.

En definitiva, insisto, nós imos seguir co noso traballo nas competencias que son nosas. E, insisto, hoxe dei aquí conta do traballo que estamos a facer e seguiremos, como non podía ser doutro xeito, pedíndolle a quen ten competencias nun punto crítico, que as asuma.

E, dende logo, moi mal o estamos facendo nesa teoría súa, señora Prado, de que o que queremos é que a xente vaia á privada. Porque o sector privado di que Galicia é onde menos penetran. Por algo será.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Modificación da orde do día

Tal e como se anunciou, substanciamos agora unhas alteracións na orde do día. En concreto, será unha interpelación e dúas preguntas ao conselleiro de Sanidade.



Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, xa que continuamos con esta comparecencia prolongada, vostede sostén que nove de cada dez galegos poden pedir cita en menos de 4 días. Eu, normalmente, non lle discuto os datos se vostede dá unha fonte. É certo que esta choca coa percepción, é o único que traslado. Quedei coa dúbida, de verdade, quedei coa dúbida de se vostede ten agora mesmo dispoñible unha cita en menos de 4 días ou non, pero é unha cousa persoal que tampouco ten por que contar aquí. Dígoo porque, como contemos todos os que participamos no debate, xa me resultaba curioso saber se había algunha asociación. Pero invítooo a que consulte e que nos diga se ten dispoñible unha cita en menos de 4 días ou non, sería interesante. E segue a proposta para que os 75 o fagamos... Estatisticamente non sería totalmente representativa, pero ben, 75 ten algunha marxe de confianza. Podería ser interesante, en todo caso. Hai unha distribución territorial razoable, en fin, non estaría mal.

Pero vostede plantexa algunhas cousas que tampouco lle podemos aceptar. Algunha si, que normalmente sempre o facemos. Trazábame vostede, iso si, é moi curioso... Señor Puy, ¡que alegría velo no Parlamento —perdóeme a interrupción—, non o vira antes!, ¡Que alegría ver o señor Puy no Pleno!

Plantexábame vostede, señor conselleiro, unha cuestión. Agora que xa descubrimos que era o conselleiro de Sanidade e que pode tomar algunha decisión, a ver se agora conseguimos orientar cal pode ser que poida ser oportuna. Dime que non lle contestamos a unha pregunta, á pregunta sobre que opinamos sobre as 106 prazas. Curiosamente, dime iso e sete palabras despois lembra que votamos en contra. E lembra por que votamos en contra. Digo eu que é bastante complicado dicir «non vos posicionastes nun tema» e sete palabras despois —que as contei— dixo que xa votaramos en contra. O de posicionarse co voto é un tema que nós temos, para nós, como un algo importante. Dígoo porque, se aínda di que non se posicionou o Partido Socialista sobre un tema que xa votou en contra, igual é que si nos posicionamos, o que pasa é que vostedes igual non escoitan a ninguén, que isto pode ser. Que están tan convencidos de ter toda a razón que non escoitan a ninguén.

O que si non lle escoitei eu foi explicarme por que o Partido Popular non implantou a especialidade en urxencias. Ou que pensa vostede de que Galicia deixara de pedir 151 prazas MIR en familia na última década. Aínda non llo escoitei, pregunteillo varias veces. Volvo insistir outra vez: ¿Que pensa vostede de que 151 profesionais dende o 2009 foran renunciados por Galicia, que podían convocar e Galicia decidiu non convocar en medicina de familia? Estaría ben saber que opina, porque son 151, non como os deste ano, que os veremos dentro de catro, que sempre estará ben, senón son 151, que xa estarían, xa estarían. E son datos oficiais que vostede ten. Convocatoria posible, convocatoria feita. Cada ano sempre hai aí un *gap* que non se cubría. ¿Por que decidiron iso? É o seu goberno, vostede estaba xa na xestión. Eu estaba na universidade, vostede estaba xa na xestión. ¿Por que decidiron non convocalas? Algunhas



na área que vostede dirixía. Vostede decidiu non convocar prazas de primaria na súa área. ¿Por que? ¿Sobrábanlle? ¿Non era necesario, non se deron conta do paso do tempo? ¿Por que? Estou interesado en saber por que. E se me explica por que vostedes creron no seu momento que non había que facer a especialidade de urxencias, por que agora consideran que é moi importante. Que é interesante o debate, pero é importante que vostedes expliquen por que exixen agora unha medida que vostedes puideron tomar e non tomaron. Estaría ben.

Tamén estaría ben que me conteste, porque non é a primeira vez que o pregunto, cantas das 106 prazas están adxudicadas. Supoñemos que practicamente todas. Se as condicións son boas, supoñemos que practicamente todas ou todas. Nós desexariamos que todas. Podemos non estar de acordo co formato, pero se podemos incorporar máis profesionais, cantos máis mellor, sempre.

Por tanto, o que plantexamos son varias cousas que vostede non contestou. Fíxese que vostede nos demanda, vostede comparece para facer preguntas. Está ben, pero algunha resposta de vez en cando tamén estaría ben recibir. Algunha, tampouco lle pido... Quero dicir, isto é o Parlamento de Galicia e isto é o Goberno do PP, tampouco é un costume que respondan a moito. Pero se responden a algunha cousa non estaría de máis.

E volvo ao inicio da cuestión. Nós cremos que hai un problema. Temos debatido numerosas veces sobre o modelo, que para nós estivo moi ben nos oitenta e nos noventa, en atención primaria, pero agora necesita un cambio, que ten que ver no específico, que ten que ver cos profesionais, na xestión de persoal hai un problema de condicións laborais. Houbo problema de recortes que nos trae a esta situación de hoxe, onde non temos os profesionais que necesitamos en número, e hai un problema de desprestixio e de malas condicións que non nos permiten, nos impiden, fidelizar. E, por tanto, temos unha dificultade enorme para atraer ao sistema. Vostedes negan as dúas cousas. Cre vostede que o modelo é suficiente e está ben e é óptimo, e que a súa xestión, a súa e a do Goberno en xeral durante estes anos, foi moi boa en temas de persoal e fixeron todo o que puideron. E se iso é así —que nós non o compartimos, porque, polo menos, está ben, intentemos acordar en que estamos en desacordo—, se iso é así, a pregunta entón é: ¿Por que temos o problema que temos? Porque vostede non para de dicir que ben o facemos e que mal o fai o Goberno do Estado. Pero esta é unha cuestión que vén arrastrándose dende hai moito tempo. ¿Por que estamos como estamos? ¿Por que hai menos profesionais dispoñibles en atención primaria dos que existen? Se non é unha cuestión de condicións, que vostede repite constantemente que non é unha cuestión de condicións laborais, que xa llo advertimos, é unha cuestión de condicións, que iso non se transforma unicamente en termos de cartos. Non é unha cuestión de posibilidades, de crecemento dentro do sistema,... fala vostede dos plans de saúde comarcais ou locais para a saúde comunitaria. Si, está moi ben poñelos no papel, pero os profesionais non teñen tempo, que é o que demandan, tempo. Porque non se pode pedirlle a ningún profesional que faga saúde comunitaria se ten máis de 50 pacientes ao día.

Se vostede cre que iso non é un problema de condicións de traballo, entón, ¿onde está o problema? Ademais de dicir: «É que non nos convocaron 64». Olvídase, sempre que fala, dos profesionais MIR, e lembre as catro últimas convocatorias, as máis grandes da historia. Pode responderme tamén por que o Goberno de Rajoy nunca, nunca, moveu as convocatorias.



Unha arriba, unha abaixo, dúas arriba, dúas abaixo, nunca. E este goberno calaba. Pode responderme tamén por que agora lle parece mal que se sobe o 50 % e di non, é que nos dixeron que para o ano que vén. Fixo aí unha broma moi boa co himno do Celta. Todo... a verdade, foi enxeñosa. Fixo unha broma co himno do Celta para meterse co Dépor, todo para dispararlle a un goberno do PSOE. Estivo enxeñoso, voullo recoñecer. Tamén falando do Dépor e falando dun goberno do PSOE en Galicia: vannos ver volver. (*Aplausos.*) Non foi este ano, pero vannos ver volver.

Salvando o debate futbolero, explíqueme vostede que lle parecía que o Goberno de Rajoy non convocara MIR, non os crecera. ¿Parécelle ben? Entón, pareceralle fascinante que se suba un 50 % a convocatoria, pero diso non di nada. Só di que lle parece mal que non incrementemos o 200 %. Mire, estou de acordo, a vostede parécelle mal que os gobernos socialistas non incrementen o 200 % as prazas que vostedes convocaron. Eu digo: vale, vamos intentalo facer. Téñanse un pouco máis de autoestima. Pídenos en cinco anos que crezamos o dobre que vostedes tiraron en dez. Vamos intentalo, pero alégrome dunha cousa: é un recoñecemento da capacidade duns e doutros. Alégrome de que nos exixa iso, sabe que somos capaces e o ano que vén van estar. Tamén entendo que non lle exixía ao Goberno Rajoy as exixencias que poñía este goberno, porque ve vostede que tampouco eran capaces de protestar por nada. Pero sendo ese recoñecemento —e grazas por recoñecer que o fixeron medio tarde—, haberá esas prazas e, por tanto, teremos outra vez a maior convocatoria da historia. Pero se ese tampouco é o problema, ¿cal é? Se vostede, en realidade, non nos di por que temos un problema e por que a xente non quere ir a primaria, porque esta é a cousa. Os profesionais non queren ir a primaria, queren algúns, pero non os suficientes. ¿Por que? ¿Por que non a consideran atractiva? Porque aquí está a cuestión e nós defendemos que é un problema de desprestixio do sistema. A primaria foi considerada unha especialidade menor, durante moito tempo nin sequera unha especialidade, parecía como unha irmá pequena, o que non vale para o hospital vai a primaria. Iso existía, iso era unha percepción real.

Claro, se iso se transmite —que, aínda que non se crea, iso se transmite— a xente que pode elixir non vai a primaria. Se, ademais, as retribucións non son axeitadas, se as condicións son peores, se non teñen capacidade de crecemento, se non teñen capacidade —ou como tiveron ata hai nada, aínda o teñen que vostedes o anuncian moito, pero aínda non— de pedir probas sen ter que pedir permiso, se non teñen capacidade de dirixir equipos, nós cremos que está aí, pero vostedes non. Entón, ¿onde está o problema? ¿Por que non queren ir á primaria? Nós cremos que está aí, pero vostedes non ofrecen ningunha solución.

E nós o que cremos é que o modelo facilita que a xente teña esa mala percepción, porque ¿a que vai hoxe un rapaz ou unha rapaza...? —con 29 anos xa o rapaz ou a rapaza xa non é o termo—, pero alguén que se forma e que acaba medicina de familia e pensa: podo irme a un centro de saúde, vou ter 50 pacientes ao día probablemente, non vou poder facer investigación, non vou poder facer saúde comunitaria de verdade, vou estar saturado de tempo e vou ter que dedicar un terzo do meu tempo a escribir no ordenador porque o sistema non me dá administrativos, ¿ou é que tamén faltan administrativos?, para poder cubrir o tempo que eu dedico ao ordenador e non podo estar mirándolle á cara ao paciente que teño diante. Cousa que todos os que pasamos por unha consulta de primaria sabemos que é así. ¿Por que van querer ir a primaria se esa é a situación? ¿Se van ter que pedir permiso para facer probas



para as que están capacitados de designar que é necesaria? ¿Por que van ir a centros de saúde que necesitarían ter moitos máis fisioterapeutas, pero que nos pasamos sete anos sen convocar? Ou centros de saúde en Galicia que non teñen podólogos, como si teñen ou están incorporando noutras comunidades autónomas, por exemplo Cantabria; para que os profesionais teñan ademais que facer traballo en podoloxía, que poden facelo, pero que habería especialistas mellores. Que poderíamos distribuír máis, vostedes queren implantar un sistema de triaxe. E nós dixémoslles: nós levamos anos dicíndolles que o sistema de triaxe en primaria pode estar ben incorporado, pero hai que ter profesionais para levalos. Imos orientar: vostede necesitaría unha consulta do podólogo. Bueno, non hai podólogos. ¡Fantástica a triaxe! Xa detectan cal é o problema. Pois nós o que propoñemos é un sistema moito máis disciplinar...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...que sexa capaz de integrar a necesidade e a demanda que existe hoxe en día. E o problema cos médicos está nas condicións, por iso non queren ir á primaria; e se non déanos unha alternativa de resposta. Porque, se estamos equivocados, se hai outra alternativa de resposta a esa pregunta, poderíamos atopar solucións, pero a solución para vostede é dicir: nós estámolo facendo ben. Isto é como o dos amigos, cando rompe algún xarrón, eu teño un amigo que sempre di «eu non fun», vale, pero ¿quen foi?, ¿cal é o problema? E se vostede é capaz de responderme a iso, igual podemos construír algo.

Nós cremos que está nas condicións laborais que vostedes implantaron cos recortes, sorrindo moito cando se implantaban, víndose moi arriba cando se implantaban, presumindo de implantar os recortes, agora pagamos as consecuencias. Dígame unha alternativa. Se non é iso, pode ser que cheguemos a algún acordo entón.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bos días de novo.

Presidente.

Señor Torrado, por centrar... Bueno, eu o único que podo agradecer desta interpelación é que leve tanxencialmente un tema non tocado nas últimas dúas horas. Entendo a interpelación e vou tratar de adaptarme ao tema que vostede plantexa, que é o da formación MIR.

Mire, os datos son tercos e, efectivamente, dende o ano 2009 ata o ano 2017-2018 o Goberno galego soamente cubriu o 80-90 % das prazas MIR acreditadas en medicina familiar e comunitaria. É certo, ten vostede razón, pero é que no bipartito era do 70 %, señor Torrado. *(Murmurios.)* ¡Catro anos! Vamos ver, ¿vostede sabe cantos médicos de familia deixou de formar o bipartito? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non.



Non, home, máis, ao 70 % saen máis. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Saen máis. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, o que quero dicir con isto é que, a ver, moitas comunidades autónomas... Bueno, primeiro, aquí hai un punto de partida, que sen ser eu experto en atención primaria e sen querer selo —vexo que vostede é moito máis experto ca min— e analizar e detallar os motivos dunha situación tan complexa como esta, eu non me vou atrever; iso, como digo, déixoo para vostede ou para o seu portavoz, que é o que o fai alegremente.

A situación da atención primaria é moi complexa e ten seguramente moitas fronteiras, e igual ten tantas definicións ou diagnósticos como persoas hai implicadas nisto. Unha cousa que eu vou vendo co tempo é que hai que adaptar os problemas ás persoas que os teñen, non hai solucións xerais nin variñas máxicas e, especialmente, neste ámbito da atención primaria. Ou iso que di vostede de que non se teña unha mala imaxe, eu non vou nin sequera case a repetilo.

A atención primaria no Estado español e en Galicia tivo sempre unha moi boa imaxe, e foi e é un luxo poder ter este modelo de atención primaria. ¿Temos que facer reformas? Por suposto. Por suposto que temos que facelas. Reformas que non veñen nin de cinco anos nin de dez, probablemente veñen de moito máis tempo atrás. Pero hai un punto fundamental na situación da atención primaria que é, precisamente, ese éxito que tivo. E é que moitísimos profesionais entraron neste modelo tan exitoso ao mesmo tempo e, por desgraza, van saír case ao mesmo tempo todos, ese é o problema fundamental. Logo podemos entrar en moitas discusións.

Mire, fala vostede da petición de probas. Mire, voulle dar unha cousa boa: foi o bipartito no ano 2007 o que fixo unha instrución para que os médicos de primaria puideran pedir probas, a instrución 7/17, curiosamente. E dende entón os médicos de primaria poden pedir probas, ¿todas? Non, isto foi hai un mes, cando decidimos que se abre e piden todas.

Levamos moito tempo traballando en que os médicos de primaria teñan mellores condicións asistenciais, unha delas —discutible e criticable— é —fíxese vostede— facer xerencias integradas, onde o médico de primaria se sente na mesma mesa co médico de atención hospitalaria e discutan de igual a igual e fagan protocolos; e que o médico de primaria sexa o eixo vertebrador da atención sanitaria. ¡Carai! Vertebrador, ¿sóalle, señor Torrado? Un documento presentado polo Goberno da Xunta de Galicia no ano 2019.

Levamos moito tempo tratando de poñer medidas para que os médicos de primaria teñan as mellores condicións de traballo, por unha banda; tamén no ámbito retributivo, tamén no ámbito laboral. E por iso ofertamos 106 prazas, aos MIR que rematan, en propiedade (*Aplausos.*), para que non sexa un problema de condicións laborais. Cando digo que lle pregunto por esa medida eu veño aquí contar as medidas que fai o Goberno galego. Unha destas é a máis importante, e vostede non me di nada dela. E, efectivamente, ten vostede razón, xa votou que non, non ten nada máis que dicirme, non apoia esta medida e, polo tanto, ten razón. Eu ás veces insisto a ver se alguén cambia, pero vexo que no seu caso non hai maneira.

Bueno, volvendo ao tema da interpelación e por non estender o debate máis do que xa se comentou antes. Nós temos un sistema de formación MIR baseado nos titores. Eu, efectiva-



mente, sendo xestor intentei convencer a moitos titores de aumentar as prazas de formación MIR. E o que me atopei, con boa lóxica por parte deses titores, é que o modelo de acreditación de prazas MIR non permitía facer o que eu pretendía facer. No 2018 conseguín —naquel caso en Ourense— que se puideran ofertar as 11 prazas dispoñibles que había na provincia de Ourense, na área sanitaria de Ourense naquel momento, no ano 2018. Xusto no momento no que todos os conselleiros de Sanidade do Consello Interterritorial —os do PP e dos do PSOE— por fin se puxeron de acordo en que había que mudar o sistema de acreditación. E incluso a ministra por aquel momento de Sanidade aceptou esa proposta e escribiron en abril de 2018 un compromiso de varias cousas, pero esta especialmente: modificar o sistema de acreditación para facelo máis áxil e máis flexible. Porque, curiosamente, o informe da catedrática Beatriz López Valcárcel do ano 2017 xa dicía que no ano 2024 ou 2025 teríamos un problema de prazas de atención primaria. Con ese informe encima da mesa todos os conselleiros de Sanidade —do PSOE, do PP, do PNV, de Convergencia daquela— puxéronse de acordo en que había que mudar o sistema e, digo, o Ministerio aceptouno. ¿Que pasou en maio de 2018? Creo que todo o mundo o sabe, que houbo un cambio de Goberno e o Goberno que colleu ese compromiso, ¿que fixo con este compromiso, señor portavoz de sanidade do PSOE? Vostede sábeo perfectamente: nada, non fixo nada, non fixo nada nestes catro anos que teñen pasado. Nin modificou as condicións de obter prazas acreditadas, nin cambiou os criterios dos titores... non fixo absolutamente nada un ano máis outro. ¿Que fixo Galicia nese tempo? Pois pasar do 90 % das prazas acreditadas a incrementalas progresivamente, ata chegar este ano ás 206.

Mire, señor Torrado, o señor Sánchez no incremento de prazas MIR en Galicia non tivo nada que ver, nada, absolutamente nada. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero voulle explicar por que, señor Torrado, voulle explicar por que. Porque o sistema de acreditación de prazas de atención primaria é do ano 1995, o señor Sánchez estaría xa no Parlamento Europeo pero non tivo nada que ver nisto; e de 1995 a hoxe non fixo nada, absolutamente nada. ¿Quen fixo algo dende o 2018 ata a aquí —é máis, dende o 2009 empezou a incrementar as prazas que tiña— e puido pasar desas 88 prazas que había cando gobernaba o bipartito ás 106 que rematan no mes de maio? ¿En que ano empezaron? No 2018. De 88 pasamos a 106. E aí o señor Sánchez, ¿que fixo?, ¿pagou a formación? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Aumentar o que? ¿Que convocatoria, señor Torrado? A convocatoria das prazas... a ver, voullo explicar, que ao mellor non o sabe. Voullo explicar. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, pero parece que non.

Hai uns criterios para acreditar prazas que os fixa o Ministerio, ¿vale? As comunidades autónomas din: eu quero acreditar este centro. Se cumpre as condicións, que son automáticas, o Ministerio di si; iso si, para facilitar as cousas, abre tres días de petición de prazas acreditadas, non vaia ser que pidamos de máis. Di «ábrese o prazo», «cérrase o prazo», e aí metemos as solicitudes. O Goberno galego meteu solicitudes cumprindo as características do ano 1995, e o Goberno do señor Sánchez di: estas acreditacións cumpren, autorízoas. ¿Quen financia esas prazas? O Goberno galego, 63 millóns de euros en prazas de formación MIR, tanto de médicos como de enfermaría. ¡O señor Sánchez non fixo nada! O señor Sánchez o que tiña que ter feito no 2018 era coller ese criterio de poder ter máis prazas acreditadas, e hoxe podíamos ter ao mellor 200, 250 ou 300, nós e o resto de comunidades



autónomas. Entón, vale xa, porque isto, ademais, é o discurso da ministra: é que xa aumentamos as prazas. ¡Non aumentaron nada! En atención primaria non fixeron nada, señor Torrado, absolutamente nada. ¿Que queren que lle digamos agora?, ¿que o están facendo moi ben? Non, non fan nada; é máis, empeza a ser sospeitoso que non queiran facer nada, porque pagamos nós as prazas, convencemos nós os titores para que collan máis MIR. ¿Que fai o Goberno?

Eu, bueno,... a súa pregunta era na interpelación: ¿cando se deron conta? Dende hai moito tempo nos estamos dando conta, cando vimos que moita xente se ía xubilar no ano 2022. É máis, viuno o Goberno no informe de Beatriz López Valcárcel, como o volveu ver agora. Hai uns meses tivemos a ocasión de ter en Galicia a reunión da Ponencia de Recursos Humanos do Consello Interterritorial, precisamente no meu despacho, coa ministra. A doutora López Valcárcel volveu ofrecer os datos, e volve saír que hai que facer algo urxentemente nas bases de atención primaria. Pasaron xa catro meses, mañá —como digo— vou ao Consello Interterritorial, ¿sabe cantos temas de atención primaria hai na orde do día? Cero, ¡cero! Pois seguiremos esperando a maio de 2024 a ver se nos autorizan, co modelo actual, algunha praza máis. E a ver se convencemos a algún titor para que, en vez de coller un residente, colla dous. Isto non pode ser así, temos que cambiar o modelo de formación, dio todo o mundo, dino as sociedades científicas, dino os colexios de médicos, é máis, dino os conselleiros de Sanidade do Partido Socialista Obreiro Español, que hai que cambialo. Eu invítoos a que veña mañá comigo escoitar a todos os conselleiros —o de Asturias, por exemplo— dicir que hai que cambiar o sistema. Veña mañá mesmo. Entón, bueno, eu non sei a que estamos... pois estamos esperando probablemente algúns a que, canto peor vaia, mellor. Iso, probablemente, é a única explicación: canto peor vaian as cousas, mellor.

Nós, como digo, imos seguir traballando. Pediremos máis prazas MIR e seguimos pedindo que se cambie o sistema de acreditación de prazas MIR.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica. Señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Ben, conselleiro, mañá, entón, no Consello Interterritorial podemos falar de moitas cousas, está ben. Vai ser moi interesante o Consello porque, ademais, vostedes van recibir unha inxección bastante importante de cartos polo Plan Invert, para que o poidan dedicar aos cartos que van dedicar á tecnoloxía para a atención primaria, por exemplo. Entón, bueno, eu creo que xa non lle gusta tanto.

Agradézolle que me recoñeza por fin —non foi sen tempo, jeh!— que vostedes convocaron menos prazas das que podían durante a década pasada. É curioso porque despois dime que o bipartito... bueno, que o bipartito, o do bipartito é fabuloso; o bipartito vale para todo, isto é marabilloso, pero é que, ademais, non é culpa do señor Sánchez. Entón, entendo indirec-



tamente —non lle vou pedir que o explicita— que, como o señor Sánchez non fai nada agora e non ten ningunha responsabilidade sobre a convocatoria do MIR, mantivéronse ata o ano 2018 e empezaron a subir aí por ciencia infusa. Foi unha casualidade, como di aquel, chegou outro Goberno e empezaron a subir, pero non foi cousa do Goberno do Estado. É curioso, porque se non llas convocan é culpa do Goberno do Estado, pero se si as convocan non é mérito do Goberno do Estado, que iso si que daba para ciencia infusa. Entón, indirectamente —ou bastante directamente—, vostede o que está é acusando os gobernos do PP en Galicia de non convocar prazas. ¡Acláreseme!

Quero dicir, fíxese, eu voulle deixar escoller o criterio. Poña vostede o criterio que queira —sexa verdade... a min dáme igual xa—, poña un criterio: ¿quen é o responsable de que en Galicia non se convocaran 151 prazas MIR durante a década pasada, do 2009 ao 2018 exactamente, que podían ser convocadas e non se convocaron?, ¿quen é o responsable? ¿Tourinho? ¿González Laxe? ¿Pedro Sánchez? —que non era presidente—, ¿algún comisario europeo, socialista por suposto? ¿O señor Álvarez? ¿Quen foi o responsable? E a pregunta máis alá é: ¿por que non se convocaron? Vostede, recoñecendo agora que non se convocaron, supoño que poderá dar unha resposta.

Plantexelle varias cuestións sobre o modelo de primaria e vexo que non lle interesou entrar no debate. Eu tamén o entendo, porque é moi difícil que vostede plantexe unha alternativa sen darnos a razón. Dixo unha cousa moi interesante, iso si: «as xerencias integradas fixéronse para sentar na mesma mesa a atención hospitalaria a primaria». ¡Mentira!, coas xerencias integradas a atención primaria desapareceu das xerencias, desapareceu. De feito, o cambio estrutural máis importante nas xerencias, a partir de 2012, é que existía unha xerencia de atención primaria e agora non hai. E é unha reivindicación, vostede sabe que é unha reivindicación importante que exista esta representación. ¿Por que? Para garantir o peso da atención primaria nas estruturas da dirección, porque ao non estar ten unha perda de protagonismo e ten un desprestixio, si, entre os profesionais sanitarios. Vostede pode intentar quedar ben para dicir ou para contar, que bueno, que todo moi bo, facer un bo titular, esta cousa da política moi clásica de non dicir unha frase que se poida... A realidade vostede sabe cal é: no sistema sanitario, entre os profesionais —e hai aquí profesionais sanitarios que, ademais, cando estaba contando eu antes, e cando o conto habitualmente, asenten coa cabeza, vostede non o pode facer, pero é así— existe e existiu moito tempo unha consideración menor sobre a atención primaria, inxusta.

Hoxe hai algún cambio sobre isto, pero son lentos. Pero, ¿por que existiu un desprestixio? Porque o sistema, e vostedes son responsables de dirixilo, estivo desprestixiando a atención primaria. E, polo tanto, non podemos convencer a ninguén de que vaia a unha parte do sistema que está desprestixiada existindo outras que teñen moito máis... son máis chamativas. ¡Se isto é unha parte, non única pero importante do sistema, non única pero importante! Vostede di, iso si, creo que o apuntei: «eu non me vou atrever a expoñer os motivos dos problemas de atención primaria».

Pensei que conseguira isto, vou empezar polo principio.

Señor García Comesaña, vostede é o conselleiro de Sanidade, igual estaría ben que puidese ter unha opinión sobre cal é o problema da atención primaria. Ninguén lle pode exixir que



sexa certa, sería interesante que fose, pero ninguén lle pode exixir infalibilidade, pero, ¡home!, unha posición estratéxica sobre cal é o problema e, polo tanto, cales son as medidas a tomar si que se podería exixir.

Vostede,... non, é que eu disto non sei. Se eu o teño por un conselleiro que analiza as cousas, que plantexa, que consultará, que terá o seu equipo e, polo tanto, terá unha posición, podemos discrepar da posición pero terá unha opinión. Levamos toda a mañá falando de atención primaria e chega aquí a dicir «non, eu non me vou atrever a dar unha opinión sobre cales son os problemas de atención primaria». Non sei se era porque era a primeira parte e non quería que lle contestase e agora de repente vai ter opinión, ¡cinco minutos valéronlle para construíla! Pero é importante que teñamos unha posición, porque vostede non para de falar do bipartito, Pedro Sánchez,... todos malísimos, todos. Pero a cuestión está en que se o problema para vostede non son as condicións laborais, non é a falta de dinamismo do modelo de primaria, a falta de novas categorías laborais, se o problema non está na xestión de recursos humanos, ¿onde está? ¿Por que os profesionais se queixan diso? Se é que non teñen razón díganos por que. ¿Por que os profesionais o que demandan é máis tempo, que non teñen, por que a atención primaria hoxe en día ten menos atractivo para os profesionais, que teñen outras áreas do sistema...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e, en realidade, por que imos camiñando cara a un problema que se vai facendo máis grande? Vaise facer máis grande, porque as análises non son do 2018, hai que ser menos adanistas. Levamos 20 anos tendo análises dos problemas que iamos ter co volume de profesionais, porque as análises que fan os especialistas en economía das saúde lévanse facendo desde os anos 90. Polo tanto, xa sabiamos hai moi tempo onde vai acabar isto se seguimos por aí. Pero vostedes pasaron dez anos sorrindo moito, recordando en sanidade, e agora deben facer parecer que este problema apareceu de repente e non sabemos cal é a explicación. E así mala cousa imos resolver.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peché da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Aínda que non quería, vou ir un momentinho á comparecencia para refrescar un par de datas, e unha importante é o do 2018. Efectivamente, señor Torrado, no 2018 o Goberno da Xunta, cun grupo de profesionais importantes, creo que foron 150 profesionais de primaria, estableceron o Plan galego de atención primaria 2019-2021. Froito dese Plan galego de atención primaria —teño que recordar que o do Ministerio foi unha cousa feita a toda présa en 2019, sen consenso, pero un ano despois—, nese Plan galego de atención primaria estableceuse, nada máis e nada menos, que incorporar 80 profesionais de atención primaria neses tres anos. Era evidente, os datos así o reflectían, que tiñamos unha problemática de atención primaria que había que abordar. E por iso o Goberno galego fixo ese plan no 2018, hai catro anos, e despois, no 2019, fixo non só un plan de



números senón de concepto, e introduciu, creo que por primeira vez, o concepto de atención primaria como vertebradora, cando daquela algúns falaban de porta de entrada, unha cousa que, vostede que sabe moito de primaria, sabe que enerva os médicos de atención primaria, pero algún, por certo, séguelo utilizando a día de hoxe. Non é a porta de entrada, a atención primaria, é o eixe vertebrador. Pois no 2018 démonos conta todos —insisto, os conselleiros socialistas das comunidades autónomas— que había que facer algo coa atención primaria. E en Galicia, a partir do 2018, empezamos a tratar de convencer as unidades docentes para ir ao cen por cento da capacidade. Eu podo contarlle a miña experiencia persoal —dicía antes— en Ourense para facer isto. E teño que dicir que conseguín que todas as unidades docentes de Ourense foran sensibles á situación que se viña diante e pasamos de 8 a 11 médicos de primaria. E a partir de aí seguimos, señor Torrado, seguimos aumentando dentro, dese marco tan rixido do ano 1995 insisto, das unidades docentes, a aumentar. E ese é o motivo porque no 2018 todos, todas as comunidades autónomas empezamos a aumentar. Antes non, pero antes non... tamén incluso no bipartito, que, repito, estábamos no 70 % das prazas. ¿Que pasa, que no bipartito non se vía vir isto?

Mire, eu claro que teño a miña opinión do que pasa coa atención primaria, pero unha opinión que canto máis falo cos médicos de primaria ou co resto de categorías e o resto de especialistas doutros ámbitos teño menos clara. Creo que é un problema multifactorial onde poderíamos estar, non dúas horas, moitísimas horas falando, e seguramente todos teríamos razón. É unha cuestión de respecto e de oportunidade non poñerme aquí a dicir o que se me ocorra ou, dende logo, o que non vou dicir é que isto é froito dunha mala xestión da atención primaria nos últimos anos, porque non é certo. A atención primaria é un luxo e creo que nin os médicos de atención primaria nin os pacientes do sistema sanitario en Galicia nos últimos anos merecen unha lectura tan sinxela. É moi complicada, moi variable, hai moitos factores, como digo, e, polo tanto, non é cuestión de que non me pille, porque non é esa a cuestión, e espero que para vostede tampouco, senón de respecto a un problema complexo. Hai xente que leva toda a súa vida traballando en atención primaria, volcado, comprometido, tratando do mellor xeito posible os seus pacientes, e hai moitos pacientes que confían e seguirán a confiar, a pesar de todo, na atención primaria. A nosa obriga dende o Goberno é poñer as ferramentas para que poidan facelo nas condicións actuais, como están a facer, e melloralas en todo o posible.

Galicia é unha comunidade autónoma que apostou por algo que agora se empeza a falar noutras comunidades autónomas, que é a historia clínica integrada, compartir información. Sorprenderíalle saber que aínda hai comunidades autónomas onde a información non se comparte entre a atención primaria e a atención hospitalaria.

Galicia apostou polas áreas sanitarias integradas precisamente para apoiar esa integración do médico de atención primaria na atención hospitalaria e viceversa. Aquí non hai uns que gañan e outros que desaparecen. É máis, se fose tan sinxelo, seguramente todas as comunidades autónomas que teñen xerencias de atención primaria estarían estupendamente, ¿verdade que non é así, señor Torrado? Sabe vostede ben que non.

En definitiva, nós seguiremos traballando por que a atención primaria teña, en primeiro lugar, ese compoñente vertebrador, no que cremos. E non o digo eu aquí agora, levámolo



dicindo catro anos cos profesionais. Temos unha comisión de seguimento dese documento da estratexia vertebradora para, efectivamente, que nos guíe e saber se efectivamente estamos cumprindo esa situación. Estamos dando pasos cara á xestión da demanda, os plans locais de saúde, e saen da estratexia vertebradora, señor Torrado.

Nós imos seguir apostando por que a atención primaria teña o lugar que merece, e creo que o Goberno do Estado, e vostede como portavoz de sanidade do PSOE, espero que axude tamén en que o Goberno de Estado asuma ese papel e dote a atención primaria dunha ferramenta fundamental agora mesmo, que é o número de profesionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Substanciamos agora as dúas preguntas:

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis sobre as condicións do traslado dunha paciente do Rosal o pasado 20 de maio

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moi bo día, señor conselleiro.

O pasado 20 de maio, (*O señor Lourenzo Sobral amosa unha imaxe.*) esta imaxe dos sanitarios empuxando unha padiola polas rúas do Rosal, escoltados polos efectivos de Protección Civil e da Policía Local, abría os telexornais de todo o Estado.

E abría os telexornais, señor conselleiro, porque esta estampa evidenciaba tres realidades, tres dramas, que son, dalgunha maneira, eu creo, un reflexo nidio das políticas sanitarias do Partido Popular no Baixo Miño, no Rosal e, polo que vimos de ver, en todo o país.

A primeira destas evidencias, señor Comesaña, é a realidade que se viu naquela estampa: sanitarios, médicos xubilados, policía local, protección civil... todos dando o mellor de si, asumindo responsabilidades que, na maioría dos casos, non lles correspondían, en defensa da atención primaria, en defensa da saúde daquela paciente, namentres vemos un conselleiro de Sanidade que bota balóns fóra, que busca excusas sistematicamente, para non asumir a responsabilidade que si lle corresponde.

A segunda desas evidencias, señor conselleiro, é que os seus recortes poñen en risco as familias do Rosal. Porque vostede sabe coma min que se esa paciente puido ser estabilizada foi grazas ao traballo dunha profesional, dunha médica xubilada, que se atopaba soa naquel momento no centro de saúde porque non había ningún médico máis naquel centro de saúde, pois tiveran que saír a unha urxencia. Unha profesional, a médica xubilada, que non tiña entre as súas funcións adscritas atender aquelas urxencias. De tres médicos que hai no centro de saúde, señor conselleiro, tan só un hai, a día de hoxe, no Rosal.



E a terceira é que a situación da sanidade pública do Baixo Miño, señor Comesaña, é tan grave, leva sendo tanto tempo denunciada pola veciñanza, que xa non atura máis ocultación detrás da propaganda.

Polo tanto, o que aquí queremos preguntarlle, señor conselleiro, é que medidas concretas vai implementar para resolver esta situación. Repetimos, de tres médicos no cupo que hai no centro de saúde do Rosal, hai, a día de hoxe, un.

¿E que fai o PP?, ¿paliar esta situación? Non, manter pechado o consultorio de Tabagón dende hai meses.

¿Que fai o seu goberno, señor Comesaña? Anunciar, o pasado 1 deste mes, que vai desmantelar o segundo equipo do PAC de urxencias da Guarda.

¿Que fai vostede, señor Comesaña? Deixar as nenas e nenos do Rosal sen pediatra dende abril do ano 2021.

¿E que fai vostede, señor Comesaña? Anunciar que durante o verán a cobertura sanitaria vai estar difícil, isto é, deixar sen asistencia nos seus centros de saúde a 6.500 veciños.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Francamente, señor deputado, despois de case xa dous anos neste Parlamento como conselleiro, teño que dicir que sigo mantendo a miña capacidade de sorpresa coa oposición.

Vostede vén hoxe aquí preguntar se ao Goberno lle parece aceptable que unha persoa cunha patoloxía cardíaca estivese nunha sala de hemodinámica noventa minutos despois de que entrara a súa chamada na central do 061.

Vostede pregunta se nos parece aceptable que, incluso nun pico de emerxencias bastante improbable, coas ambulancias do Baixo Miño ocupadas en sendas actuacións, o noso servizo público de saúde sexa capaz de mobilizar un helicóptero en menos de trinta minutos.

Mire, señor deputado, o que me parece inaceptable é que haxa un partido político que teña os poucos escrúpulos de coller o que é, sen dúbida, un exemplo de éxito na sanidade pública galega e retorcelo para intentar, de novo, denigrar o noso sistema sanitario (*Aplausos prolongados.*).

Mire, onte mesmo presentamos a actualización do Progaliam, o Programa galego de atención ao infarto de miocardio. O tempo en Galicia, no ano 2021, de atención ao infarto, dende o electrocardiograma e diagnóstico ata a apertura da arteria na sala, estivo en 99 minutos, o tempo máis baixo dende que temos rexistro. Esa é a realidade obxectiva, por moito que queira vostede xogar a política do medo coa xente, neste caso, do Rosal.



E, por moito que lle amole ao BNG, o 061é único servizo de urxencias e emerxencias sanitarias autonómico que obtivo a acreditación EFQM 500 + en España.

Lamento moito que esta realidade non sexa aceptable para o Bloque Nacionalista Galego. Eu, pola contra, só podo, neste caso, agradecer o bo facer do 061, tanto o persoal sanitario da sala de control que mobilizou os recursos, como o persoal do helicóptero con base en Barbadás, como o persoal das ambulancias que estaban a cubrir outras emerxencias no Baixo Miño.

Doulles as grazas e os parabéns porque o traballo que fan conseguiu que, mesmo nun contexto desa acumulación improbable de emerxencias, a atención sanitaria recibida por esta paciente fora axeitada e fose exitosa. Por certo, creo que está perfectamente esta paciente.

Con respecto ao déficit de persoal médico no centro de saúde do Rosal, teño dado xa moitas explicacións neste Parlamento a vostede mesmo. Pero, ademais das explicacións sobre o contexto, trouxemos aquí solucións, e por iso está en marcha esa convocatoria para adxudicar esas dúas prazas fixas por concurso de méritos no centro de saúde do Rosal.

Quen terá que explicar por que o seu partido votou en contra dese mecanismo legal que vai permitir cubrir estas prazas serán vostedes e a alcaldesa do Rosal. Explíqueno, por favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Fíxese, señor Comesaña, que o vexo nervioso, e non me estraña, *(Murmurios.)* habida conta da estampa que se vén de ver *(Aplausos.)* en todos os medios do país, se esta situación, que vostede vén de cualificar como improbable e obxectiva, que nun mes ata en catro ocasións tivo que desprazarse o helicóptero ao Rosal *(Aplausos.)*, porque vostede sabe que esa realidade ten que darse porque non contan nin cos efectivos sanitarios necesarios nin cos medios técnicos para que este helicóptero non teña que estar constantemente nesta situación.

E vostede sabe perfectamente, por máis que agora vostede queira aproveitarse do bo facer dos sanitarios —si, do 061 e tamén das profesionais do Rosal—, que o que aconteceu foi algo absolutamente inadmisíbel. Unha cama percorrendo as rúas do Rosal, un helicóptero aterrando primeiro no campo de fútbol, como iso implicaba que despois terían que percorrer un quilómetro erguendo outra vez o voo e aterrando novamente nun aparcamento porque non había coches naquel momento, e porque tiñamos unha profesional xubilada atendendo a aquela paciente, se non hoxe estaríamos a falar dunha desgraza fatal, señor conselleiro. Que ante esta escena, que ante esa realidade *(Aplausos.)*, o único que vostede sexa capaz de traer aquí e sacar peito dunha realidade que avergoña a toda a veciñanza do Rosal, non só evidencia cal é a situación de recortes e de indignidade política do Partido Popular, senón que ademais amosa a falta de escrúpulos dun goberno que antepón, unha vez máis, propaganda, propaganda e propaganda por riba da saúde e da atención sanitaria dos veciños do Rosal. *(Aplausos.)*



E isto non é algo que veña dicir aquí este deputado, señor conselleiro. Isto é algo que lle leva lembrando nas rúas a veciñanza do Baixo Miño dende hai meses.

Deixen a propaganda, atendan a sanidade pública do Baixo Miño.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Lourenzo, lamento que non poida dar unha explicación convincente de por que o seu partido, e por que tamén o partido da alcaldesa do Rosal, votou en contra do mecanismo que vai permitir cubrir esas dúas prazas no centro de saúde do Rosal. Porque non só votaron en contra da lei e presentaron a emenda de supresión ao artigo, e votaron en contra da emenda do Grupo Popular que permitía que se cubrise a través de concurso de méritos. É dicir, o seu partido e a alcaldesa do Rosal fixeron todo o posible por evitar por todos os medios que viaamos ter en setembro dous novos médicos, neste caso con praza en propiedade, no Rosal. *(Murmurios.)* Terémolos a pesar de vostedes. *(Aplausos.)*

Dicía que vostedes fixeron todo o posible por evitar que teñamos esas prazas cubertas. Por iso, cando este goberno ofrece solucións a eses problemas, vostedes corren apresurados a intentar evitalas, non vaia ser que a xente vexa as melloras.

E por iso hoxe queren facer pasar por unha sanidade recortada e desmantelada unha que consegue colocar en media hora un helicóptero medicalizado a 200 metros dunha persoa cun problema cardíaco. Iso é o que están facendo vostedes. Se eses 200 metros lles impiden ver o que a nosa sanidade pública é quen de conseguir, e nos outros moitos casos nos que día a día se está a facer, é que vostedes non están a 200 metros, senón a quilómetros da altura necesaria para xestionar a nosa sanidade. *(Aplausos.)*

Fala vostede de que faltan ambulancias. Nunca antes o 061 tivo en Galicia tantas ambulancias como ten agora, nunca antes tivo tanto actividade nin fixo tantos servizos. E doulle datos neste primeiro trimestre do 2022. As ambulancias do 061 foron mobilizadas máis de 75.000 veces, 12.000 actuacións máis que no primeiro trimestre de 2008.

Concretamente, as ambulancias de soporte vital avanzado tiveron un 48 % máis de actuacións neste trimestre que no primeiro trimestre de 2008. E os helicópteros do 061 mobilizáronse 218 veces, o dobre das actuacións que fixeron no primeiro trimestre de 2008. E con esta comparativa de balances en atención das emerxencias penso que podemos rematar un dos lemas que vostedes intentaron inundar de demagogia neste caso.

Vostedes imprimiron carteis sobre este caso que dicían «Poderías ser ti». Pois si, eu dígolles aos galegos e ás galegas que estean tranquilos de que puideran ser eles ou elas os que foron atendidos co noso sistema de emerxencias sanitarias, os que viran como a sanidade pública galega resolve o seu problema de saúde coa maior rapidez e o maior rigor posibles.



Señor Lourenzo, eu non sei que pretende vostede, que o helicóptero aterre encima do centro de saúde...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego acerca de que os concellos engadan factores de atracción para as ofertas laborais e profesionais de atención primaria

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, neste debate que temos hoxe sobre a atención primaria, eu téñolle que recoñecer que lle plantexei que non ofrecía vostede moitas solucións, máis alá de dicir que o fan moi ben, pero é certo que hai algunha que ofreceron nos últimos tempos. Pero téñolle que dicir que nos sorprende a que propuxeron. Falamos do convenio que asinaron co Concello de Sanxenxo para poñer vivendas á disposición dos médicos ou médicas que viñeran cubrir as prazas necesarias.

Non é que nos sorprenda, porque ata o de agora, cando nós demandabamos que en Sanxenxo, nese municipio, había un déficit necesario, vostedes dicían —cito literalmente a conselleira—: «Garántese unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación». Agora debe ser que non, por algún outro interese. Pois agora que vostedes caeron do cabalo ofrecen unha solución que, a verdade, é que desbota calquera tipo de planificación pensada nas necesidades sanitarias da poboación, que é ata onde nós cremos o criterio que debe seguir o sistema sanitario.

Agora non, agora o criterio é que concello pon máis cartos, que concello pon máis oferta. Non sei se isto vai seguir ata crecer ata poñer coche, asistentes persoais, ofrecer tarxeta de compra no Corte Inglés ou algún tipo de ofertas novas que poidan facer os concellos. ¡Delirante, absolutamente delirante! Isto rompe calquera tipo de criterio, vostedes... Vostede mesmo, señor conselleiro, que neste pleno ten debatido abertamente e discutido abertamente que exista competencia entre comunidades autónomas, agora alimentan e asinan que exista competencia entre concellos. Favorecendo a algún en concreto, iso si que é certo. ¡Que curioso!, sempre é o mesmo polo medio.

Pero, en todo caso, hai algunhas preguntas que nos aparecen cando temos que debater isto. Descartado e asumido que o da planificación sanitaria parece que non vai co Sergas, xa que vostedes entraron neste mercado de fichaxes ao efecto futbolero en que están convertendo a sanidade, un erro en toda regra, plantexamos algunhas cuestións de planificación, de legalidade incluso, e permítame despois algunha consideración moral incluso sobre o asunto. ¿Non consideran que é un agravio comparativo con respecto a outros concellos polo feito de que uns poidan ofrecer ou non algún tipo de ofertas ou non? Están dicíndolle en Ourense, o



seu xerente, o xerente da área sanitaria, que os concellos apuren a ofrecer pisos para os médicos. Están vostedes alimentando... é dicir, esta é a proposta que vostedes fan sobre a sanidade, que os concellos alimenten pisos. ¿É este?

Preguntámonos legalmente: ¿quen oferta as prazas? ¿E que condicións se plantexan? ¿Como é posible —preguntámonos— que o Sergas ofrezca unhas prazas con diferentes condicións para, supostamente, o mesmo traballo en concellos distintos? Traducido, ¿como poden ofrecer unhas prazas peores que outras? ¿Para quen son? ¿Serán para médicos que están traballando na sanidade pública noutras comunidades autónomas? ¿É posible isto? ¿Ou só poderán beneficiarse médicos que son da sanidade privada doutras comunidades autónomas? Esta tamén é unha pregunta interesante.

Pero preguntámoslle unha cousa máis para terminar esta pregunta: ¿De quen son as vivendas? ¿Quen escolle de quen son as vivendas? Porque vostedes apuntan e firman que a partir de 32.000 euros de custo paga o Sergas. ¿E se alguén pon vivendas que valen 100.000 euros cada unha? ¿Vai pagar o Sergas? Iso é o que di o convenio, ¿por que?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado. *(Aplausos.)*

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente.

Señorías, señor Torrado, de verdade que é unha gran noticia ver que o Partido Socialista volva interesarse polos criterios de equidade e de homoxeneidade nas actuacións da Administración para a captación de profesionais.

Non é a primeira vez, en abril do ano 2018 —outra vez o ano 2018—, oito conselleiros autonómicos do PSOE votaron a favor dun consenso no Consello Interterritorial de Sanidade. O acordo dicía o seguinte: «Introducir un nuevo artículo 33 bis en la Ley 55/2003 para incentivar la provisión de plazas de difícil cobertura en el conjunto del Sistema Nacional de Salud». O acordo respondía a unha intención de ter un criterio nacional para definir as prazas de difícil cobertura e unha cobertura legal para xustificar os incentivos laborais e salariais nestas prazas.

E o PSOE estaba a favor, impulsou ese acordo e houbo unha ministra do Partido Popular que aceptou asumir esa encomenda e ese acordo aprobouse por unanimidade. ¿Que pasou, entón, para que catro anos despois non saibamos nada daquel acordo? Pois que, un mes despois de aprobalo, houbo un cambio de goberno en España e o novo goberno ignorou os acordos aos que viña de chegar o Goberno anterior, e os conselleiros socialistas que llo pediran ao Goberno do Partido Popular deixaron de pedirlllo ao Goberno do PSOE.

Polo tanto, creo que é unha boa nova que o PSOE rectifique e volva preocuparse por este equilibrio nas ofertas e nos incentivos, porque xusto agora está en trámite unha modificación do estatuto marco.



En canto este anteproxecto chegou á Xunta para alegacións, a primeira que fixemos foi lembrar que podería ser un bo momento para introducir esa reforma legal que os conselleiros do PSOE pediran en abril do 2018 e que o Goberno central do PSOE leva paralizado dende meses despois.

Mañá mesmo temos reunión do Consello Interterritorial, como dicía antes, en Valencia e un dos asuntos é a reforma do estatuto marco. A Xunta vai defender a súa alegación e que se aproveite esta reforma para introducir por fin aquel acordo. Entendo, polo que vostede expresa, que contamos co apoio do PSdeG. Mañá veremos se o Goberno de España fai caso.

É verdade que, como dende 2018 o Goberno central non fixo nada, dende a Xunta si impulsamos algún incentivo. Desde 2019 damos máis puntuación nas ofertas de emprego ao persoal que presta servizos nas unidades comarcais e dende o 2021 dámoslles máis facilidades para avanzar nos graos de carreira profesional. Pero somos conscientes de que temos que ir máis alá. Para iso sería útil ter ese marco normativo común e homoxéneo dentro do que formular eses incentivos. Porque esa é a postura da Xunta, a de defender un consenso e unidade nos incentivos para as coberturas estruturais das prazas. E esa postura segue intacta.

O convenio co Concello de Sanxenxo, como vostede pode ler na súa primeira cláusula, fala de cobertura de necesidades conxunturais. Polo tanto, non ten nada que ver con esa postura.

Dito isto e por curiosidade, señor Torrado, cando un alcalde afirma, sobre un profesional sanitario, que «poderá escoller a casa onde queira e nós alugámola e punto», ¿parécelle que está a romper o equilibrio do sistema?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, señor conselleiro, vostede dedicou 2 minutos 40 a falar doutra cousa —agora vou sobre iso— e 15 segundos a falar disto, para dicir, ademais, que a cláusula primeira inclúe o concepto de estrutural. ¡Mentira!, porque a teño diante —supoño que vostede o sabe— e non é certo. Pódoo ler enteira, pero non teño tempo. Pero, se quere, pódolla deixar.

Pero, ademais, quedounos clara unha cousa da que vostede vai falar agora na segunda intervención, cando non hai resposta sobre o tema de Sanxenxo, para que non lle poida responder, porque vostede está bastante incómodo. Probablemente porque vostede crea que é un delirio absoluto, pero vostede asina iso. Asínao o seu xerente do Sergas, pero indirectamente asina vostede. Ou, o que é mellor, vostede cre que isto é un erro absoluto pero a culpa é de Pedro Sánchez. Ou sexa, que o Sergas asina un convenio co Concello de Sanxenxo para introducir un elemento discriminador, absolutamente discriminatorio entre concellos, e



ademais introducir un elemento moralmente moi reproable na distribución de recursos sanitarios do sistema, e é culpa de Pedro Sánchez. Este é o *columpio* máximo que poden incriminar.

É certo que tampouco me respondeu a ningunha outra das cuestións. Nós plantexamos algunhas cousas que no acordo, no convenio, transmiten bastante inseguridade sobre que está pasando no Sergas. Porque vostede din —leo literal—: «Que se comprometen á xestión da cobertura das necesidades». E preguntámonos: ¿Noutros concellos non? Sería sorprendente.

Comprométense á adopción das necesidades necesarias para o seu correcto desenvolvemento, ¿e noutros concellos non?. Pero incluso a asunción de custos, o custo da implantación do programa piloto —é dicir, que o queren implantar en máis sitios— será asumido con cargo aos recursos económicos da propia área sanitaria, ata un máximo de 32.000 euros ao Concello de Sanxenxo. É dicir —e volvo á pregunta—, se o Concello de Sanxenxo mañá decide que vai poñer 4 pisos ou 4 mansións e o custo total é de 100.000 euros, vostedes asumen 70.000 porque si, para o Concello de Sanxenxo, para poñer médicos alí; ¿e noutros sitios?, que lles dean, que a vostedes non lles importan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Esa é a súa política sanitaria? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da pregunta. Conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Torrado, o que non contesta ás preguntas é vostede. (*Risos.*) A frase que lle lin antes... (*Murmurios.*), na que un alcalde ofertaba a un profesional sanitario alugar a casa que quixera, pronunciábaa en decembro de 2019 o alcalde socialista de Verín (*Murmurios.*) para ofrecer un incentivo de cobertura estrutural das prazas de pediatría no hospital comarcal. Xa non se recorda vostede disto. Como o alcalde de Verín segue de momento no PSdeG, entendo que hoxe a vostede lle parece tan mal; parecerálle, en cambio, perfecto daquela. Sempre e cando se poida utilizar unha campaña política contra o Goberno do PP. Iso si que é mudar de postura á conveniencia, iso si que é incoherencia. E dígolle algo máis e con cariño, iso é hipocrísia. (*Aplausos.*)

O convenio co Concello de Sanxenxo non altera as condicións salariais nin laborais do profesional que opte a unha praza estable nin no centro de saúde nin no PAC de Sanxenxo —que, por certo, non é só para o concello de Sanxenxo—. Polo tanto, non hai ningunha rotura de equidade nin da planificación sanitaria. O convenio do Concello de Sanxenxo ampara unha iniciativa que xorde da Administración local para conseguir reforzos conxunturais nunha época do ano delimitada. Non para ter praza fixa en Sanxenxo —como propuña o alcalde de Verín— senón para axudar a facer un reforzo extraordinario durante tres meses expresamente definidos no convenio. Ademais, o convenio recolle claramente que o obxectivo é captar profesionais con residencia fóra de Galicia, polo que non vai roubar ningún médico a outro centro galego. E xustifica a súa conveniencia polo feito de tratarse dun concello de alta afluencia tu-



rística, o que o diferencia doutros, para incrementar a asistencia, neste caso, ao aumentar a demanda sanitaria, que noutros casos diminúe.

Neste senso, o que nos formulou o Concello de Sanxenxo foi unha iniciativa para intentar que profesionais de fóra de Galicia tivesen máis facilidades no caso de prestarse voluntariamente a asinar contratos temporais para completar durante eses meses como reforzos a plantilla estrutural do servizo de atención primaria e o PAC, que, por tanto, como digo, é para toda a comarca. E, dende logo, nós non imos coartar esa iniciativa do concello nin con Sanxenxo nin con outro que a formule nos mesmos termos. Pero, como di a exposición de motivos do convenio, non descartamos que o modelo poida ser estendido a outras entidades locais que presenten as mesmas necesidades conxunturais. Agardo que entenderá a diferenza e que poida explicarllela aos alcaldes do seu partido. E, por certo, o convenio limita en 32.000 euros ao Concello de Sanxenxo o que pode gastar, o Sergas non vai poñer nin un euro máis nese alugueiro.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e media.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Punto terceiro da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a propiedade veciñal dos montes en man común

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de modificación do terceiro parágrafo

Débase modificar o terceiro parágrafo da moción polo seguinte contido:

«- Que na tramitación da nova lei de montes veciñais en man común, a través da participación pública sectorial, se analicen todas as fórmulas posibles para que en caso de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños se garantan fórmulas de xestión cautelar do monte que dean seguridade e protección os montes veciñais.»



Emenda de adición

Débese engadir un parágrafo novo, que quedará redactado co seguinte contido:

« - Proceder á creación do Consello de Comunidades de Montes Veciñais tal como indica o Ditame elaborado na Comisión de estudo de incendios forestais.»

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Elena Candia López, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de substitución:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. - Tramitar a revisión da Lei de Montes Veciñais en Man Común do xeito máis participativo posible e como un proxecto de lei do Goberno galego.

2. - Incorporar na modificación todas as recomendacións recollidas no Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, que afectan a esta normativa, así como todas aquelas derivadas do proceso participativo que se abre co fin de reforzar a figura dos montes veciñais en man común.»

Ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Eu veño dicindo que nas bancadas do Partido Popular non gostan do tema dos montes. Esta moción, este tema, está absolutamente condicionado neste plenario.

Boa tarde, señor presidente.

Grazas.

Nós, no último pleno, xa cun mes de atraso, quixemos traer a este hemiciclo o debate sobre as liñas mestras que deben rexer, ou que ao noso modo deben rexer, a necesaria nova lei de montes veciñais en man común, e por ese motivo interpelamos o señor conselleiro de Medio Rural sobre distintas cuestións referidas a este tema.

Sen embargo, nese momento, hai tres semanas xa, o titular do Medio Rural, en lugar de falar da interpelación do Bloque Nacionalistas Galego, preferiu facer unha disertación sobre a lei que nunca existiu, é dicir, a lei de montes do bipartito, que non pasou de rascuño e que, en canto chegou o Partido Popular ao Goberno da Xunta, meteron nun caixón.

A ver se hoxe temos, polo tanto, un pouco máis de sorte e podemos centrar o debate no que de verdade está enriba da mesa, que é a modificación que teñen iniciado sobre a lei de montes



veciñais en man común, as condicións mínimas que ten de cumprir esa nova lei, as liñas vermellas que nós entendemos que se teñen que marcar e que non se deben de traspasar en ningún caso.

Vai tres semanas, como dixen, interpelamos o conselleiro sobre esta cuestión, que para nós ten unha importancia capital, unha importancia capital para a cohesión territorial do noso país, e tamén para a cohesión poboacional de Galicia. E falamos, polo tanto, de territorio, xa dixen o outro día, falamos de país, e falamos de futuro. Sen embargo, temos ante nós un goberno que, lonxe de preocuparse por todas estas cuestións, semella estar unicamente interesado no beneficio empresarial de empresas amigas. E fíxense que digo unicamente, porque é lícito e necesario que o Goberno da Xunta se ocupe do progreso económico do país, pero non pode ser nunca a custa de subtraer os montes dos seus lexítimos propietarios e propietarias que son a veciñanza comuneira, senón contando con eles.

Naquela altura inquirimos o señor González sobre diversas cuestións de alcance, e boa parte delas non as contestou, e non o fixo porque entendemos que non lle interesa que o país coñeza a resposta a esas preguntas. Por iso falou, dedicouse a falar, de leis que nunca existiron. E non quero deixar pasar esta oportunidade para sinalar até que punto o Partido Popular está incómodo con este debate. Esta incomodidade hai tres semanas, no último pleno, que o conselleiro ata se vise na tesitura de ter que mentir, e digo ter que mentir entre vírgulas porque nada obrigaba a facelo. Pero fíxoo, e fíxoo ademais de xeito reiterado. De feito, permitiuse afirmar de forma continuada que na iniciativa lexislativa popular que presentou a Organización Galega de Comunidades de Montes non se dedica ningún artigo a falar das situacións de extinción ou desaparición das comunidades de montes, nin tampouco as de estado de grave abandono ou degradación.

Como digo, é mentira. E eu recoméndolle, de verdade, encarecidamente, que vaian ao Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, revisen o documento co número de entrada 27.854 e cando o teñan nas mans vaian ao título VI, que fala de protección e xestión cautelar, artigos do 22 ao 25. Aí teñen alternativas, posibilidades, para evitar o roubo dos montes veciñais que pretenden perpetrar.

E non pode dicir tamén o señor conselleiro que veñen en branco. Veñen con ideas moi claras, repito, con alternativas, con posibilidades que permitirían garantir a pervivencia do monte veciñal a futuro. E cando remate voulle deixar aquí unha copia, ao remate da miña intervención, a señor presidente desta Cámara, para que lla poida facer chegar ao señor conselleiro. Porque na copia que lle pasaron se ve que estaban en branco.

Cando desde o BNG interpelamos o Goberno sobre as súas intencións cos montes veciñais non é por ningún capricho, de verdade que non, é porque a cidadanía que representamos nesta Cámara quere saber que pretende facer o Goberno da Xunta, o Partido Popular, coas súas terras. E falo de asuntos concretos que nos preocupan e que o conselleiro tivo, ademais, moito coidado de non contestar no pleno pasado. Preguntabamos, por exemplo, como pretenden compatibilizar a defensa da propiedade veciñal co traspaso aos concellos, en calidade de titulares provisionais, do aproveitamento do monte, no caso de existencia, extinción ou desaparición da comunidade de montes de veciños, ou a empresas privadas por até 50 anos



no caso de montes en estado de grave abandono ou degradación. Interesábanos tamén saber como van garantir, en calquera desas situacións, deses dous modelos, que non se realicen actos de disposición, como alugueiros, cesións, ocupacións ou contratos a terceiros, expropiacións dos montes en man común.

E tamén nos interesaba, nese momento da interpelación, saber se existe algunha correlación de interese por apropiarse deste monte veciñal en man común e a necesidade de poñer á disposición terras para a creación de polígonos agroforestais, incluídos na Lei de recuperación da terra agraria.

Como digo, ningunha destas cuestións tivo resposta de ningún tipo e, probablemente, esa sexa a resposta máis explícita de todas. E estas preguntas non viñan da nada, non eran marcianadas do Bloque Nacionalista Galego. Eran cuestións, todas elas, derivadas das modificacións da Lei 3/1989, do 10 de outubro, que a día de hoxe está en vigor, de montes veciñais en man común, que o Partido Popular introduciu na lei de acompañamento dos orzamentos de 2022.

Como dixen na interpelación, as ameazas aos montes veciñais son hoxe moitas e moi variadas, e vólcome centrar en cinco delas.

Dunha banda, o *boom* eólico, agora seguido do fotovoltaico. Un *boom* eólico desordenado e depredador que, grazas a vostedes tamén e a Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza, deixou os montes veciñais indefensos ante as empresas do sector, cun uso torticeiro da figura de utilidade pública.

Un segundo chanzo, a excesiva forestación e o monocultivo, que, ademais, promoven e fomentan –díxono o outro día–, de xeito totalmente suicida, de verdade, para este país, e hipotecan as posibilidades de recuperación da superficie agraria útil perdida. Hipotecan, polo tanto, a nosa máis que necesaria que nunca soberanía alimentar. E fanse a si propios unha emenda á totalidade anunciando a bombo e prato —e díxeno tamén o outro día— un aumento de máis de un millón de metros cúbicos de demanda de madeira de eucalipto como o gran proxecto de futuro para a súa Galiza de desertización do interior.

Unha terceira ameaza, a propia lei de recuperación de terra agraria, unha lei que tiña que ser unha gran oportunidade para os montes veciñais e que están a converter nun auténtico cabalo de troia para facerse con terra rápido e a baixo custo.

Unha cuarta ameaza clarísima, evidente, é o despoboamento, o despoboamento do interior, que está fomentado, non vén da nada, está fomentado por vostedes, coa promoción dun modelo de abandono do interior que acaba convertendo as persoas que alí habitamos en auténticos superviventes. E ninguén ten que ser, de verdade, un heroe, unha heroína, por vivir no rural. Temos que ter unha vida digna, con acceso a servizos, con infraestruturas, con traballo, con medios de comunicación, co que ten calquera persoa que viva neste Estado no século no que estamos.

E unha quinta ameaza, que para min é a maior de todas, que é o propio Partido Popular, que é o propio Partido Popular. Son a maior ameaza porque —repito e repetireino todas as veces



que faga falta — non lles gustan os montes veciñais, non lles gusta esta forma de propiedade, e teñen présa por desfacerse dela. E usaron, repito unha vez máis, a lei de acompañamento aos orzamentos para introducir importantísimas modificacións a esa lei de 1989 que está en vigor.

Esta semana pasada houbo Consello Forestal. Aínda que no primeiro Consello Forestal do ano se falou da modificación da lei, neste último da semana pasada xa non se volveu mencionar. O período de consultas rematou, rematara xusto o día que se debateu aquí a interpelación, e nesa estamos.

Hoxe o BNG trae aquí unha moción que defende o mesmo que temos defendido en comisión en moitas ocasións ao falar de montes veciñais. Vai en tres sentidos, reclama tres puntos de partida, para nós básicos e incuestionables, sobre os que comezar a construír e traballar por un monte veciñal con futuro. Dous elementos chave para o artellamento da nova lei de montes veciñais, que, repito, tamén o dixen o outro día, si, é moi necesaria, porque a actual está absolutamente desfasada.

O primeiro deles, blindar a propiedade veciñal da terra como unha forma de propiedade distinta da pública e da privada. Polo tanto, protexer esta forma de propiedade excepcional que nos enriquece e que define Galiza dunha forma que no resto do Estado está perdida.

En segundo lugar, incorporar como liñas mestras desta nova lei de montes veciñais o que son as demandas do sector e que están recollidas na ILP que a Organización Galega de Comunidades de Montes ten rexistrado neste Parlamento: priorizar o reforzamento do carácter xermánico; mellorar o carácter assembleario democrático das comunidades de montes; acadar un monte veciñal multifuncional e sustentable, e unha fiscalidade axeitada á súa figura e ás súas funcións.

E como terceiro punto, nós entendemos que a nova lei ten que reverter e corrixir as fórmulas de cambio de titularidade a pública e a posibilidade de privatización *de facto* que aprobaron vostedes na lei de acompañamento aos orzamentos de 2022.

Nós levamos esta cuestión xa á Comisión 7ª en marzo deste ano, fai tres meses o día 11 para ser exactas, e vostedes votaron naquel momento á contra. Hoxe teñen, de verdade, a oportunidade de demostrar se realmente apostan polo monte veciñal ou se apostan pola súa extinción.

No BNG queremos, desde logo, un monte vivo, porque queremos un país vivo e vemos as súas potencialidades, e vemos as súas posibilidades e non imos renunciar a elas.

Polo de agora máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Ben, fronte á atomización dos montes de propiedade privada individual que hai en Galicia encóntranse, como excepción, os montes veciñais en man común. Porque hai 3.353 montes veciñais, cunha superficie media de 198 hectáreas por monte veciñal, representando, entón, case unha terceira parte da superficie forestal galega, e o 33,7 % de monte privado, localizado en 254 municipios, segundo datos que aparecen na propia páxina web da Consellería de Medio Rural. E estes datos dannos conta da importancia desta figura que hoxe tratamos.

Estes montes son unha forma de copropiedade xermánica que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da vocación agraria, pertencen a comunidades veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas e veñen aproveitándose constitudinarimente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Contan cunha regulación específica que establece que son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables, co que pertencen, conxunta e indivisiblemente, á totalidade dos comuneiros que conforman en cada momento a agrupación veciñal.

Cómpre destacar que teñen capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos dereitos, así como a súa administración e disposición, como tamén son administrados pola comunidade propietaria, isto é, polos membros que conforman o grupo comunitario que en cada momento os habita.

En referencia ao primeiro punto da moción que presenta o BNG, e como xa se debateu na Comisión 7ª, o Grupo Parlamentario Socialista entende que convén desenvolver nesta lexislatura unha actualización da lexislación reguladora dos montes veciñais en man común, a Lei 13/1989, coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual dos mesmos. Os motivos son obvios. Desde que se aprobou a actual lei..., por certo, cun goberno socialista, presidido por González Laxe, baixo a dirección do conselleiro de Agricultura Francisco Sineiro, cunha ampla participación pública e consenso de todos os grupos políticos presentes no arco parlamentario, espero que o Goberno galego tome nota de ambas as dúas cuestións. Como dicía, os cambios producidos na nosa sociedade foron moi profundos, dende o aumento do despoboamento no rural, desaparecendo moitas comunidades de montes veciñais en man común, aínda que perdurando os montes veciñais polo seu carácter incidental, como xa dixen anteriormente.

En relación co segundo punto da moción, que establece incorporar como liñas mestres desta nova lei priorizar o reforzamento do carácter xermánico dos montes veciñais, a mellora do funcionamento assembleario e democrático das comunidades de montes, o recoñecemento da titularidade veciñal como unha e distinta das titularidades públicas e privadas, e acadar un monte veciñal multifuncional e sustentable e unha fiscalidade axeitada á figura das funcións dos montes veciñais, parece positivo e axeitado reforzar o carácter xermánico dos montes veciñais en man común e a mellora do funcionamento assembleario, para o cal se



pode modificar, obviamente, a lei ou modificar o regulamento, no que se entra máis polo miúdo na regulación específica. Pero, non obstante, o carácter xermánico da titularidade veciñal, en tanto en canto propiedade pertencente ás entidades veciñais en canto que grupos sociais e non entidades administrativas, e en tanto e en canto con características de bens individuais, inalienables, imprescritibles e inembargables, xa veñen recoñecidos na lei estatal, a Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común, onde se establece, no seu artigo 1 concretamente, que se rexerán por esta lei os montes de natureza especial que, con independencia da súa orixe, pertenzan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e que veñan aproveitándose constitutivamente en man común por todos os membros daquelas.

Tamén o artigo 2, que establece que os montes veciñais, como dicía antes, son bens individuais, inalienables, imprescritibles e inembargables.

Tamén o recoñece así a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes —a lei estatal—, onde se establece, no seu artigo 11, que os montes veciñais en man común son montes privados, que teñen natureza especial derivada da súa propiedade en común sen a asignación de cotas, sendo a titularidade destes dos veciños en cada momento integrando o grupo comunitario de que se trate.

Obviamente, as disposición da nova lei de montes veciñais en tanto normativa autonómica non poderán contradicir as vixentes leis estatais básicas, que xa recollen *de facto* o carácter xermánico dos montes veciñais.

E referido á sustentabilidade e multifuncionalidade do monte veciñal, son requisitos tamén obrigados polo ordenamento de montes e a vixente normativa sectorial de ámbito europeo, estatal e galego.

Respecto á fiscalidade específica dos montes veciñais, como reflicte o ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios, e tamén o Plan forestal de Galicia, na que se chegou a un consenso político, na medida 53 establécese que se regulará unha fiscalidade específica para os montes tendo en conta a súa figura e as súas funcións. É certo que hai moito que mellorar, especialmente no que atinxe ao imposto de sociedades e a dobre tributación, e isto é unha competencia plena de ámbito estatal que a normativa galega neste momento non pode entrar a regular.

En canto ao punto 3, que di corrixir esta nova lei de montes veciñais todas as modificacións realizadas na Lei de acompañamento última deste ano 2021, referente a este ano que nos ocupa, respecto deste punto entendemos que a medida concreta que figura na Lei de medidas fiscais e administrativas anexa á Lei de orzamentos de 2022, que regula a posibilidade de que, en caso de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte, e ata que, no seu caso, se reconstituía a comunidade, a defensa dos seus intereses e a xestión cautelar do monte corresponderá ao concello onde radique o monte, que actuará como titular provisional do aproveitamento do monte en beneficio da comunidade. O artigo 12, en concreto.



En modo algún se pode pretender que sexa unha usurpación da propiedade veciñal dun monte. En primeiro lugar, porque neste caso non existe comunidade a quen usurparlle o seu monte. E, en segundo lugar, porque o que pasaría provisionalmente —e reitero provisionalmente— ao concello sería a xestión cautelar do monte como titular provisional do aproveitamento, nunca a propiedade. E incluso estes aproveitamentos, no caso de que a comunidade se formara posteriormente, volverían a esa comunidade e, polo tanto, tampouco existiría posibilidade de usurpación algunha, nin de uso nin, por suposto, de propiedade.

Polo tanto, entendemos que se está, non ante unha fórmula de usurpación da propiedade, senón ante unha fórmula que pretende dar seguridade xurídica e protección aos montes veciñais nos que a comunidade estea extinguida para, precisamente, retornalos en boas condicións de xestión e sustentabilidade á propia comunidade titular no hipotético momento futuro no que esta se reconstituíse.

Esta disposición pode non gustar, certo é, ao propoñente e pretender melloralala con algunha fórmula concreta, pero en modo algún se pode admitir que na súa redacción actual supoña unha futura fórmula de usurpación, polo que se vén de explicar. Antes ao contrario, é unha fórmula para garantir que, no caso das comunidades extinguidas, no momento que se volvesen constituír como tales, que van recibir o seu monte en axeitadas condicións de protección, como dicía.

O segundo parágrafo desta iniciativa, desta moción, no que novamente se pode entender que a propoñente non estea de acordo en que, en caso dos montes veciñais incorporados ao banco de terras, as comunidades, se así o deciden en asemblea, poidan ceder o uso e o aproveitamento do monte a un terceiro para a súa posta en valor, mediante a percepción da contraprestación económica que se prevexa nun instrumento de cesión do uso que será aboada pola persoa beneficiaria da cesión, pero que unha comunidade decida libremente ceder o uso e os aproveitamentos do monte a un terceiro, segundo as condicións que se fixen nun instrumento de xestión aprobado, non de xeito gratuíto, senón percibindo unhas rendas económicas pola cesión dos usos e aproveitamentos, en modo algún se pode considerar privatización da propiedade veciñal. E por iso presentamos unha emenda no sentido seguinte: que na tramitación da nova lei de montes veciñais en man común, a través da participación pública sectorial, se analicen todas as fórmulas posibles para que, en caso da inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños, se garantan fórmulas de xestión cautelar do monte que dean seguridade e protección aos montes veciñais.

Tamén se presenta polo Grupo Parlamentario Socialista unha segunda emenda na que, de forma literal —non me vai dar tempo—, pedimos que se cree o Consello de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, tal e como indica o ditame elaborado na Comisión de estudo de incendios forestais; concretamente, a medida número 46.

E parécenos curioso que o Partido Popular presentara unha emenda de substitución na que di que se recollerá na tramitación da nova lei todas as recomendacións dos expertos referentes aos montes veciñais en man común, cando o Grupo Parlamentario Socialista levou á Comisión...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: —Xa termino. Grazas.—

...levou á Comisión 7ª esta iniciativa para que se constituíran estes consellos como órganos asesores e consultivos da Xunta de Galicia, ao igual que o Consello Forestal, e o Partido Popular votou en contra desta iniciativa. Entón, jarre! ou ¡xo!.

Polo demais, nada máis nesta intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Certo que, dende que asumín a responsabilidade neste Parlamento, sempre intento prestarlles moita atención aos debates. Algúns son máis superficiais, pero este, sen dúbida,... Xa na interpelación que fixeron na sesión plenaria anterior prestei moita atención, porque coincido na enorme importancia, cuantitativa e cualitativa, que ten este debate para Galicia.

Usando as mesmas cifras que dicía a señora Albert, máis de 120.000 galegos poden estar neste momento escoitándonos e a eles,... bueno, debémonos a todos, pero a eles fundamentalmente nos debemos se cadra un plus de rigor e un plus de seriedade. Porque, efectivamente, afecta a súa economía e afecta o futuro de Galicia.

Certo é que o Bloque Nacionalista Galego sempre ten —eu identifícoo de maneira demasiado recorrente— dúas formas de enfocar as cousas. Ten ese mal costume de repetir mil veces unha mentira, a ver se pode acabar converténdose nunha verdade. Ás veces non é unha mentira, é unha media verdade, que xa lles dixen moitas veces que en política é moi perigoso. Iso, ademais, facíao como logo de campaña o xefe de campaña dun ditador que non vou nomear agora. E outra tendencia, que xa o vimos nesta sesión plenaria, hoxe, nunha ocasión, que foi o debate das residencias, verémolo na repartición de fondos, que é iso de fai o que eu che mando, pero non fagas o que eu fago.

E aquí, sen dúbida, despois de escoitala o outro día e escoitala hoxe, que repetiu practicamente o 80 % da súa intervención, tivo o atrevemento de criticar instrumentos que favorecen o desenvolvemento de Galicia e a creación de emprego, como é a declaración de utilidade pública. Tivo, novamente, esa tendencia, tamén recorrente, de criminalizar o sector forestal, e dicir que somos uns forestadores. Efectivamente, dígollo sempre alto e claro: eu son dunha comarca —ademais, que lles gusta moito escoitalo— na que saben a riqueza que xera o sector forestal. Efectivamente, defendemos o sector forestal, como tamén defendemos o agrogandeiro. Tivo outra vez a mala tendencia, o mal costume, de criminalizar as empresas, unidades produtivas que xeran emprego, que son moi necesarias no noso día a día e, efec-



tivamente, o noso grupo político seguirá defendendo todas aquelas pequenas e medianas empresas (*Aplausos.*) que xeren emprego, aséntense no rural ou aséntense en solo urbano.

Tivo a valentía de criticar a Lei de recuperación de terra agraria, o que me parece unha ousadía, e ademais penso que se tirou de argumentario, porque me custa crer que vostede pense así. Porque sabe perfectamente que era necesaria, coincidiu en moitísimos dos plan-
texamentos e dos retos que alí se regulan e, indubidablemente, sabe que está tendo uns resultados positivos.

Pero aquí, certamente, si que quería facer tres ou catro reflexións.

En primeiro lugar, e teño que dicilo alto e claro, neste grupo —tamén o conselleiro llo dixo alto e claro o outro día— temos o pleno convencemento de que os montes veciñais en man común son unha figura a protexer. Niso creo que coincidimos todas as forzas políticas, e teño que dicir que, ademais, a señora Rodríguez Dacosta lle explicou claramente que se equivoca en moitas cousas. E eu subscribo unha porcentaxe moi importante da súa intervención no día de hoxe.

É imprescindible actualizar a normativa, é do ano 1989, e creo que tamén todas as forzas políticas coincidimos en que a realidade mudou, que, mal que lles pese, Galicia evolucionou; que mal que lles pese porque, ás veces, cando se escoita, parece que ata non lles senta ben, pois o noso rural está vivo, o noso rural demanda medidas e instrumentos normativos áxiles que lle permitan seguir medrando, e creo que é o momento de abordar a reforma deste instrumento normativo.

Entón, estamos de acordo en que é unha figura que hai que protexer e estamos de acordo que hai que actualizar a normativa. Dígoo por partir dos puntos de acordo. E nese contexto nosoutros emendamos a súa iniciativa.

En primeiro lugar, o noso texto da emenda creo que recolle perfectamente o que vostedes tamén, en principio, queren buscar. Primeiro, que a tramitación desta lei se faga do xeito máis participativo posible. Vostede mesmo recoñecía na sesión plenaria anterior que sabía que había un instrumento de participación, que rematara o día anterior no que vostede interveu.

Creo que, ademais, que se tramite como un proxecto de lei do Goberno galego reforza esa participación, e eu hoxe aquí —reiterareillo cada vez que teña ocasión— convido a que faga as súas achegas, as súas aportacións, que seguro que serán estudadas con moito rigor e cunha actitude construtiva e positiva, porque nos xogamos moito, o noso rural xógase moito con este instrumento normativo.

E un punto 2 que creo que recolle, tamén, primeiro, compromisos adquiridos, como, por exemplo, que en todas as recomendacións recollidas no ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios, así como do Plan Forestal, que afectan a esta normativa, así todas aquelas derivadas do proceso participativo que se abre co fin de reforzar a figura dos montes veciñais



en man común. É dicir, a nosa emenda, ado Grupo Popular, pretende que se tramite e se reforce a participación e que se recolla todo isto que aquí, aínda que o lin moi rápido, vostede sabe que leva recollido moitísimos asuntos dos que vostede citou.

Pero é verdade, e parece que non lle gustou que citara o propio conselleiro o proxecto de lei que o seu grupo rexistrou aló polo ano 2009. Foi, ademais, concretamente, o 19 de setembro.

Eu tamén lle vou deixar unha copia, porque di que quedou nun caixón e non quedou nun caixón. Porque aquí hai conceptos nos que parece que nos separa un abismo, pero só parece. De aí vén o de fai o que eu che mando, pero non o que eu fago, ¿sabe? Cando vostede intenta confundir, porque creo que iso é a actuación máis negativa que fai neste tema, sobre o carácter destes montes, eu voulle ler o que dicía, precisamente, ese artigo 9, que xa llo recordou o outro día o conselleiro: «Clasificación dos montes, artigo 9: Montes públicos e montes privados». No punto catro: «Son montes privados en copropiedade, propios do dereito civil de Galicia, os montes veciñais en man común situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.»

Esta copia voulla deixar para que, polo menos, empregue os conceptos ou explique que cambiou, porque de aquí se vai construír, realmente, un proxecto normativo e sobre este concepto pivotarán moitos dos temas nos que probablemente discrepemos.

Pero tamén hai outro artigo que tamén me parece moi importante, e aí eu xa lle dixen en moitas ocasións que a nosa responsabilidade como grupo —eu creo que, ademais, é unha das condicións que máis lles gusta aos galegos, por iso de maneira recorrente depositan a confianza no noso proxecto político— é que digamos as verdades e que desenmascaremos a aquel que, ao mellor, deixando un pouco despistarse polo fragor da moqueta ou dos microfons, di o que non é e despois cando lle toca facer fai o contrario.

E nese intento de criminalizar as empresas privadas, como se fosen o home do saco, cando regulaba —neste caso creo que é o artigo 70— o estado de grave abandono ou degradación —outro obxecto de debate e que parecía que nos separaba unha gran discrepancia entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular—, tamén nese caso, ese proxecto que vostedes asinaron e que leva en todas as súas follas o logo do Bloque Nacionalista Galego, claramente explica que, declarado un monte en estado de grave abandono ou degradación, a consellería competente en materia forestal, en exercicio dos dereitos que lle outorga o artigo 68 desta lei, asumirá a xestión directa ou indirecta deste monte. No caso da administración indirecta, o sistema de contratación farase a través de encomendas de empresas públicas, concursos públicos ou —abro aspas— «outras modalidades de contratación previstas na lexislación vixente». ¿Acaso aquí non estaban vostedes invitando a participar as empresas privadas? Eu creo que cando o rigor, sobre todo, e o estudo serio acompaña os temas, sobre todo, deste calado,... porque, insisto, hoxe hai máis de 120.000 galegos que probablemente puideran escoitar este debate, e sobre todo queren saber cal vai ser o futuro da regulación.

Eu quero mandarlles hoxe aquí unha mensaxe, primeiro, de participación. Convídoos a que fagan achegas. E, segundo, unha mensaxe de tranquilidade. Defendemos de maneira inque-



brantable que son montes inembargables, inalienables e imprescritibles. Iso díxollo o conselleiro e, por certo, coincidiu e insistiu en varias ocasións a señora voceira do partido Socialista, e eu tamén quero rematar a miña intervención dicíndollo hoxe aquí. Estamos aínda a tempo de construír entre todos unha normativa que acabe dotando estes montes dunha xestión eficaz, que valorice os seus recursos, que cree riqueza, que sexa unha xestión efectiva, que sigamos loitando contra o abandono.

Señores, parece que só nos acordamos do abandono cando temos que explicar unha normativa de prevención de incendios. Pois non, unha actualización desta normativa e ter uns montes veciñais produtivos, sostibles e que xeren riqueza, é tamén un gran instrumento de loita contra o abandono. Se realmente imos ter este debate con verdades, chamándolles ás cousas polo seu nome, e non dicir digo e despois Diego, ou non defender unha cousa e despois a contraria, seguramente imos coincidir, e vostede, ademais, sabe traballar así.

Se vai intentar seguir asustando os galegos e as galegas, creo que non vai ter éxito, e nós tamén nos empeñaremos en que así sexa, pois comprenderá que aí non nos vai atopar, e nosoutros, unha e outra vez, intentaremos recordarlles que falta á verdade, con nomes, datos, fechas e horas, para que ninguén poida dubidar do que nós dicimos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Grupo autor da moción, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Os montes veciñais representan case o 25 % do total do territorio galego, concretamente un 22,46 %, para ser exactos. É case unha cuarta parte, repito, do país. A maior parte da súa superficie, como vostede sabe ben, nas provincias de Lugo, e máis aínda en Ourense, pois entre as dúas suman o 70 % do total de montes cualificados como veciñais. Moitos, tamén é certo, en estado de abandono, ou en perigo de estalo en breve.

E vostedes, señores e señoras do Partido Popular, venos con unha torta xigante, de verdade, que comer xunto coas súas empresas amigas. Eu sei que estamos despois de comer, que estamos nun momento de dixestión, pero ten vostede, señora Candia, o mal costume de non escoitar o que falamos aquí nesta tribuna os grupos da oposición.

Eu dixen que había que axudar ao fomento económico deste país e que hai que axudar as empresas, pero non a custa da propiedade do monte, que non é delas, que é dos veciños e das veciñas comuneiras. (*Aplausos.*) Eu non falei nin falarei nunca a contra das empresas, que teñen o seu papel a desenvolver no mundo rural e nos outros mundos que atinxen até abaixo. O que pasa é que vostedes teñen présa, querían os montes veciñais, queríanos xa, e para iso está a lei de acompañamento dos orzamentos.

No BNG cremos que eses montes teñen un potencial inmenso, inmensísimo, que teñen un potencial inmenso como axente dinamizador do interior e do rural do noso país, fixador de



poboación —díxeno o outro día na interpelación—, creador de riqueza, creador de cohesión territorial, como instrumento, polo tanto, de artellamento do país e non como beneficio fácil —repito— para segundo que empresas, que non son moitas, son pouquiñas, e con nomes e apelidos. E esa é a diferenza entre a súa visión e a nosa, e non hai máis.

No que ten a ver coas emendas, no que ten a ver coa emenda do Partido Socialista, vostede sabe que no punto terceiro non concordamos, e non concordamos en absoluto porque, ao final —e volvo á señora Candia—, a verdade e a mentira —vostede aquí falou de verdade, de mentira, de proxectos de lei e demais—, pero a verdade e a mentira defínense no *Diario Oficial de Galiza*, e o que aparece publicado no *Diario Oficial de Galiza* —non me canso de dicilo tampouco nesta tribuna— é a realidade, máis aló da propaganda que, digan o que digan defender, do que diga non defender e das cuestións que vostedes aquí se dean golpes de peito anunciando, a realidade é o que aparece no *Diario Oficial de Galiza*.

¿E que apareceu no *Diario Oficial de Galiza*, na lei de acompañamento dos orzamentos? Eu léollo, no que a que ver con estas modificacións de montes veciñais, porque isto é un documento oficial e é unha lei que está en vigor e, polo tanto, é o que vale.

Modificación do artigo 20, no relativo á inexistencia, extinción ou desaparición de comunidades de veciños: a consellería competente en materia de montes actuará como titular provisional, non como xestora, como titular, e iso é unha usurpación, señora Candia. A titularidade é dos veciños e das veciñas comuneiras, e a Xunta pode optar por recuperar esas comunidades veciñais ou por usurpar eses montes, que é a opción que están a tomar.

Máis, tamén no *Diario Oficial de Galiza*, modificación do artigo 30, no referido á incorporación ao Banco de Terras dos montes veciñais en grave estado de abandono: punto cuarto, a cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación non poderá superar o prazo de 50 anos.

E, señora Rodríguez Dacosta, cando falamos da cesión e do que é a privatización, non falamos de comunidades de montes que están en funcionamento, que lexitimamente ceden usos determinados a empresas, senón de cando a Administración se está facendo cargo temporalmente desas comunidades de montes que están en abandono nun momento determinado e lles ceden esa xestión a empresas por cincuenta anos, o que *de facto* supón unha privatización, porque dentro de 50 anos ninguén nunha aldea deste país se vai acordar de que ese era un monte veciñal, e estamos vivindo esta situación antes. Polo tanto, non son os montes que están en funcionamento, senón aqueles dos que se fai cargo a Xunta de Galicia.

Nós xa falamos antes de que estamos de acordo con engadir, aceptar como engádegas, as dúas cuestións. De feito, a última delas aínda a aprobamos agora creo que foi na última Comisión 7ª. Nós votamos a favor e hoxe tamén, porque ademais cremos que enriquece a nosa proposta.

No que ten a ver coa emenda do Partido Popular, repito que as verdades están no DOG, e teño que dicir que hoxe temos un avance respecto do que se debateu desta mesma cuestión en comisión. E en marzo, cando o BNG levou esta cuestión á comisión informativa, vostedes



directamente votaron que non. Hoxe, como estamos no pleno, sentíronse na obriga de presentar unha emenda. Eu agradézollo, de verdade, porque polo menos demostran un avance.

A súa emenda ten dous puntos. A primeira xa está incluída na nosa moción, nós entendemos que está incluída. E a segunda parte, vostede sabe que o BNG votou tanto en contra do ditame da Comisión especial de incendios forestais como en contra do Plan forestal; polo tanto, non lle imos votar a favor diso, vostede sábeo ben.

Pero é que vou máis alá. Vostedes non están a aplicar ningunha das medidas que se aprobaron, nin no Plan forestal nin nese ditame famoso ao que sempre fan referencia, que serve para todo pero que despois na práctica fan exactamente o contrario. Falan de programas e partidas específicas no ditame, por exemplo, falan de programas e partidas específicas para a prevención de incendios en montes veciñais. ¿Que fixo a Xunta este ano? Non convocar esas axudas.

Noutro punto: os montes veciñais están suxeitos a limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade. Esqueceron engadir «salvo cando queiramos plantar no medio un parque eólico», que entón si que llo podemos expropiar sen problema ningún. (*Aplausos.*)

Outro punto: desde tempos ancestrais estes montes veciñais foron obxecto de cultivo agrícola e, sobre todo, de usos gandeiros, isto é o que di o ditame. ¿Que fai a Xunta de Galiza? Restrinxir todas as axudas a montes veciñais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...a usos forestais. E así poderíamos seguir e seguir con todas as cuestións, tanto dentro do ditame, de uso..., bueno, o do Consello de Comunidades Veciñais, que hoxe van volver votar a contra, e que está recollido nese ditame e tamén no Plan forestal. É que, de verdade, eu creo que máis que falar —repito, remato xa, señor presidente— de propaganda o que hai é que facer, e vostedes teñen o DOG, sempre o digo, teñen o DOG, e aí é onde está a verdade, non nas cousas das que vostede fala de medias verdades. Pois ten que aplicarse o conto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, de novo, presidente. Boas tardes.



Na interpelación á conselleira de Emprego celebrada o pleno pasado, expoñíamos que Galicia conta cun mercado laboral caracterizado por un escaso dinamismo, con insoportables taxas e índices de temporalidade e parcialidade involuntaria, derivado das ineficaces políticas activas de emprego e de formación, tanto para parados como para ocupados, que, dende que tomou posesión o antigo presidente Feijóo no ano 2009, se levan a cabo na nosa comunidade autónoma. Analizabamos comparativamente estatísticas anuais, o último ano do bipartito e o último ano de Feijóo —2008–2021—, medido en horas habituais, ¿e por que non en xornadas? Pois polo aumento en Galicia da parcialidade, un problema estrutural do emprego en Galicia.

Precariedade laboral que fai que a xente, os mozos e mozas, emigren en busca de mellores oportunidades laborais. Certo é que o 2021 se pecha con 10.400 persoas máis traballando, pero a cifra total está aínda por debaixo dos datos cos que se pechou 2019, antes do inicio da pandemia. Os datos son positivos no sector servizos, pero a realidade é que nos restantes sectores —agrogandeiro, pesca e industria— se destruíron postos de traballo no mesmo período.

E dicíamos que con Feijóo Galicia perdía o 9,9 % do seu volume de traballo, cando no conxunto do Estado a perda era dun 3,8 %, tres puntos menos. Con Feijóo, en Galicia destrúese unha de cada catro horas de traballo no sector primario, no Estado hai practicamente o mesmo volume. E dentro das industrias manufactureiras, a industria alimentaria perde un 12,8 % en Galicia fronte ao 3,8 % estatal. A industria do téxtil e a confección galega perdeu nada máis e nada menos que un 65 % do seu volume de traballo, fronte ao 41,1 % da perda no Estado. O presidente Rueda falaba deste sector no seu discurso de investidura, a ver o que fan nese senso. E a industria química perdía nada máis e nada menos que o 17,3 % das súas horas, fronte á perda do 2,4 % de media no Estado.

Por todas estas razóns, este grupo insistía, en diversas iniciativas, na necesidade de implantar unha reforma integral das políticas activas de emprego, co fin de que Galicia saíra dos últimos postos de creación de emprego en relación co resto do Estado, e co obxectivo de reducir o desemprego de longa duración e o desemprego xuvenil, que son dous temas que ao PSdeG lle preocupan especialmente. Tamén da alta taxa de parcialidade, involuntaria, e da brecha salarial que sofren as mulleres, presentando alternativas en positivo que, unha e outra vez, son desbotadas polo grupo que sustenta o Goberno, e o señor Balseiro sábeo.

E tamén lle pedimos ao Goberno galego que reactive as mesas de diálogo social, co fin de analizar as eivas do noso mercado laboral, e que se adapten e se adopten medidas de impulso consensuadas cos axentes sociais e, máis importante incluso, señor Balseiro, e xa me dirixo a vostede, solicitamos que o Goberno galego fale con eles, que se reúnan os comités provinciais, territoriais e autonómicos de emprego, porque son regulados no Decreto 192/2011, do 29 de setembro.

Os provinciais e territoriais teñen que reunirse —vostede o sabe— cada tres meses e o autonómico, cada seis, e non se reúnen desde decembro do ano 2019. E vostede coñece, o Partido Popular coñece, e o Goberno, sobre todo, coñece que son órganos de participación de todos os axentes socioeconómicos, de conformidade coa Lei 17/2008, de participación ins-



titucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, así como, no seu caso, das diferentes administracións locais, dos órganos consultivos da administración.

É preceptivo que se convoquen estes comités, que se analicen as eivas e fortalezas do mercado laboral, das políticas emprendidas, dos acertos e dos erros, señoras e señores do Partido Popular, e que dean conta das políticas a emprender. E non o fan porque non cren nin no diálogo social nin en institucións coma estas, que son participación —reitero— institucional, (*Aplausos.*) que non é voluntaria por parte da Xunta a súa conformación.

Galicia necesita de forma urxente un plan de choque para mozos e mozas, para parados de longa duración, e tamén o necesario e urxente fortalecemento dos SEPE de Galicia para converterse nun verdadeiro intermediador e punto de apoio das empresas. Podería relatar as medidas que o Goberno central está a dar a Galicia para que este sistema se modernice, señores do PP.

A Consellería de Emprego leva dende o ano 2020, en palabras da propia conselleira, preparando un estudo de tecnoloxías emerxentes que identifique os traballos que o proceso de dixitalización están transformando e, polo tanto, requiren dunha adaptación da súa oferta formativa. E nós entendemos que é necesario, por suposto, pero imos un pouco tarde.

É un estudo do que non se soubo nada. Falaba do ano 2020, e non se soubo nada ata que en febreiro, hai escasos catro meses, foron presentadas as conclusións nunha rolda de prensa. Os grupos políticos presentes na Cámara non fomos chamados pola conselleira, e este é un exemplo do atraso que leva a nosa comunidade en materia de emprego. Recoñecía a conselleira, así mesmo, que un 40 % dos postos de traballo en Galicia están a sufrir grandes modificacións, pero sen que esta situación mude as políticas de emprego que se están levando en profundidade na Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista leva de forma recorrente insistindo nesta lexislatura na necesidade dunha diagnose que permita adecuar a formación dos parados e paradas á realidade das empresas, e mesmo tamén da adaptación da formación dos traballadores e traballadoras, a formación para activos.

As necesidades formativas realízanse, e é importante que o saibamos todos, polos intereses non dos parados e das paradas galegas, senón dos centros formativos. Unha política clientelar adaptada ás políticas de emprego. Voulles pór un exemplo. O Carballiño: apróbanse cursos de formación nunha academia de formación ocupacional, no ano 2018, cunha partida de 138.231 euros para impartición de actividades de xestión administrativa e actividades administrativas relacionadas cos clientes, cando a menos dun quilómetro, no IES Chamoso Lamas, se imparte a rama de grao medio de xestión administrativa e grao superior de administración e finanzas. É un exemplo bastante claro da formación que se está a impartir nesta comunidade.

Na interpelación dabamos datos da perda de poboación activa e ocupada na era Feijóo. A poboación ocupada descendía en Galicia en case 65.000 persoas, e a poboación activa caía en máis de 90.000.



A conselleira relatounos medidas concretas a adoptar polo Goberno galego en relación a estas preocupacións, a esta perda de poboación activa, que podía relatar medidas puntuais da Consellería e medidas transversais con outras consellerías do ramo, como Industria ou Economía.

Dedicouse a criticar a reforma laboral, sinalando que a mesma nos leva a unha precariedade indefinida. Despois xa Feijóo puxo a guinda no pastel sinalando que o Goberno do Estado está maquillando as estatísticas do paro e a Seguridade Social. Esa foi a contestación, nun intento de desmerecer as boas cifras de contratación e de afiliación á Seguridade Social de maio deste ano.

E utilízase, como vostedes saben, a mesma metodoloxía que cando gobernaba o Partido Popular, como recordaba tamén a ministra Yolanda Díaz. E, ademais, estamos en maio e todo o mundo sabe que en maio é cando se produce a contratación dos fixos descontinuos, non cando están inactivos. Entón, a comparativa do señor Feijóo era bastante desafortunada.

Por outra banda, temos que recordar que a temporalidade que rexe o mercado laboral galego non se crea onte, créase hai trece anos co Goberno de Feijóo, coas súas políticas. A diferenza que marca a reforma laboral incide nos traballos estacionais e vostedes saben perfectamente a diferenza entre un contrato fixo e un temporal e os dereitos que un e outro conlevan.

A reforma laboral realizada hoxe polo Goberno de Pedro Sánchez está xa a contribuír a eliminar a temporalidade, a asentar a paz social e, non olvidemos, non nos olvidemos, a garantir o acceso aos fondos europeos, a garantir o acceso aos fondos europeos.

E non debemos obviar que por primeira vez en 44 anos unha reforma do mercado laboral se logra por consenso de todos os axentes sociais. E por iso presentamos esta iniciativa en positivo outra vez. E queremos que os grupos políticos voten a favor de establecer plans de actuación de loita contra o desemprego que dean resposta ás necesidades dos demandantes de emprego, agudizadas pola conxuntura actual do mercado de traballo, cun plan de choque de emprego xuvenil que deseñe medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo o efecto desánimo dos mozos e mozas, incrementando a súa cualificación laboral e facilitando a inserción laboral, que inclúa un plan de retorno, así como incentivos á contratación, a través dos contratos de remuda indefinidos, que é unha posibilidade. Ou un plan de choque destinado a diminuír a fenda salarial existente entres as mulleres e homes de Galicia que deseñe medidas que contribúan a establecer un marco laboral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...de calidade no emprego, ou un programa de reincorporación e reinserción ao mercado de traballo de parados e paradas de longa duración, porque se non van quedar fóra do mercado laboral. Ou un programa de autoemprego, como saída do desemprego das parados e paradas por medio de actuacións, de orientación, a análise de viabilidade, de novos incentivos reforzando o I+D+i ou o reforzo dos sectores estratéxicos galegos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Solicitamos o voto favorable a esta iniciativa.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Dende o BNG adiantamos que apoiaremos esta moción do Grupo Parlamentar do PSOE. Por que, se ben é certo que en materia de emprego o PSdeG e nós temos enfoques e visións distintas en cuestións importantes como pode ser a non reforma laboral ou o que se entende por un verdadeiro diálogo social, non é menos certo que a señora Rodríguez Dacosta e mais eu, como portavoces de emprego dos nosos respectivos grupos, temos coincidido en repetidas ocasións na análise da situación do mercado do traballo galego e na valoración das medidas adoptadas ao longo destes anos do Goberno do Partido Popular.

¿E saben por que creo que coincidimos? Porque facemos unha lectura obxectiva e honesta dos datos relativos ao mercado laboral e ao emprego. Datos que extraemos do IGE, do INE, do SEPE, do Consello Económico e Social da Galiza; datos, polo tanto, de organismos oficiais. É claro que o BNG é crítico coas políticas de emprego da Xunta, é claro que somos críticos coa lectura que fai o Partido Popular deses datos. Xa llelo dixen moitas veces, señoras e señores do PP, para solucionar un problema, primeiro hai que recoñecer que existe, recoñecer a súa verdadeira dimensión e facer unha valoración honesta do resultado das medidas implementadas para intentar solucionalo.

Entendo que conceptos como recoñecer un problema ou valoración honesta son conceptos novos e difíciles para vostedes, porque non están familiarizados con eles. Para resumirlló nunha palabra, autocrítica chámase isto: substantivo feminino que significa, segundo a Real Academia Galega da lingua, crítica que unha persoa fai das súas propias accións, ou tamén crítica dunha obra feita polo seu autor.

Autocrítica que non practica o Goberno galego, que obvia por completo que dende o verán pasado hai unha ralentización da recuperación económica e laboral na Galiza, que contrasta, por outra parte, coa tendencia estatal, onde o ritmo da recuperación é máis constante, e vostedes son moi amigo de comparar, sobre todo cando lles favorece a comparación.

E se ben é certo que Galiza concluíu no ano 2021 con menos desempregados que no ano 2020 non é menos certo que ese descenso é inferior á media do Estado, tanto en cómputo mensual como anual. Datos todos que confirman, ao pouco que ampliamos o foco, que a situación do emprego na Galiza non é boa. Temos un ritmo de recuperación que se mantén por debaixo do ritmo estatal tamén neste ano 2022, pois na Semana Santa, no mes de abril e no mes pasado o descenso do paro foi inferior á media estatal. En termos interanuais, se o paro na



Galiza baixou un 11,81 %, no resto do Estado baixou un 22,71 %, o dobre, ¿e ninguén se pregunta nada na Consellería?

Tampouco se analiza polo Goberno galego que as rendas de traballo, principal termómetro para medir as desigualdades sociais, caeron dous puntos dende a chegada de Feijóo á Xunta. Ademais, Galiza atópase no furgón de cola en canto aos salario medios; somos a sétima comunidade cos salarios máis baixos do Estado. Aínda que o salario medio galego experimentou unha subida nos últimos anos, iso non significa ter unha maior capacidade adquisitiva, porque os prezos, o IPC, aumentaron nunha proporción maior. O que significa que, co proceso inflacionista provocado polo custo de enerxía, aumento dos fretes ou outras variables económicas, á clase traballadora galega seralle moito máis difícil facer a compra, pagar o alugueiro ou os recibos durante este ano 2022. *(Aplausos.)*

Pero é que que o salario medio sexa dos máis baixos do Estado e que, relacionado con isto, a pensión media do noso país fose tamén no ano pasado a terceira máis baixa do Estado, tampouco é unha cuestión que mereza unha análise crítica por parte do executivo galego, porque non interesa. Esa ausencia de autocritica da Xunta de Galiza é algo que ten en común co partido que sustenta o Goberno, porque parece que ao Partido Popular lle molesta que o BNG denuncie a realidade do mercado de traballo galego, partindo, insisto, de datos oficiais, e sobre todo moléstalles que propoñamos alternativas.

Levamos dende o ano 2020 exixindo do Goberno galego medidas concretas, orientadas cara aos máis afectados, e entre eles e en especial as mulleres e a mocidade, aqueles que xa partían dunha situación laboral marcada pola precariedade, que se acentuou coa pandemia e que vai a máis coa crise actual. Medidas que unha e outra vez foron vetadas polo Partido Popular.

Fixemos unha análise da situación, denunciámos que as medidas do Goberno galego non eran suficientes, que era necesario ser valentes e tomar decisións de maior calado, e unha e outra vez atopámonos coa negativa do Partido Popular a, primeiro, recoñecer esa situación e, en segundo lugar, adoptar as medidas adecuadas. Medidas alternativas como as plantexadas por este grupo en comisión hai uns días, nas que reiterabamos a necesidade de poñer en marcha un plan específico de emprego feminino, para, en primeiro lugar, atallar a precariedade e a falta de oportunidades que sofren as mulleres. E consideramos, ademais, que ese plan debe centrarse nos milleiros de mulleres que foron expulsadas do mercado laboral na pandemia e agora se queren reincorporar, para que esa reentrada non supoña volver á precariedade. E dirixiuse tamén ás que seguen en situación de inactivas, é dicir, ás que non teñen traballo nin tampouco o están buscando. Todos sabemos que a independencia económica da muller é un elemento fundamental para rachar cun sistema patriarcal e avanzar de verdade na igualdade entre homes e mulleres. Por iso, tamén solicitamos a implementación de programas específicos dirixidos a estas mulleres dentro destas políticas de emprego, así como plans específicos de emprego para a mocidade, para cortar dunha vez por todas a saída constante de man de obra cualificada cara a outros países, onde xeran riqueza. E a curto e medio prazo impulsar unha estratexia de emprego máis ambiciosa e pensada en clave de país, centrada na xeración de emprego en sectores económicos estratéxicos e en sectores emerxentes, priorizando, iso si, a calidade e a estabilidade no emprego en xeral, pero con



especial atención á inserción laboral da mocidade e das mulleres galegas. Hai meses que o levamos solicitando.

A axenda de capacidades que levan anunciando dende o comezo da lexislatura non deixa de ser iso, un anuncio. Coñecemos xa o estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego, pero é imprescindible, é urxente, implementar esa estratexia de emprego que demandamos.

Pero esas medidas foron rexeitadas polo Partido Popular, que xustificou ese voto en contra cun argumento ben curioso do seu portavoz en emprego. Se o punto de partida das nosas propostas era o cuestionamento das políticas de emprego da Xunta, o Partido Popular votaría sempre en contra. Iso é o que nos dixeron hai ben pouco en comisión.

Pois ben, como din os Chunguitos, se me dan a escoller entre as políticas de emprego da Xunta e a defensa dun emprego digno, estable e de calidade para as galegas e os galegos, ¡ai, amor!, quédome coa defensa das persoas traballadoras deste país. *(Aplausos.)*

Non queremos ser palmeiros, senón críticos e propositivos. Para vostedes as políticas da Xunta en materia de emprego nos 13 anos de goberno do señor Feijóo son palabra de Deus e temos que dicir amén. É o que entendín o outro día polo menos.

Pois non van ter sorte, sinto moito dicírllelo. A loita por un mercado de traballo que garanta emprego digno, estable e de calidade é algo ao que dende o BNG non imos renunciar nunca.

Vostedes si o fan, porque esas políticas e programas son claramente insuficientes, tal e como amosan os datos —insisto— de fontes oficiais ou entidades cuxa credibilidade debería estar fóra de toda dúbida, incluso para vostedes. Os datos están aí e son incontestábeis: 12.000 empregos perdidos no ano 2021 na industria en comparación co ano 2020. Mentres a industria languidece na Galiza, é o sector servizos o que marca que o desemprego aumente ou baixe por meses, segundo as necesidades estacionais. Iso si, outra vez estacionalidade e precariedade. Un sector servizos do que dependemos en exceso e que se caracteriza pola precariedade laboral.

Unha baixada do poder adquisitivo dos salarios das traballadoras galegas nun 6,9 % dende o ano 2010, o que supón que nos atopemos no furgón de cola do Estado segundo o Monitor de Oportunidades e Satisfacción no Emprego, período 2010–2021. E froito do anterior, a pensión media na Galiza no ano 2021 foi a terceira máis baixa do estado: 400.000 pensionistas galegos e galegas perciben unha pensión inferior ao mínimo considerado para non ser pobre, segundo datos da Rede galega contra a pobreza. E o que é peor, os beneficiarios das pensións máis baixas aumentaron nun 35 % entre o ano 2019 e o 2020.

Se falamos de mulleres e mozas, todos estes datos anteriores empeoran. O 73 % do emprego perdido na Galiza no ano 2021 foron mulleres, o 94,8 % dos novos contratos asinados por mulleres foron temporais. E dos parciais asinados, o 77 % tamén foron mulleres.

A fenda salarial, segundo datos da Axencia Tributaria do ano 2020, que é a que se pode de momento comparar, está no 19 %.



Do ano 2008 ao 2020 Galiza perdeu un terzo da poboación xuvenil en idade de traballar e a metade de persoas afiliadas do grupo máis novo á Seguridade Social, segundo o informe do CES, sobre empregabilidade xuvenil.

A capacidade adquisitiva da mocidade galega é das baixas do Estado. E a emancipación dos mozos e das mozas galegas caeu 7 puntos porcentuais dende o ano 2009. A poboación ocupada entre 16 e 29 anos diminuíu en 108.000 persoas entre o ano 2009 e o ano 2021, caendo a taxa de actividade xuvenil en 10,5 puntos nese período.

Estes son todos datos sacados de organismos oficiais. Espero que esta vez non os discutan. Dende que Feijóo chegou á Xunta ata decembro do ano pasado desapareceron o 53 % dos postos de traballo do grupo de 16 a 24 anos, e o 46 % no sector de 25 a 29.

Eu entendo que non lle interesan demasiado estes datos, señor Balseiro, pero quizais debería vostede escoitalos porque, ao mellor, escoitando e facéndose unha visión clara da realidade, poderíamos acertar un pouco máis coas solucións.

Esta é a herdanza que nos deixa o amado líder, hoxe empadroadado en Madrid. Estes datos exixen un cambio de ritmo das políticas de emprego do Goberno galego, como o que levamos demandando dende o comezo da lexislatura dende o BNG. Por iso, apoiaremos esta iniciativa e seguiremos insistindo na necesidade doutras políticas de emprego, ata que poidamos implementalas por nós mesmas no ano 2024.

Moitas grazas e seguimos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Pérez, vexo que vostede é un fan dos Chunguitos, *(Murmurios.)* e non sei se se acorda vostede daquela canción que tiñan que dicía «dáme veneno». E, como vostede é un fan, xa sabe como continuaba.

Señorías, estamos, tristemente, afeitos a que os debates en materia de emprego nesta Cámara sexan un intercambio de datos cos que os grupos da oposición buscan restar valor ás políticas de emprego da Xunta de Galicia.

O Partido Socialista quere intentarnos convencer da necesidade de replicar, de copiar en Galicia as políticas de Pedro Sánchez, que, ao noso xuízo, señora Rodríguez Costa, suporían un retroceso.

E o Bloque Nacionalista Galego sitúase na equidistancia, presentando unha Galicia negra que nada avanza. Por cuestionar, o Bloque Nacionalista Galego cuestiona incluso os supostos



logros que pinta o Partido Socialista. Pero á hora da verdade os nacionalista son os socios de investidura máis dóciles que ten Pedro Sánchez. Dá igual. (*Aplausos.*) Dá igual que a Moncloa non cumpra con Galicia, que non se cumpra nin unha soa coma do pacto de investidura de Ana e Adriana —a propósito, por certo, a señora Pontón de novo ausente na Cámara—. Dá igual que o Partido Socialista (*Murmurios.*) aplique unha estratexia enerxética que nos leva ao peche das Pontes ou de Vestas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a parar a produción de aluminio primario en Alcoa ou que expulsen as nosas empresas da costa, coas repercusións negativas que todo isto ten no emprego.

A pesar de todo, o Bloque Nacionalista Galego sitúase sempre, sempre, ao carón do Partido Socialista. Vostedes son incapaces de romper os seus pactos nos concellos e, sobre todo, nas deputacións, nas que non cren. Polo cal, aí seralles fácil, porque crer non cren, cobrar cobran e nos coches oficiais andan. (*Aplausos.*) E prestando, ademais, os seus votos a Pedro Sánchez cada vez que hai unha situación na que o seu apoio é decisivo.

Canto ao Partido Socialista, vostedes maquillan as cifras e a realidade do noso país para intentarnos convencer de que temos que ser un pouco máis parecidos a don Pedro Sánchez. E ante ese debate hai unha realidade incuestionable que ningunha maquillaxe pode agochar. En materia de emprego Galicia continúa a estar en mellor posición que o resto de España. E ademais Galicia está en mellor situación en materia de emprego, usemos os datos que usemos. Incluso os reto, señorías, a que me digan cal das cifras que lles vou dar non é certa. Porque no Grupo Popular, no grupo maioritario desta Cámara, non facemos uso de ningún dato que non teña un soporte en fontes oficiais.

¿Queren vostedes usar a EPA? Miren, o último dato coñecido, o do primeiro trimestre, dicía que o paro diminúe en Galicia o 10,93 % nun ano. As tres taxas —paro, ocupación, actividade— amosan o mellor escenario posible. A taxa de paro, 11,44 puntos, a menor dos últimos catorce anos. Continúa a ser mellor que a do resto de España, pois mentres en Galicia é de 11,44 puntos, no resto de España é de 13,65 puntos. A taxa de emprego é a máis elevada nun primeiro trimestre desde o ano 2009.

E por colectivos, a taxa de paro feminino continúa sendo menor en Galicia —12,9 puntos— que no resto de España, que é de 15,44 puntos, 2,5 puntos menor.

¿Prefiren vostedes, se non lles valen estes, prefiren empregar o paro rexistrado, que acaba de facerse público hai pouco tempo? Galicia rexistra o menor número de parados de toda a serie histórica no mes de maio. Desde o ano 2008 o desemprego non baixaba das 150.000 persoas. Seis persoas cada hora deixaban as listas do paro en Galicia e 4.482 galegos e galegas atoparon traballo en Galicia o pasado mes.

Galicia conta hoxe con menos persoas sen emprego na evolución anual, un 11,61; na mensual, un -2,98; nas mulleres, -11,5, e nos menores de 30 anos, -13,5.

E todo isto sen necesidade de manipular ningunha cifra estatística, a diferenza do que fan vostedes. Cando o Partido Socialista quita, por exemplo, da cifra do paro aqueles que, tras a reforma laboral, pasaron de ter un contrato temporal a telo fixo discontinuo, que xa non contan como parados aínda que non traballen.



Tamén lles digo que o Partido Popular e a Xunta non se conforman con estes bos datos. Aínda hai moitos galegos que queren traballar e non poden facelo. Somos conscientes de que aínda hai moitos retos sobre a mesa.

Como dixo o presidente Rueda, queremos unha Galicia que cree cada vez máis postos de traballo dunha maior calidade. E para iso pedimos a colaboración da oposición e cremos, por suposto, no diálogo social. Pedimos unha colaboración construtiva, en positivo e sincera. E o camiño correcto non é o que fan vostedes nesta moción, na que piden que a Xunta poña en marcha plans específicos dirixidos a mulleres, mozos, parados de longa duración, autónomos ou galegos retornados. Porque vostedes saben que eses plans de apoio concreto aos colectivos prioritarios xa existen. Son os plans Emprega, que ademais están funcionando, ademais están funcionando.

Estamos dispostos, por suposto que si, a escoitar, a valorar e a debater medidas concretas de vostedes, que non sexan unha emenda á totalidade daquilo que está funcionando.

Vostedes sempre falan en xenérico, ou a redacción das súas propostas de acordo é moi imprecisa. Hoxe a Xunta ten a axenda de apoio ao emprego máis ampla e máis ambiciosa de toda a historia da nosa autonomía, mobiliza máis recursos que nunca, chegando a máis persoas que nunca. E, por favor, revisen tamén os seus datos, executando tamén máis recursos que nunca.

Xa llelo explicaba a señora conselleira no debate da interpelación e voulles lembrar tan só catro datos.

A Xunta leva posto en marcha, a través do Plan Emprega Muller, a metade dos 35,8 millóns de euros que están destinados a este plan. No Plan Emprega Xuventude, do que falan vostedes, a Xunta leva executado 51,8 millóns, o que quere dicir que está ao 100 % en execución. E para a discapacidade e exclusión social o 70 % xa está activado, dos 40 millóns de euros destinados ao mesmo. Pero é que, ademais, están activos xa 26 millóns de euros máis adicionais neste primeiro trimestre de apoio aos autónomos e pequenas empresas.

Queremos que a oposición tamén teña a valentía de sumarse con propostas en positivo para que Galicia continúe como ata o de agora en mellor posición que o resto de España cando falamos de emprego. E para iso pedímoslles dúas opcións: que pasen de manipular as cifras de emprego a asumir que son correctas, e asumir que Galicia ten unha mellor situación laboral que o resto de España. Pedímoslles que nos axuden a convencer a Pedro Sánchez de que cese na súa obsesión contra Galicia, que a Moncloa rectifique e traspase os fondos e recursos que por dereito nos corresponden. Non queremos, como comprenderán, ser máis, pero tampouco queremos ser menos.

E termino, señor presidente, pero termino porque lles traio aquí uns gráficos onde di: *Tasa de paro feminino, datos de la EPA, primer trimestre. Galicia, 12,9; España, 15,4.*

Se non lles vale este imos á taxa de paro —datos da EPA—, primeiro trimestre do 2022: Galicia, 11,44; España, 13,65. E se non lles vale este, imos á evolución do paro rexistrado en



Galicia: maio de 2022, anual, -11,6; mensual, -2,98; mulleres, -11,5; mozos, -13,5. Estes datos son reais.

Se vostedes agora, cando suban á tribuna... vostede, señora Rodríguez Dacosta, que vostede ten réplica, me pode contradicir algún dato destes, vostede terá a razón. Pero non mos vai poder contradicir, porque estes son datos oficiais, esta é a realidade de Galicia, a realidade dos galegos e das galegas, e non a realidade do mundo de Yupi no que viven vostedes ou no mundo que nos queren pintar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

(*Aplausos.*) (*Aplausos.*)

Grupo autor da moción. Señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor Balseiro, para seguir cos Chunguitos (*Risos.*) voulle dicir: *me saben a humo* as políticas do Partido Popular. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Quero agradecer o voto favorable do BNG. Estamos no mesmo barco. E o portavoz do Partido Popular pasou a metade da intervención falando do apoio do BNG, dos apoios que fai ou non fai ao Goberno de Pedro Sánchez. Parece que iso era o que máis lle interesaba das iniciativas e dos parados e paradas. Ademais de reiterar unha intervención nunha comisión que hai pouco tempo vin, obviamente porque se refería a temas de emprego, e o 90 % era basicamente a mesma.

E, mire, vostede falaba de que só dan vostedes datos oficiais e que nós mentimos nos datos. E resulta que hai un dato que lle quero dar antes de nada: nos anos de Goberno 2009-2022 —dos que falabamos antes—, do Goberno de Feijóo, comprobe se é certo que hai 66.000 ocupados menos en Galicia, e no Estado hai 1 millón de ocupados máis. Iso compróbeo e despois contéstamo.

E tamén, como sei que le *La Voz de Galicia* —entendo que le *La Voz de Galicia*—, igual dedicou un tempo a ler un artigo, hai escasamente sete meses, de Fernando Salgado. E fala dos datos e do Partido Popular, e di: «Hai algo peor que atribuírse os éxitos e transferir fracasos, inventarse os datos cando os datos non che serven. E iso é o que fixo Núñez Feijóo para demostrar que a evolución do emprego de Galicia nos últimos 12 anos foi máis positiva que no resto de España. Simplemente, por desgraza, isto non é certo; para medir o emprego dispoñemos de dúas fontes: a EPA e a Seguridade Social. Segundo a primeira, no ano 2009 había en Galicia 1,15 millóns de ocupados, no 2020 eran 1,07 millóns. En doce anos destruíronse 81.200 empregos, un recorte do 7 %. No mesmo período, o número de persoas ocupadas en España aumentaba en 95.600, un 0,5 máis. Falamos de medias anuais, pero podemos tomar os datos a fin de cada ano ou os datos da última EPA publicada, que a conclusión é a mesma,



Galicia ten hoxe menos ocupados que no 2009 e España ten máis. A afiliación á Seguridade Social reafírmalo, creceu un 4,8 % e en España caía un 3,2 en Galicia. O paro si se reducía en Galicia, había 146.700 parados e paradas, agora 17.400 menos, baixou un 10,6. ¿Como se explica que se destrúa emprego e ao mesmo tempo se reduza o paro? Sinxelamente, pola caída da poboación activa, consecuencia do declive demográfico, da emigración dos mozos ou da combinación de ambos os factores».

Seguía o artigo con datos e dicía: «Estes son os datos escritos —relacionados cos datos que daba Feijóo—, que cada cal os interpreta á súa maneira. Como corolario, unha suxerencia ao presidente do Parlamento: debería establecer un sistema de alarma que saíse cando a un deputado lle dea por inventar algoritmos *ad hoc*». E isto dicíao en *La Voz de Galicia* este articulista.

E mire, falando de datos, porque falaba de Pedro Sánchez, falaba do Goberno e falaba dunha serie de datos. Estes son datos oficiais de maio do ano presente: afiliados á Seguridade Social, 2018, co Partido Popular, con Rajoy, 18.915.000. E resulta que agora, en maio de 2022, 20.200.000, (*Aplausos.*), 1.285.000 afiliados á Seguridade Social máis. (*Aplausos.*) Número de parados con Rajoy, no 2018, maio: 3.252.000 parados e paradas; 2022, co Partido Socialista en coalición con Podemos, 2.922.911, -329.089 parados e paradas. Señor Balseiro, taxa de desemprego, 16,74, baixamos a un 13,65.

Miren, sería desexable que hoxe saíramos deste Parlamento cunha resolución na man, un acordo dos tres partidos representados nesta Cámara que apostara polas relacións laborais negociadas na nosa comunidade. Porque vostede, dende logo, non mencionou nada de que se ían convocar e por que non se convocaban os comités provinciais, territoriais e autonómicos de emprego, órganos de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais deste país, desta comunidade autónoma.

E debemos reivindicar ese diálogo, pero vostedes non o fan. Vostedes fan estudos que publican dous anos despois, unha axencia de capacidades —como dicía o portavoz do BNG— que está anunciada hai moito tempo pero realmente na práctica non sabemos cando vai funcionar. E o compromiso das tres patas en aras de mellorar o noso mercado laboral é fundamental, señor Balseiro. A saída das dificultades faise así, negociando, como fai o Goberno de Pedro Sánchez; negociando acordos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...no diálogo social ou cos comités que lle mencionaba.

Xa termino.

Eu pretendía que estiveran á altura das circunstancias, dos parados e paradas e de todos os parados de longa duración e desas familias que non teñen a ningún empregado na súa casa. Pero parece que vostedes van por outros camiños. Dende logo, do consenso para nada, porque iniciativa tras iniciativa en positivo é desbotada polo Partido Popular. Pero seguiremos na mesma liña de traer a este Parlamento os datos oficiais e iniciativas como trouxemos hoxe.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a loita contra a endometriose

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de substitución:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, antes de rematar esta lexislatura, se elabore unha guía galega de atención á endometriose, incluíndo na mesma: os datos sobre as características das consultas específicas de endometriose, os datos sobre o seu funcionamento, incluído o número de profesionais que as conforman, as pacientes atendidas..., derivacións, formación impartida sobre a patoloxía e todos aqueles datos que poidan ser de interese.»

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

O pasado Pleno o BNG interpelaba o conselleiro de Sanidade sobre as actuacións que tiña realizado a súa consellería para levar a cabo os acordos acadados neste Parlamento, por unanimidade dos grupos parlamentarios, respecto das medidas a tomar para atender as demandas das mulleres con endometriose.

A interpelación traíámola aquí naquel momento a instancias —como dixen— da Asociación Querendo, que nos volveu trasladar aos grupos parlamentarios que, sete anos despois do primeiro acordo, toda vez que fora o 22 abril do ano 2015, practicamente se tiña avanzado realmente pouco a pesar de ser unha doenza, a endometriose, cun altísimo nivel de afectación entre as mulleres, en xeral. E no caso de Galiza, se temos en conta que pode afectar entre un 10 e un 20 % das mulleres en idade fértil, estamos falando dunha moi elevada prevalencia; podemos estar a falar, como mínimo, de 60.000 mulleres. E teño que insistir en que unha parte importante delas en estadios graves, non estamos falando de cuestións menores.

Pois, a pesar dese altísimo nivel de prevalencia, dos acordos acadados e das boas palabras, da coincidencia en que é un tema que hai que abordar, insisto, os pasos dados pola Xunta



son realmente escasos. Decía o conselleiro que a el lle gustaría que se fixeran moitas máis cousas nesta patoloxía da endometriose e noutras patoloxías, pero fanse as que se fan. Frase rotunda: «fanse as que se fan». Bueno, pois as que se fan son poucas, insuficientes, e é necesario avanzar moito máis decididamente.

Decía o conselleiro, para parecer como que realmente se daban cousas,... ata meteu toda a compra dos equipos Da Vinci, aparatoloxía técnica, como avances na loita contra a endometriose. Bueno, efectivamente, e que haxa un sistema de saúde, suponse que algo fará. Pero, bueno, quero dicir que cando tes que recorrer a facer ese tipo de carambolas, de encher, como cando vas a un exame e te collen con que apenas che soa o que che preguntan e ti empezas a encher, pois é que algo realmente creo que non vai ben.

E eu hoxe tamén teño que dicir que me parabenizo porque no Pleno empracei o conselleiro a que se reunira coas representantes de Querendo, porque é unha asociación que leva feito un traballo realmente moi importante de visibilización, de información, de acompañamento a moitas mulleres e que precisan ese acompañamento da Xunta e que a Xunta se implique. E teño que parabenizarme en nome tamén delas de que onte tiveramos a reunión co conselleiro, o cal creo que é un avance; mais, en principio, os compromisos parece que non foron demasiados. Eu agardo que hoxe aquí deamos un paso máis en impulsar un pouquiño máis o traballo nesta dirección.

Decía unha persoa intelixente unha vez nunha viñeta que a normalidade consiste en crer que o que pasa é normal. Ben, a min paréceme moi ilustrativo, a normalidade consiste en crer que o que pasa é normal. Bueno, pois eu teño que volver dicir aquí que, aínda que o que pasa é que miles de mulleres teñen todos os meses dor, e algunhas moita dor, e outras moitas unha dor invalidante e insoportábel, pois non o podemos dar por normal, aínda que sexa o que pasa, non é o normal que sufran esas dores. E non aceptamos como normal esa situación. E por iso o que non é normal é escoitar as mulleres que, cando din que lles doe é que lles doe, e hai que saber por que, hai que escoitalas e hai que atender as súas demandas.

E ata os anos 60, máis ou menos, non se empezou a falar desde o movemento feminista dos nescos de xénero na atención sanitaria, que non é outra cousa que diferente esforzo terapéutico diante da mesma necesidade sanitaria. E na literatura científica empezaron a aparecer publicacións a principios dos anos 90, é dicir, que houbo que esperar 30 anos a que esa evidencia de moitas mulleres, esa denuncia pública, se fora transformando en evidencia científica e en evidencia publicada. Aínda que hoxe, 60 anos despois de empezar con esa denuncia e 30 anos despois de empezar as primeiras publicacións científicas, a sanidade segue rexéndose por un modelo maioritariamente androcéntrico, que toma como referencia o home, que o comportamento do corpo masculino no diagnóstico, na abordaxe terapéutica e na investigación segue sendo o imperante. E segue presente esa mirada androcéntrica na sanidade, que determina o que se prioriza, o que se prescribe, o que se investiga e o que é importante e o que non é importante. E, habitualmente, maioritariamente, é máis importante atender as necesidades masculinas e non as femininas. E é evidente que as desigualdades e a violencia estrutural coas mulleres, imperantes en toda a sociedade patriarcal, se estenden a todos os ámbitos, incluído o ámbito sanitario.



E os nesgos de xénero ensínanse nas universidades, logo aplícanse como son aprendidos, como foron ensinados e aprendidos; mais a súa orixe está en como se xera o coñecemento, na investigación, na orixe das cuestións. E eu tamén teño que dicir que non é un problema individual de cada muller que ten un problema específico ou que tivo nun momento dado unha mala experiencia ou unha mala atención. Trátase dunha situación estrutural que xa estamos conseguindo que saia á luz grazas a miles de mulleres que foron socializando as súas experiencias, os seus saberes, as súas investigacións, estase evidenciando grazas a ese traballo de miles de mulleres que levan anos loitando, visibilizando, denunciando, demandando que se lles escoite, e demandando que se rectifique.

Por iso o BNG trae esta moción, que o que demanda é que a Xunta dea pasos decididos, que pase das palabras e de entender o problema a tomar medidas. O que demandamos é que os acordos acadados neste Parlamento, tanto o 22 de abril do ano 2015 como o 18 de marzo do ano 2021, que demandan medidas para avanzar na creación de consultas nas derivacións, na creación de unidades multidisciplinares, nas campañas de divulgación, nas campañas de formación, de actualización, en realizar atención diferencial en fertilidade, en activar as unidades, en que se inste o Goberno español a demandar os tratamentos como financiados no sistema de saúde, porque hai tratamentos específicos que non están incluídos na carteira de servizo e, polo tanto, supoñen un custo económico ás mulleres, cada mes, difundir as guías e, sobre todo, avanzar na detección precoz. Avanzar na detección precoz e rematar dunha vez por todas con ese calvario que supón oito e dez anos —segue supoñendo a día de hoxe oito e dez anos— para que moitas mulleres teñan unha diagnose, avanzar para que as nenas que aínda son atendidas en pediatría, que son atendidas ata os 14 anos, sexan derivadas a xinecología cando teñan problemas xa con dor de regra, que neste momento non están, ou nunha porcentaxe moi pequena están sendo derivadas a xinecología e iso significa un problema.

Polo tanto, insistimos en que iso se faga, pero poñémoslle un prazo. Levamos sete anos desde a primeira vez que se aprobou a iniciativa, e o que demandamos hoxe aquí o BNG é que estas medidas aprobadas unanimemente neste Parlamento se efectiven antes de que remate esta lexislatura. Polo tanto, dous anos por diante serían nove anos despois de terse aprobado a primeira vez ese acordo. Parécenos que non é unha petición tan de máximos, senón máis ben de mínimos.

E tamén demandamos que se presente no Parlamento, neste período de sesións, un informe que contemple o que está pasando, ter información, saber cantas consultas, como están sendo, se hai unidades pluridisciplinares.

Dicía o conselleiro que, cando fai falta, se reúnen esas unidades mutltidisciplinares. O que a min me trasladan é que non existen. Entón, poñer branco sobre negro, pasar un informe para que se saiba que é o que está acontecendo, que formación se está impartindo, que tipo de divulgacións se está realizando. E logo tamén o que demandamos é a creación dunha unidade Muller e Saúde, porque a problemática que teñen as mulleres con endometriose non é un problema exclusivo nin illado desta doenza, senón que forma parte dunha problemática moito maior que son eses nesgos de xénero existentes na atención, na investigación, na formación sanitaria, que repercute logo na calidade asistencial que reciben as mulleres.



Polo tanto, cremos que esta moción que hoxe presentamos é perfectamente asumíbel e cremos que a súa aprobación significaría visibilizar un compromiso real coa loita para acabar cos nesgos de xénero na sanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes de novo a todos.

Vimos debater unha patoloxía feminina, a endometriose, que afecta arredor do 10 % das mulleres en idade fértil. E deste 10 % aproximadamente un 25 % van desenvolver ao longo da súa enfermidade un grao 4, o que significa unha afectación estimada dun 0,025 % das mulleres en idade fértil, co que estamos falando cunha patoloxía que non é menor. Pero ningún poderá negar que se tiveron notables avances, nos últimos anos, nas demandas que se fixeron nesta sede parlamentaria.

Non estarán todas as demandas cumpridas, señorías, pero tal e como explicou o conselleiro durante o debate da interpelación na maior parte delas avanzouse e os acordos están cumpridos; dicir o contrario é faltar a verdade.

Hoxe temos maior coñecemento da enfermidade, avanzouse en formación, en difusión en diagnóstico precoz, temos a sanidade pública dotada de máis medios diagnósticos e maiores posibilidades de tratamento e estes, ademais, poden ser máis precisos.

Repasen vostedes a intervención do señor conselleiro no último pleno, onde daba boa conta de todos os avances que se teñen producido nos últimos anos, por certo, avances significativos en anos moi difíciles como consecuencia da pandemia, non deberíamos esquecer isto, señorías. Podería repetir aquí cada un dos puntos que escurpulosamente polo miúdo explicou o conselleiro no pleno pasado, pero penso que non ten moito sentido reiterar o mesmo. Permítanme que resalte o que me parece máis relevante. Traballouse e trabállase cada día desde diferentes eidos na detección precoz da endometriose; creáronse unidades especializadas en todas as áreas sanitarias; avanzouse en coñecemento, en difusión, en investigación da enfermidade. Saben que o Sergas asume como propia a guía do Ministerio e promove que o servizos de xinecoloxía das áreas sanitarias dispoñan dun circuíto de atención que dentro da súa actividade contén unha consulta de endometriose adaptada á prevalencia que hai en cada área sanitaria.

En todos os servizos de xinecoloxía e obstetricia de cada área existe unha consulta específica ou ben unha consulta integrada con outras enfermidades xinecolóxicas, o que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres ben con sospeita ou ben con diagnóstico claro de endometriose, adaptada á demanda existentes. En cada unha delas establécese un



circuíto asistencial no que se inclúe a derivación a outras unidades como son as consultas de cirurxía ou ben as consultas de esterilidade.

Nas áreas sanitarias de Vigo, Ourense, Ferrol, Santiago, Lugo e A Coruña hai unha consulta específica de endometriose. En todos e cada un dos casos de endometriose nos que se obxectiva algún atisbo de complexidade son avaliadas por un equipo multidisciplinar formado por profesionais de diferentes especialidades, tanto de xinecoloxía como de reprodución asistida, cirurxía, anestesioloxía, radioloxía, saúde mental, uroloxía, endocrinoloxía, gastroenteroloxía, fisioterapia e outros.

O Sergas é plenamente consciente de que se deben de atender de maneira individualizada as necesidades específicas de cada muller, non só no ámbito xinecolóxico ou obstétrico, senón tamén no relativo a patoloxías que deben ser tratadas de xeito diferencial. É consciente e así o fai.

Na endometriose, como en case todas as doenzas, o diagnóstico precoz é fundamental, evita sufrimento, evita dano e fai posible o inicio dun tratamento axeitado para paliar ou recuperar o estado de saúde previo á enfermidade. Concretamente, na endometriose, ademais da sintomatoloxía que presenta a paciente e que fai posible que ese clínico ao que acode sospeite desa enfermidade, a imaxe é fundamental. E, neste sentido, o Sergas ten feito un gran investimento nos últimos anos coa renovación dos equipos tanto de ecografía, de TAC e resonancia, que xa están instalados nos hospitais de todas as áreas sanitarias, conxuntamente coa formación necesaria dos profesionais para poder empregarlos.

Esta é a maneira de aumentar a capacidade e de diagnosticar máis e mellor a patoloxía que hoxe nos ocupa, porque estamos falando de que o diagnóstico precoz é fundamental.

Nestes casos complexos de pacientes diagnosticadas de endometriose que requiren cirurxía, tamén é importante subliñar todos os avances que se teñen producido en materia tecnolóxica na nosa comunidade. E aí o conselleiro dicía o outro día a importancia dos robots Da Vinci tamén en todas as áreas sanitarias. Porque non é o mesmo operar con robot ou sen robot. Estes robots Da Vinci posibilitan iniciar as intervencións en pacientes con endometriose facendo cirurxías moito máis precisas, moito menos invasivas e que conlevan unha menor morbilidade e unha mellor e máis rápida recuperación destas pacientes. Por dar algún dato de casos de complexidade en endometriose, nos últimos dous anos realizáronse 37 intervencións cirúrxicas e 250 mulleres pasaron un proceso de ingreso cun diagnóstico de endometriose.

Outro problema importante que é importante subliñar neste tipo de pacientes é o da fertilidade. Estamos falando dunha doenza que, como dicíamos, afecta a mulleres en idade fértil. A este respecto debemos de recordar que existe un compromiso claro por parte do Goberno galego que quedou fixada na tramitación da lei de impulso demográfico, onde se inclúe literalmente que o Servizo Galego de Saúde garantirá o tratamento de reprodución asistida a aquelas mulleres cuxos problemas de fertilidade veñan derivados dunha patoloxía. A endometriose é unha das enfermidades que están directamente relacionados coa infertilidade e, polo tanto, son susceptibles de recibir tratamento de reprodución asistida.



Outro problema importante é a codificación para poder mellorar a atención que se presta en todos os servizos e así avanzar e mellorar o infradiagnóstico que pode existir. Neste sentido é importante destacara que se creou unha extensión específica da CIAP 2 na que se inclúen tanto a endometriose como a súa variante, a denomióse, que, ademais do que supón para os profesionais e as pacientes que van contar no seu historial con esta extensión, vai servir tamén para avanzar no coñecemento da prevalencia real da enfermidade na nosa comunidade autónoma, e poder así tomar decisións sobre datos reais.

O conselleiro deixou claro e manifestou en reiteradas ocasións neste Parlamento o claro compromiso coa mellora da saúde das mulleres e, concretamente, no eido desta enfermidade, e comprometeuse a elaborar unha guía de atención específica para Galicia na que se recolla unha abordaxe integral da patoloxía e tamén as claves para continuar avanzando nun diagnóstico precoz ao longo desta lexislatura.

Non fai falla ir máis lonxe, pois onte mesmo, como dicía a señora Prado, recibiu a representantes da asociación Querendo, para escoitar as súas inquedanzas e chegar a acordos con esta asociación. El mesmo deixaba claro tamén na súa intervención no pasado pleno que na consellería se traballaba segundo os acordos deste Parlamento, fundamentalmente afrontando a mellora asistencial e, sobre todo, poñendo todas as ferramentas para que as mulleres galegas contén cun diagnóstico de endometriose no menor tempo posible.

Señorías, todos estamos de acordo nisto, todos queremos seguir avanzando, pero requírese tempo. O compromiso existe, sexamos coherentes e aprobemos que nun prazo realista e necesario pode servir para dar resposta a todos os compromisos que se adquiriron. Non cabe ningunha dúbida —nós, desde logo, non a temos— sobre a preocupación, a responsabilidade que todos temos en temas de saúde, en todos, pero cando falamos da saúde da muller e máis en particular desta doenza en concreto, porque é unha patoloxía moi sensible, penso que debemos de facer un esforzo por chegar a acordos entre todos os grupos.

Nós presentamos unha emenda coherente, con todo o que acabo de explicar, construtiva, que podemos apoiar todos e da que paso a dar lectura coa esperanza de que non se rachen os acordos e o consenso que ata o de agora acadamos neste ámbito: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que antes de rematar esta lexislatura se elabore unha guía galega de atención á endometriose incluíndo na mesma os datos sobre as características das consultas específicas de endometriose con datos sobre o seu funcionamento, incluíndo o número de profesionais que as conforman, as pacientes atendidas, derivación, formación impartidas sobre a patoloxía, e todos aqueles datos que poidan ser de interese.»

Tamén quero recordar aquí que o Goberno galego, este goberno, foi o primeiro goberno que aprobou un plan de igualdade para todos os traballadores do Servizo Galego de Saúde.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, ten a palabra don Julio Torrado Quintela, por dez minutos.



O señor TORRADO QUINTELA: Teño pouco tempo, pero un pouquiño máis ca este aínda podía ter.

(A señora presidenta pronuncia palabras que non se perciben.)

Aínda non empecei xa me está botando, señora presidenta. Para un día que podo falar algo...
(Pausa.)

Si, agora teño tempo de máis.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Desculpe, ¡eh!

O señor TORRADO QUINTELA: Non, non, por favor.

Grazas, presidenta.

O noso grupo vai apoiar esta iniciativa, vaia por diante. E vai apoiala indistintamente de que se aceptase a emenda. É certo que a emenda parece pouco ambiciosa e supoño que o BNG considerará... correspóndelle rexeitala ou intentar negociala, iso xa lle corresponde á señora Prado, pero sabe que ten o noso voto a favor, confiando plenamente, ademais, en que defenderá a cuestión. E explicarei ademais por que.

Dende o noso punto de vista esta iniciativa ten que ver con dúas cuestións basicamente, que son diferentes, non é que non teñan nada que ver, pero son diferentes. En primeiro lugar, ten que ver co problema real, asistencial, e outro, cunha cuestión parlamentaria e de respecto ás formas.

En primeiro lugar e o relevante, é sobre a cuestión asistencial. Hai un problema evidente nunha sanidade androcéntrica, que xa o foi máis pero que aínda lle queda moito por percorrer, bastante moito por percorrer.

Temos un sistema de saúde en xeral, incluso en investigación, aínda —insistimos— con melloras nos últimos tempos, pero con moito por percorrer, centrada basicamente na figura do home; centrada no exercicio da tarefa de saúde, pero tamén na imaxe e no paradigma da análise de saúde focalizado fundamentalmente no home. E aí están moitísimos exemplos. A min paréceme sempre moi interesante poñer un que creo que é realmente chamativo. Hai cinco veces, cinco veces, máis investigación sobre disfunción eréctil que sobre síndrome premenstrual, cinco veces. E isto evidencia que os intereses están focalizados e están orientados incluso cando a realidade numérica evidencia que, eu non sei se por 5 ou non, pero debería ser probablemente inversa e probablemente aínda con máis desequilibrio.

Hai unha realidade e é que a sanidade está pensada por homes e para homes. Insistimos, está mellorando a situación, pero aínda queda moito camiño por percorrer.

Dentro deste escenario, onde as mulleres sofren historicamente máis diagnósticos incorrectos, onde aquelas áreas nas que as mulleres tenden a ter máis padecemento, máis preva-



lencia dalgunhas enfermidades, son as menos traballadas, son as especialidades menos tratadas, son as áreas onde menos atención se lle presta, dentro de todo iso hai un área específica que ten que ver, ademais, cunha cuestión cultural, que é a relación entre dor e muller. Dá a sensación de que culturalmente se asume que a muller debe de sufrir, e padecelo é parte da súa función, do seu rol como muller. E, por tanto, isto leva a que dende o punto de vista incluso asistencial fíxose de menos todo o traballo sobre o ámbito da dor. Non é que non lle importe a ninguén, pero importa menos do que debera. E aí hai problemas claramente da endometriose pero tamén a fibromialxia e outras patoloxías que afectan fundamentalmente a mulleres. Penso tamén en cuestión de saúde mental, de sufrimento en saúde mental que afectan moito máis a mulleres que a homes, algunhas delas de maneira clarísima, e que recibiron, no que corresponde á diferenza de xénero, ningunha discriminación positiva en favor da muller ou da atención sobre a muller porque teñan máis sufrimento desas patoloxías, máis ben incluso ao contrario.

No caso da endometriose, ademais, este é un caso evidente porque, probablemente, ademais, creo que é posible asumir que dentro dos debates de política sanitaria é unha realidade que apenas hai moi pouco tempo que entrou dentro do debate da política sanitaria. E, insistimos, sempre con matices e sempre coa... é imposible asumir unha totalidade das afirmacións, pero si que, a pesar dalgúns matices ou algunhas introducións pequenas, a política sanitaria non traballou estas cuestións e, por tanto, quedaron aí afastadas; e, por tanto, quedaron olvidadas e o padecemento seguía e o sistema non estaba preparado, aínda o non está, para tratar ou para axudar ás persoas, ás mulleres que padecen este tipo de enfermidades, de patoloxías.

Concretamente, cando falamos da endometriose a realidade afecta a un número moi elevado de mulleres, que incluso sufriron durante moito tempo o non diagnóstico ou o diagnóstico moi tardío, incluso o paseo por moitas especialidades distintas para ter que sufrir moitos diagnósticos que ao inicio probablemente nin sequera eran acertados.

Hai unha cuestión sobre isto, e este é o plantexamento fundamental. A atención ás mulleres que padecen endometriose non é a axeitada, non o é. Necesitamos que sexa moito máis afinada. Temos profesionais moi capaces, pero o sistema non lles permite en moitas ocasións ter a capacidade de traballar con toda a optimización de tempo e de recursos posibles, existe un desenvolvemento da patoloxía que aínda non está de todo tratado e o sistema non está atendendo con toda plenitude o que debe. Non o está facendo a pesar desas excusas que se dan e a pesar de que mentres eu estou dicindo isto hai verdadeiros espaventos na bancada popular. Non está sendo así e non o é.

E isto ademais provoca un problema real... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se me deixan acabar poderíamos clarificar quen, pero non necesito entrar nese debate.

Hai unha realidade que, ademais, evidencia isto e é o choque discursivo cando un escoita as asociacións e as mulleres que a padecen e o discurso do Partido Popular. Porque son non só discrepantes, senón contraditorios. Por exemplo, no feito de que dende os colectivos se denuncia que non existen consultas específicas en todas as áreas sanitarias e o Partido Popular defende que si. — Señora Amigo, se me permite seguir... Grazas —.



Cando os colectivos e as mulleres defenden que non están sendo tratadas con toda a optimización que permite o sistema e que os propios profesionais están demandando do sistema melloras para poder traballar, digamos, con máis recursos e con máis posibilidades, é o propio sistema o que bloquea esta situación porque non está preparado para atender, porque non está pensado para isto.

Por tanto, esa discrepancia, moi sorprendente, entre o que denuncian as asociacións de usuarios do sistema e profesionais do sistema, e o que defende o Partido Popular tamén evidencia que hai unha discrepancia real sobre como o percibimos. Incluso, por tanto, quen ten a responsabilidade de gobernar está facendo de menos a reivindicación dalgúns colectivos. E para nós isto é bastante chamativo porque quere dicir que os colectivos poden protestar, pero igual se lles pode estar dicindo que non teñen razón no que elas mesmas están padecendo dentro do sistema, e isto para nós é moi chamativo.

E, por tanto, nós cremos, porque contrastamos a información con elas e porque é evidente cando a contrasta un cos profesionais tamén, que non só teñen razón, senón que teñen dereito. E non se está a cumprir o dereito a ser tratadas coa plenitude de garantías porque non está o sistema preparado e non facilita que o traballo e a asistencia se faga en óptimas condicións. E, por tanto, por iso apoiamos esta iniciativa.

Segunda cuestión. Parlamentariamente hai unha... vou chamarlle unha incongruencia, por ser un pouco suave, entre o que aquí se defende, o que se vota e o que se fai. E isto evidénciase, entre outros casos, con este exemplo moi claro, polo que estamos debatendo hoxe, como temos debatido noutras ocasións, unha moción do BNG que plantexa algúns avances na cuestión do tratamento das mulleres que padecen endometriose, pero que se fundamenta basicamente en cumprir algo xa aprobado neste Parlamento.

A historia é resumida, pero a historia ten que ver con: en 2015 aprobouse neste Parlamento, na Comisión de Sanidade, unha iniciativa dun grupo que xa non está na Cámara, ademais, para defender unhas posibles melloras no tratamento ás mulleres que padecen endometriose. Foi aprobada por unanimidade esa iniciativa, aprobada por unanimidade en 2015.

Dende o 2017 o colectivo QuerENDO fundamentalmente, ademais doutros colectivos, pero fundamentalmente o colectivo QuerENDO, que fai un gran labor sobre este asunto e que tratan de dinamizar a situación, denunciou que non se estaba cumprindo o acordo de 2015. Que practicamente ese acordo de 2015, ademais, non é que non se estivera cumprindo na súa totalidade e faltara pouco, senón que practicamente na súa totalidade non se cumpría.

Dende entón houbo iniciativas diversas. O noso grupo trouxo unha en 2018, o BNG trouxo algunha outra nalgunha outra ocasión e non fomos os únicos grupos, o Partido Popular non o fixo pero non fomos os únicos grupos, trouxemos a este Parlamento iniciativas que nalgún caso dicían unicamente cumprir o acordo aprobado en 2015. Un Parlamento debatendo sobre a necesidade de cumprir un acordo que o propio Parlamento xa tomara e que, ademais, correspondía non a gobernos lonxanos noutras montañas, noutros lugares, senón ao propio Goberno de Galicia.



Todas se aprobaron por unanimidade, tamén é certo en 2018. Recentemente o noso grupo plantexou unha hai mes e medio exixindo a este Parlamento que lle demande ao Goberno galego que cumpra os acordos de 2015. Votada, por suposto, polo Partido Popular, que vota para dicirlle ao seu goberno: cumpran vostedes o que este Parlamento di en 2015. O Partido Popular dille ao seu goberno que hai que cumprir un acordo de 2015, o cal implica asumir que non se está cumprindo.

E hoxe votamos, ademais doutras cousas, tamén ese compromiso, dese acordo. Por tanto, é probablemente a quinta vez, se non me saen mal as contas, a quinta vez que este Parlamento votará sobre a mesma cuestión. E as cinco veces —nesta aínda estou adiviñando, pero voume atrever a dicir—, as cinco veces teremos unha votación por unanimidade, as cinco veces, por unanimidade para pedirlle ao goberno que cumpra un acordo do 2015, as cinco veces.

Por tanto, esta é unha anomalía parlamentaria en toda regra e demostra, primeiro, que ao Partido Popular o Parlamento de Galicia lle importa un bleo. Segundo, que se rin bastante do Parlamento de Galicia. Terceiro lugar, que ao Goberno galego o Parlamento de Galicia lle importa para o que lle importa. E, en cuarto lugar, que a vostedes non lles importa nada do que estamos debatendo nunca, vostedes están plenamente no debate do relato, o maldito relato. A cuestión está en evitar un titular que diga que votan en contra de algo que saben que lles pode vir mal. Despois, facelo non, se facer as cousas é de covardes. Vostedes votan, o facer é outra cousa.

E esta, que é unha segunda cuestión moito menor que a primeira, que é unha cuestión asistencial, non é menor, porque quere dicir que a validez que ten o Partido Popular co seu voto aquí, é dicir, coa súa palabra política, é nula. E iso é moi grave para un partido político.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: —Remato, presidenta—.

Por tanto, nós o que demandamos é, por suposto, que se cumpra o acordo, que se cumpran as cuestións que se aproban, e pedímoslle ao Partido Popular que sexa respectuoso, polo menos, que respecte o seu propio voto, xa non é o voto dos demais, o seu propio voto. Que se respecten a si mesmos. E que, se o Goberno galego, que algúns deles son deputados, votan a favor dun acordo, que o cumpran. Porque se non o que están dicindo é que se están rindo de todos os demais. Sobre todo neste caso, das mulleres que padecen endometriose...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...ás que lle están dicindo «non cumprimos pero imos seguir votando a favor para que pensedes que somos moi *guais*». E iso non pode ocorrer.

Por tanto, contén co noso voto e oxalá sirva desta vez para que o Goberno faga algo.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Remata o grupo parlamentario autor da moción e ten a palabra dona Monserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Antes de máis, agradecer ao señor Torrado que vaia votar favorablemente a esta moción que presenta hoxe o BNG. Teño que dicirle que ten aí uns pequenos lapsus a respecto de quen trouxo aquí as iniciativas. (Risos.) A do ano 2015 dicir que foi o BNG, non é por nada, pero creo á parte, que o puxen por escrito na iniciativa, pero ben, dá igual. A cuestión é que se trouxo moitas veces, quedémonos co importante, e que se votou a favor, evidentemente. Iso demostra, teoricamente, sensibilidade.

Eu dixen que o conselleiro dixo que lle gustaría que se fixeran máis cousas, pero fanse as que se fan, foi o que dixo. Efectivamente, fanse as que se fan. Entón, eu xa recoñecín que algúns avances se fixeran. ¿Significativos? Vai ser que tan significativos non, señora Amigo. ¿E a causa de non facelos foi a pandemia? ¡Home!, tampouco. Porque o primeiro acordo é do 2015, a pandemia é de hai dous anos. É dicir, que houbo cinco anos sen pandemia. Un tempo significativo para avanzar un pouquiño máis.

A ver, eu entendo que haxa que parecer que... Pero que digan que os aparatos Da Vinci son para loitar contra a endometriose. Tamén poden meter os plans directores, as ampliacións de quirófanos, as ampliacións de urxencias... porque, á fin e ao cabo, as mulleres opéranse nos quirófanos, ¿non? E acoden a urxencias, ¿non? E que sigan insistindo no Plan de igualdade do Sergas que eu non sei exactamente que ten que ver un plan de igualdade para os profesionais do Sergas con poñer medidas encima da mesa para unha doenza que padecen mulleres. O único, que as mulleres tamén demandamos igualdade. E ben, vale, podemos levalo.

Eu digo isto, señora Amigo, porque eu creo que é evidente que se deron algúns pasos, conseguimos poñelo en axenda, conseguimos que se falara do tema. Porque do que non se fala non existe e se algo non existe non se actúa. Entón, conseguimos poñelo en axenda, conseguimos que se fale do tema. E conseguimos que deran o paso a escoitalas. E eu parabeniceime de que por fin o conselleiro se reunira cun colectivo que traballa no ámbito de afectación de 60.000 mulleres galegas, que parece como que debería tamén ter sido antes, pero ben, *nunca es tarde cuando la dicha es buena*. Vale, déronse algúns pasos. Agora, non me vaia dicir é que isto xa está porque é evidente que hai moitísimas cuestións que están, que precisan ese avance. Que se avance decididamente, efectivamente, no tema de fertilidade. Pero para poder chegar a esa prioridade teñen que estar diagnosticadas; e se resulta que tardan 8 ou 10 anos desde que a alguén se lle ocorre pensar que hai un problema, a maioría, cando chegan, pois xa non chegan a tempo. Con escoitalas xa saben que é así. Entón, esas cuestións hai que melloralas.

E dicía vostede que a ver se podíamos chegar a un acordo. Eu, polo BNG,... o único que di hoxe aquí esta iniciativa —que ten tres puntos e á parte se poden votar por separado— é que aquí houbo acordos unánimes, e só lle pon un prazo, ¿realista?, eu creo que si. É un



prazo de nove anos para que se cumpra, hai sete que se aprobou a primeira vez, e agora dímoslle que se cumpran dentro de dous anos máis. A min paréceme moi realista, claro, non sei a que lle chama vostede realista.

A min e ás mulleres de Querendo, e ás que non son de Querendo pero que tamén sofren a endometriose, creo que lles parece bastante realista que está ben levantar a man e dicir «a min tamén me preocupa». Pero ocuparse parece que é bastante máis importante. Ocuparse un pouquiño, e ocuparse significa, pois, ímonos poñer porque temos un prazo que... polo menos, un compromiso. E a min paréceme ben os compromisos de dicir «eu estou contigo», pero os compromisos demóstranse con accións, demóstranse tomando medidas. *(Aplausos.)*

Eu, polo tanto, señora Amigo, eu supoño,... non sei se se confundiu ao presentar a emenda, porque vostede presenta unha emenda de substitución onde di que se faga unha guía. Como comprenderá, os acordos que se acadaron aquí neste Parlamento, se vostede substitúe a súa efectivización por porque se faga unha guía, paréceme que... eu creo que igual é un erro e é de adición ou de substitución do punto 2. Entón, podémolo falar e igual chegar a algún tipo de transacción. Pero, claro, non me vai dicir que é razoable a súa emenda, porque o que di é substituír todo o que estamos pedindo, que é poñer un prazo, e que se traia información.

E logo, a creación dunha unidade de muller e saúde. ¿Por que poñemos esa emenda que xa trouxemos aquí? Porque nos parece que é visibilizar que hai un compromiso real cunha realidade que non podemos seguir agochando, e que é que existe uns nesgos de xénero na medicina que son brutais, na formación, na investigación, no tratamento, na atención... Entón, negar esa evidencia creo que non é xustificable. Igual que non podemos negar a evidencia da violencia machista, nin a evidencia da fenda de xénero nin outras moitas evidencias. Entón, pareceríanos que é un compromiso real por parte do Partido Popular dicir, pois, imos dar un paso e crear unha entidade; que se vai polo menos fiscalizar e mirar que se vaian cumprindo cousas.

Pero, bueno, dende logo, o BNG ten toda a intención de chegar a acordos sempre e cando signifiquen avanzar, non ir a menos do que xa está acordado.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿A emenda? ¿Sobre a emenda? Que eu cheguei así agora...

A señora PRADO CORES: É o que lle estou dicindo, que podemos chegar a algunha transacción. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Ah! Chegou a unha transacción. Vale.

Perfecto. Grazas.



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Hoxe falamos de transferencias da Xunta aos concellos. E temos que falar, loxicamente —como xa falamos na interpelación— do uso partidista que fai a Xunta do Partido Popular dos convenios para financiar os concellos da súa cor política; uso ou, mellor dito, abuso.

Cando falamos de financiamento dos concellos deberíamos poñer en conta esta cuestión, e se tiveramos tempo deberíamos falar do sistema de financiamento local a nivel de Estado, que é claramente discriminatorio e inxusto para Galiza; que non contempla a singularidade que ten o noso país pola dispersión territorial, fundamentalmente.

E tamén deberíamos falar do sistema de financiamento autonómico, que é unha cuestión agora que está de novo aparcada e na que o Partido Popular, nestes vaivéns que os caracteriza... agora o señor Feijóo fíxose andalucista e xa non se acorda dos criterios que defendía recentemente a respecto do financiamento xusto para este país. (*Aplausos.*)

Pero non temos tempo nin é este o debate destas cuestións. Así que nos centraremos nunha cuestión concreta, que é a necesidade de incrementar as transferencias da Xunta aos concellos e que se fagan cuns criterios obxectivos e iguais para todos. Porque agora non está sendo así, agora está habendo —como o demostramos— un uso partidista dos recursos públicos, que se reparten unha parte deles mediante convenios a dedo. E isto supón unha malversación de fondos públicos, unha malversación moral de fondos públicos porque, ao final, o que se fai é favorecer a uns e prexudicar, discriminar a outras persoas simplemente pola razón de vivir en concellos que non están gobernados polo Partido Popular.

E esta forma de proceder supón unha concepción que podemos considerar predemocrática, unha, ademais, concepción patrimonial das institucións. Parece que o Partido Popular aplica ese principio de que gobernar é cousa nosa; por unha especie de tradición ou de dereito divino, nós somos os que temos dereito a gobernar e os demais son como unha especie de usurpadores.

Entón, claro, isto leva a esta perversión no uso e na distribución dos fondos públicos, a esta repartición partidista, que, ademais, demostrabamos, acreditabamos, a través de numerosos exemplos de repartición, por exemplo, da Consellería de Infraestruturas ou da Consellería de Medio Ambiente. Puxemos aquí exemplos especialmente do Plan Urbe no período 2010–2021, que se debería rebautizar como *plan urde* —non urbe, con b, senón *urde*— convenios para favorecer os concellos do Partido Popular. E así saen os datos de 27 convenios no ano 2020; e, fíxense, dos 27, 26 a concellos do Partido Popular —que xa lles dixen quen era o do 27—. E así tamén no ano 2021, e no 2022 —polo que se adiviña, polo menos nos convenios



que se fixeron públicos ata agora— imos polo mesmo camiño. E queremos aquí facer unha advertencia, e é que estaremos vixiantes para que non se repita este xeito de proceder, porque hai case 7 millóns de euros das partidas dos orzamentos deste plan pendentes de repartición. E tendo en conta que estamos no contexto dun ano preelectoral pois podemos temer o peor. E o que lle reclamamos, o que lle exiximos —creo que non é nada do outro mundo— é que ese diñeiro se reparta por convocatorias públicas, que eu creo que é o mínimo que se pode pedir. Convocatorias públicas iguais cos mesmos criterios para todo o mundo.

Miren, hai unha cousa na que supoño que estaremos de acordo e é que os concellos —como toda a sociedade galega— viven unha situación de crise, de crise económica e de crise social. E esta crise estalles afectando directamente ás finanzas dos concellos, que cada vez, ademais, asumen máis competencias —vímolo no caso do contexto da crise da pandemia—. E por isto penso que todos debiamos defender o incremento de recursos para os concellos. Máis alá da reforma do marco global, do marco de financiamento local e do financiamento autonómico, pensamos que xa agora hai instrumentos, hai ferramentas, que permitirían incrementar os recursos dos concellos.

Basicamente, son dúas: a primeira é o incremento das transferencias das deputacións —mentres existan, polo menos, nós defendemos a desaparición, como saben, das deputacións, pero, mentres existan—... defendemos que se incrementen as transferencias das deputacións aos concellos.

En segundo lugar, polo incremento das transferencias da Xunta, que veñen fundamentalmente pola vía do Fondo de Cooperación Local, que leva conxelado nos últimos anos e que nós pensamos que hai marxe, se realmente se ten vontade política, practicamente, para duplicalo por dúas vías: unha delas é incrementar as transferencias directas dos orzamentos da Xunta. Estamos falando no ano 2022 —vostedes presumen do orzamento máis alto da historia—, pois é un contexto que permitiría incrementar o Fondo de Cooperación Local. Pero tamén por incrementar o Fondo de Cooperación Local transferindo aí unha parte importante das convocatorias de subvencións, e tamén este diñeiro dos convenios que vostedes reparten a dedo.

Penso que é unha cuestión razoable e que todo o mundo pode entender que permitiría —xa digo— ata duplicar as cantidades que se transfiren aos concellos.

E, miren, no caso das deputacións todo é mellorable. Pensamos que houbo avances importantes nos últimos anos, especialmente nalgúns deputacións. E eu quero volver poñer aquí o exemplo da Deputación de Pontevedra, que é un exemplo nos últimos anos de repartición xusta, transparente, equitativa, dos fondos públicos. Algo que lles aseguro que celebran —polo menos en privado— as alcaldías do Partido Popular, que nunca recibiran tanto diñeiro da Deputación como están recibindo desde o ano 2016. É a realidade, e que é incuestionable. Igual se pode falar do caso da da Coruña, pero están aí os datos que o acreditan.

Claro, se se incrementa o fondo do Plan Concellos en 13 millóns de euros fixo, automaticamente vai repercutir en todos os concellos da provincia. Xa lles puxen aquí os exemplos de quen eran quen máis diñeiro recibían da Deputación de Pontevedra na repartición dos últi-



mos anos. Pero, ademais, faino a través de convocatorias, de programas públicos co ReacPon, ou como o Programa Ágora tamén, do que se benefician en convocatorias públicas os concellos que se presentan a eses programas.

E lamento dicir que no lado escuro hai unha deputación, que é a Deputación de Ourense, que é a que menos avanzou nesa liña, na que deberían estar todas, dunha repartición equitativa, xusta, dos recursos públicos.

Pero, ben, aquí correspóndenos impulsar propostas dirixidas ao Goberno e por iso nós traemos aquí unha serie de propostas que xa lles adianto que non son as propostas do BNG. Non traemos aquí as propostas do BNG, traemos aquí as propostas da Fegamp, que son as propostas que están avaladas por todos os grupos políticos que están presentes neste Pleno e que, polo tanto, non debería haber ningún motivo para non apoialas.

Miren, trasladáronse recentemente ao Goberno na reunión da Comisión de Cooperación Local de febreiro do ano 2021 e son as seguintes —fíxense no que vou ler, porque a ver se teñen vostedes algún argumento para non votar a favor destas cuestións—:

Primeira, asunción dos servizos e as obrigas económicas que actualmente prestan e sufragan os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión. Léase, custos dos centros de ensino de infantil e primaria, unidades municipais de asistencia á drogodependencia, conservatorios profesionais de ensino medio, centros sanitarios e xulgados de paz. ¿Están de acordo vostedes con que estas materias que non son competencia dos concellos sexan financiadas pola Xunta de Galiza, como pide a Fegamp?

Segunda petición da Fegamp: a aprobación dunha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, consensuada coa Fegamp. ¿Hai algún problema en que se aprobe unha lei autonómica de financiamento dos concellos que blinde esta cuestión e que non faga depender de quen goberna en cada momento? ¿Cal é o problema?

Terceira proposta: a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina a entidades locais. Penso que tamén é unha proposta absolutamente razoable e asumible por todos os grupos. Non vexo ningún motivo para que non se vote a favor.

Cuarta: establecer mecanismos que permitan unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais. ¿Que problema hai en que teñamos unha ferramenta na web que nos permita saber canto recibiu cada concello, por exemplo, nos últimos dez anos mediante subvencións, mediante convenios ou mediante outro tipo de transferencias da Xunta? ¿Cal é o problema para apoiar esta proposta?

Quinta: garantir a igualdade de trato a todos os concellos suprimindo prácticas, falta de transparencia e concorrência. Creo que tamén é unha proposta absolutamente razoable e que non hai ningún motivo para non apoiala.



E miren, remato xa facendo un chamamento ao señor Diego Calvo, que non está presente aquí pero estou seguro de que nos está escoitando. O outro día non quixo vir á interpelación pero estivo atento ao detalle, pero respondeunos despois no seu turno de respostas parlamentarias. E sei que é unha persoa, ademais, convencida municipalista e que vai inaugurar unha nova etapa. Ademais de que sabemos que ten moita ilusión, que o dixo o señor Rueda no seu cargo, que dixo o outro día que había que frealo, que ía a unha velocidade tremenda. Pois o que lle pedimos ao señor vicepresidente segundo é que sexa receptivo a estas propostas, que impulse o diálogo e os acordos da Fegamp, que abra unha nova etapa e que permita, realmente, que haxa un trato xusto, un trato democrático, un trato igual para todos os concellos.

Polo tanto, sexan valentes, sexan demócratas e voten a favor destas propostas da Fegamp. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Hoxe o BNG trae unha iniciativa que recolle moitas e idénticas propostas que trouxemos anteriormente os socialistas e que foron debatidas ano tras ano neste Parlamento galego. É verdade, como ben dicía o señor Bará, que non son unhas propostas nin do BNG nin do Partido Socialista, senón que son unhas propostas presentadas e acordadas por todos os grupos políticos no órgano da Fegamp e, polo tanto, tamén polo Partido Popular.

A verdade é que este debate, no caso dos socialistas, tivo un escaso resultado, por non dicir un éxito absolutamente nulo, e auguramos que probablemente hoxe non vaiamos ter mellor resultado, aínda que esperemos que aínda poidan cambiar os deputados e as deputadas do Partido Popular.

A verdade é que resulta curioso que o Partido Popular de Galicia se autodenomine un partido municipalista, cando a realidade é que o Partido Popular de Galicia é un partido municipalista cos concellos gobernados polo Partido Popular. *(Aplausos.)*

A verdade é que poderíamos pensar que, ao haber un cambio de presidente na Xunta de Galicia, os concellos poderían volver ter esa importancia que tiveron durante o Goberno de Emilio Pérez Touriño. Pero inmediatamente caemos nunha conta, e é que o actual presidente da Xunta de Galicia foi o mesmo que tivo, durante estes trece anos ininterrompidos e con maioría absoluta, a responsabilidade da Administración local. Polo tanto, intuímos que o cambio poida que non sexa tan importante.

E mire, foron trece anos caracterizados, fundamentalmente, por tres singularidades. Á parte de, nestas últimas dúas lexislaturas, quitarlle o nome de Administración Local á consellería



que a representaba, que tamén é algo bastante significativo, pois tivo tres singularidades importantes para os concellos.

A primeira, o incremento das competencias impropias cara aos concellos. Iso si, sen darlles nin un só euro para o financiamento necesario para poder exercelas, tal e como se establece e se recolle nas leis.

A segunda singularidade, o desinterese total no desenvolvemento total dese Pacto local asinado en 2006.

E por último, que o financiamento a través do Fondo de Cooperación Local non se incrementou nin un só euro durante tres lexislaturas e media ininterrompidas e con maioría absoluta nas que tivo responsabilidades de administración local o actual presidente Rueda Valenzuela.

Eu, señores e señoras deputados, a todos, convídoos a preguntarlle a calquera alcalde ou alcaldesa, de calquera cor política, de calquera, tamén do Partido Popular —e aquí hai algúns e algunhas que ostentaron esta representación e incluso algún deputado do Partido Popular que nestes momentos non está tivo altas responsabilidades dentro da propia Fegamp—... e eu preguntarlles cal é a achega, ou cal foi durante estes trece anos a achega máis ou menos importante que fixo a Xunta de Galicia aos concellos, durante estes trece anos do señor Núñez Feijóo ou do señor Rueda, como responsable de administración local. Xa llelo contesto eu, non mo digan, non se preocupen: ningunha, absolutamente ningunha. Polo que pouco ou nada podemos esperar que cambie no que resta desta lexislatura e pouco ou nada podemos esperar co cambio do presidente da Xunta de Galicia.

Pero, mire, non se preocupen, volverá ser un goberno socialista, encabezado por Valentín González Formoso na Xunta de Galicia, quen volverá poñer os concellos no lugar que lles corresponde (*Aplausos.*) como xestores principais das políticas públicas, e seremos novamente os socialistas quen volveremos ao diálogo e á negociación cos concellos a través da Comisión Galega de Cooperación Local. Volveremos ser os socialistas os que incrementaremos o financiamento incondicionado aos concellos a través do Fondo de Cooperación Local, tal e como fixemos cando gobernou Emilio Pérez Touriño, incrementando en 24 millóns de euros a contía do Fondo de Cooperación Local só en tres anos. E seremos novamente os socialistas os que elaboraremos un plan de reequilibrio territorial, acordado coa Fegamp, atendendo as potencialidades, as necesidades e as singularidades dos 313 concellos galegos.

Ben, agora mesmo a responsabilidade da Administración local tena o señor Diego Calvo, que tamén se autodenomina municipalista. E tamén é verdade que algo máis de experiencia no mundo local ten. E aos socialistas xa nos gusta esta foto, que saíu o día 10 de xuño no *Correo Gallego*, (*A señora Rodríguez Rumbo amosa unha foto.*) onde pon: «Alcaldes del PP critican el déficit que generan las competencias impropias.». Gústanos, gústanos, está aquí no centro con todos os alcaldes e as alcaldesas. A verdade é que si.

Realmente, aparece nunha foto na que os alcaldes do Partido Popular fan unha crítica exactamente igual ao que criticarían alcaldes e alcaldesas do Partido Socialista, alcaldes e alcaldesas do BNG ou de calquera outra cor política.



Porque están falando de competencias impropias que, fundamentalmente, a Xunta de Galicia lles ten atribuído sen trasladarlles o financiamento necesario para poder desenvolverlas.

Voulles poñer varios exemplos, e seguro que a maioría aquí dos que tivestes algunha responsabilidade nalgunha administración local a recoñecen inmediatamente. Pois, por exemplo, durante a pandemia da covid-19, resulta que a Xunta de Galicia incrementa exponencialmente as obrigas aos concellos e transfírelles cero euros, mentres que a Xunta de Galicia recibiu do Goberno de Pedro Sánchez máis de 5.000 millóns de euros para poder facer fronte a todas esas necesidades derivadas da pandemia da covid-19.

Ou poderíamos falar doutras que son reiteradamente reclamadas por todos os gobernos municipais en Galicia, como, por exemplo, o mantemento das escolas infantís, o plan concertado, o servizo de axuda ao fogar ou as políticas activas de emprego.

Nós esperamos que o señor Calvo, xa que encabeza esa foto cos alcaldes e alcaldesas populares da provincia da Coruña, xa que escoitou as súas reivindicacións, agora que ten capacidade executiva e que se chama municipalista, esperamos que cumpra con todos os gobernos locais, e que non sexa unha vez máis un acto de publicidade e propaganda para non facer nada.

Eu a verdade é que, preparando esta intervención, recordaba as verbas da conselleira de Medio Ambiente na interpelación, cando veu responder a esa interpelación. E algunhas cousas das que dixo a verdade é que me darían a risa se non fose porque son a resposta dunha responsable da Administración autonómica, unha conselleira do Goberno galego. A verdade tal parecía que nos estaba a contar un conto deses aos que nos ten acostumados o Goberno galego. Pois nese conto o argumento máis importante empregado pola conselleira foi que na Xunta de Galicia do Partido Popular había igualdade de trato a todos os concellos, porque lles collían o teléfono, os recibían, lles contestaban e os convenios estaban publicados na páxina de transparencia da Xunta de Galicia. ¡Home!, señores e señoras deputados do Partido Popular, trasládennlle á señora conselleira, pero tamén ao resto do Goberno galego, que teñen temporalmente ao seu cargo a xestión dunha comunidade autónoma, que é unha administración pública e, polo tanto, é unha administración de todos e de todas e que se nutre cos impostos de todos e de todas, ¡de todos e de todas! Aínda que tamén é verdade que os representantes políticos do Partido Popular ás veces esquecen que o público non é do Partido Popular, e nalgúns ocasións confunden o público co propio.

Pois, miren, díganlle ao Goberno galego que non están facendo nada excepcional, que é a súa obriga recibir, contestar e publicar, ¡só faltaría!, ¡só faltaría! E que, ademais, a transparencia practicada pola Xunta de Galicia é daquela maneira, como dicimos os galegos, porque publican os convenios cuatrimestralmente porque teñen un mandato legal, un mandato legal que, bueno..., polo menos este o cumpren. Pero para poder facer unha consulta ordenada dentro dese denominado Portal de transparencia é practicamente imposible. Porque para vostedes a transparencia nunca foi unha prioridade.

Ben, con esta moción que trae o Bloque Nacionalista Galego, recóllense, como dicía ao principio, as demandas solicitadas pola Fegamp, como órgano representativo de todos os concellos e as provincias galegas. E, evidentemente, nós imos votar a favor.



En definitiva, o que se pide con esta moción é que os concellos reciban o trato que merecen, independentemente da súa cor política, do seu goberno local. E que ese financiamento, esas achegas, son para poder prestar os servizos, e uns servizos de calidade, á súa cidadanía. Polo tanto, cando o Goberno galego castiga eses concellos, o que está a facer é castigar os homes e as mulleres que viven neses concellos.

Vostedes saben perfectamente que as achegas ás comunidades autónomas veñen fundamentalmente por tres vías: o Fondo de Cooperación Local, que xa comentei antes que, con criterios obxectivos acordados entre a Xunta e a Fegamp, é o único fondo incondicionado. É verdade que ás veces o PP fala duns fondos adicionais e que quere meter dentro do Fondo de Cooperación Local, pero, miren, voules dar un dato. Por exemplo, destes fondos adicionais do 2016 ao 2022, destinaron máis de 58 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...en axudas condicionadas para determinados concellos, e —e só dou un dato porque xa estou rematando— 13 millóns deses 58, é dicir, o 22 %, foron para dous concellos: Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade, ¡que casualidade! E o resto foron, fundamentalmente, para sufragar competencias que son da comunidade autónoma e que pretenden que fagan os concellos. Polo tanto, se lles mandan as competencias, poucas as grazas que lles dean os recursos para facelas.

Outras vías son as subvencións, e aquí xa paro, señor presidente, déame soamente medio minuto.

Nos últimos trece exercicios houbo unha cantidade orzada para subvencións que non foron executadas e que, polo tanto, poderían incrementar perfectamente ese Fondo de Cooperación Local. E tamén é verdade que hai unha parte de subvencións que son recorrentes, todos os anos son para o mesmo, e, polo tanto, poderían ser xa directamente transferidas aos concellos sen ter que facer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... un proxecto.

Pero ultimamente a maior parte das subvencións que saca a Xunta de Galicia son en concorrencia non competitiva para que avisen aos concellos da súa mesma cor política...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... e en dez minutos esgoten o seu orzamento.

Moitas grazas, señor presidente. Pola miña banda, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.



Grazas a vostede. Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señora Rumbo, se se achega vostede a Bos Aires e vai ver a tumba de Eva Perón hai un epitafio que deixou, precioso, que fixo vostede hoxe seu: «Volveré y seré millones». Debe ser por iso que se atreveu a dicir aquí que o Goberno de España nos transferiu durante a crise 5.000 millóns de euros, e quedou tan pancha, ¡5.000 millóns de euros! ¿Pero vostede sabe cal é o orzamento total da Xunta? ¿Pero que está dicindo, que nos transferiron un 50 % máis de orzamento? ¡Home!, se empezamos a partir destas burdas mentiras, vai ser moi difícil que cheguemos a ningún acordo.

Mire, imos ir a datos obxectivos. Neste 2022 a Xunta de Galicia vai transferir aos concellos galegos 488,5 millóns de euros, que é un 20 % máis do que se transferiu o ano anterior. E vaino facer seguindo os principios de legalidade, igualdade de trato e transparencia, como fixo sempre. Como fixo sempre non, como fixo sempre que gobernou o PP, porque vostedes, no seu último ano de goberno, ¿sabe como repartiron eses convenios que tanto lle molestan? Pois mire, o 87,4 % a gobernos amigos. ¿Crerá vostede que gobernaban o 87,4 % dos concellos galegos? Nin de lonxe, nin de lonxe.

Pero, claro, partindo desta realidade hai que escoitar algunhas cousas que se escoitaron hoxe aquí que, de verdade, só se poden entender —as que se escoitaron hoxe e as que escoitamos na interpelación— ou dende o descoñecemento ou dende a mala fe.

Mire, en primeiro lugar —xesto recorrente—, cuestionan a contía do Fondo de Cooperación Local, que a estableceron vostedes. É unha porcentaxe, o 2,3 % da recadación líquida dos capítulos I, II e III da Xunta de Galicia. En consecuencia, se sobe a recadación, sobe o fondo; se baixa a recadación, baixa o fondo. Mellor dito, debería baixar. Porque cos gobernos do PP —preguntábame vostede cal era a súa aportación—, a pesar de que se desplomou durante oito anos a recadación, mantívose o fondo íntegro. Non houbo un só concello galego que percibise un euro menos da Xunta a pesar do desplome dos ingresos que tivemos todos os galegos. Claro, señorías. *(Aplausos.)*

Pero, claro, hai que alimentar este retrato de vitimismo que vostedes queren trasladarm e para isto vale todo. Señor Bará, é que, de verdade, non pode valer todo. Todo non.

Mire, primeiro empezou vostede con que era un escándalo darlle un millón de euros a Ribeira para abrir un auditorio. E, claro, contestáronlle que o que era un escándalo era darlle 23 millóns a Lugo para que o auditorio estivese pechado. Pero a vostede iso parécelle normal. Non de todo, a verdade. Caeulle así un pouquiño a caraña de vergonza e entón cambiou de táctica. Entón, o escándalo é de que damos 2 millóns de euros a Marín, porque, claro, ¿como lle dan 2 millóns de euros a Marín para un auditorio e non llos dan a Bueu?. Pregunta, señor Bará. ¿Marín ten auditorio? Non. ¿Bueu ten auditorio? Si. ¿Sabe quen pagou o auditorio de Bueu? A Xunta de Galicia, por se non ten vostede memoria. *(Aplausos.)* Traio a foto do señor Bará



co alcalde de Bueu no auditorio que financiou a Xunta (*O señor Pazos Couñago amosa unha foto.*) (*Aplausos.*)

Claro, para vostede a ecuanimidade é que paguemos ao mesmo tempo o segundo auditorio de Bueu, 12.000 habitantes, que o primeiro de Marín co dobre, 24.000. Para iso vostede... Esa é a ecuanimidade que vostede pide. Non se pode falsear tan burdamente a realidade.

Respecto do compromiso da Xunta coa Fegamp, aclarar un par de cousas. A primeira, xa existe un acordo para blindar a cooperación local, non cunha lei específica, senón no marco da nova LALGA, da nova Lei de administración local de Galicia. O que ocultan vostedes é que ese acordo está supeditado á aprobación previa do novo sistema de financiamento por parte do Estado. Esa parte non a contan. Esa parte do acordo esquéceneselles. Home, falen vostedes... Eu faleino co presidente da Fegamp, que era do PSOE, non sei se vostedes se falan.

Eu non sei, pero vostedes que son interlocutores privilexiados co Goberno de Sánchez talvez saiban algo dos avances nesa materia. Nós non os coñecemos. E o que si que lles pedimos é que se contemplen na súa xusta medida as variables de envellecemento e dispersión. Por certo, as que pediu sempre o presidente Núñez Feijóo, que nunca pediu nada que non lle correspondese a Galicia.

Os que están en contra dos intereses de Galicia son vostedes, que seguen defendendo un cupo para Galicia a pesar de que na Comisión todos os seus expertos, todos os que vostedes propuxeron, dixeron que era unha perda de cartos sangrante para os galegos. Pero vostedes seguen insistindo. E vén aquí falar do señor Feijóo.

Mire, nós, como comunidade, designamos os expertos, como todas as comunidades. Por certo, nós consensuámoslos con vostedes. Os expertos fixeron o seu traballo, presentaron as súas conclusións, fixeron as súas recomendacións. ¿Que se fixo despois diso? Nada. ¿E que din vostedes? Nada. Porque a vostedes a urxencia polo financiamento local lles pasa en canto cruzan o Padornelo, é pasar o Padornelo e esquéceneselles por completo as dificultades que teñen os concellos galegos.

Miren, supoño que coincidiremos tamén en que para que cada administración asuma o financiamento das súas competencias, será, parece lóxico, que primeiro determinemos que gastos están asumindo a maiores os concellos sobre os que lles corresponden, e —a parte que se lles esquece a vostedes— que gastos está asumindo a maiores a Xunta de Galicia sobre os que lle corresponden. Iso é o que estamos facendo. De feito, a Xunta xa encargou un informe á Universidade de Santiago de Compostela que está a punto de culminar.

A Fegamp é certo que a través do seu presidente anunciou un segundo informe do que non se sabe nada. Supoño que non se fía do criterio da Universidade de Santiago de Compostela. Eu hoxe os invito, ¿van asumir vostedes as conclusións dese informe? Eu creo que non. Porque eu lle confeso que cando fun director xeral xa fixemos unha estimación disto e, claro, houbo quen dixo: mira, é mellor paralo, porque ao final imos crearlles un problema aos concellos e non queremos. Porque nós si cremos nos concellos.



Sorprende, iso si —e isto si que sorprende moito—, que teñan o atrevemento de vir dar leccións de transparencia e calidade democrática, a pesar de que son vostedes os campións da opacidade e do sectarismo alá onde gobernan.

Voules pedir que fagan unha reflexión comigo. Señorías, ¿como sería este debate, este que estamos celebrando agora, se aplicásemos o modelo de transparencia do BNG e do PSOE? Pois, miren, en primeiro lugar, nós, como ostentamos a Presidencia da Cámara, o que faríamos é negarnos a tramitar esta moción. É o que fixeron vostedes en Fene, ¿verdade?, cando se presentou unha moción de censura e agora hai unha concelleira do BNG de Fene inhabilitada por suspender o debate de maneira absolutamente incorrecta, *torticera* e ilegal, simplemente porque vostedes non querían soltar o sillón da Alcaldía de Fene. Ese é o modelo do BNG.

Pero podemos ir ao modelo do PSdeG. Moción na Deputación de Pontevedra sobre o enchufe da cuñada da señora Silva. (*Murmurios.*) ¿E que fixeron? Pois non se debate, non se debate. Houbo que ir ao xulgado. Tráíolles a sentenza (*O señor Pazos Couñago amosa un documento á Cámara.*) por se é do seu interese, a sentenza que os obrigou a vostedes a celebrar ese pleno ao que se negaban.

Pero imos poñer por caso que vostedes fan o mesmo, van ao xulgado, o xulgado lles dá a razón e nos vemos obrigados aquí a facer este debate de todas as maneiras. ¿E que faríamos entón? Pois moi sinxelo. En primeiro lugar, o señor presidente daría unha chamadiña arriba e diría: oe, cortade a emisión por *streaming* e que isto que non o vexa ninguén. Ese é o seu modelo de transparencia. E, segundo, eu non estaría aquí porque simplemente nos negaríamos a participar no debate, quedaría no meu asento e quedarían vostedes falando para os asentos. O modelo de transparencia. (*Aplausos.*) ¡Caramba, caramba!

Aínda pode ser máis delirante a cousa. Porque o señor Bará atreveuse a sacar peito da súa xestión nas deputacións, nesas deputacións que son un modelo de caciquismo, de parcialidade, de opacidade e de ineficacia. E que deixaron de ser un instrumento de apoio aos pequenos concellos para converterse nunha arma electoral a maior gloria do BNG e do PSdeG.

Vou poñer algúns exemplos do que o señor Bará definiu como avances importantes.

Mire, Deputación da Coruña. Cando gobernaba o PP na Deputación da Coruña as institucións máis beneficiadas, ¿saben cales eran? Os concellos. Agora son os bancos. Non, agora son os bancos. Si, ¿saben vostedes que a Deputación de Coruña ten ingresado no banco máis de 300 millóns de euros? 300 millóns de euros, porque pasaron dun 80 % de execución orzamentaria que había co PP, ao 40 % que hai hoxe. ¿E sabe o que pasa? Que eses 300 millóns non están rendendo ningún interese á Deputación; ao contrario, resulta que a Deputación ten que pagar por ter 300 millóns de euros no banco, que debe ser que os concellos da Coruña non os precisan. (*Aplausos.*) ¡Vaia exemplo! ¡Pero home!

Lugo, no caso de Lugo vou aforrar as palabras. Porque, mire, unha imaxe vale máis que mil palabras (*O señor Pazos Couñago amosa un gráfico á Cámara.*). E esta é a imaxe da repartición dos convenios na Deputación Provincial de Lugo. Claro, ¿sabe que vale máis que unha imaxe?



Dúas imaxes (*O señor Pazos Couñago amosa outro gráfico á Cámara.*). Porque este é a repartición das alcaldías de Lugo. ¿Notan vostedes algunha disonancia extraña? (*Aplausos.*) Eu creo que si, eu creo que é bastante rechamante, pero vostedes isto considéranos... exemplar, creo que dixo.

E, por último, non podo esquecerme da miña deputación, da de Pontevedra. Díxoo vostede: no Plan único o concello que sae máis beneficiado en toda Pontevedra é Lalín. É certo, no Plan único si. ¿Pero sabe cales son os dous concellos máis beneficiados da repartición total de fondos da Deputación? Dígollo eu. Mire, o primeiro o da presidenta, que ten que facer campaña no seu concello. Eu enténdoo. E o segundo, o do vicepresidente. Que, por certo, leva vinte anos na cadeira da Deputación intentando acabar con ela. Díganlle, métanlle un pouco de présa, que se está eternizando. (*Murmurios.*) A cousa é tremenda. Porque, claro, o que vostedes non contan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...con isto do Plan único é que os pequenos concellos reciben nese Plan único 43 millóns de euros. Claro, cando estaban os outros gobernando recibían a través de moitos plans máis de 60 millóns de euros. E eu pregunto, señor Bará, ¿que importa, o número de plans ou o número de recursos que reciben os concellos? A nós impórtannos os recursos. Parece ser que a vostede non, porque o importante é que o señor Bará xa ten un plan. Parabéns,...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PAZOS COUÑAGO: ...señor Bará, parabéns. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da moción, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Como sei que vostede é unha persoa crente, señor Pazos, recoméndolle que hoxe se confese. (*Risos.*) Porque dixo tal cantidade de mentiras e de falsidades nesta tribuna que é mellor que se confese. (*Aplausos.*) Porque se non vai ir ao inferno, señor Pazos. Vai ir ao inferno, vostede vai ao inferno seguro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Claro, ten vostede, ademais, que revisar o argumentario, porque é un argumentario reseso, é un argumentario que está choco. (*Risos.*) Choco, choco. De auga choca e de choco, de estilo Pazos, de estilo do choco. ¡Carallo, choco, canta borra botas, ¿non?! Ese é o estilo Pazos. Desperdigar borra. (*Risos.*) O choco, o choco de Redondela. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, é o estilo, si, o estilo choco. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A bile tómala ti polas mañás e así ves aquí aos plenos, botar borra. (*Protestas.*) (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*)

Estame interpelando.



O señor PRESIDENTE: Pero non entren en cousas dese calado, home. Vamos, o debate foi alegre...

O señor BARÁ TORRES: Mire, dixo vostede... *(Murmurios.)*

Non, se me provoca, teño que responderlle.

O señor PRESIDENTE: Vamos, con alegría, veña, que estamos rematando.

O señor BARÁ TORRES: Dixo vostede que a Xunta distribuía 408 millóns de euros. Branco e en botella,... esta é a confesión da culpa. Porque se van 135 vía Fondo de compensación local, aquí hai moito diñeiro para amañar e para repartir para os seus. *(Aplausos.)* Claro, esta é a confesión, a confesión está aquí nos datos que deu vostede.

E despois vén vostede con argumentos absolutamente burdos, como o tema dos auditorios. Nós dixemos aquí que non temos ningún problema en que se financien os auditorios de Marín. Ten todo o dereito Marín a ter un auditorio, igual que Ribeira, que xa fixeron 3 convenios. O que queremos é que tamén financien o auditorio de Bueu, que non ten auditorio. Bueu ten un Centro Social do Mar con 250 prazas. *(Aplausos.)* Chámase —se non, vaia por alí, vostede parece que non vai por alí— Centro Social do Mar. Iso non é un auditorio.

É como se me di que a Biblioteca de Marín, que ten un auditorio tamén, máis ou menos, que tamén vale como auditorio. Ou como se o Museo Torres de Marín tamén vale como auditorio, porque ten tamén un auditorio. *(Murmurios.)* Non, pois iso é o Centro Social do Mar, 250 persoas. Co nivel de eventos que ten o concello de Bueu iso non chega para nada, por iso reclaman un auditorio. Por iso lle pediron unha entrevista á conselleira, que non lla concedeu, por iso lle dixeron que non, dixéronlle que non. Iso é sectarismo, iso é partidismo, iso é uso sectario dos fondos públicos e ímolo dicir aquí unha e mil veces aínda que lles doa. *(Aplausos.)*

E mire, alégrome que fale das deputacións. Voulle falar da Deputación da Coruña. Agora vostede sacou aquí da chistera un argumento de que non se executaban os fondos. ¡Claro, é que os concellos reciben tanto diñeiro da Deputación da Coruña que non o dan executalo e hai que pasalo ás seguintes anualidades!, *(Aplausos.)* pero ese diñeiro está para esas obras e os concellos teñen ampliacións de prazos para executalo, efectivamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Voulle dicir unha serie de datos da Deputación da Coruña. A Laracha recibiu, no mandato 2015-2019, 3,1 millóns máis que no mandato 2011-2015, 3,1 millóns máis; Noia, 2,4 millóns máis; Oza-Cesuras, 3 millóns máis; Porto do Son, 2,6 millóns máis; Oleiros, 4,5 millóns máis; e Ribeira, 4,2 millóns máis. ¿Que máis queren? É que estes alcaldes e alcaldesas estarán dicindo: que sigan gobernando estes, que non volvan os nosos, porque nos dan menos cartos os nosos. *(Aplausos.)* E así, señor Diego Calvo. Son os datos clarísimos.

E no caso da provincia de Pontevedra, é que, claro,... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é que vostede dáme a razón. É que, claro, é que teñen que recibir máis cartos Vigo e Pontevedra, porque xa os recibían antes, cando gobernaba o Partido Popular, porque teñen



máis habitantes. Pero xa lle dei aquí o dato: que reciben os concellos de menos de 20.000 habitantes oito veces máis por habitante que Vigo e Pontevedra. Porque a Deputación ten que facer ese labor de corrección. E díxenlle cales os concellos que recibían máis cartos, que eran Lalín, A Estrada, Vilagarcía, Sanxenxo, Redondela, Cangas, Ponteareas, por habitantes e por outros criterios complementarios e obxectivos, ¡como ten que ser! E isto é o que pedimos que faga tamén a Xunta, o que está facendo a Deputación de Pontevedra que —insisto— é modélica e fixo desaparecer as subvencións que se repartían a dedo, non están nos orzamentos.

E no caso de Lugo, que Lugo ten moito que mellorar, porque nós non estamos dicindo aquí que se está facendo todo de marabilla, ten moito que mellorar, pero deu algún paso a adiante, e lévalle moitísima vantaxe a Ourense. Porque vostede falou aquí de todos menos de Ourense, curiosamente, ¡de Ourense non falan!, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) porque en Ourense son os catedráticos da repartición partidista dos fondos.

E remato xa —aproveitando ademais que están aquí os vicepresidentes— para pedirilles que cambien dunha vez por todas as regras do xogo, que blinden por lei para que non haxa debates despois e non haxa interpretacións sobre estas cuestións, que estea blindado por lei (*Murmurios.*) a repartición dos ingresos da Xunta e a repartición aos concellos. E que se faga de acordo esa lei autonómica de participación dos concellos nos ingresos da comunidade autónoma mediante o consenso coa Fegamp.

Polo tanto, pedimos transparencia, pedimos equidade, pedimos xustiza para todos os concellos e pedimos que voten aquí agora vostedes —señor Diego Calvo, vicepresidente— non as propostas do BNG, as propostas que lles formulou a Fegamp xa hai 16 meses na Comisión de Cooperación Local.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Voten a favor das propostas da Fegamp.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María González Albert.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular. E eu entendínlle —vostede me dirá se é certo ou non e se estou...— que do Grupo Parlamentario Socialista podía aceptar un punto... (*A señora González Albert palabras que non se perciben.*) ¿Non? Non o acepta. Vostede dixo que estaba de acordo cun punto e coa do PP



tamén, pero non sei ao final como queda. ¿Como queda? (Pausa.) ¿Non acepta ningunha? (Pausa.)

Si, si, déanlle voz ao escano da señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Non, nós dixemos que da do Partido Socialista, que propuña unha modificación e unha engádegas, nós aceptabamos as dúas cuestións como engádegas se eles estaban de acordo. E que do PP non aceptabamos a emenda.

O señor PRESIDENTE: ¿Non a aceptaban? Entón, non a acepta, logo.

Entón, ¿accepta a do PSOE como engádegas?

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Só os dous puntos como engádegas.

O señor PRESIDENTE: ¿Como engádegas?

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Exacto.

O señor PRESIDENTE: Acepta a do Grupo Parlamentario Socialista como engádegas. ¿Está de acordo?

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Presidente, si, aceptamos a engádegas pero queríamos solicitar a votación por puntos, separando o punto 3.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede iso? (Pausa.)

Bueno, pois entón votamos, en primeiro lugar, o punto número 3.

Votamos.

Votación do punto 3 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a propiedade veciñal dos montes en man común.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitado este punto número 3.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos desta moción.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, menos o punto 3, xa votado, sobre a propiedade veciñal dos montes en man común.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia quedan rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Hai unha transacción que consiste en que a emenda que presenta o Grupo Parlamentario Popular substitúe o punto número 2 da moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. E pídese a votación por puntos, separando os puntos 1 e 2, unha vez que se aceptou que a emenda do PP substitúe o número 2 da moción.

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a loita contra a endometriose

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia quedan aprobados estes puntos por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o resto, que é o punto número 3, entendo.

Votación do punto 3 da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a loita contra a endometriose

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, punto número 4, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e 18 deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios (Procedemento de urxencia)

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada Begoña Freire Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a insistir ante o Goberno de España na demanda, xa realizada, da convocatoria da comisión mixta de transferencias para impulsar o traspaso á nosa Comunidade Autónoma da Autoestrada AP-9 e da ordenación do dominio público marítimo-terrestre como cuestións prioritarias xa acordadas polo Goberno galego coas forzas con representación no Parlamento de Galicia».

Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

A verdade é que non sei se foi coincidencia, pero percibimos unha certa habilidade para formar a orde do día para que remate o Pleno xustamente aquí. *(O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.)*

Boa noite, señor presidente. *(Risos.)*

Por distender un pouquiño, a ver se relaxamos os ánimos.



Esta proposición non de lei sobre a transferencia da AP-9 e doutras competencias sobre as que houbo acordos parlamentarios permítenos expresar unha certeza e un convencemento íntimo —se queren— que teño ou que temos no BNG e é que, queiran ou non, imos conseguir a transferencia da AP-9. Aínda que sabemos que imos ter que vencer todo tipo de atrancos e de resistencias, imos ter que ter unha gran dose de paciencia, de insistencia e de firmeza. E este vai ser un logro arrincado, literalmente, a un Estado centralista, e no BNG somos conscientes de que temos que ser o motor desta demanda con coherencia e cunha idea clara, a da defensa dos intereses de Galiza, e cun xeito de facer as cousas: defender e votar o mesmo aquí e en Madrid.

E outras forzas políticas non poden dicir o mesmo. Outras forzas políticas fan xustamente o contrario, votan unha cousa aquí e a contraria en Madrid e quedan tan panchas.

No caso da AP-9 e noutros en que chocan os intereses de Galiza e os intereses alleos —xa o vimos no tema das competencias de tráfico e seguridade viaria, nas competencias en meteoroloxía, nas de costas e dominio público marítimo-terrestre, que agora é un tema que renaceu máis do que xa se discutiu moitas veces neste Parlamento—, pois pasou isto, que se chegou a acordos aquí e despois en Madrid encontramos cos muros infranqueábeis —polo menos ata o momento— do centralismo e das forzas centralistas, que son as que están poñendo paus nas rodas e impedindo que se aproben estas transferencias.

E no caso da AP-9 hai que facer un pouco de historia. Non me vou referir a outras cuestións tamén que teñen que ver con esta autoestrada, que darían moito que falar, pero voume centrar no tema da transferencia, porque é moi ilustrativo do que está pasando.

O BNG foi quen a impulsou desde o ano 2015 —xa antes, pero desde o ano 2015— a través da proposición de lei a transferencia da AP-9. E conseguimos no ano 2015 un acordo unánime deste Parlamento, no mes de setembro, para aprobar unha proposición de lei de transferencia da AP-9, e tamén naquel momento de rescate da concesión. E esta proposición de lei, aprobada por unanimidade, foi vetada pola Mesa do Congreso, cos votos do Partido Popular e da presidenta da Mesa, a señora Ana Pastor, o 13 de decembro do ano 2016, que pode ser cualificado como o día da vergoña. Porque vostedes vetaban naquel momento a admisión a trámite desta proposición non de lei e, ao mesmo tempo, votaban neste Parlamento a favor dunha proposición non de lei do BNG de transferencia da AP-9. É dicir, clarísimo, votan en Galiza, vetan en Madrid; esa é a folla de ruta do Partido Popular e foino en todo este tempo. *(Aplausos.)*

E volveu pasar —porque vostedes son reincidentes— de novo no ano 2017. Non admitimos ese veto, volvemos traer aquí a proposición non de lei, quitamos a parte do rescate da concesión para evitar calquera problema. E resulta que volven de novo vetar, o Partido Popular, na Mesa do Congreso, cun informe do Goberno do señor Rajoy, a transferencia da AP-9. E despois, en xuño dese ano 2018, houbo un cambio de Goberno e resulta que si se cambiou o criterio e foi admitida a trámite, o que pasa é que como rematou a lexislatura non deu tempo a cumprir todos os trámites.

E nesta lexislatura por fin, de novo, admitiuse a trámite esa proposición non de lei nun Pleno que tivo lugar o 2 de febreiro do 2021, con 287 votos a favor. É dicir, cun grande apoio da



Cámara do Congreso e, polo tanto, cunhas certas garantías de que ía ir adiante. Pero, claro, demos de novo cos muros do centralismo, e o BNG presentou un escrito pedindo que fose tramitada por urxencia esa proposición non de lei. Fíxose un escrito aos grupos parlamentarios para que no prazo de 8 días hábiles presentasen as emendas correspondentes, ¿e saben o que pasou? Que os grupos centralistas presentaron 17 solicitudes de prórrogas para entorpecer, para dilatar, para pospoñer a aprobación deste texto legal. Esa é a forma de actuar destes grupos, de vostedes: boicotear, buscar a maneira de boicotear a aprobación.

E cando vimos as emendas —o BNG non presentou ningunha emenda, loxicamente, para favorecer a aprobación— vimos cales eran realmente as razóns, que era poñer paus nas rodas, que era intentar facer descarrilar de novo este proxecto de lei. O PSOE, propoñendo unha rebaixa inadmisíbel, que é eliminar a transferencia da titularidade da autoestrada, que nos parece unha auténtica burla e un desprezo a este Parlamento. E o PP tamén, a través das súas emendas, propoñendo condicións leoninas de non sei cantas obras que había que facer —algunhas delas que xa están tramitadas vía orzamentos do Estado— pero deixando claro —ensinando a *patita*, ¿non?— de por onde ían as cousas. E moitas cuestións destas emendas que se deben discutir posteriormente na Comisión mixta de transferencias, son moitas cuestións de detalle.

O conto é ir a paso de tartaruga, pospoñer, dilatar, atrasar... E ata setembro non se constituíu a ponencia, setembro de 2021; estamos en xuño de 2022 e esa ponencia aínda non se reuniu, cando tiña dous meses de prazo para facer os seus traballos. Isto demostra a falta de vontade dos grupos maioritarios, neste caso, especialmente, do Grupo Socialista, para impedir a aprobación desta proposición de lei.

Si, os centralistas son o Partido Socialista e o Partido Popular, señor Puy, non sei como quere que llo explique. É que é evidente, e púxenlle un montón de exemplos. Son partidos centralistas, e vostedes son a sucursal aquí en Galiza do partido centralista popular. (*Risos.*) (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Puy...

O señor BARÁ TORRES: Por se había dúbidas, deixóunolo claro a ministra da Transportes na súa visita a Galiza, nesas visitas nas que lle fan aquí o *rendez-vous*, tamén o outro día veu a ministra da Economía..., brazos abertos..., son xeniais, levámonos de marabilla, pero despois non nos conceden o que lles pedimos.

E resulta que dixo a ministra, o día 1 de decembro de 2021, descartou polo momento a transferencia, porque é incompatible coas bonificacións. Aquí descubriron unha nova teoría, de que non era compatible unha cousa coa outra. A nós parécenos unha burla, parécenos unha falta de respecto a este parlamento e unha falta de respecto a Galiza, que aprobou unanimemente a transferencia da AP-9, (*Aplausos.*) e débese respectar ese acordo dos galegos e galegas representados por este pleno deste parlamento.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Garden silencio, por favor. Non mo poñan difícil que estou empezando. Non mo poñan difícil. (*Risos.*)



O señor BARÁ TORRES: Non, hai comentarios na bancada popular...

(Interrupcións.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Veña, que falta pouquiño xa, voulle deixar un minuto por esas interrupcións.

O señor BARÁ TORRES: Habería que chamar á orde aí a algunha deputada ou deputado do Partido Popular, que están aí chinchando, pero, nada, non lles vou facer caso.

Pois ben, todo isto que relatei sobre a AP-9 vale, con variacións, para outras materias, e tamén para a transferencia de costas. Transferencia de costas na que hai un intercambio de papeis tamén por parte do Partido Popular e o Partido Socialista, pois, depende de onde gobernen, o vento sopra para unha dirección ou sopra para outra. Porque teño que recordarlles aos señores do Partido Popular que levan gobernando desde o ano 2009 e non conseguiron ningunha transferencia. Estivo gobernando seis anos *(Aplausos.)* e medio o Partido Popular en Madrid e tiveron tempo para negociar e negociar e negociar as transferencias de costas e tantas outras que agora parece que lles acordou que son moi importantes e moi interesantes. Pero, ¡claro!, vostedes teñen pasado e un pasado non moi brillante, polo menos nestas materias.

Xa non vou entrar, que non me dá tempo, no detalle da transferencia de costas e do dominio público marítimo-terrestre. O que hai que deixar claro é que non vale todo, e isto non vai servir para todo, claro. Porque vostedes falan de 4.000 edificacións, e aquí supoño que meten tamén a Ence, porque vostedes, no fondo, no fondo, no fondo do seu corazónciño o que querén é resolverlle o problema a Ence, e despois outras cousas, pero buscar a maneira de ter vostedes a chave na man para garantirlle a prórroga a Ence.

Pero a Lei de costas hai que cumprila e hai que falar claro, e non deben estar en terreos de dominio público marítimo-terrestre todas aquelas edificacións e todos aqueles equipamentos públicos ou empresas que poidan estar noutro lugar. Hai algúns que teñen que ter acceso á lámina de auga ou que teñen unha relación directa co mar, ou que teñen que captar auga do mar, que si que teñen que estar en terreos do dominio público terrestre, pero outros non, empezando tamén por colexios ou por outro tipo de equipamentos públicos, que non teñen que estar invadindo o dominio público, porque é un dominio público e todos temos o dereito a facer uso del. Polo tanto, non rateen e non enganen.

Queremos, polo tanto, estas competencias, como as ten xa Andalucía, como as ten Cataluña, como as piden, e o Goberno está accedendo a trasladar, a traspasar, Canarias e Baleares. E o BNG vai poñer todo da súa parte. E non imos aceptar ese argumento, que está utilizando agora o Goberno central, de que teñen que estar nos estatutos, porque hai vías...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Vaia rematando.

O señor BARÁ TORRES: ... legais para poder facer a transferencia sen estar recoñecida esa competencia no Estatuto. Como saben perfectamente vostedes, co artigo 150.2 da Constitu-



ción pódese facer a transferencia mediante un real decreto ou mediante unha proposición de lei, como estamos facendo, efectivamente, co caso da AP-9.

Polo tanto —remato, señora presidenta—, queremos estas competencias. Estamos a falar de mínimos, de avances, de pasos adiante, que non colman, dende logo, as aspiracións do BNG, que son acadar o máximo poder político e a maior capacidade de decisión para Galiza. Porque nós, como Manoel Antonio, queremos ir máis alá, queremos unha Galiza sen límites.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra María Begoña Freire Vázquez, por dez minutos.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todas e a todos.

Señorías, queremos avanzar na defensa do noso autogoberno de acordo cun plan ordenado e establecendo prioridades. E para iso temos unha axenda galega de temas para negociar co Goberno central. Por unha banda, unha axenda de necesidades que non só recolle o traspaso de competencias, senón que inclúe, ademais, outros temas do máximo interese dos galegos e galegas.

Primeiro, que seguiremos na loita por un financiamento xusto. Segundo, que cumbran os seus compromisos coas infraestruturas pendentes con Galicia. Terceiro, que apoién o noso tecido industrial e produtivo e que deixen de poñer en risco o emprego e futuro de miles de familias e traballadores en Galicia. Cuarto, que aposten por unha mellora dos servizos públicos do Estado en Galicia en dependencia, en xustiza, en seguridade, en servizos sociais e tamén no ámbito cultural e de turismo e, en particular, de cara ao Xacobeo.

Por outra banda, mantemos o groso das transferencias solicitadas dende a chegada do presidente Feijóo ao Goberno galego, así como outras que fomos ampliando na listaxe inicial. As nosas reivindicacións sitúanse dentro do marco que a Constitución española e o Estatuto de autonomía establecen, e todas elas buscan que Galicia acade o que merece dentro do Estado das autonomías, nin máis nin menos.

Non renunciamos a aspirar ao máximo teito competencial, similar ao que se marque para calquera das comunidades históricas. Estamos a favor de demandar novas transferencias para Galicia sempre que sexan útiles e sempre que melloren a xestión. E, ademais, sempre cunha orde de prioridades que debe establecer o goberno escollido polos galegos. E para isto temos, primeiro, que falar de financiamento. Non imos aceptar nin unha nova competencia se non vén dotada do financiamento necesario.



Convén recordar, no eido das transferencias, que con datas 11 de marzo e 8 de abril de 2021 foron solicitadas de novo ao Goberno central, ao ministro de Política Territorial, Miquel Iceta, por escrito, por parte do presidente Feijóo e por parte do entón vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, hoxe presidente, Rueda, tanto a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias como da Comisión bilateral de cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, para abordar, entre outros, os posibles traspasos competenciais e, en particular, a transferencia da AP-9 e a xestión e ordenación do dominio público marítimo-terrestre.

A resposta foi, en ambos os casos, a plena disposición para abrir unha interlocución permanente, pero, lonxe desa interlocución, co que nos atopamos é coa pretensión do Goberno central de invadir competencias autonómicas, por exemplo, coa Lei estatal de vivenda. Unha invasión de competencias contra a que calan tanto BNG como o Partido Socialista de Galicia. Por riba, nestes días, atopámonos con outro novo ataque do Goberno de Sánchez, o chamado Plan estratéxico nacional para a costa, que, lonxe de estratéxico, é un novo atentado a Galicia e ao noso litoral.

Onte, a Xunta de Galicia, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez, e a conselleira do Mar, Rosa Quintana, e os alcaldes de preto de 70 municipios costeiros acordaron unha fronte común na reclamación da xestión efectiva das competencias do litoral. Xunta e concellos costeiros fronte a unha nova afronta do Goberno estatal. Non queremos que dende Madrid se decida sobre o noso litoral, señorías, e ninguén, ninguén vai defender mellor a nosa costa e a súas xentes que Galicia, que o Goberno galego. *(Aplausos.)*

Señorías, a transferencia do litoral e da AP-9 son prioritarias. Desde o Grupo Parlamentario Popular presentamos unha emenda á proposición que debatemos no senso de insistir na convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar o traspaso á nosa comunidade autónoma da AP-9 e da ordenación do dominio público marítimo-terrestre como cuestións prioritarias xa acordadas polo Goberno galego coas forzas con representación no Parlamento de Galicia. É unha emenda coherente, que vai no senso dos acordos xa acadados e que espero, en aras a conseguir a unanimidade que nestas cuestións esperan de nós os galegos e as galegas, que sexa aceptada polos grupos da oposición.

O señor Bará referíase especificamente á transferencia da AP-9. Semella que o BNG rescata esta iniciativa para lavar a súa mala conciencia, despois de constatar que o respaldo ao Goberno de Sánchez, case dous anos e medio despois, non xerou ningún froito, máis ben cero. Sorprende, en calquera caso, que, despois de anunciar hai un par de semanas que ían reactivar o traspaso de competencias, non actualizaran a iniciativa. De todos os modos, está ben que o BNG evolucione e agora si queira a autoestrada.

Miren, señorías, a disposición da Xunta de Galicia a facerse cargo da titularidade e competencias da AP-9 é pública e notoria dende 2009, e isto con gobernos de todas as cores en Madrid. O obxectivo é acadar unha xestión máis eficiente, pegada ao territorio e máis acorde aos intereses dos galegos, da vía que vertebra a fachada atlántica de norte a sur e conectando o 60 % da poboación galega.



O Goberno galego amosou sempre a súa máxima vontade de colaborar para acadar canto antes o traspaso desta autoestrada, salvagardando, claro está, os intereses de Galicia, porque as competencias non poden asumirse de calquera xeito e calquera prezo.

A AP-9 ten que estar ao servizo dos galegos e non ao revés. O seu potencial ten que reverter en beneficio exclusivo dos galegos, e isto implica que a transferencia veña acompañada da dotación económica e técnica necesaria para a súa xestión en condicións óptimas. Non imos pasar por menos e, dende logo, o cambio de criterio do Partido Socialista é, dende logo, inaceptable. Dixémolo claro, no traspaso da AP-9 deben fixarse con toda claridade as condicións que garantan unha transferencia xusta e nas condicións axeitadas para a nosa comunidade. Dende o Goberno galego, dende o Goberno do Partido Popular, o que se vai defender son os intereses de Galicia. Non coma outros, que prefiren antepoñer os intereses do partido ao interese xeral dos galegos. Aquí cabe referirse á tramitación —xa se referiu o señor Bará— da proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 iniciada no Congreso en decembro de 2019.

Dende logo, efectivamente, o 21 de setembro do 2021 constituíuse a ponencia, rematou o prazo de emendas. O aprazamento, señor Bará, foi solicitado polo Partido Socialista, non por este grupo, e, dende logo, é unha situación absolutamente sorprendente e incomprensible. Unha circunstancia claramente anómala que mesmo levou a semana pasada o Grupo Popular no Congreso a dirixirse á Mesa da Comisión para que, con carácter inmediato, convocase a ponencia sobre a transferencia da AP-9 para elaborar o informe e rematar coa xa inxustificable paralización e obstaculización, ademais da vulneración do procedemento.

Por certo, señor Bará, non sacou aquela famosa foto Pontón-Lastra coa que visualizaron o apoio do BNG á investidura do Goberno de Sánchez, apoio, en teoría, para acadar a bonificación das peaxes, a supresión das subidas extraordinarias e a transferencia da AP-9 no ano 2020. Será porque estamos a mediados do 2022, non hai transferencia da AP-9 nin supresión das subas extraordinarias, e a bonificación das peaxes fíxose máis tarde do previsto e sen a amplitude que sería desexable, que era o que pedía o Goberno galego.

¡Que dicir —xa se referiu o señor Bará— da postura do Partido Socialista! A postura do Partido Socialista na ponencia sobre a transferencia da AP-9 xa é para botar as mans á cabeza. O Partido Socialista terá que explicar aos galegos, porque aínda non o fixo, os motivos que levaron a romper a unanimidade existente no Parlamento de Galicia sobre este asunto, a explicar por que racha o consenso e antepón os intereses do Partido aos intereses do conxunto dos galegos. Dende logo, as emendas presentadas no Congreso polos socialistas á proposición da transferencia da AP-9 representan unha renuncia explícita a que esta infraestrutura sexa plenamente galega. Supón limitar o traspaso á explotación, sen ningunha capacidade sobre a xestión. A proposta dos socialistas supón desdicirse en Madrid de todo o que dixeran en Galicia.

Non son de fiar, señores do Partido Socialista. Unha vez máis os socialistas galegos demostraron que a súa prioridade é cubrirlle as costas ao Goberno que preside Pedro Sánchez. Pero, dende logo, non sorprende, porque o Partido Socialista de Galicia xa apuntaba maneiras, xa apuntou maneiras cando pretendía que a Xunta de Galicia contribuíra a pagar con cartos de



todos os galegos as peaxes dunha autoestrada estatal. Ou cando facía oídos xordos a que os acordos acadados con Audasa fosen cuestionados polo Consello de Estado e polo Consello Consultivo de Galicia por favorecer a empresa fronte á cidadanía.

Agora, ademais de dilatar a tramitación da proposición de lei orgánica que permita o traspaso da AP-9, emendan para que siga en mans do Estado, traizoando a Galicia e os acordos deste Parlamento. E cabe recordar tamén que foi o Goberno de Rodríguez Zapatero, con José Blanco como ministro de Fomento, o que en 2011 decidiu que as obras de ampliación da AP-9 en Santiago e en Rande se sufragarían a custa dos usuarios, con subas acumulativas de peaxes durante vinte anos.

Espero, dada a emenda de substitución presentada polo Grupo Parlamentario Popular, de cara ao consenso, acadar a unanimidade, e de acordo aos acordos xa acadados neste Parlamento, que sexa aceptada polo resto dos grupos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Freire.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Patricia Otero, tamén por dez minutos.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Hoxe, basicamente, ao final a iniciativa reconduciuse a debater sobre a transferencia da AP-9 e tamén sobre a transferencia das competencias en ordenación do dominio público marítimo-terrestre.

Señora Freire, o posicionamento do PSdeG sempre foi o mesmo: a favor da transferencia da AP-9 a Galicia, (*Aplausos.*) e a favor tamén da transferencia das competencias de ordenación do noso litoral.

Mire, señora Freire, os que mudaron de posicionamento foron vostedes. Porque, mire, cando o señor Touriño gobernaba a Xunta de Galicia xa pediamos, e tiñamos elaborado un catálogo no que solicitabamos 70 transferencias de competencias. Daquela xa ía a solicitude da ordenación da competencia do dominio público marítimo-terrestre. E o Partido Popular de Galicia dedicouse a poñer paus nas rodas á solicitude desa competencia.

Despois, cando chegou Núñez Feijóo ao Goberno da Xunta de Galicia e fixo un catálogo no ano 2009 solicitando 17 competencias, que foran transferidas 17 competencias para a Xunta de Galicia por parte do Goberno central, nós apoiamos esa petición que facía o Partido Popular, independentemente de que nos anos que estivo a gobernar o PSdeG na Xunta de Galicia por parte do Partido Popular se opoñían a esa transferencia de competencias.



Polo tanto, benvidos, señorías do Partido Popular, a esta solicitude de transferencia de competencias. Porque apoiabamos antes a transferencia da AP-9, apoiámola tamén agora, apoiabamos antes a transferencia da competencia da ordenación do dominio público marítimo-terrestre e tamén seguimos a apoiala a día de hoxe. Polo tanto, nós imos votar a favor da iniciativa que hoxe trae o Bloque Nacionalista a debate, porque xa temos traído iniciativas deste calado a esta cámara, e tamén cando as teñen traído outros grupos parlamentarios tamén as temos apoiado.

Polo tanto, señora Freire, a prioridade dos socialistas galegos é defender, dende logo, o interese dos galegos e das galegas. E mañá tamén o veremos, a través dunha iniciativa relativa tamén a temas de ordenación do dominio público marítimo-terrestre, relativo ao porto de Cambados, no que instamos tamén o Goberno central e no que instamos tamén a Xunta de Galicia. Veremos que fai mañá o Grupo Parlamentario Popular con esa iniciativa.

Dicía o señor Bará que algúns grupos facían unha cousa aquí e outra en Madrid. Vostedes tamén, señor Bará. Vostedes a verdade que centraron, porque vostede dixo literalmente cando estaba a falar da AP-9: «Non me vou centrar noutras cuestións desta autoestrada, voume centrar só no tema da transferencia da AP-9». ¡Claro!, non me estraña que vostede non quixera falar desas bonificacións da AP-9, porque a verdade é que vostedes, dende o Bloque Nacionalista Galego, centraron ben a xogada. Pero non foron quen de rematar e de meter gol. Non, claro, porque realmente ¿como viñeron esas bonificacións da AP-9, históricas para Galicia? Pois a través dos orzamentos xerais do Estado do ano 2021. E aí vostedes non apoiaron eses orzamentos. *(Aplausos.)* Polo tanto, eu digo que centraron moi ben a xogada, pero non foron quen de rematar a gol. Polo tanto, vostedes dicían unha cousa aquí en Galicia e cando tiñan representación no Congreso dos Deputados votaban outra cousa totalmente distinta.

Polo tanto, nós, como dicía, imos apoiar esta iniciativa. E queremos darlle a benvida tamén, como dixen, ao Partido Popular, que agora sexa quen de pedir transferencias de competencias para Galicia. Pero quero recordarlles ás señorías do Partido Popular que á veces é bo botar un pouquiño a vista atrás e ver tamén o legado que deixou o señor Feijóo despois de tantos e tantos anos de mandato e goberno na Xunta de Galicia. Porque quero recordarlles que non pedía... Ou sexa, pedían así coa boquiña calada, pero non facían ningunha negociación para conquistar ningunha transferencia de competencias. Porque, ¿cantas conseguiron? Eu deséxolle moitísimo maior éxito ao señor Rueda, porque con que consiga unha xa fixo moitísimo máis que o que fixo o señor Feijóo en trece anos de goberno, *(Aplausos.)* porque cero competencias. Quero recordar que as últimas competencias que foron transferidas á comunidade autónoma, á nosa comunidade autónoma, foron no ano 2008. Dende o ano 2009, en que chegou o Partido Popular á Xunta de Galicia, cero competencias.

E dicía a señora Freire: «Queremos avanzar na axenda que tiña marcada o señor Feijóo de autogoberno». Pois como queiramos avanzar nesa senda con cero competencias conseguidas imos bastante mal. A señora Freire incluso chegou a dicir «non imos aceptar ningunha transferencia se non vén acompañada de financiamento». Pois falen vostedes tamén cos concellos, que con todo o que lles endosan de temas de competencias e nin un euriño para poder financiarlas, eu creo que terían que falar bastante con eles.



Polo tanto, no tema da transferencia da AP-9 o PSdeG non mudou o seu posicionamento. Sempre mantivemos o mesmo e o seguimos a manter, que é a nosa posición favorable a transferir a AP-9 á Xunta de Galicia. Pero a verdade é que, escoitando a voceira do Partido Popular, parece que sempre estiveran a favor desta transferencia da AP-9.

Na anterior iniciativa falaba o voceiro do Partido Popular dicindo que por parte dos partidos da oposición se utilizaban torticeiramente as institucións. Torticeiramente foi o que utilizou o Partido Popular a Mesa do Congreso dos Deputados, presidido por unha galega, que vetou ata en dúas ocasións o debate e toma en consideración desta transferencia da AP-9. *(Aplausos.)*

Polo tanto, repito, nós seguimos apoiando esta transferencia da competencia da AP-9, ese é o noso compromiso e polo que imos traballar tamén dende o PSdeG. Era o compromiso de conseguir esas bonificacións históricas que beneficiaran a todos e a todas as galegas, non só as que teñen familias numerosas, como esas bonificacións que fai a Xunta de Galicia nas autoestradas de titularidade autonómica. Ese era o noso compromiso, a pesar de que por parte da Xunta de Galicia se dicía que en xullo de 2021 non ían estar enriba da mesa esas bonificacións —si, señor Pazos—, porque o dicía a propia conselleira e o señor presidente da Xunta de Galicia naquel momento. Dicía que en xuño de 2021 non ían estar as bonificacións da AP-9 e aí están. Tamén dicían que non ía chegar o AVE no 2021 e o AVE tamén está, a pesar de todos os atrancos do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Doe, doe, xa sei que doe. Xa sei que doe. Xa sei cal é o seu papel e non me vou a... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Por favor.... Por favor, estamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...rematando a sesión plenaria e imos acabar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Iso, iso!

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Gratuidade dende o acceso a Redondela tamén. Iso tamén están estes orzamentos xerais do Estado do ano 2021.

Falábase tamén das competencias do dominio público marítimo-terrestre. Tamén coincidimos en que é preciso abordar a cuestión das competencias do dominio público marítimo-terrestre.

Dicía a señora Freire: «Non queremos que se xestione o noso litoral dende Madrid». ¿Pois que estiveron a facer durante todos estes anos para pedir esta competencia? Porque estiveron caladiños. Parece que agora todo, dende xuño de 2018, urxe todo. Parece que todo ese tempo que estiveron caladiños agora queren conseguir todo en dous días.

Pero apoiamos, nós tamén queremos esa transferencia desas competencias, porque así o temos pedido dende hai moitísimo tempo.

Ademais, o ano pasado o Grupo Parlamentario Popular tamén traía unha iniciativa neste senso e o meu grupo, o Grupo Parlamentario do PSdeG, tamén lle deu o apoio ao Grupo Parlamentario Popular para que lle pedira á Xunta de Galicia que demandara do Estado estas



competencias de xestión do dominio público marítimo-terrestre. Pero non polo que di o Partido Popular de que é o Goberno de España o que está a poñer en risco todas esas concesións da cadea mar-industria, porque quero recordarlles só unha puntualización: todo o noso apoio, toda a nosa solidariedade, con esa cadea mar-industria, que desde o PSdeG nos temos reunido en numerosas ocasións con eles. Pero eu quero recordarlles que a única administración que denegou unha prórroga de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre foi a Xunta de Galicia e non foi o Goberno do Estado. *(Aplausos.)*

Polo tanto, coincidimos en que é necesaria esa transferencia desas competencias, pero non polo argumento que di o Partido Popular, senón, dende logo, porque o noso litoral ten as súas peculiaridades e, dende logo, cremos que se debe de dialogar, negociar e acordar entre as distintas administracións ese traspaso de competencias.

E nós non estamos pregados ao que di o noso partido en Madrid, porque nós si concordamos en que hai vías legais suficientes para poder asumir esa xestión integral da costa sen modificar a normativa autonómica. Pero iso non quere dicir que nós abandonemos, dende o PSdeG, o que xa defendía o señor Touriño no seu día de que é preciso abordar a reforma do Estatuto para dotarse de novos instrumentos xurídicos máis áxiles e flexibles, que, de non adoptarse, poden conlevar unha merma importante na capacidade de xestión.

O PSdeG afondará nese camiño de reforma estatutaria e traballaremos para que Galicia adquira novas competencias e teña o mesmo nivel competencial, como aquí se dicía, que o resto das comunidades autónomas. O PSdeG sempre apoiou a reforma e a actualización do autogoberno, pero foi precisamente o Partido Popular sempre o que actuou de freo ao non dotar de ningunha competencia nova á Xunta de Galicia en trece anos.

En resumo, non abandonamos a nosa pretensión de reforma e actualización do autogoberno galego, pero vemos posibilidades de que se transfiran estas competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre mediante un acordo bilateral co Goberno.

Ademais, e así o dicía tamén anteriormente, ese interese en defender tamén, en dotar desa seguridade xurídica que pedía a señora Freire no relativo a costas por parte do Goberno de España, nós tamén pedimos esa seguridade xurídica e así se verá na iniciativa que mañá trataremos e traeremos a debate.

Polo tanto, en resumo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...hoxe falábase da transferencia da AP-9. O PSdeG estivo a favor da transferencia da AP-9 e seguimos a estar a favor desa transferencia. Fálase da ordenación do dominio público marítimo-terrestre. O PSdeG xa o ten solicitado e seguimos a pedir esa transferencia de competencia.

Polo tanto, nós imos apoiar a iniciativa que hoxe trae o Bloque Nacionalista Galego.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, dona Patricia.

Para rematar, polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Bará, por cinco minutos.

O señor BARÁ TORRES: Señora Freire..., —non a vexo—.... Señora Freire, estou tentado en darlle a folla de afiliación do BNG, porque, despois da proclama que fixo aquí, case nacionalista..., a nós Ana Pontón díxonos aquilo de que había que ensanchar o BNG e estou tentado de convidala a entrar. *(Murmurios.)* Realmente, debería probalo. *(Aplausos.)* Debería probalo porque o discurso foi... En fin, ¡que bonito se fose verdade! *(Risos.)* ¡Parole, parole, parole! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que non se compadece coa realidade. Claro, é moi bonito vir aquí con proclamas, faltoulle dicir aquilo: «Sacade as vosas suxas mans do noso litoral», ¿non?, cando falou do dominio de costas.

Pero, claro, a realidade..., nós xa lle fixemos a proba do algodón nesta materia e nesta lexislatura cando trouxemos aquí unha proposición de lei de transferencia das competencias en meteoroloxía, por exemplo. ¿E que fixeron vostedes? Votar en contra.

E trouxémoslles outra, tamén para facer a proba, a ver se realmente era verdade todo iso que dicían, sobre a transferencia de tráfico e seguridade viaria. ¿E que fixeron vostedes? Votar en contra. ¿E sabe por que votaron en contra neste caso? Porque lles dixo a ultradereita instalada na Garda Civil aos sectores máis ultras *(Aplausos.)* que non podía ser, *(Aplausos.)* que esa era unha competencia da Garda Civil. *A nosotros la Guardia Civil, ¡claro! (Aplausos.) (Murmurios.)*

Pero vostedes non dixeron sempre iso. Claro, é que vostedes son o espírito da contradición. *(Murmurios.)* Voulle ler unhas citas, mire: «Por culpa do bipartito Galicia non ten nin policía autonómica nin competencias en materia de tráfico. Galicia non conta con competencias policiais propias, a diferenza do que aconteceu en Cataluña, o País Vasco e mesmo Navarra». Fin da cita, Alfonso Rueda, ano 2009. Por culpa do bipartito, ¿non? E pasaron 13 anos e seguimos sen esta competencia por culpa do Partido Popular, que non a reclamou, *(Aplausos.)* que non a defendeu, *(Aplausos.)* e que votou en contra aquí de tela, ademais. *(Aplausos.)* E vostedes aprobaron un informe ademais —que eu lle chamo o informe Rueda— no ano 2009 no que pedían, reclamaban transferencia de inspección de traballo e de tráfico e seguridade viaria, de autoestradas AP-9 e a AP-53, das bacías hidrográficas, da ordenación do litoral e dominio público marítimo-terrestre —¿sóalle de algo?—, da meteoroloxía, dos organismos de investigación mariña, da expedición de titulacións náutico-pesqueiras, da vixilancia pesqueira. ¿E que conseguiron vostedes en 13 anos? Cero, cero patatero. Ese é o balance do Partido Popular, cero transferencias. *(Aplausos.)* Entón, vostedes non poden dar leccións de nada nin presumir de nada. Nin vir aquí dicir que defenden o máximo teito competencial porque non o pediron, non o defenderon, non o reclamaron. O que fixeron vostedes foi achantar e cando gobernaron os seus dicir «si, wuana». *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Déixenlle rematar.

Por favor, déixenlle rematar.



O señor BARÁ TORRES: Xa o dixo Rueda ademais claramente no ano 2017, nunha entrevista na TVG, que tivo un ataque de sinceridade e dixo: «o Goberno do Partido Popular decidiu que non se podían facer novas transferencias a Galicia». 2017, Alfonso Rueda, confesión de culpa.

E ademais dixérono vostedes e está escrito no programa electoral do ano 2019. É que vostedes falan claro cando toca: «aprobaremos una moratoria que paralizará la cesión de competencias a las comunidades autónomas». Así, literal, programa electoral das Xerais do Partido Popular do ano 2019. ¿Que máis queren? Moratoria de transferencias. E, xa para redondear, o señor Feixóo no ano 2021: «España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas», fin da cita.

É dicir, vostedes din unha cousa e a contraria na mesma frase. E vostedes din unha cousa e fan a contraria, que é o peor para Galiza, porque vostedes nin defenderon nin cren, ademais, nisto e dálles igual. Vostedes o que fan é dicirlle amén a todo o que lle mandan desde Madrid e así nos vai.

E, claro, o que non podemos aceptar é que digan, señora do Partido Socialista, señora Patricia Otero, que, claro, o BNG non tivo nada que ver co do logro das bonificacións da AP-9. ¡Pero se foi o BNG quen puxo este tema sobre a mesa! Quen o puxo no acordo de investidura. (*Murmurios.*) Non, e vostedes rinse, pero non se rin os miles de galegos e galegas que pagan o 50 % do custo da autoestrada. (*Aplausos.*) Váiallelo dicir aos transportistas, váiallelo dicir aos camioneiros que conseguiron este logro grazas ao BNG. (*Aplausos.*)

E queda moi ben dicir aquí que defenden a transferencia da AP-9 pero o que queremos é non que o digan, que o fagan. E se queren realmente defender a transferencia da AP-9 o que teñen que facer é retirar as emendas presentadas no Congreso dos Deputados. Esa será unha boa maneira de defender a transferencia da AP-9.

Con respecto á emenda, ímoslle facer unha proposta de acordo, unha proposta de transacción. Pensamos que pode haber puntos de aproximación nesta achega que fixeron.

E xa para rematar —permítame, señora presidenta—, hai unha frase que se lle atribúe a Manuel María, que outras persoas lle atribúen a Mini, o noso compañeiro, que dixo aquilo de que «Deus nos dea ira que paciencia xa tivemos abondo». Efectivamente, nestes temas creo que xa tivemos paciencia abondo, pero imos seguir tendo paciencia porque sabemos que vostedes o que queren é aburrirnos con...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...—si, remato— pero non nos van aburrir, imos seguir defendendo estas transferencias e moito máis. E imos conseguilo, ademais, e imos conseguilo cando se dean dúas condicións: a primeira, é que haxa un Goberno nacionalista na Xunta presidido por Ana Pontón; e a segunda é que haxa unha representación forte do BNG no Congreso que lle dea fortaleza a este país para atender os seus intereses...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.



O señor BARÁ TORRES: ...para dobrarlle o brazo ao Goberno de turno...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...para gañarlle o pulso ao centralismo e conseguir —como xa o fixeron outras comunidades— todas estas competencias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Bueno, pois rematamos a sesión.

E suspendemos ata mañá ás dez da mañá.

E boa tarde a todos.


Suspéndese a sesión ás oito e sete minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

